

Textos teatrais en galego do Eo-Navia

Rita Bugallo González (ed.)

Olga



**TEXTOS TEATRAIS EN GALEGO DO
EO-NAVIA**

TEXTOS TEATRAIS EN GALEGO DO EO-NAVIA

Rita Bugallo González (ed.)



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Edita:

Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Edificio Isaac Newton, Facultade de Filoloxía e Tradución

Rúa das Cumieiras, s/n

As Lagoas, Marcosende

Campus de Vigo

36310 Vigo

Tfno.: 986 813 574

Enderezo electrónico: anl@uvigo.es

© Rita Bugallo González, 2010

© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2010

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2010

Maquetación: Rita Bugallo González

Corrección: Cristina González Alonso

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso escrito da Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

ÍNDICE

Nota da editora

Criterios de edición	47
<i>Un feixe de tapiogadas</i>	51
<i>Mourenza</i>	57
<i>El trato</i>	63
<i>Mareaxes tapiegos</i>	69
<i>El diñeiro bo compañeiro</i>	77
<i>Pra el amor nunca é tarde</i>	83
<i>Toluras de vellos</i>	89
<i>A herencia de Xan</i>	93
<i>Alpeirada nel buchinche de Antón</i>	99
<i>Alpeirada na casa da cultura</i>	105
<i>Tono xa non pode crabuñar</i>	111
<i>Malio e Mador tan que bufan</i>	117
Bibliografía	121

Textos teatrais. Criterios de edición	47
<i>Un feixe de tapiogadas</i>	51
<i>Mourenza</i>	57
<i>El trato</i>	63
<i>Mareaxes tapiegos</i>	69
<i>El diñeiro bo compañeiro</i>	77
<i>Pra el amor nunca é tarde</i>	83
<i>Toluras de vellos</i>	89
<i>A herencia de Xan</i>	93
<i>Alpeirada nel buchinche de Antón</i>	99
<i>Alpeirada na casa da cultura</i>	105
<i>Tono xa non pode crabuñar</i>	111
<i>Malio e Mador tan que bufan</i>	117
Bibliografía	121

NOTA DA EDITORA

No último exemplar publicado da colección Iga (Literatura dramática e teatro en galego do Eo-Navia) anunciabamos a publicación dun libro-cd, en que se recollería todos os títulos publicados desta colección, ademais doutros tres traballos (Informe lingüístico sobre a nosa Terra Eo-Navia (Occidente de Asturias) e Orientacións para a escrita do galego de Asturias e Repertorio toponímico e xentilítico da Terra Eo-Navia) de nesgo lingüístico relacionados coa terra do Eo-Navia.

Nese exemplar dedicado ao teatro eonaviego, tamén informabamos ao lector da imposibilidade de recoller nesa edición impresa os textos íntegros das obras escolmadas, que si editariamos no novo libro-cd recompilatorio. Deste xeito, grazas ás novas tecnoloxías aplicadas á edición, sae á luz este segundo volume dramático, en que reproducimos integramente todas as pezas teatrais do primeiro volume.

Queremos con este traballo chegar tanto ao lector individual, coma aos grupos de teatro, profesionais ou afeccionados, tanto do Eo-Navia como de Galicia, ao lles ofrecer unha ferramenta de traballo para futuras representacións.

Ademais, tamén temos presente a necesidade de que os escolares eonaviegos e galegos se acheguen a esta, tamén, nosa literatura.

CRITERIOS DE EDICIÓN

A inseparabilidade entre texto e representación é un dos trazos que definen o teatro: a finalidade última do texto dramático é a súa representación, aínda que tamén debemos ter presente que existe a posibilidade dunha lectura individual. O amplo volume das obras escollidas fixo imposible que no volume impreso da colección Òlga dedicado ó teatro (Literatura dramática e teatro en galego do Eo-Navia) se recolleran integramente estas. Agora sae á luz este segundo exemplar en formato electrónico como complemento ó anterior, en que, grazas a este novo soporte editorial se satisfacen as posibilidades anteriormente citadas, é dicir, os textos aquí recollidos poden ser o soporte de futuras representacións ou ser utilizados como lectura individual.

Ademais, a nosa pretensión é achegarlles ós lectores unha visión xeral da produción e actividade teatral que se desenvolveu sobre todo nos dous últimos séculos no Eo-Navia, e que así poidan coñecer un pouco máis da literatura escrita en galego eonaviego e do teatro como xénero literario.

O material que conseguimos reunir para esta escolma presentaba características moi distintas. Algúns dos exemplares eran obras mecanografadas de complexa lectura, e outras pezas xa foran editadas, o que as facía perfectamente lexibles. Ademais, a diferenza no volume de obras dos diferentes autores era considerable, polo que resultaba difícil determinar cantas repro-

duciríamos de cada autor, partindo sempre, porén, de que se incluíría polo menos unha obra de cada un deles. Deste xeito, a publicación ou non das obras determinou cales integrarían esta escolma e cales non.

Segundo o anterior, o libro componse de dous tipos de obras: as xa publicadas e as que non pasaron polo proceso de edición. Deste xeito, dos autores que xa editaron as súas obras incluímos unha de cada libro publicado, mentres que dos dramaturgos con pezas inéditas incluímolas todas.

A clasificación dos autores e das súas obras segue unha orde cronolóxica, baseada nos distintos períodos históricos que incidiron na literatura en xeral. O teatro eonaviego abrangue tres etapas fundamentais: o século XIX ata a guerra civil, a Ditadura e os anos da democracia.

Ante a variedade lingüística dos textos e o feito de pertenceren a diferentes etapas, fíxose necesario adoptar unha serie de criterios para unificar dalgún xeito todo este material. A falta dun estándar ou subestándar e a gran variedade de propostas estandarizantes sobre o eonaviego fixeron moi complexa a elaboración dun texto que fose o máis coherente posible. Non tratamos de propor unha nova normativa para estas variedades lingüísticas do galego; só pretendemos darlles certa uniformidade ós textos, para o que seguimos as propostas realizadas pola Asociación Abertal del Eo-Navia¹. Ademais, a uniformidade ortográfica dos textos tamén facilita a súa lectura, sobre todo se pensamos no alumnado de ensino secundario de Galicia, afeito a ler nunha ortografía con certa unidade.

Deste xeito, os textos sufriron modificacións de carácter ortográfico e tipográfico, sempre fundamentándonos na proposta anteriormente citada. Os cambios ortográficos máis importantes son os seguintes:

1. Xavier Frías Conde: *A lingua galega en Asturias: o difícil camiño cara ao subestándar*, en http://e-spacio.uned.es/fez/eserv.php?pid=bibliuned:Llcv-75DF4BB2-15B9-08F6-99DC-36F2C0405D35&dsID=A_Lingua_Galega.pdf, consultado o 14 de decembro de 2008.

-A única grafía para a conxunción copulativa é *e*, aínda que existan catro posibles pronuncias ([ɛ], [j], [i] e [ja]). O mesmo ocorre coa a conxunción condicional *se* e a preposición *sen*.

-A acentuación segue as normas da Real Academia Galega², agás certas palabras que son casos especiais do galego eonaviego e que deben levar acento diacrítico.

-O -l- intervocálico consérvase, incluso nos plurais dos substantivos rematados en -l.

-A grafía escollida para o artigo indefinido feminino singular é *uha*, por ser a maioritaria e confluíren nela tres posibles pronuncias [úa], [wa] e [o]. Para a forma masculina plural optamos pola grafía *uns*, forma do galego estándar coa que pretendemos garantir unha unidade ortográfica, sempre tendo en conta que a pronuncia do indefinido no Eo-Navia é [us], [úis].

-As contraccións tamén seguen as normas da RAG, agás para o artigo el: *al~ao/ó*, *coel~co*, *del~do*, *nel~no*, e no caso da preposición *pra* que tamén contrae co artigo determinado. Deste xeito, suprimimos o apóstrofo e desenvolvemos as contraccións cando non son propias do galego estándar.

-Das terminacións -ade e -ude optamos por recoller as formas da lingua falada -á e -ú, debido ó carácter oral deste xénero.

-No relativo ó paradigma dos pronomes de terceira persoa, respéctanse os usos de -lo e -o.

-Se existen dúas formas dunha mesma palabra e a diferenza de uso é significativa para a caracterización dos personaxes procuramos mantelas.

2. Real Academia Galega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Vigo, 2005.

-Os castelanismos mantémolos e marcámoslos en cursiva, incluídas as anotacións.

-Os xiros e as expresións da oralidade tamén se respectan, e márcanse en cursiva.

Tipograficamente tamén introducimos diferentes modificacións, que na súa maioría son correccións³:

-Desenvólvense as distintas abreviaturas que aparecen.

-Nos casos en que non figuran os signos de admiración e interrogación ó inicio optouse por incorporalos. Ademais, consérvanse nos casos en que aparecen por duplicado.

-Unifícase o uso das cursivas.

-Modifícanse os signos de puntuación erróneos ou confusos.

Con todas estas correccións non pretendemos unha depuración das obras, senón tratar de harmonizar a súa lingua, sempre respectando o estilo dos diferentes autores.

Ó igual que os anteriores libros da colección Òlga, este tamén está aberto a futuras suxestións e incorporacións. Somos conscientes de que existe unha actividade dramática constante hoxe en día nesta zona e de que sempre poden aparecer documentos que nos acheguen máis información sobre este xénero.

3. Para a corrección tipográfica seguimos a José Martínez de Sousa: *Ortografía e ortotipografía del español actual*, Xixón: Trea, 2004.

UN FEIXE DE TAPIEGADAS

Conrado Villar Loza

PERSONAJES:

Sabela
Tío Xan
Telvo
Pachín
Quiro
Xuaco

ÉPOCA ACTUAL

Derecha e izquierda la del actor.

ACTO ÚNICO

DECORACIÓN: Una explanada con árboles en una aldea próxima a Tapia. A la derecha, en primer término, exterior de la casa del Tío Xan, labrador medianamente acomodado; al fondo, izquierda, un cabazo, y entre éste y el proscenio, un tosco banco de madera. Aparecerán en diferentes lugares de la escena, aperos de labranza. Al fondo, y cerrando lo que se supone corral, habrá una pared baja con cancela practicable, que tendrá acceso al camino público. Es al atardecer, y a medida que se va desarrollando la acción, se irá rebajando la luz, a fin de dar al final la sensación de que es la hora del crepúsculo vespertino.

ESCENA PRIMERA

Tío Xan, y dentro, cuando el diálogo lo indique, Pachín y Telvo.

Al levantarse el telón, la escena estará sola, oyéndose a lo lejos, durante unos momentos, una gaita y otros instrumentos, que tocan aires asturianos, y una vez que cese la música, el Tío Xan sale de casa y se dirige a la cancela, desde donde mira a derecha e izquierda con curiosidad, con el objeto de enterarse de quienes puedan ser los que componen aquella alegre caravana musical.

TÍO XAN (*Después de pequeña pausa.*) ¿Que demo de ruído é ese? Pareceume que ouguira algo así como uha gaita ¿Equivocaríame ora? ¿Cantaríanme ora os ouguidos?

PACHÍN (*Dentro.*) Vide por aquí, que se atalla.

TÍO XAN (*Mirando hacia el sitio de donde salió la voz.*) Xa me parecía a min que non taba eu tan xordo.

TELVO (*Dentro, pero más cerca.*) ¡Ala, rapaces, que pouco falta pra chegar!
(*Cantando.*)

El día que eu me muera
Pois xa sei que ei de morir,
quixera que me enterrasen
na aldea donde nacín.

E de Asturias un rincón,
pra min máis guapo que as flores,
porque alí tamén naceron
os meus primeiros amores.

TÍO XAN (*Volviendo a mirar.*) ¿Quen dengorrio serán? E vein camín de aquí. (*Moviendo la cabeza y manifestando asombro.*) ¡Léveme, non, xúcaras, se non son esos músicos de Castripol que se chaman “Os Quirotoleiros”!

ESCENA SEGUNDA

Dicho y Telvo, Pachín, Quiro y Xuaco que salen por el fondo, derecha, en el orden que quedan nombrados, trayendo, respectivamente, un clarinete, un bombo, una gaita y un redoblante. Los cuatro músicos, al llegar a la cancela, observan que el Tío Xan los mira con avidez, como aquel que quiere decir algo y no se atreve.

TELVO (*Al Tío Xan.*) Buenas tardes teña, bon home.

TÍO XAN Buenas y felices las teñan todos. (*Abriendo la cancela.*) Véñanse pra aquí, amigos, que igual lles costa dentro que fóra.

QUIRO Eso é verdá. (*Entran todos.*)

TÍO XAN ¿E pra unde demonio van por estos camíos e a estas horas, se é que se pode saber?

TELVO Vámoslle camín de Tapia e metémonos por estos carreiros porque dice ese (*señalando a Pachín*) que se atalla por aquí.

PACHÍN Claro que se atalla. (*Aparte.*) ¿Donde andaré Sabela que non la vexo?

TÍO XAN ¿Pois que hai en Tapia de novo, ho?

TELVO E que hoi é a festa de San Blas.

TÍO XAN Eso xa lo sei, pero como xa é case de noite... estráñame que vaian a estas horas pra alí.

PACHÍN Élle que nosoutros vamos pra cantar na función de teatro.

TÍO XAN ¿E que é lo que van a cantar, ho, se non tein ningún de aquel en decilo?

PACHÍN Uhas cantigas que amañou Pepe de Mingo, que se chaman *Un feixe de tapiogadas*.

TÍO XAN Se é que las amañou ese, deben ser un feixe de anapismos feitos con fermento e cebola; ¡deben de levantar ben el pelello, mialma!



TELVO Ten de todo a cousa.

TÍO XAN Pois sinto muito, madeos, non poder ir a ouguir eso, porque...
 ¿pra que ei negalo?, todo conto fai ese condanadín, ten el sou
 intringulis. E eso que a min, condo era *concejal*, tenme ventilado
 abondo. ¡Con decirlles a vostedes que me chamou, dúas ou tres
 veces, Gurgullo, basta!

PACHÍN (*Aparte a Quiro.*) E eu a todo esto, sen saber *donde* ta Sabela.

TELVO Se vosté ten tanto interese en ouguir esas cántigas, non lle fai falta ir
 al teatro.

TÍO XAN Estoncias, ¿*donde* las podo ouguir, meu ben?

TELVO Aquí mesmo lle podemos cantalas.

TÍO XAN Eso... aló vostedes; si lo queren fer agradeceréillelo.

TELVO Escuite, pois, que aló van...

Música

(*El tío Xan se sienta en el banco, escuchando con marcado interés, y expresando con el gesto y mímica, el efecto que le produce lo que Telvo canta.*)

TELVO Chufa Xixón a súa praia.

Santander a súa bahía,
 e, con razón, chufa Tapia
 a plalla da Ribeiría.
 Esto que dictado vou,
 ¡mialma si non é verdá!
 mais se algún lo pon en duda,
 a min lo mesmo me dá.

PACHÍN Esto que dicindo vai,

QUIRO ¡mialma se non é verdá!

XUACO mais se algún lo pon en duda,

a el lo mesmo lle dá.

TELVO Quero as truitas de Porcía;
 el salmón que seña de Abres,
 e as mozas de cualquier sitio,
 porque todas son iguais.
 Esto que dicindo vou, etc.

TODOS Esto que dicindo vai, etc.

TELVO Desde Tapia a Rapalcuarto,
 sempre pasean as tapiegas,
 solazándose entre os pinos,
 e oíndo graznar as pegas.
 Esto que dicindo vou, etc.

TODOS Esto que dicindo vai, etc.

TELVO Condo me casei con Xuana
 déronme con ela sous padres,
 uha xata e uha burra,
 ou seña, tres animais.
 Esto que dicindo vou, etc.

TODOS Esto que dicindo vai, etc.

TELVO Cortexeinte muito tempo,
 e salteinche un día na horta,
 donde me enchín de manzás
 porque non tías outra cousa.
 Esto que dicindo vou, etc.

TODOS Esto que decindo vai, etc.

TELVO Vin el Nalón, vin el Sella,
 vin el río que vaxa a Sueiro;
 ¡peró non vin ningún río que
 se iguale al Anguileiro!

Esto que decindo vou, etc.

TODOS Esto que decindo vai, etc.

Hablado

TELVO ¿Que lle pareceu, tío Xan?

TÍO XAN ¡Que ese feixe ten de todo!

QUIRO Xa ora que ten.

TÍO XAN Pero eu xa llo presumía, porque enfeixéndolo quen lo enfeixo, non podía ser outra cousa.

PACHÍN Vosté, tío Xan, debía ir al teatro esta noite.

XUACO ¡Ande; véñase con nosoutros!

TÍO XAN Non; non pode ser, que tou solo, e teño que tar al cuidado da casa.

QUIRO ¿Como que ta solo?

TELVO ¿Pois *donde* lle van a muller e as fillas?

TÍO XAN Pepa vai aló na montaña, na casa dun parente, e Sabela, que é a filla que me quedou, porque as demais fóronse pra Buenos Aires, ta éi na casa desa vecía que lle chaman Marica da Faba.

SABELA (*Llamando desde dentro.*) ¡A... ipaaaa...!

TÍO XAN Ei ta. Condo se fala del rei de Roma, pronto asoma.

ESCENA TERCERA

Dichos y Sabela, que entra corriendo por el foro izquierdo, sin ver a su padre ni a los que con el están, hasta que se encuentra con ellos.

SABELA (*Aparte.*) ¿Oh, conto home! (*Diriguiéndose a todos.*) Buenas tardes teñan.

TELVO Felices, nena.

QUIRO (*Aparte a Pachín.*) Ei la teís.

PACHÍN (*Aparte a Quiro.*) Xa la vexo, xa.

TÍO XAN (*A Sabela.*) ¿Que trais de novo, que xa me chamache berrando, desde el medio da senra? Dimo duha vez; déixate de milindros.

SABELA Quería que me deixase ir a Tapia, que hai baile e teatro esta noite.

TÍO XAN ¿E quen vai ir contigo? ¿Non ves que túa madre non ta, e eu non podo deixar a casa abandonada? ¿Quen vai dar, se nos vamos, de comer al gado?

SABELA Se vosté me deixa, vou coa tía Marica e as fillas.

TÍO XAN Però... ¿van elas?

SABELA Si señor.

TELVO Déixelle ir, tío Xan, déixelle.

TÍO XAN (*Hablando pausadamente.*) Bueno... podes ir; però... primerio tes que fer un laborín.

SABELA ¿E que labor é, ipá?

TÍO XAN Entra na casa, e pon nel pico da maseira uns xarros con leite e as concas que fagan falta, que quero convidar a estos rapaces.

PACHÍN (*Rehusando el convite.*) Non se moleste, Tío Xan.

TELVO (*Idem.*) ¡Agradecemoslle a intención; non faga eso!

XUACO (*Idem.*) Si, a intención basta.

TÍO XAN (*Con seriedad y recalando las palabras.*) ¡Non se excusen: é uha fineza que quero ferlles, e se non me aceptan... madeus llelo tomo a mal!

PACHÍN (*Encogiéndose de hombros.*) Sendo así... fairemos lo que vosté quira.

TELVO (*Idem.*) Teremos que aceptar.

QUIRO (*Idem.*) Non nos queda outro remedio.

TÍO XAN ¡Deixense de músicas! ¡E tu (*a Sabela*) fai lo que che dixen!

SABELA (*Aparte.*) ¡Se soupera ipá que entre elos ta el meu mozo... iba habela boa! (*Entra en la casa.*)

TELVO Fai ben dexarlle ir á filla al teatro.

PACHÍN Si; fixo ben, porque a rapaza ta nel tempo de divertise; ta nesa edá que lle chaman das ilusiois.

TÍO XAN E eu digo das toluras, porque a ese tempo andan coa cabeza completamente furada,... aunque agora xa non lles fai falta chegar a esos anos, porque aos dez ou aos doce, ¡así *Dios* me salve si xa non tan chocías del todo.

TELVO, PACHÍN, QUIRO e XUACO (*Riéndose.*) ¡Ja, ja, ja, ja, ja!

TÍO XAN ¡Vexo eu por ei cada tarabela!

XUACO ¡Cata, cata, el puñafretero tío Xan, como se fixa!

TÍO XAN ¿Non me ei de fixar, ho?

TELVO Aló, nos sous tempos, debeu ser vosté un bon músico.

TÍO XAN Non houbo queixa; fixen das mías. E os buenos músicos, poden perder de bufar; poden perder a embocadura, ¡peró el compás!...

SABELA (*Saliendo de casa y dirigiéndose al padre.*) Condo quira; xa ta eso listo, ipá.

TÍO XAN Agora mesmo. (*A todos.*) ¡Ala, vaian entrando!

TELVO Vosté primeiro, tío Xan.

TÍO XAN Deixense de cumplidos, e fagan lo que lles dixen.

QUIRO Ten razón, tío Xan, ten razón.

(*Después de dejar los instrumentos a la derecha de la puerta, entran en la casa, excepto Pachín, que algunos momentos antes se dispuso a templar el tambor, sentándose para ello entrepernado, y dando la espalda a la casa, en el banco que hay en la izquierda. Al notar el tío Xan esto, se vuelve desde la puerta, y se dirige a Pachín.*)

TÍO XAN ¿Vosté non vén, rapaz?

PACHÍN Non, señor, non.

TÍO XAN ¿Pois que dengorrio ten? ¿Non lle gusta ora el leite? ¿Quere outra cousa?

PACHÍN Non é nada deso, tío Xan.

TÍO XAN Entonces..., ¿que é?

PACHÍN É que se destemplou el tambor, e vou arreglalo antes de que faga falta, porque despois todos son apuros.

TÍO XAN Se non é máis que eso, xa lle apurrirán aquí el leite.

PACHÍN Como vosté quira.

TÍO XAN Eu quero que vosté faga como os demais. (*Se va.*)

ESCENA CUARTA

Pachín, solo.

PACHÍN (*Dejando de templar el tambor, pero sin abandonarlo.*) Sempre ouguín dicir que probe porfiado, saca mendrugo, e é uha boa verdá. Eu propúxenme traer aos meus compañeiros por estos camiños, pra poder falar con Sabela, e consígo, porque se el tío Xan me manda el leite pra aquí, como dixo, ¿por quen lo vai mandar, máis que por ela? (*Mirando hacia la casa.*) Déixame seguir templando el tambor, porque se os ouguidos non me cantan, vén alguén camín de aquí. (*Lo hace.*)

ESCENA QUINTA

Dicho, Sabela y el Tío Xan dentro, cuando el diálogo lo indique. Sabela sale de la casa con un plato y una conca de barro, con leche. La salida la hará después que la orquesta inicie los primeros compases del dúo, a fin de que cuando llegue junto a Pachín, empiece el canto.

Música.

SABELA (*Toca en el hombro a Pachín, y éste se vira hacia ella sin dejar el tambor.*)

Tráigoche el leite, Pachín,
conque meu padre te brinda;
éche mui fresco e natudo;
mecinlo eu da vaca pinta.

PACHÍN Aunque ese leite non seña
tan fresco como deciche,
pra min sempre tará bon,
posto que tu lo meciche.

SABELA Cólleme axina esta conca,
deixa el tambor, home, dexa,

PACHÍN (*Con vehemencia.*) Que colorada e guapota...
¡Pareces uha cereixa!

(*Se levanta, deja el tambor sobre el banco, y coje de manos de Sabela el plato e la conca, colocando ambas cosas al lado del tambor.*)

SABELA Non me veñas con froreos
que por aquí non se estilan;
déixalos, se che parece,
prás señoritas da vila.

Xa sabes que aquí na aldea
non temos outros froreos,
que el saber decir a tempo:
Se tu me queres, eu te quero?

PACHÍN Non te celes, non, Sabela,
cálmate e tate tranquila,
que tu es a muller que eu quero;
tu es a mía groria e a vida.

Eu vexo moitas rapazas,
señoriteiras e aldeanas,
peró como tu... ¡ninguha
tan puñasquera e tan guapa!

PACHÍN Eu quixera, meu ben
e mi alegría,
poder verte e falarche
de noite e día.

SABELA Lo que ouguiche, Pachín,
non che son celos,
heche el moito cariño
que eu che teño.

PACHÍN Corido será, Sabela,
pra min el día,
en que poda decirche:
¡xa tu es mía!

SABELA Condo chegará el tempo,
pra min ansiado,
en que poda decirche:
¡xa tas pescado!

PACHÍN Se a eso chegamos...
¡ai que placer,
ser eu tou home,
tu a mía muller!

SABELA Se a eso chegamos,..
¡ai que placer,
ser tu meu home,
eu túa muller!

(A la última nota del dúo, Pachín coje la conca y bebe la leche.)

Hablado.

(Ata el final de la escena, se procurará dar a ésta la expresión más exacta y real a la forma de cortejar que, por lo general, tienen nuestros aldeanos.)

PACHÍN *(Terminando de beber y colocando la conca nuevamente en el banco.)*
¡Ta bon, porque si!

SABELA *(Con marcada simplicidad.)* Xa sabía eu que che iba gustar.

PACHÍN *(Con sorna.)* ¿Si, nía?

SABELA Si, ho.

PACHÍN Tamén eu sei uha cousa de ti.

SABELA ¿Que me dices?

PACHÍN Lo que ouguiche.

SABELA ¿E que é elo?

PACHÍN Nada; que sei porque queres ir hoi al teatro.

SABELA ¿Si, ho?

PACHÍN Si, nía.

SABELA ¿E porque é, ho? Desbrocha axina; gomita duha vez.

PACHÍN *(Acercándose a Sabela.)* E porque soupiche que iba eu tocar alí. *(La pellizca en un brazo.)*

SABELA *(Dándole un empellón.)* ¡Alí toca lo que quiras... pero aquí... ten as maus quietas!

PACHÍN *(Socarronamente y después de pequeña pausa.)* Tas hoi mui desdeñosa e burlúa.

SABELA ¿Si, ho?

PACHÍN Si, nía.

SABELA Lo que tou eu, é fendo medo a que ipá se entere das nosas relacións.

PACHÍN Tanto che lle dou, porque, máis cedo ou máis tarde, ten que sabelo.

SABELA Eso é según caian as pesas, neno.

PACHÍN Non te entendo.

SABELA ¿Non, ho?

PACHÍN Non, núa.

SABELA Quero dicir... que tamén podemos romper antes os cachos.

PACHÍN Tamén é verdá, pero non seríamos os primeiros, nin os últimos.

SABELA (*Haciendo medio mutis.*) Bueno; déixote, que teño que fer.

PACHÍN Pois ¿pra onde, xúcaras, vas?

SABELA Vou ei á casa das da Faba; conque ata lougo, Pachín.

PACHÍN (*Con cierto retintín.*) ¿Ata lougo, entonces, corpo al xeito, Sabela das mías entretelas!

SABELA ¿Miánicas mo dices de veras?

PACHÍN Como lo ouguiche; ¿con toda la alma!

SABELA Québrenche os ollos, tolapeiro (*Riéndose.*) ¡Ja, ja, ja, ja! (*Vase corriendo foro izquierda, y, de vez en cuando, dirige miradas a Pachín, que la sigue, con la vista hasta que aquella desaparece.*)

PACHÍN Entre todas as mozas da aldea, non hai outra que seña máis churruqueira, nin teña el corpo tan bulicego coma ela.

TÍO XAN (*Dentro.*) Alégrome muito que lles gustase. E bueno porque si...

PACHÍN Ei vein esos; volta a templar el tambor. (*Se sienta.*)

ESCENA SEXTA

Dicho, tío Xan, Telvo, Quiro, Xuaco y luego Sabela.

Salen de la casa sosteniendo animada conversación; los tres primeros se detienen, a poca distancia de la puerta, formando grupo, y Quiro, sin que aquellos lo noten, se acerca, poco a poco, a Pachín...

TÍO XAN ...e quen diga outra cousa, non sabe lo que dice. Pra ter bon leite, hai que darlle de comer al gado. Eu, e esto non é chufa, manteño como non mantén ningún outro labrador de por aquí. Non hai máis que ver todo el meu gado pra sabelo; relúcelle el peellelo, que mismamente parece un azebache.

TELVO É sabido que el manter ben, é lo principal.

XUACO Xa lo creo que é así; el que non sementa, non pode recoller.

TÍO XAN Nin máis, nin menos.

QUIRO (*Aparte a Pachín, con rapidez.*) ¿Que tal de templadura?

PACHÍN Houbo de todo.

SABELA (*Entrando.*) Xa tou de volta, ipá.

TÍO XAN ¿A unde fuche? ¿Trais algo máis de novo?

SABELA Fun á casa das vecías a decirlles que non se fosen sen min.

TÍO XAN Antes de irte, recolle conto hai nel pico da maseira, non vaia, ora, el gato a fer un aveiro. E vosté, rapaz,... (*A Pachín.*) ¿acabou de atesar a cousa?

PACHÍN Non, señor.

TÍO XAN ¡Pois pardiola la tía bien froxa!

TODOS (*Riéndose.*) ¡Ja, ja, ja, ja!

PACHÍN Taba froxa, taba.

TÍO XAN ¿E que tal el leite? ¿Sóupolle ben?

PACHÍN Consoloume, mialma; taba campunudo.

TÍO XAN Pois si queren repetir, vamos outra vez pra dentro.

TELVO ¡Non faltaba agora outra cousa, ho!

SABELA (*Aparte.*) ¡Ten cada discurso este home!

PACHÍN (*Levantándose.*) Agora lo que temos que fer, é irnos, que xa vai sendo tarde.

QUIRO Como que xa ta anoitecendo.

TÍO XAN Fagan lo que lles pareza.

TELVO Si; vamos camín de Tapia, que alí esperándonos tan.

TÍO XAN Que lles vaia ben, rapaces.

TODOS Ata outro día, tío Xan.

Música

TELVO (*Al público.*) Se é que lles gustou el feixe,
 poden decilo aplaudindo,
 pra que sigan enfeixando,
 Pepe de Mingo e Telvino.

TELVO Esto que dicindo vou, etc.

TODOS Esto que dicindo vai, etc.

TELÓN

Cuplés para repetir siempre que se represente esta obra.

Na festa de San Antonio,
 gocei, por fóra e por dentro,
 bailando como una pionza,
 e feríandome de queixo.



Condo salo polas noites,
cota os gatos en enero,
sempre vou miar che á porta,
pra que vexas que, te quero.

A rapaza que eu cortexo,
nel corpo ten el dengorrio,
sempre que me achego, dice:
¡Tate quieto, Josentonio!

As nenas queren casarse;
peró tan mui apenadas,
porque se van os rapazes
pra Buenos Aires e Habana.

Non me pidan, non, máis coplas
que me doi muito a garganta,
e xa me dixo San Blas:
¡Nunca sanas, porque cantas!

CUPLÉS alusivos a cosas y personas de Tapia y sus contornos, que fueron cantados el día del estreno de esta obra.

Dicen que casa Leonardo,
e tamén Masín Lebrede,
e que lougo vai Gutiérrez,
porque tein frío en inverno.

Quixo meterse a gaitero,
sendo mui bruto e xa vexo;
veu outro, colleulle a gaita,
e agora tómanlle el pelo.

José Pérez, el torrero,
traí as nenas alauriadas;
¡engadéllate, pois, Pérez,

pra pasar ben as xeladas!

Pra callos, ¡viva el Esquilo!;
 así al menos lo públican
 os dous viaxantes da casa,
 Galea e Mingo de Rita.

Comeu Galea cinco pitos
 esta tarde duha asentada,
 e, pra elo, preparouse
 tomando aier, carabaña.

Despois que comeu os pitos,
 cenou lacón e empanada,
 e xa ten pra media noite,
 un gran guisote de ralla.

Os pollitos que hai en Tapia,
 non tein afición a nada,
 nin acompañan as nenas;
 ¡vaia uha xente axelada!

Según mormuran por ei,
 andan tras Pepe, el Torrero,
 varias nenas pra pescalo,
 ¡pero tein mal amucelo!

MOURENZA

Armando Cotarelo Valledor

Lance dramático nun lance.

FIGURAS:

MADANELA

LUMIA

RAPETA

BREIXO

XELO

ESPADARTE

Pásase na beiramar. Época de agora. Dereita e esquerda, as do público. A escea é uha cafua enfluxada e probe. No fondo, ventá pecha, e porta de entrar. Á dereita, lacea que se poida abrir e outra porta. Mesa de madeira no medio, e derriba un quinque sinxelo, apagado, pendurado do teito. Abarrotes barriles, caixas, remos, cordas, redes e máis cousas semellantes. Cadeiras e tallos. Todo roñoso e polvorento. O conxunto ha de ter van como de almacén de chambo.

É uha noite de tormenta na inverniá. Oise o bruído do vento, o chiscar da sarabia e o balbordo do mar. Pousa longa.

Petan á porta do fondo con dous golpes espaciosos e resoantes; logo con tres máis recios.

Despois xorde, polo burato do pecho, a voz cautelosa de...

ESPADARTE (*Chamando dende fóra.*) ¡Lumia!... (*Pausa.*) ¡Lumia!... ¡Lumia!...

(Lumia, que é uha vella horrible, sae alumándose cun candil pola esquerda, arrastrando as chanclas. Pousa o candil na mesa; chégase á porta da dereita e chama quediño cos cotenos; logo vai abrir en gran silencio.)

LUMIA Non berredes, degorrios, que vos sentirá Madanela.

(Entran Espadarte máis Rapeta. Espadarte (tipo de mariñeiro antergo: roupa de augas con sudeste) trae un paxe ó lombo, un farol aceso e un bicheiro na man. Rapeta, de bufanda, é un rapás xibado, porta un saco baldeiro e un can de las coutado dun cordel.)

RAPETA (*Rindo, Rapeta ri sempre.*) ¡Mamola!... Chove que asolaga.

ESPADARTE (*Con zoño que non deixa nunca.*) ¿Breixo?...

LUMIA Agora sal. ¿E os outros?

ESPADARTE Na buseta. (*Todos falan someiro e espazado.*)

LUMIA ¿Sabes certo que entra hoxe?

ESPADARTE Seino.

RAPETA Vén nos boletís. E a amañecida está de xorne. Haberá escamallo.

LUMIA ¿Grande?

ESPADARTE Correo.

RAPETA O “Bohemia” ¡Mamola!... Apare o almarío, tía Lumia. (*Pausa.*)

BREIXO (*Mariñán escorreito (traxe azul; boina) entra pola dereita poñéndose un chaquetón de abrigo.*) Aquí estou.

ESPADARTE ¿Listos?

BREIXO (*Collendo un truel.*) Listos.

ESPADARTE (*Indo a saír.*) Avante.

LUMIA ¿Levades a xovenca?

ESPADARTE É sospeitoso.

LUMIA Destoncias o carneiro.

ESPADARTE Sospeitoso.

RAPETA Vai “Lulo” (*polo can*).

LUMIA De pouco che valirá, Rapeta.

RAPETA ¡Mamola! Anada coma un xurel e soergue un anagado.

LUMIA Collede sachos: haberá cristiáns a pedir terra...

ESPADARTE Sospeitosos.

RAPETA Ben dito. Este tío Espadarte fala como os relós: pouco, pero campanudo. ¡Mamola!

BREIXO Vostede, madre, poderá deitarse.

LUMIA Agardo por vós.

ESPADARTE (*Na porta.*) Imos.

LUMIA (*A Breixo.*) Toma este coitelo, por se acaso. É de solla.

RAPETA (*Desiminando o coitelo.*) Estes trémpanos con veneno. ¡Mamola!
(*Rindo.*) Din que uha picada mata un cabalo. (*Dándollo a Breixo.*)
Garda.

BREIXO (*Tomando o coitelo.*) Ata logo.

LUMIA (*Tapa coa man a luz do candil pra que non se vexa de fóra.*) Moita sorte.
(*Saen Espadarte e Breixo.*)

RAPETA (*Saíndo.*) Moita maña.

(Lumia arrima a porta e séntase pensatibo. Pousa. Pola dereita entre Madanela, medio espida, como quen se ergue pra se volver deitar. Madanela é uha froriña nascida non illó. Así que se amostra, reloce a cara de Lumia.)

LUMIA (*Roñándolle cariñenta.*) Pera Nela ¿e ti?...

MADANELA Espertoume o vento, madre, e desvelei. ¿Quen eran eses homes?

LUMIA Espadarte e Rapeta; viñan por teu irmán.

MADANELA ¿Co este vendabalón? ¿Saen ó mar hoxe?

LUMIA Pouco se desviarán das penas; van ó endeño.

MADANELA Agardar a que esbardase.

LUMIA A ardentía bota arribazón.

MADANELA Con todo...

LUMIA Volve á cama, meniña. Ves medio espida.

MADANELA Un pulo non máis (*lerosa*). Tiven un soño mui boniteiro.
(*Séntase a carón da nai.*)

LUMIA (*Aloumiñando nela.*) ¿Pois logo?

MADANELA Chegara el...

LUMIA Dios o traia.

MADANELA (*Afiuzada.*) Virá, madre, virá nun dos primeiros barcos. Boeno.
(*contentosa de relembrao o soño.*) Chegara el e nos forámolo rescibir á
bordo... (*síntese oubear un can.*) ¡Xesús! ¿Que foi eso?

LUMIA Un can oubeando.

MADANELA Asina oulaba o do meu soño.

LUMI Pois ¿non soñaches con Xelo?

MADANELA Si; pero verá, tamén había un can. Un can mouro, mui rabisco,
doente quizabes.

LUMIA Sería o urco, o can do mar.

MADANELA ¿O urco é malo? Pois era el.

LUMIA Din que o urco é un can mui grande que en noites pechas sae do mar, e vai por rúas e por congostras oubeando con outros cans que acoden a lle dar escolta. Leva uha cadea arrastro. Por veces detense, e todos os máis fanlle roda, calados.

MADANELA (*Esterrexendo.*) ¡Que medo!...

LUMIA Cousas de rapaces.

MADANELA ¿Quen sabe?... Tamén din que os oubeos dos cans ventan morte; e ese de antes...

LUMIA Vaia, conta do teu soño.

MADANELA Fóramolo rescibir abordo. Breixo levábanos na minueta, bandeira en popa. El estaba alá enriba, na amura, saudando co sombreiro. Vosté ben sabe como é danzal e fampista.

LUMIA. Eu non o conozo, Nela.

MADANELA Certo. Temíase de vostede e desviábase. Esterrecía entrar na casa; na outra, que desta non sabe que nos mudamos. Des aquí verémolo sobre cuberta. Cuase vivimos a nado. Boeno, ¡que alegría, madre! El saudaba... tirándome bicos. Pero eu non podía chegarlle...

LUMIA ¡Cousas dos soños!...

MADANELA Xurdíu un can e traboume da faldra, turrando por min. (*Oise berrar roucamente a serea de un vapor grande, lonxe.*)

LUMIA ¿Un can na minueta?

MADANELA Si; un can ou un lobo, non sei. É o máis estrano... ¡Cousas de soños!... foi que aquel can tiña a faciana de Rapeta. Ese rapás non me chista cousa. Paréz que leva un felo: un felo de velliño recésego. Logo, sempre rindo. Da auguria. Figúrame que debe ser xiado como as cóbregas, e se se lle tocara nas fazulas... ¡Ui, que noxo! (*Volve a soar a serea en urlido longo.*)... ¡Xesús, como brama ese vapor!...

LUMIA Haberá cerrume e pedirá plástico.

MADANELA (*Medrosa.*) Parés que laia, madre.

LUMIA Pola noite, ¡xa ora!, todo asusta.

MADANELA (*Seguindo o conto.*) Entón el saltou na minueta e, ¡pumba!, chimpou aquel can no mar. Logo colleume nos brazos... ¡É máis galloleiro!...

LUMIA ¿Ti cres que virá?

MADANELA Como na misa. Escoite (*saca uha carta e le*) como escribe: “Saberás en como nada se me da de esos atorrantes”... Non é aquí... “Pues Madanela”... aquí é: “Pues Madanela, recibí lo que me dices de lo que te pasa y yo te digo que no te degores, que yo, como te tengo dicho, te quiero rechamente y de no canfinfla, como decimos acá y ya tengo alguna plata. Pues Madanela, saberás que ya quité el boleto del pasaje y saliré de esta en el primer correo que toque en esa, que será recien y no más.”

LUMIA (*Cobizosa.*) ¿Dis que ten prata?

MADANELA ¡Boeno!... Xa leva sete anos na outra banda. Ben ve. Seu pai andaba máis espido que un marolo e agora é patrián. Cando veu neste vran dar aquela rabexada, que foi cando nos conocemos, parescía un señor. Però tencioaba axuntar máis para viviremos na vila.

LUMIA (*Receando.*) Nela, ¿non será un embaidor, un infirtoso?

MADANELA ¿Infirtoso meu Xelo? El virá... Se non viñese... ¡ai, madre! (*Bótase chorando no colo de Lumia.*)

LUMIA (*Cariñándoa.*) Virá, filliña; non chores.

MADANELA ¡Ten que vire! Eu escribinlle todo... Se non vén... finireime. (*Baixando a vos.*) Logo se conocerá demasiado; e xa agora... Onte, no río, Maripepa reparoume dun modo... ¡Ai, madriña! (*Abrazándoa.*)

LUMIA ¡Cala, cala! O que non sei é como poido sere, Madanela.

MADANELA (*Vergoñenta.*) Cando iba de espichadora, el andaba de paseante, sempre en axexo, azoroñando. A frábica está lonxe; para ir e vir tiñamos de pasar o piñeiral... era xullo. (*Chora.*) ¡Non sei... non sei como foi!

(*Esgarabellan na porta do fondo, como querendo entrar; Lumia decátase, e forza a vos pra que non a oian de fóra.*)

LUMIA Vaia, sosega. Déitase; non te colla a friaxe (*tentándolle as mans*). ¡Cala! Xa estás entanguida. Ven (*erguéndoa e levándoa cariñenta*) imos ó carto, filliña. Durme tranquil. (*Na porta dereita.*) El virá, non temas.

MADANELA (*Entrando.*) ¿Certo que está a chegar, madre? (*Desparacen amas.*)

(*Ábrese pouco a pouco a porta do fondo deixando escorrer a Breixo, pavorido. Vén impante, en penecho, mirando atrás con ollos relampados. Así que entra, vólvese e pecha, correndo o ferrollo. Logo abre a lacea, saca botella e copa, bebe un chisco e séntase. Pousa. En silencio chega Lumia por detrás, poñéndolle uha man no hombro.*)

BREIXO (*Brinca espantado.*) ¡¿Quen?!...

LUMIA Tes pouco rexo. ¿Que houbo?

BREIXO ¡Uha estrangueira!...

LUMIA (*Ollando ó redor.*) E ¿que traes?

BREIXO (*Sentándose de novo.*) ¡Nada!

LUMIA (*Estranada.*) ¿Entón?...

BREIXO (*Arredándoa.*) Déixeme. Cale. Estou abrallado... ¡Teño medo!

LUMIA Ben noto. (*Ouservando nel.*) ¿Nos vos collerían?

BREIXO ¿Que sei eu?... Non, non nos colleron. ¡Ogallá nos colleran!

LUMIA ¿Estás enmeigado? Conta que pasou.

BREIXO (*Esterrexendo.*) Pasou de abondo.

LUMIA Fala, diaño.

BREIXO (*De mal aire.*) Esnaquizou se nos penedos... Laiaba coma un cristián...

LUMIA Ben sentimos a serea.

BREIXO ¡Laiaba!... Escomenzaron a saír... As lanchas de abordo batían nas penas e anagábanse... Saían máis. Algún bulindo aínda. ¡Que espantosidade! (*Quédase suspenso como ollando una horrible visión.*)

LUMIA Segue.

BREIXO Deme xugos. (*Volve a beber.*) Eu estaba estantío, abobado... ¡Que espantosidade!... Veu o “Lulo” arrastrando un así como habanero... Relocíalle a cadea do relós... Deixoulo cabo min, varado no xabre. Rapeta encirroume... Entre a salguía das escumas púxenme a rexistralo. Estaba morto...

LUMIA Mellor.

BREIXO De súpeto, o morto engarrou en min... Botoume as mas. Apertaba no pescozo, esganábame... e non podía zafarme daquelas mas; eran poutas... Saquei o coitelo que vosté me dou e chanteillo... ¡Matei o morto! (*Colle a cabeza entre as mas, marmuxando outra vez.*) ¡Matei o morto!...

LUMIA (*Alentándoo.*) Bueno, ¿e que? Un entre tantos. O mar cobre moito.

BREIXO Fuxín. Fuxín sen ver terra; pavorido...

LUMIA Hai que ter azo, Breixo.

(*Chaman quedíño á porta; Lumia chégase a ela.*)

BREIXO (*Erguéndose espeluzado.*) ¡Non! ¡Non abra, madre, non abra!

LUMIA ¿Que temes?

BREIXO Calquer cousa. (*Rapeta asubía polo pecho.*)

LUMIA Acouga. É Rapeta. (*Abre a xeito.*)

BREIXO Tanto monta. Rapeta é uha fera; un locumón do mar ¡Rapeta é o urco! (*Volve a sentarse apouvigado.*)

(Entra Rapeta sen o can. Trae un gran saco cheo ó lombo e a pucha mais o truel de Breixo na man.)

RAPETA *(Guindando o saco.)* Garde eso, tía Lumiña. ¡Mamola! Ben lle dixeran que habería escamallo. *(Rindo.)* Eí ten xebra e marlota a rever. *(A Breixo.)* Es páparo. Algún día nos botarás a pique. Toma a túa güina; apañouna “Lulo”. Velaiquí o relós, a cadea e a carteira. *(Pousándoos na mesa.)* Ter todo esto na man e deixalo, ¡véigate a mona!

LUMIA Aprende, Breixo. Este ensínavos a todos.

RAPETA ¡Bah! ¡Ibámolo perder? ¡Mamola! E eso que teño un peso diario. *(Pola xoroba.)* Mais pra algo son Rapeta.

BREIXO E... ¿o morto?

RAPETA ¿Quen? ¿Teu ché? Ben morto queda. *(Rindo.)* Estes coitelos de solla son barudos. *(Sacándoo do bulso e dándollo.)* Garda pra outra vez.

BREIXO ¿Estrevíchete a quitarllo?

RAPETA Non que llo iba a deixar. ¡Mamola! Por el darían con nós decontado.

LUMIA Moito vales, Rapeta; estás en todo. ¿E Espadarte?

RAPETA Tamén pescou súa bicada. Agora queda carretando náugrados na buceta. Poida que lle den uha cruz de salvamento.

BREIXO *(Xordamente.)* ¡Matei o morto!...

RAPETA *(A Lumia.)* Este galán está trafugado. Vale máis que o leve fóra, despallará co vento.

LUMIA Ben dis. Ven connigo, Breixo.

(Breixo segue á súa nai como anganido e ambos saen polo foro. Rapeta, con gran calma, cerra a porta, recolle as alaxas da mesa, méteas no saco e esconde

éste entre os abarrotos. De pronto, ponse a escoitar e escóndese el tamén. Pola porta dereita, entra Madanela, máis vestida que denantes, cuha palmatoria na man. Olla a escea, e véndoa soa, vaise a retirar.)

RAPETA (*Mostrándose.*) Boas noites, Mada.

MADANELA (*Dando un berro.*) ¡Ai!!... (*Tranquil.*) ¡Asús! que susto me deches. Cuidei que ninguén había.

RAPETA Cuasi, cuasi.

MADANELA Falaban aquí.

RAPETA Breixo connigo.

MADANELA Logo xa viñestes do mar. Gracias á Virxe, que está a noite brava. ¿Cobrastes peixe?

RAPETA Sempre saca algo a Rapeta.

MADANELA Dixo madre que íbades ó endeño.

RAPETA (*Correxindo.*) Tamén, mais indo eu non falta Rapeta.

MADANELA O caso é que, loubado *Dios*, xa voltastes. (*Pausa.*)

RAPETA Mada, pois estamos a tergo, quería decirche... Tempos hai que te atopo revirada.

MADANELA Nin siquera.

RAPETA (*Tenro.*) ¿Onde van as túas cores de rosa, Mada; os teus risos estalantes coma axouxeres; aquelas cantigas que rebulían nos piñeirales? Nin volves á frábica, nin ese limiar traspasas. ¿Por que andas triste, Mada?

MADANELA (*Rindo.*) ¿Eu triste? Ti tresleache.

RAPETA A xente repara...

MADANELA Por vicio.

RAPETA Moitos marmulan...

MADANELA Por maldade.

RAPETA E eu ben vexo...

MADANELA (*Anoxada.*) ¿Que é o que ti ves, caramuxo?

RAPETA Mada, falemos craro. Nin sei como nin con quen, pero o lance foi e...
xa me entendes. Din que embarcou e está na América; pois eu
dígoche que ese non volta. Ben sabes, gusto comprido...

MADANELA Pero ¿que gusto nin que sécolas, berberecho?

RAPETA Eu sempre te quixen, Mada.

MADANELA (*Estranada.*) Ora o demo dorme... ¿Ti? ¿Asús! ¿Ti me quixeches?

RAPETA Sempre; pero decatábame e agardaba. Eu...

MADANELA (*Congoxosa.*) ¿Asús! ¿Asús, mil veces! Sei que sigo soñando...

RAPETA Ti eres uha fror, un paxaro, uha estreliña; eu, son Rapeta. Xa com-
prendes. Rapeta, calaba. Mais agora...

MADANELA (*Arritándose.*) Agora, ¿que?

RAPETA O tempo corre, o choio adianta, as linguas rexouban, a conduta
abanea; pois denantes que o caso chegue...

MADANELA ¿Que lareta este cangarexo?

RAPETA Mada, a cereixa picada dos melros, logo cae no chan. Eu non podía
subir ata ti; fuches ti quen ata min baixaches... Mada, á froita caída
dáselle co pé; pero eu son Rapeta e fago o meu oficio: eu recollo a
cereixa. Para min sempre serás Mada. Nada sei, nada pergunto...
Mada, agora non podes escolleitar (*apurríndolle a man*). Ves aquí a
man dun home.

MADANELA (*Estalando.*) ¿Un home! ¿Ti es un home? Ti es un escáncer, uha
píntiga, uha cobra...

RAPETA (*Rindo.*) Mada, a cereixa caída, no chan podrece.

MADANELA (*Marchando.*) ¿Casar contigo? *Dios me defenda.*

RAPETA Mada, xa non podes escoller.

MADANELA (*Furente.*) Antes meto a cabeza na corda dun pandullo e me chimpco con el no mar (*saíndo*). ¡Asús! ¡Asús mil veces!

RAPETA Seguirei agardando, Mada.

(Míraa marchar e ri en silencio. Polo foro, volven Lumia máis Breixo sempre caviloso.)

LUMIA Moita patulea se xunta na ribeira.

RAPETA Non hai xeito de facer máis. Chegaron carabineiros... ¡Mamola! Poiden esculirme...

LUMIA (*Mirando ó redor.*) ¿E o saco?

RAPETA (*Amostrándoo.*) Aquí está.

LUMIA Dá aca (*desatándoo*). Couta a porta e aluma.

(Poñen o saco no medio; Rapeta aluma axionllado e a vella, sentada nas táboas, vai rexitrando o botín. Breixo, aparte, cavilando.)

RAPETA ¿Non sería mellor agardarse?

LUMIA (*Remexendo.*) Relós... pulseiras... cartos. Chega acá. (*Rapeta aluma.*) Son pesos (*fáinos soar con ledicia no mantelo*). Esto é o máis seguro; éstes non teñen señal.

RAPETA Xebra, señora, xebra.

LUMIA (*Remexendo.*) Pendentes... cadeas... máis cartos (*leda*). Moito gafaches en pouco tempo.

RAPETA ¿Non son Rapeta?

LUMIA Aneles... medallas...

RAPETA Tamén hai carteiras. Meta a man.

LUMIA Aluma (*sancado uha carteira*). ¡Case está ateigada! Pon aí, logo contaremos (*mostra un xoieiro*). E isto ¿que é?

RAPETA Non sei; non daba tempo. Uha caixiña.

LUMIA De prata.

RAPETA Agarde; imos abrir... (*Forcexea para abrir o xoieiro. Séntese rañar na porta de fóra e logo xemer xordamente. Todos escoitan.*)

LUMIA Será Espadarte.

RAPETA Non. Semellan prañidos.

LUMIA Pois será o “Lulo”.

(*Breixo érguese como abufinado e abre. No oco mouro, apuado no batente, vese a Xelo, macio, descalzado, pingando, caendo... Breixo recúa espantado.*)

XELO (*Lanxindo.*) ¡Auxilio!... Por caridade... denme... auxilio...

BREIXO ¡O morto!... ¡Perdón! ¡Perdón!...

RAPETA ¡O habanero!

XELO Estou ferido... Matáronme...

BREIXO (*Fóra de si.*) ¡Fuxe!... ¡Fuxe, pantoasma, fuxe!

XELO (*Reconocéndoo.*) Ti mesmo... Ti... ¡Asesino!...

(*Dá un paso pra entrar, mais Rapeta enquerquenándose, ponlle o mango do truel entre os pes e Xelo enceréllase e cae fóra.*)

RAPETA (*Rindo.*) ¡Esnafrouse! Agora vai de veras.

MADANELA (*Dentro.*) Madre...

LUMIA (*Atordoada.*) Pecha.

RAPETA Non pode quedar así. Se recorda e fala...



LUMIA ¡Pecha!

RAPETA (*Pechando o foro.*) Guindarémolo ó mar.

MADANELA (*Porta dereita.*) ¿Que ruxir é este?

LUMIA Non é nada, filliña.

MADANELA ¿Como están todos ergueitos?

RAPETA Perdeuse un barco.

MADANELA Un barco... ¡Probiño!

RAPETA No Con do Demo.

MADANELA ¿Afogou alguén? ¡Vaia polas ánimas! ¿Era noso?

RAPETA Era de fora: o Bohemia.

MADANELA (*Alteirada.*) ¿O que? ¿O “Bohemia”? ¿Dis o Bohemia?... ¡Virxe do Carme! ¿É Xelo?... Nel viña Xelo.

LUMIA ¡Xelo!

MADANELA ¿Que vos espanta? ¿Por que pavorides?... ¿Queizaves Xelo?...

LUMIA Non, non. Salvaron moitos.

MADANELA (*Decidida.*) Vou alá.

LUMIA (*Conténdoa.*) Però filla...

MADANELA (*Zafándose.*) Sólteme, madre.

LUMIA (*Poñéndose diante da porta.*) Non saes.

MADANELA Quero saír. Arredre.

BREIXO (*Ameazando.*) ¡Nela!

MADANELA (*Con brío.*) ¿Que socede nesta casa? ¿Estades tolos?... Saio sen dúbida.

LUMIA Mira, Madanela...

MADANELA ¿Será verdade? Fai tempo que sospeito... Ese saco... (*Mira imponente o irmán, que engoumea a testa.*) Teño escoitado... ¿Que escondedes detrás? ¡Desvíese, madre!

(*Arredra á Lumia e franquea a porta, véndose á Xelo tendido na soleira.*)

LUMIA (*Aparte.*) ¡Disgraciados!

MADANELA ¡Asús!... ¡Un home! (*Axiónllase pra ouservalo.*) ¡É Xelo!! (*Ledísima, érguelle a cabeza.*) ¡Ai!, ben sabía que non me abandonabas... Que non deixarías perdida a túa Neliña... ¡Xeliño! ¡Xeliño!...

BREIXO (*Acañado.*) ¡Era Xelo!...

MADANELA (*Intranquil.*) ¡Ai María! sei que dorme... (*Mirando a propia man.*) Pero esto... é sangue... Si; ¡sangue!... ¡Morto! (*Estolecida.*) ¡¡Meu Xelo morto!!... (*De pé, trágica, baixo do dintel.*) Madre, irmán... e ti, serpe penzoñenta... corvos do mar, urcos da ribeira... ¡Malditos! ¡Malditos sexades!

(*Cadro. Madanela no fondo; Lumia, Breixo e Rapeta abraiados. Cae o telón.*)

EL TRATO

Francisco F. Arias Campoamor

PRIMER ACTO

La acción en Figueras. Época actual, la escena representará un “aira” en la que se verán utensilios de labranza, un banco rústico, un montón de paja y el brocal de un pozo; éste situado próximo a la casa, que se verá en el lateral derecha. El fondo será decoración de campiña con casas desparramadas. En el lateral izquierda y en primer término, un árbol y, en torno al tronco, una pared baja a propósito para sentarse en ella; en el lateral izquierda, una pared baja separa el “aira” de la calleja que se supone existe; en último término lateral izquierda, una cancilla; conviene exista en escena un pedazo de tronco de los que se utilizan para partir leña sobre ellos.

Es de día.

ESCENA PRIMERA

Tío Miguel. Labrador del país. Representará unos 55 años; vestirá pantalón viejo, mal remendado, zuecos corrientes con chapos e chapines, éstos de franela roja, chaleco de franela roja también y chaqueta colgada al hombro izquierdo; en la cabeza, boina pequeña y usada; bajo el brazo traerá la aijada.

Entrará en escena lentamente, pensando y haciendo los gestos del que habla consigo mismo. Viene liando un pitillo. Cuando ha llegado a la proximidad del banco rústico —que estará situado al lado del pozo— se para, se vuelve hada el público y dice:

TÍO MIGUEL Pois señor, a cousa é condanada, pero non hai remedio: ten que ser e, conto máis axina, millor. (*Pausa.*) A nena ser é boa... ¡e guapa... así Dios me salve! ¡Quen mo iba decir a min que iba ser el sogro da que puido ser a mía filla! Son así as cousas deste mundo (*se sienta en el banco rústico y, después de dar unas chupadas, continúa.*)

Veremos a ver lo que dice tía Antonia, porque, eso si, el fillo non lo dou de cualquera manera: ha ser con cuenta e razón (*pausa, y como interrumpiendo sus propios pensamientos.*) ¡Home xa! Que al fin lo de tía Antonia pra elos ha ser, como ha ser lo meu, pero mentramentes e non... tía Antonia inda é nova, e eu tampouco tou pra morrer —digo eu— así que hai que mirar como se fain estas cousas, non seña que lougo teñamos que chorar.

(*Suena un cuerno hacia la calleja y tío Miguel pregunta a un chico que se supone pasa por ela.*)

A, Chinelín... ¿pois que houbo...?

EL CHICO (*Desde la calleja.*) Sardía.

TÍO MIGUEL ¿Muita, ho...?

EL CHICO Treinta millares.

TÍO MIGUEL ¿Quen la trouxo?

EL CHICO Pachín.

(*Vuelve a sonar el cuerno.*)

TÍO MIGUEL (*Comentando excéptico.*) ...Sardina, si..., han ser “homes”, ben sei. (*Pausa en la que irá sacando una carta del bolsillo. La examina sonriente y dice:*) Este meu fillo nesto da escritura someña a súa madre —que en gloria esté—, que era mui leída; a min nunca se me arreglou esto da ortografía. (*Lee:*) “...pois sabrás papá, que agora vamos a

Rotterdam con pinos y a la vuelta pienso pedir la licencia de dos meses a que tengo derecho, para estar ahí por carnavales, que por cierto hace mucho que no los pasé en el pueblo.

De lo que me dices del matrimonio, ya hablaremos. Yo tengo echado el ojo, pero a la que es nunca le dije nada directamente de lo tocante al respectivo”. (*Dobla la carta y, con gestos apropiados, dice:*) ¡Pensas tu que che vou deixar casar con quen a ti che día a gana! ¡Non home, non, que tou padre xumentou cuatro terras e bon gado pra emparexalo al menos con outro tanto!, ¡ou que, ho! (*Pausa.*) El caso é que tía Antonia non vai querer soltar mosca, pero se non pon ela a terra que ten nel Cotarelo, a casa coel pajar que ten en Lois, dúas parexas de vacas e siquera, siquera, ocho ou diez mil rales, non hai trato. (*Pausa breve.*) Bueno, aló vou. (*Se levanta, se aproxima a la puerta de la casa y grita:*) ¡A tía Antonia...!, ¡Tía Antonia!

TÍA ANTONIA (*Contesta una voz desde dentro al mismo tiempo que se siente el ruido de unos zuecos en la escalera.*) ¡Ouh...!

(*Sale Tía Antonia, mujer de cuarenta y cinco años, pañuelo atado a la cabeza en forma típica, manta o pañoleta atada hacia atrás, zagalejo colorado e, sobre el zagalejo, el vestido recogido. Zuecos e chapines.*)

ESCENA SEGUNDA

Tío Miguel y tía Antonia

TÍA ANTONIA ¿Pois que milagro?

TÍO MIGUEL Escuita ora, nía.

TÍA ANTONIA ¿Que foi, ho?

TÍO MIGUEL Non, nada; ¡a nía!, ¿veuche ora a decir Parapar que quitases el cuito da calella?

TÍA ANTONIA Veu; ¡teinche agora uhas modas...! Lo que el Direutorio podía deixar el cuito unde ta e meterse cos de Castripol, que non pensan máis que en subirnos as contribuciois.

TÍO MIGUEL ¡E que tan os tempos pra subas, que condo non é uha é outra, pero nunca faltan disgracias! ¿Como teis hoi el xato?

TÍA ANTONIA Tevo aquí hoi el albeitre pola mañá, e dixo que non había xa peligro, pero dígoche que nos deu un bon susto, pensamos non poderlle correr el nabo que lo tía el demo de atazado nel gorgoleiro.

TÍO MIGUEL Máis vale, muller, ¡pois mira que os ocho cochos que lle morron esta noite a Lourenzo...!

TÍA ANTONIA ¡Vaia por *Dios*! ¿E que te trae?

TÍO MIGUEL Pois verás, nía... (*si terminó el pitillo, hará otro nuevo con cachaba e, si no lo terminó, dará unas chupadas furibundas*). Bueno, señor, bueno... ¿Tamos solos, Antonia?

TÍA ANTONIA Solos tamos.

TÍO MIGUEL A túa nena, ¿unde ta?

TÍA ANTONIA Vai na Perulleira á gancela, podes falar sen cuidado e ándame axina que me teis cocendo. (*Tía Antonia este momento se sienta en el pedazo de tronco de que se habló; sería conveniente que durante esta escena ocupase las manos en hacer chapo o media.*)

TÍO MIGUEL Cousa sería é, Antonia, e pra tratala con precauciois. As cousas unde andan cuartos de por medio, serias son e nesta que hoi che traigo andan cuartos e corazois; non che digo máis... (*tía Antonia se sonríe maliciosamente*).

TÍA ANTONIA Home, algo parece que adivió; pero algo máis teis que decir...

TÍO MIGUEL ¡*Bueno* fora...! Se che hei decir verdad cóstame traballo decir estas cousas e eso que... *bueno*, tu xa sabes que eu non quedo cortao si se trata de falar lo que seña e faga falta, que inda discurseo se ha menester nel *Ayuntamiento* delante del alcalde, ou de quen seña e aunque teña mal el decilo, non hai outro que poida millor que eu ser el pedanio.

TÍA ANTONIA Non, dices verdad.

TÍO MIGUEL Pois xa ves, nía; neste asunto non se me amaña; é lo que eu digo, das cousas del corazón é preciso sentir muito, pra decir un bocadín, e inda ese bocadín ha costar traballo decilo. Ademais, estas cousas aos meus anos non sonan xa ben porque temos que desengañarnos, Antonia ¡vamos vellos...!

TÍA ANTONIA ¡Vas, Miguel, vas!

TÍO MIGUEL ¡Ui, ui..., ui...!, ¿inda presumes? ¡Ai, Antonia, que lonxe quedan aqueles anos en que eu te andaba cortexando!

TÍA ANTONIA Si, ho; (*transición*) ¡e por certo que che tomara lei, podes crerme!

TÍO MIGUEL Ho, e eu a ti tamén, ¿pois que pensas? Però *bueno*, foi así; parece que nosos padres —que *Dios* teña en santa gloria— (*tía Antonia dice “amén”*) non se amañaron e houbo que deixalo (*rememoran*). (*Tía Antonia dará a entender al público por medio de la mímica que tío Miguel la requiere de amores.*)

(*Se oirá a lo lejos: “¡A las zarretas vivas!, ¡ai, que zarretas!”, luego más cerca, en la calleja ya.*)

LA MUJER A tía Antonia, ¿quieres uha zarreta?

TÍA ANTONIA (*Se levanta y va hacia la pared del lateral izquierda.*) ¿A como é?

LA MUJER ¿Darás ora uha peseta?

TÍA ANTONIA ¡El que, nía...!

LA MUJER *Bueno*, déixocha en nove cais.

TÍA ANTONIA Douche dous rales, e a *Dios* gracias.

LA MUJER Esme mui barateira; xa che hai quen dá tres rales e non la dou, que perdo nela.

TÍA ANTONIA Déixala entonces en seis perrois.

LA MUJER Nin un perrín menos (*se aleja un poco y vocea*). ¡A las zarretas!
(*Vuelve de nuevo y pregunta.*) ¿Dás os tres rales?

TÍA ANTONIA Non, vaite se queres.

LA MUJER ¡Vou, vou!

(*Tía Antonia vuelve a sentarse en el sitio de antes.*)

TÍA ANTONIA ...¿Decías?

TÍO MIGUEL Que xa ves tu as cousas desta vida, andando el tempo, el que te
cortejou de mozo había virche falar de amores despois de vello (*esto
lo dirá sin mirar a tía Antonia, jugueteando con la aijada*).

TÍA ANTONIA (*Hipócritamente.*) ¡Home, con que historias me veis! (*Aparte.*)
¡Xa mo taba parecendo a min! (*Alto.*) Vouche decir Miguel, non sigas,
esas sonche toleirías. ¡Non che iba falar nada a xente...!

TÍO MIGUEL ¿Falar...?, ¿e por que? Non é el meu fillo traballador e honrado
como...

TÍA ANTONIA (*Con desencanto.*) ¡Ah, però...!

TÍO MIGUEL ¿Pois que pensache, nía?

TÍA ANTONIA ¿De modo que lo que tu queres é casar al tou Quico coa mía
Juaquina?

TÍO MIGUEL Claro, muller, claro.

TÍA ANTONIA ¡Osús, mala serra te arrole, con que requiloncios me veis falan-
do!

TÍO MIGUEL Xa che dixen que eu non sirvo pra estas cousas, però *bueno* xa ta
dito. Tu dirás que che parece.

TÍA ANTONIA (*Mirando hacia la calleja.*) Ei volve esa.

LA MUJER ¿Dás un perrín máis, Antonia?

TÍA ANTONIA Seis perrois e medio; ¿queres?

LA MUJER Vaia, toma, por non ir ata aló..., ¡peró dígoche que perdo nela..., mira!, ¡por estas! *(suena un beso)*.

(Tía Antonia atraviesa la escena con una zarreta sobre una lata, entra en la casa y vuelve a salir inmediatamente con la lata vacía que entrega a la mujer. De la faltriquera saca el dinero y paga. Vuelve al lugar de siempre.)

TÍO MIGUEL Bueno, nía, tu dirás lo que che parece.

TÍA ANTONIA Parecerme non é que me pareza mal, así de primeira intención; pero haberá que pensalo.

TÍO MIGUEL Home, home, eso axina lo pensas, despois de todo, un e outro non van mal, buena parexa..., honraos..., e a min paréceme que ellos han de gustarse.

TÍA ANTONIA ¿Pero Quico non sabe nada?

TÍO MIGUEL Nin falta que lle fai, meu fillo fixo sempre lo que sou padre lle mandou e agora máis que nunca; a túa Joaquina é tamén uha boa nena, que se tu lle mandas ou aconsellas, non ha poñer reparos a esta voda. *(Al decir estas palabras últimas, asomará por la cancilla que da a la calleja Joaquina; traerá en una mano un rozón y un aro de los que usan las mujeres para colocarles bajo los objetos que levan en la cabeza; en la otra mano, traerá una cuerda. En la cabeza e sobre los hombros se verán restos de gancilla. Tío Miguel e tía Antonia darán la espalda a la calleja; Joaquina se quedará parada escuchando haciéndose visible al público, y su rostro irá expresando los sentimientos de ira oportunos.)* *(Siguen los viejos.)*

TÍA ANTONIA Non sei, xa veremos. De todos modos, se queres, falaremos del arreglo da vida, porque ellos tein que comer e de mariñeiro... ¡que queres que che diga!, pero eso non dá pra encherse; ¿tu que lle pensas poñer a Quico?

TÍO MIGUEL Pois el día de mañá, xa sabes...

TÍA ANTONIA Home, claro, pero de lo que se trata é...

TÍO MIGUEL Escuita entonces; haber non hai moito; teño a colleita, uha casa que a metad podería ser pra elos; cuatro mil rales pode ser que inda lles dese, dous días de arandura da terra de Anoxo, e... mía filla, se tu pois lo que penso, os rapaces non lo han pasar mal e falando de todo un pouco, eso que dices de mariñeiro... teño pensao, que dende que se case non viaxe máis e que nos axude a ti e a min, que abondo traballo hai por aquí.

TÍA ANTONIA ¡Non te escurres muito que digamos...!, tu matache tres cochos, así que ben podías deixarlles siquera un, que non han manterse solo de patacas e meiz.

TÍO MIGUEL *Bueno*, vaia el cocho... ¿e tu?

(Ella piensa un poco.)

TÍA ANTONIA ¿E eu que che hei decir, meu fillo...?, dareilles a casa de Lois, e dúas vacas, que xa ves que non teño cousa maior de gado, pois ata agora ese demonio de xato...

TÍO MIGUEL ¡Ui, ui, ui, esme mui aguda! Dá acá outra parella que abondas che quedan e alguha terra teis que dar tamén..., ¿e de cuartos, como vai ser?

TÍA ANTONIA Home, de cuartos non che ando mui aló, ¿conto che parece?

TÍO MIGUEL E tu di.

TÍA ANTONIA Pareche... ¿dous mil rales?

TÍO MIGUEL ¡El que, nía...! ¡Tas tola! ¡Non, non, bota máis por largo, que te quedache algo corta!

TÍA ANTONIA ¿Entonces...?

(Cuando va a replicar tío Miguel irrumpe airada en escena Joaquina y va diciendo lo que sigue en tono exasperado mientras se encamina hacia la puerta de la casa; los viejos se levantan sorprendidos.)

ESCENA TERCERA

Joaquina, tía Antonia y tío Miguel.

JOAQUINA Non se moleste, tío Miguel, que Juaquina non se vende nin compra mozo, e se mía madre e vostede pensaron outra cousa, equivocáncanse; tévenlos oíndo e sepan que perden el tempo, que el que me leve ha pagarme noutra moneda (*avanza*).

TÍA ANTONIA Escuita, Juaquina...

JOAQUINA (*En la puerta en entrando.*) Non quero oír nada, antes morra solteira que vendida; vaia, ho, pois *bueno* fora. (*Desaparece.*)

ESCENA CUARTA

Tío Miguel y tía Antonia.

TÍA ANTONIA ¡Xa la oíches, Miguel!

TÍO MIGUEL (*Marchando hacía la cancilla.*) ¡Pois, amigo del Señor, el trato amolouse!

TELÓN LENTO

FIN DEL PRIMER ACTO

ACTO SEGUNDO

La misma escena anterior. Está anocheciendo. La escena aparece vacía al levantarse el telón. Se oye cantar a una pandilla que se acerca calleja adelante la cancioneta siguiente:

Ya se marcha el Italiano.
ya le están desamarrando.
Las muchachas del molino
¡como quedarán llorando! etc.

Harán mucho ruido, música de acordeón y gritos desacordes.

ESCENA PRIMERA

Quico y Joaquina.

Entrará primeramente Joaquina, que vendrá vestida de asturiana. Inmediatamente aparecerá en la cancilla Quico, que vestirá éste pantalón negro y corto, medias de color, zapatos, faja encarnada y colgando un extremo de la faja; camisola blanca, almidonada, con manchas de sangre en la pechera, la chaqueta colgada al brazo y una boina adornada en una mano; sobre las ropas confeti. Simulan ambos separarse del grupo que pasa por la calleja y se vuelven para contestar a las voces de despedida.

(Fuera.) ¡Adiós, Quico!

(Fuera.) Xa te viremos buscar pral baile, Juaquina.

JOAQUINA *Bueno.*

(Fuera, a Quico.) ¿Vas tu al salón despois de cenar?

QUICO *Vou, ¡cenade axina, eh!*

(Fuera.) Bueno, adiós.

(Los dos.) Adiós.

Ella avanza, y Quico la detiene con lo siguiente que dirá desde la cancilla, sin entrar; ella estará dentro ya.

QUICO *Escuita, nía, teño que falarche.*

JOAQUINA *Teño prisa pra pararme (avanza).*

QUICO *É un momento, muller.*

JOAQUINA *(Despectiva.) Non será cousa mallor, xa mo dirás nel baile se vas.*

QUICO *Non, ha ser agora.*

Ella vuelve entonces unos pasos.

JOAQUINA *Pois ándame axina, que non teño ganas de lerias.*

QUICO (*Con alma.*) ¿Por que tas conmigo así, Juaquina?

JOAQUINA ¿Pois, que che fixen?

QUICO Faer non me faíche nada, pero parece que eu cho fixen. Tas recelosa. Condo che falo parece que el tarrón che queima os pés, que de contao escapas de min, conmigo tas seria, non lo negues, Juaquina, di, ¿que che fixen?

JOAQUINA Nada, non me faíches nada (*sin mirarle*).

QUICO Pois entonces non lo entendo; escuita e dime se non é verdá; hoi de tarde condo lle cortei a cabeza al galo e cho fun regalar, despreciácheme; condo ibas despois bailando con Pepe el del Gudigun e te fun pedir, puxiche mala cara, e non sei que lle deciche polo baxo.

JOAQUINA Son figuraciois túas, Quico; non dixeran nada e el galo non lo quixen por non dar que murmurar, pois lougo dicen...

QUICO Parece mentira, nía, non debía importarche lo que dixeran. (*Ella se sienta en la pared baja que rodea el tronco del árbol situado en el lateral izquierda, hacia delante. Dará frente al público y de espaldas a Quico. Este se aproximará y continuará diciendo lo que sigue inclinado hacia ella con el pie puesto sobre la pared baja.*) ¡Ai, Juaquina, se souberas...!

JOAQUINA ¿Que hei saber...? ¡Non quero saber nada!

QUICO Pero Juaquina, non señas así; dime lo que che pasa, que tu non eras así; conmigo sempre te levache ben, tu ben sabes que somos amigos desde pequenos porque sempre fomos vecius, e sabes tamén que sempre che quixen ben... ¡non sei, non me explico a túa conduta de agora! ¿Dixéronche algo de min?

JOAQUINA Non home, non, non te mates que nada me dixeran, nin hai nada de lo que tu supois, tu segues sendo el mesmo pra min; xa che dixeran, son figuraciois túas.

QUICO Serán, serán, ¡pero se viras lo que me tas faendo sufrir!

JOAQUINA Non será tanto.

(Tía Antonia asoma por la puerta con un candil encendido en la mano y al ver la pareja, se esconde de nuevo a escuchar.)

QUICO Non lo sabes ben, Juaquina. Non sei... parece que uha bruxa nos ta embruxando. Dígoche a verdá: aunque nada che dixera, hai muito tempo que penso en ti. Á volta deste viaxe pensaba en poñerme en relacións contigo... íbache escribir, pero despois penseilo millor e díxenme: “é millor de palabra” e fun deixándolo en espera destes carnavales e, mira, créeme, nunca tan contento vine, ata el auto parecíame que corría pouco, condo cheguei al pueblo parecéume máis guapo que nunca e, condo te vin... parecíame tamén máis guapa que condo me fun... lougo... non sei, Juaquina, non sei que hai por medio de nosoutros; tu non me mirache conforme me mirabas, díxeme a mau e tabas seria, como anoxada comigo... di, ¿que che fixen? ¿Que che dixeron?

JOAQUINA Nada, home, nada ¡que cargante tas!

Pausa en la que ella mira al suelo y él da muestras de desesperación. Tía Antonia, con el candil en la mano se asoma un poco ata hacerse ver del público, y dice en tono de aparte.

TÍA ANTONIA ¡Santo Eciomo bendito, ofrézoche uha velía!

Se va.

QUICO Xa ves: agora mesmo non me miras á cara. *(Con sentimiento.)* ¡Tu non es a mesma, Juaquina!

JOAQUINA Nin tu tampouco es quen pintas.

QUICO ¿Por que lo dices?

JOAQUINA Mira, xa te teven oíndo por oírte. Tu pensas que todas somos iguais e equivocaste, Quico, que pra min perdeulo todo un home que ten el conceto que tu teis das mulleres *(se levanta y se va poco a poco)*. Non home, non, que en algo nos hemos de distinguir duha vaca

ou dun cocho (*él la mira asombrado*). Busca outra que che crea esas palabras que decides del corazón... (*Desde la puerta.*) ¡Valiente corazón! (*Desaparece. Quico avanza para detenerla.*)

QUICO ¿Peró que dices...? Escuita, nía, escuita (*se vuelve hacia el público*). ¿Peró que dice esta muller? ¡Mala centella me coma se la entendo! (*Pensativo se va andando ata el pie del árbol, y se sienta, apoyando la cabeza entre las manos, dice:*) ¿E pra esto pasei tantas noites agarrao al timón dun barco pensando nela, e pra esto pasei tantos años esperando este día mentras ela se iba faendo moza, desde pequeno pensando nela pra esto... ¡Agora, agora que vía contento como nunca...!, (*se levanta con brío*) pero non, non pode ser, eu teño que saber lo que aquí pasou, eu non debo deixarme morrer de ánseas, eu teño que obligala a que me fale claro. (*Va con presteza hacia la casa. Tío Miguel, desde la cancilla.*)

ESCENA SEGUNDA

Tío Miguel y Quico.

TÍO MIGUEL ¿Pois que fais ei, ho?

QUICO (*Se detiene sorprendido e un poco desconcertado.*) Nada, iba prá casa.

TÍO MIGUEL ¿Prá casa e, ibas chamar en cas tía Antonia?

QUICO É que lle iba preguntar a Juaquina se iba al baile lougo.

TÍO MIGUEL (*Se ha dado cuenta de lo que pasa por dentro de Quico, pone el gesto compasivo, y colocando sus manos sobre los hombros de Quico le dice:*) Quico, deixa a Juaquina en paz e vente a cenar, que Juaquina non é pra ti.

QUICO (*Sorprendido.*) ¿Que Juaquina non é pra min? ¿Por que me dice eso? ¿É que vostede sabe...?

TÍO MIGUEL (*Le coge por el brazo y le va llevando.*) Sei; anda, vente, que xa che irei contando camín da casa.

QUICO (*Dejándose ir.*) ¡Peró escuite, papá...!

TÍO MIGUEL Anda, ho, anda (*vanse*). (*Queda unos momentos la escena vacía.*)

ESCENA TERCERA

Tía Antonia y Joaquina.

Tía Antonia vendrá vestida como las mujeres de Figueras en día de fiesta. Traje negro y liso, sin nada a la cabeza, peinada con raya al medio. Calzará zapatos.

TÍA ANTONIA (*Asoma la cabeza, mira a ambos lados y se vuelve para contestar a Joaquina.*) Si, xa se foi, baxa.

JOAQUINA (*Vestirá como antes; se seca los ojos con el pañuelo y en la otra mano traerá una taza de leche entrillada. Se sienta en el banco rústico a comer. Cuando sale, dice:*) Xa vou, pero por Dios lle pido que non me volva a decir nada dél que xa me ten loca, e pra min ese home acabou; ta dito.

TÍA ANTONIA (*Sentada junto al árbol y entre cucharada de leche entrillada.*) Pois mira, mía filla, condo che falaba hai un pedacín parecía que che decía verdá, aquel acento érame sincero, eu non entendo destas cousas.

JOAQUINA ¡Quite, quite, que ha entender!... Nel sou tempo non sei como eran as mulleres, pois sempre lle oigo falar a vostede que se houbo casar con tío Miguel, pero que os seus padres non trataron, ¡a min esas vodas dánlleme noxo!

TÍA ANTONIA *Bueno, bueno, cálmate xa. Despois de todo, Quico non ten a culpa, que foi el padre quen me falou deso.*

JOAQUINA (*Entre crédula e incrédula, pero con interés en el rostro.*) Pero el padre non falaba se él non lle mandase.

TÍA ANTONIA ¡Ai non, Juaquina, que eu oín dos propios labios de tío Miguel, condo me veu falar, que Quico non sabía nada!

JOAQUINA (*Con alegría deja la taza sobre el banco y se va hacia su madre.*) ¡Non me engañas, mamá?

ESCENA CUARTA

Tía Antonia, Joaquina y Quico.

QUICO (*Que ha oído las últimas palabras.*) Non, non te engaña, Quico non sabía nada. Meu padre acabamo de contar agora... e agora me explico todo, e agora tamén vales tu pra min cen veces máis (*se cogen las manos*). Faíche ben non querer venderte; venderte si, que eso quixeron faer contigo. (*Se oye la voz del tío Miguel en la calleja que pregunta: "¿Vas a cenar, ho?". Luego aparece el tío Miguel.*) (*Sigue Quico.*) Però temos que perdonalos, son cousas doutros tempos, cousas de vellos. (*Se va poco a poco con ella hacia la puerta y se quedan allí hablando en aparte.*)

ESCENA QUINTA

Tío Miguel y tía Antonia.

Ambos habrán estado sin moverse contemplando sonrientes a los personajes anteriores.

TÍA ANTONIA (*Después de una gran inspiración.*) ¡Ai, respiro, bendito e alabado sea el Santo Eciomo de Barres, débolle uha velía!

TÍO MIGUEL ¡¿Que che parece de esto, Antonia del alma...?!

TÍA ANTONIA ¡E que che me ha parecer, meu Miguel, se os desinios del Señor están escritos de sempre!

TÍO MIGUEL ¡E que lo digas, Antonia!

TÍA ANTONIA ¡Dichosos de ellos, pra ellos éche a vida, que nosoutros...!

TÍO MIGUEL ¡¿Nosoutros?! ¡Nunca peor fora! Non, na mía casa taba faendo falta uha muller.

TÍA ANTONIA ¿Como..., como? Imos por partes, nin. Os nenos tein que virse vivir connmigo, que eu non me separo da mía Juaquina.

TÍO MIGUEL ¡Ai, non, Antonia, eso non!, eu non paso por eso. Uha muller ben se goberna sola e despois de todo, temos as casas cerca; se algo che pasara...

TÍA ANTONIA ¡Dios che me libre!, se é así... mira, Miguel, non me fagas rene-
gar, pero..., pero non hai voda ¡mialma!

TÍO MIGUEL (*Con acento burlón.*) ¡Ai, mía nenía, de pouco che nos iba servir
poñernos agora en contra, xa oíche que son outros tempos!

TÍA ANTONIA Xa, xa, é verdad (*pausa breve*).

TÍO MIGUEL Que carai, home, pois tein razón; non se debe guíar un máis que
polo que lle diga el corazón.

TÍA ANTONIA A ti non che dixen nunca nada, así que se lo fixeras como dices
andarías sen rumbo.

TÍO MIGUEL ¡Esa é uha indireuta...! Pois mira, Antonia, táseme ocorrendo
que ben podíamos arreglar eso de unde han de vivir os nenos.

TÍA ANTONIA ¿...E como?

TÍO MIGUEL Pois a cousa é sencilla, faendo lo que nosos padres non quixe-
ron que faésemos (*sin mirar a tía Antonia y cuidando del tono*).

TÍO ANTONIA (*Fingiéndose asombrada y marchando hacia la casa.*) ¿El que é...?

TÍO MIGUEL Casarnos tu e eu.

TÍA ANTONIA (*En tono burlón y marchándose.*) ¡Anda, anda mal mar te cuma!
(*Cerca de la puerta y hacia el público, en tono de aparte.*) ¡Santo
Eciomo, déboche outra velía!

JOAQUINA (*A Quico. Tono insinuante y mientras el telón baja.*) ¡Xúrasme...!

TELÓN

FIN DE LA OBRA

MAREAXES TAPIEGOS

Manuel García Sánchez “Galano”

PERSONAJES:

RUPERTA: mujer de unos sesenta años.

SINFOROSA: más joven que Ruperta, muy movida y habladora.

CELESTO: pescador jubilado, marido de Ruperta.

JUANÍN: mozo veinteañero, hijo de Celesto y Ruperta.

JAQUELINE: chica joven, bien parecida. Francesa que habla español con marcado acento de su país.

FRANÇOISE: hermana de Jaqueline.

ÁNGEL: pescador, compañero de Celesto.

VÍCTOR: también pescador.

ACTO PRIMERO

(La escena representa una salita sencilla de una casa de pescadores del barrio de la Atalaya de Tapia de Casariego. Puertas laterales que comunican, la de la derecha, con el interior de la vivienda y la de la izquierda con el vestíbulo de entrada a la casa. Al foro un ventanal y a ambos lados del mismo un aparador y un televisor. Una mesa camilla en el centro, sillas, cuadros de ambiente marinero y un título de licenciado enmarcado y colgado en la pared.)

(*Derecha e esquerda, las del actor.*)

ESCENA PRIMERA

(*Ruperta, luego, Sinforosa.*)

RUPERTA (*Que hace la limpieza de la sala, asomándose a la puerta interior, llamando.*) ¡¡Juanín!!, pero ¿contas veces che teño que decir que te ergas, ho? ¡Levo uha hora chamándote, e como se nada! (*Volviéndose.*) ¡Vai boa que se foi tou padre pra el mar e é un vello! ¡Claro, con tanta discoteca... deitaisvos ás tantas, e despois non podedes cos calzois! ¡Ai, Dios, me vala!

SINFOROSA (*Desde afuera.*) ¡A Ruperta!

RUPERTA ¡Pasa, Sinforosa, pasa! (*Entra Sinforosa.*) Touche berrando por Juanín pra que se erga, e non hai xeito. Eu non sei, mialma, que ten agora nel corpo a *juventú*, Sinforosa, non sei que ten; tan emperezados... adormigados...

SINFOROSA ¡Oi...!, pásacheme a min igual con Anita; pra deitarse, nunca ten présa, pero pra erguerse... hai ferro e fariña, ¡claro, como condo chegan á casa topan sempre a mesa posta...! Non, e inda se queixan os condenados, ¡inda ás veces rebixen el pico! ¿Non me decía el outro día que a *juventú* non tía medios pra realizarse?, ¡realizarse, nía!, ¿non te amola?; realízocheme eu abondo de riba pra baxo todo el día, que non paro un faragullo, ¡madeus!

RUPERTA ¡Teische boa razón!

SINFOROSA Avezámoslos mal, Ruperta, avezámoslos mal; démoslles muito esfouto e agora cóstanos enderezalos. *Bueno*, anda, que despois de maio vén San Xoán, e a todo cocho lle chega el sou San Martín, como diz el meu Miguel. ¡Xa lles chegará a elos tamén a súa!

RUPERTA ¡Si, se Dios quere! A verdá é que eu ás veces enfádome con Juanín porque teño este genio que Dios me deu, pero desde que acabou os estudos e ve que non encontra colocación, ta mui desorientado el *probe*.

Ta aburrido xa de buscar aquí e alí e ata ás veces sei eu que lle dá vergonza andar por ei de barba dereta vivindo a costa nosa. ¡Un home con carrera!, ¡quen lo diría hai uns anos!, ¡que che parece, Sinforosa!

SINFOROSA ¿Que queres que me pareza, Ruperta?, que teis razón, que cho creo ben, pero ta el mundo así, ¿que queres? E Juanín que é un mozo tan formal e tan asentado! Antes un home con carrera, era el amo del mundo, e agora... ¡xa ves!

RUPERTA Vexo, vexo. El caso é que mirando como tan as cousas... ten poucas trazas de millorar. Haberá que ter pacencia, que boa falta fai, ¡a ver se algún día se amaña esto!

SINFOROSA ¡Pacencia si, é lo que nos queda!

RUPERTA ¡A nía!, ¿baxarás pola mañá á Ribeira?

SINFOROSA Vouche pra aló agora mesmo a ver se pillo uhas poucas de rabizas na tienda de Ovidín, porque el meu Miguel xa sabes que non me pasa sen el caldo; ¡come cada batelada...!

RUPERTA Pois aquí el caldo non che lles gusta aos homes, así que non che lo fago agá pouco. Se quixeses entonces treme uha bolsa de fideo e outra de garavanzos...

SINFOROSA Si, muller, si. ¿Queres máis daqué?

RUPERTA ¿Vas ir á carnicería?

SINFOROSA ¡Á carnicería! Na mía casa non se ve máis carne que a de galía que se me pon a min condo a nena me chega á casa ás cuatro da mañá, pero si queres chégome e tráigoche lo que quiras, e así de paso pillo un osín pral meu caldo.

RUPERTA Pois agradézochos, mira, porque che ando estos días algo amalada, cun dolor nas costas... que ata me costa caro doblarme. Vou ter que ir al consultorio.



SINFOROSA Débeche ser andaina, porque tamén se queixa el meu Miguel, que non fai máis que mandarme á botica por aspirinas; xa lles preguntei condo las ponían de oferta.

RUPERTA ¿Dices andaina?, ¡andaina, si!, ¡quen che dera fe; ¡a vellez, Sinforosa, a vellez, que nos avisa de que vén ei. Toma, anda (*le da dinero*) e traime entonces un filetín pra Celesto; eu vou a ver si sigo limpiando un pouco a casa porque un destes días chéganme os veraneantes, ¿non sabes?

SINFOROSA ¡É verdá!, ¿condo che vein, nía?

RUPERTA Pois débenche tar al chegar dun día pra outro, e touche la mar de celergosa porque é el primeiro ano que alquilamos, e madeus se non fora porque fain muita falta os cuartos, déldamo se metía a naide na casa, e menos a extranxeiros desconocidos, però, ¡que lle vamos a fer!; como decía Paco Santamarina, en paz esté, *a la fuerza ahorcan*.

SINFOROSA Cala, nía cala, que a lo millor quedas ben contenta delos. Ademais, sendo solo pra dormir, han pararche pouco na casa e non che han a dar tanto labor. Os franceses xa sabes que son mui amigos de andar por fóra todo el día, e al fin e al cabo, un mes pasa axina, anda.

RUPERTA Xa veremos, xa veremos.

SINFOROSA ¡E alégrate, que este ano quedou muito de xullo baleiro!

RUPERTA Eso é verdá.

SINFOROSA Dicen que amolou muito eso del imposto da renda, nía, que deixou a xente sen cuartos, polo visto.

SINFOROSA Sería, sería.

ESCENA SEGUNDA

(*Ruperta, Sinforosa y Celesto.*)

CELESTO (*Que entra, con atuendo de pescador.*) ¡Ola, Sinforosa!

SINFOROSA ¡Ola, Celesto!, ¿que tal vos foi?, ¿que trouxestes?

CELESTO Nada, nenía, nada; onte inda demos cuha barría de *calamares* ei frenta á Ribeiría, pero hoi, ¡nin tirón!

SINFOROSA ¡Vaia, ho!

CELESTO A ver se mañá millora. A nosa vida é así, Sinforosa, ben lo sabes; nunca sabemos se vamos a algo ou non; pero hai que salir un día si e outro tamén, sempre coa esperanza de que el de mañá ha ser millor que el de hoi, ¡que queres!

SINFOROSA *Bueno*, home; probe porfiado, saca mendrugo, xa lo sabes.

CELESTO Sei, sei; non tu teis refrais pra todo, xuradez, pero ás veces, fallan.

RUPERTA Anda, Celesto, cambia a roupa que ben sei que veis mollado.

SINFOROSA Si, si, múdate, Modesto, non pilles friu, vai mudarte. E eu tamén me vou porque non fago máis que pararme. Xa me dice el meu Miguel que son uha paroleira. Ei volver a traerche todo, Ruperta. *Adiós* aos dous. (*Sale rápidamente.*)

RUPERTA, CELESTO *Adiós*, Sinforosa.

ESCENA TERCERA

(*Ruperta y Celesto, que va despojándose, lentamente, de la ropa de aguas y del calzado.*)

RUPERTA ¡A Celesto!, ¿sabes lo que teven eu pensando?

CELESTO ¿Como, coño, lo vou saber?

RUPERTA Pois é que tou algo celergosa con esto dos veraneantes. Teño muito medo a que non nos sala ben a cousa.



CELESTO Però *bueno*, Ruperta, ¿como, coño, non lo pensas primeiro?, ¿como me veis agora con estas caralladas? Fuche tu a que te decidiche a metelos na casa coa cobicia de sacar uns cuartos, que xa sei que non nos vein miga mal, pero que tamén nos amañariamos sen elos, ¿como nos amaños ata agora!

RUPERTA ¡Non foi por cobicia, Celesto, foi por necesidá, que non é lo mesmo! El tou susidio xa sabes pra lo que nos chega, e se non fora por lo que lle vamos arrimando con algo que sacas nel bote... ¡xa me dirás! E mentras el neno non se coloque é uha boca máis a manter e a gastar, ¿que querías que fixese?

CELESTO (*Rotundo.*) *Bueno*, pois agora xa ta. Non é cousa de volveirse atrás. Demos a palabra, e ta dada; e a mía palabra é uha firma, ¡xa lo sabes!

RUPERTA Però se non é que quira volveirme atrás, home, ¡*Dios* me libre!, é que como é a primeira vez que *alquilamos...*, ¿que sei eu?, e ademais son franceses... ¡Teño un bule-bule por el corpo...!

CELESTO Però ven acá; que coño máis nos dá a nosoutros que sían franceses que españoles, que sían altos ou baxos, nin que sían guapos ou feos, ¡vamos a ver! É un matrimonio, e case *fijo* que un ou el outro, senón os dous, han saber falar castellano, e se non lo saben, lo mesmo nos dá. Total, pra decirlles unde tein el cuarto tamén nos vamos a entender por señas. Ademais eu inda me acordo dalguha palabra que lle aprendera al difunto Vixé. E senón ta Juanín que estudiou francés nel *bachiller*, así que non te apures por eso.

RUPERTA ¡Ai ho!, teven eu pensando: ¿os matrimonios franceses dormirán xuntos ou separados?

CELESTO ¡Anda, *carajo!*, ¡agora si que foi!, dormirán como todo el mundo!

RUPERTA Escuita, verás; é que como el cuarto de folga ten dúas camas, quizais quixesen millor uha grande de matrimonio como a nosa, e podíamos cambialas, ¡digo eu!

CELESTO ¡Deso nada!, que las xunten, se queren. E non me maríes nin te esmoles máis por caralladas como esas; ta todo limpio como é debido, ¿ou non?

RUPERTA ¡Ta, ho!

CELESTO Pois entonces non lle días máis voltas á cabeza e tate tranquila. Lo que teis é que non berrar muito condo fales con elos, porque os franceses non berran como nosoutros, que por unde quera que andamos imos decindo de unde somos. (*Pausa.*) ¿Veu a “folla del Mar”?

RUPERTA Veu, teisla ei derriba da mesa. Vou a ver si se ergueu Juanín.

(*Se va Ruperta levándose consigo el cesto y la ropa de aguas de Celesto. Este se sentará a la mesa, tomando la Hoja del Mar, que lee.*)

ESCENA CUARTA

(*Celesto y Juanín.*)

JUANÍN (*Que entra bostezando.*) ¡Ola! (*Se asoma a la ventana...*)

CELESTO ¡Ola, ola! (*Bromeando.*) Xa é día claro pra erguerse!

JUANÍN (*Sentándose con su padre a la mesa.*) ¿E que présa teño?, ¿quieres decirme? Conto máis tempo teña erguido, máis me aburro. A lo menos, mentras durmo non me agobian as preocupaciois.

CELESTO ¿Escribiche, al fin, al anuncio desa plaza que vía nel periódico?

JUANÍN Si, home, si; escribín a ese e a outros dous sitios, pero non teño ningún ollo de que me sala nada. Mira, por cada anuncio que aparece prodúcese cientos de peticiois. E eso si non ta xa dada a plaza de antemau, que ás veces ocorre, e outras non máis las anuncian pra fer el paripé.

CELESTO Pois hai que insistir, home, hai que insistir. Xa sabes lo que diz Sinforosa. El que non chora, *Dios* non lo oi.



JUANÍN Xa, xa. Refrais.

CELESTO ¿E non pensache en presentarte a uhas oposiciois?

JUANÍN Oposiciois, ¿de que?

CELESTO ¿E eu seilo?, ¿de daque!

JUANÍN Si, home, si lo pensei, pero mira; pra cada oposición que se convoca preséntanse un centro ou dous por plaza, e anque nalguhas non se exixa título, máis da mitá dos que van son licenciados, e por bon día sela sacan; fíxate como ta a cousa; teño un amigo que estudiou comigo, de listero nuha obra, e outra compañeira, tamén lincenciada, limpiando mocos a rapacius nuha guardería en Oviedo, así que xa ves. ¡Pra desesperarse!

CELESTO Mira, eu xa sabes que nunca che torcín as inclinaciois, pero a verdá é que tu nunca quixiche saber nada del mar, e penso que foi uha equivocación. Ei teis a Manolín del Pilare e a Faquín de Bibiana de capitais, ¡de capitais!, ganando un montón. E despois pilotos e patrois, uha porrada delos. E todos ganando moitos cuartos, ¿eh?, pero moitos, dígocho eu, que lo sei.

JUANÍN (*Que se levanta, molesto.*) Non digas chorradas, papá; eu non estudiei bioloxía pensando nos cuartos, eu seguí esta carrera por vocación, porque me gustaba; ¡e ás veces penso que perdín el tempo! Condo miro pral título eí colgado, que lle puxestes un marco con tanta ilusión... creme que paso ganas de baxalo e rompelo!

CELESTO (*Intentando consolarlo.*) Non, home, non; tampouco é pra tanto. Xa escampará, anda, xa escampará. ¡Al fin e al cabo na túa situación hai moitos!

JUANÍN ¡Anda coño!, ¡pois vaia consuelo!, si precisamente ese é el problema, papá, ¡que somos moitos!

CELESTO Xa, xa; claro.

JUANÍN Fíame falta ir mañá a Oviedo.

CELESTO ¡A Oviedo?, ¿e pois?

JUANÍN Hai uha manifestación de licenciados en paro e queren que vaíamos todos os que podamos.

CELESTO Non ides a resolver nada, máis que gastar os cuartos e temos poucos. Ta xa mui trillado eso das manifestaciois, Juanín; ¿que caso pensas que vos van a fer?

JUANÍN Acabas de decir que el que non chora *Dios* non lo oi.

CELESTO Si, home, si, e é verdá; pero non creo eu nas manifestaciois, vaia, parécenme uha carnavalada, que queres que che diga.

JUANÍN Pois dáme tu outra solución millor. Todos os horizontes se nos ceran, todas as portas se nos pechan... De todos os xeitos, se non queres que vaia, quédome; ¡tou máis aburrado xa... que lo mesmo me dá uha cousa que outra! (*Inicia la salida hacia afuera.*)

CELESTO (*Que se levanta muy solícito hacia él.*) Non, non, vai, espera, por culpa mía non deixes; al fin e al cabo, por unde vai el asa que vaia el caldeiro. Tu amaña de non gastar muitos cuartos, que xa sabes que non andamos mui aló.

JUANÍN Feirei auto-stop, se che parece.

CELESTO Non, tampouco quixen decir eso.

JUANÍN *Bueno*, xa veremos que decido. Vou dar uha volta ata a rula. Lougo volvo. (*Sale.*)

CELESTO Ata lougo, ata lougo. (*Ya solo.*) ¡Lo que son as cousas! Traballa toda a vida pra dar estudios a un fillo; esmólete, luita, amécelle noite al día ata rebentar; gasta lo que teis e lo que non teis; faite ilusiois... e todo... ¡pra que!

ESCENA QUINTA

(Celesto y Ruperta.)

RUPERTA (*Que asoma por la puerta interior y sorprende a Celesto en el soliloquio.*) ¿Pois falas solo, Celesto?

CELESTO ¡Como non vou a falar, Ruperta, como non vou a falar!

RUPERTA Pois ¿que pasa, ho?

CELESTO ¡Que che vai a pasar!, Juanín, que ta desesperado el home porque non lle sale ningún traballo, e ten razón. ¡E nosoutros pensando que se lle dábamos uha carrera al neno tía el porvenir resolto! “¡Quero que el meu fillo chegue a unde non puiden chegar eu!”; esa é a aspiración de todos nosoutros, de todos os padres. E claro, se non é bobo, el fillo chega, como chegou el noso acabando a carrera. ¿E agora, que?, pois que non ten traballo de acordo cos estudos que fexo, nin con nada. (*Se acerca a la mesa y toma el periódico.*) Mira, mira el periódico; todos os días lo mesmo. (*Lee.*) “encierro de licenciados en Valladolid”; “protesta de licenciados en paro en Salamanca”, “gran manifestación en Madrí...” E así todos os días; hai cientos, ¡que digo cientos, miles de licenciados parados, Ruperta!

RUPERTA ¡Ai Virgen, cala, cala por *Dios*, que vou poñerme tola! Hai que ter pacencia, Celesto, hai que ter pacencia.

CELESTO ¿Pacencia? Se se amañaran as cousas con pacencia!

RUPERTA Pois nunca choveu que non parase. Temos que falar con algún veraniante a ver se nos bota uha mau. Has decirllo a ese que levas nel bote, ¡non!

CELESTO Tu tas nel limbo, Ruperta; é máis difícil hoi topar un traballo que pescar un muil con esquireiro; tu non sabes como ta el mundo, ¡el demo me leve! Inda se en vez de licenciado fora un bon fubolista... ou tan sequera un fontanero... ou un letrecista... pode que tevese el porvenir resolto, ¡peró así...!; ¡non, xa pode un mozo pensar en casarse, jura diez, ¡con estas vísperas!

RUPERTA Pois penso que lo fían de boa gana tanto el como a nena.

CELESTO Terá que acabar apuntándose a un curso del PPO ou poner un chigre, que é a única industria que vai avante en Tapia!

RUPERTA ¡Si, ho! E trer portuguesas pra despachar, ou negras como as del Esteler!; ¡érache a cuenta, mialma!

(Celesto se sienta en una silla cercana al proscenio y lee el periódico.)

ESCENA SEXTA

(Celesto, Ruperta y Sinforosa.)

SINFOROSA *(Desde afuera.)* ¡Ruperta!, ¡tou aquí!

RUPERTA ¡Pasa, nía!

SINFOROSA *(Entrando.)* ¡Ah nía, xa veño, e el caso é que teño que volver a baxar porque me esqueiceron as rabizas que é a lo que iba. ¿Non te amola? Conta máis présa máis bagar, que decía meu volo. ¡El que non ten memoria ten que ter pernas!

RUPERTA ¡Eso xa!

SINFOROSA Toma, tráigoche todo. *(Va poniendo las cosas sobre la mesa.)* Toma el volto, que é ben pouco, mialma. Ei teis. Por cierto, ¿non sabes quen veu de *Madri*?

RUPERTA ¡E eu seilo!, ¡virían tantos!

SINFOROSA Non, nía, non digo varariantes, digo tapiegos. Pois veu Carmía da Rapela, que xa sabes que levaba aló corenta anos, ben sei.

RUPERTA *(Que se alegra con la noticia.)* ¡Non me digas!, ¿veu Carmina, mialma?

SINFOROSA ¡Veu! Topeila nel muelle; non me parei muito por culpa da xanta, pero preguntoume por ti, e díxome que iba a vir verte!

RUPERTA ¿E como ta, nía?

SINFOROSA Tache muito ben. Algo máis vella, claro, na poboación tamén envellecen, ¡non faltaba máis!, pero dígoche que como sempre de cariñosa e faladora. ¡Se viras que ata non perdeu a fala!

CELESTO (*Levantando la vista del periódico.*) ¡Como iba a perder a fala, coño, se la perdese taría muda!

SINFOROSA ¡Non me entendiche, non! Quero decir que sigue falando como nosoutros, como el día que se foi, que los hai que van un mes pra Oviedo e xa vein dicindo fabes e maletes, como por aló.

CELESTO É que agora ta mui de moda el bable, Sinforosa. ¡Si ata queren enseñalo nas escolas!

SINFOROSA (*Enérgica.*) Nas escolas que lles enseñen lo que lles tein que enseñar e se deixen de caralladas, que mialma non sei lo que lles enseñan, (*volviéndose a Ruperta*) que el outro día chegounos el noso pequeno á casa e non sei que pregunta lle fexo al padre de eso del sexual, nía, que se viu negro pra contestarlle al dereto. ¡E dixo que lle lo tevera explicando el maestro!

(*Ruperta e Celesto cambian una sonrisa de complicidad, e la primera decide variar el rumbo de la conversación.*)

RUPERTA ¡Conto me tarda en ver a Carmina, Sinforosa!

SINFOROSA ¿Sabes que me dixo?: que a primeira visita iba a ser a tu.

RUPERTA (*Mui satisfecha.*) Sempre fomos mui amigas!

SINFOROSA ¡Ai Virgen, voume, que teño que baxar outra vez al muelle e condo chegue á casa cómeme el alma el meu Miguel de tanto como me parei! Xa me chama Grandes relatos! (*Ríe.*)

CELESTO (*Que ríe también.*) Miguel é un home tranquilo e non che vai a comer nada máis que a xanta; pero teis que ferlla e darlla al hora.

SINFOROSA ¡E lougo son as doce, mialama! *Bueno*, voume xa. *Adiós* ous dous! (*Sale apresuradamente.*)

RUPERTA, CELESTO ¡Adiós, Sinforosa!

(Celesto se pone en pie con intención de salir de la estancia, irá lentamente dirigiéndose hacia la puerta interior.)

RUPERTA ¡Que servicial é esta Sinforosa!

CELESTO Non sei de unde sacai el tempo pra atender a casa, porque el mitá del día pasalo por el camín de riba pra baxo e de barullo.

RUPERTA Pois aténdela, e ben por cierto. Tamén ten un home que é un santo.

CELESTO ¿Eso é uha indireta?

RUPERTA Non, é uha verdá; non te piques.

(Celesto abandona la estancia y Ruperta va recogiendo las cosas que trajo Sinforosa.)

ESCENA SÉPTIMA

(Ruperta y Juanín; luego, Celesto.)

JUANÍN *(Desde afuera y en alta voz.)* ¡Mamá! *(Entra seguidamente con signos evidentes de haber venido corriendo.)*

RUPERTA ¿Que pasa, Juanín, que vais tan afatigado?

JUANÍN *(Que habla ligeramente entrecortado por la fatiga.)* Pois nada, que taba eu nel muelle falando con Luis del Mourín, e chegaron dúas mozas preguntando pola casa de Celesto Erigoyen, con acento francés, e que vein pra acó. E pra min, que son os veraneantes que tamos esperando!, ¡como se lo vira!

RUPERTA *(Excitada.)* ¡¿Dúas mozas?!, ¿dúas mozas, dices? ¡¡Celesto!!, ¡¡Celesto, ven acó!! *(Entra Celesto con gesto de sorpresa.)* ¡dúas mozas!

CELESTO ¿Que berros son esos?

RUPERTA ¿Que foi esto, Celesto?, ¡¡quen me fexo a min esta falcatrúa!!

CELESTO ¿Que falcatrúa nin que oito cuartos?, ¿queres decirme lougo que che pasa?

RUPERTA ¿Que me pasa? Mira lo que vén decindo Juanín, que non é un matrimonio lo que nos vén prá casa, ¡¡que son dúas mozas!, ¡¡e francesas!!

CELESTO ¡¿Dúas mozas?!

JUANÍN Si, si, vinlas eu nel muelle.

RUPERTA ¡Eu non quero dúas mulleres na casa, vaia!, ¡non quero dúas mulleres, e acabouse!; ¡xa vos lo digo agora, ou elas, ou eu! ¡Ai mía madre del alma, eu vou a dar en tola, mialma!

CELESTO ¡Cálmate, soségate!, non vamos a amañar agora un espolín por tan pouca cousa!

RUPERTA ¡Pouca cousa?

CELESTO (*A Juanín.*) Vamos a ver, Juanín. ¿Como sabes tu que vein pra acá e como sabes tu que son os nosos veraneantes, a ver?

JUANÍN Tou seguro porque preguntaron pola casa de Celesto Erigoyen, e a casa de Celesto Erigoyen é a nosa casa, e a nosa casa non ta en ninguha guía de hoteles, digo eu, de manera que sendo francesas e preguntando pola nosa casa, tein que ser os que tábamos esperando.

CELESTO (*Pensativo.*) ¡Pois vaia fregado!, ¿como sería esto? ¡coño, coño!, ¡pois non lo entendo! (*Dirixíndose a Ruperta.*) Bueno, ven acá, e ben pensado, ¿que máis nos dá a nosoutros que seña un matrimonio ou dúas mozas?

RUPERTA (*Rápida.*) ¿Que máis nos dá?, ¡non che dará máis a ti, que a lo millor inda te alegras! ¡Ben decía meu volo que nuha casa tantas mulleres como fornos, e abundan!

CELESTO (*Conciliador.*) Pois agora temos que recibilas, Ruperta. Non podemos deixalas plantadas na calle, que non hai hoi en Tapia unde deitarse, xa lo sabes. Os tapiegos somos xente hospitalaria e non deixo eu fóra a naide de noite anque seña dúas francesas, ¡vaia!

JUANÍN ¡Eu voume!

CELESTO (*Deteniéndolo.*) Non, non, espera, que tu sabes francés e podes botarnos uha mau condo cheguen esas nenas.

JUANÍN Non vos fai falta porque elas falan ben el castellano.

RUPERTA (*Que sigue obstinada.*) ¡Falen lo que falen eu non las quero na casa, vaia; levailas al Puente de los Sofitos, ou al Cantábrico. (*Suplicante, a Juanín.*) ¿Por que non chamas a Antón a ver se ten sito?

JUANÍN ¿Pero como vai ter sito, mamá, se ta todo chen?

RUPERTA ¡Sabe Dios se serán dúas pendangas, Dios mo perdone! (*Hace ademán de salir.*) ¡Eu voume da casa, voume e acabouse; entendédesvos vosoutros con elas!

CELESTO (*Con sorna.*) ¡Bueno, bueno, aló tu!

RUPERTA (*Volviéndose.*) ¡Xa non sei el que digo!, ¡fixémosla boa, mialma!

CELESTO (*Tratando de serenarla.*) Cala, nía, cala; se a lo millor ata son feas!

RUPERTA ¿Son feas, Juanín?

JUANÍN Eu nas caras muito non me fixei, pero penso que son dúas buenas mozas. (*Sonríe Celesto con socarronería.*) Pero mamá, vamos a ver: ¿que máis nos dá a nosoutros que señan guapas ou feas, que señan francesas ou españolas, nin que señan homes ou mulleres!, ¿son dos huéspedes pra dormir, e xa ta! Vein aquí, como si foran a un hotel, ¿ou que pensas?

RUPERTA (*Algo más calmada.*) Penso que me consumides a sangre os dous; penso eso. (*A Juanín.*) ¿E tu non pensas como lle vai caer esto á túa moza?, ¿como vai a tomalo Rosita? Lo pior inda é que vai a pensar que la engañei eu, que lle dixen que era un matrimonio os que nos vían pra casa! ¡E col genio que se gasta a nena! Non che arrendo as ganancias e eu xa la tou vendo chegar a poñerme a mundeira! ¡E sen comelo nin bebelo! (*Breve pausa.*) ¡Xa me escalabrades el verau!

CELESTO Non se dice escalabrar, dícese desestabilizar.

RUPERTA (*Con rabia.*) ¡Dícese miér... coles!

CELESTO ¿Por que non lles preparas uhas copias de Chastreus, de ese que temos nel aparador, que é uha bebida francesa e halles a gustar?

RUPERTA Si, encima chúngate!; dálles *orujo*, e van que chutan! (*Se va hacia el interior de la casa.*) Lo que ten uha que aguantar, *Dios!*

ESCENA OCTAVA

(*Celesto y Juanín.*)

CELESTO Pois vaia follón que se armou; ¿como, coño sería esto?, daquén tevo que entender mal. A min Luis, el Brulego, díxome que era un matrimonio; que lle dera incluso os nomes ese francés da ruló, que vén todos os anos, que foi quen lo chamou por teléfono pra pedir as camas.

JUANÍN ¡Quen sabe!, a lo millor el matrimonio non puido vir e mandaron as fillas.

CELESTO Pode. El caso é que agora xa foi, Marica non chores. Vamos a ver como se resolve todo esto, porque túa madre xa ves como se puxo. Non sei por que, pero xa ves como tas. De todos os xeitos non me fai falta decirche que hai que procurar non darlle a túa madre máis motivos de disgusto. Que tu e eu non vaíamos de acordo nalguha cousa, pase, pero en lo tocante á moralidá...

JUANÍN ¿Que queres decir?

CELESTO Quero decir que condo esas nenas se vaian da nosa casa podan decir mui alto que tanto tu como eu somos dous perfetos caballeros.

JUANÍN Ou dous fatos.

CELESTO ¡Juanín! (*Suena el tiembre de la puerta.*)

JUANÍN ¡¡Tan ei!!

ESCENA NOVENA

(Celesto, Juanín, Ruperto y las dos francesas.)

CELESTO *(Asomándose a la puerta interior.)* ¡Ruperta, Ruperta!, ¡ven, que tan ei!

(Ruperta entra en la escena y simultáneamente Juanín la abandona por la misma puerta, con disimulo.)

CELESTO *(A Ruperta.)* Tocarón el tiembre, deben ser as francesas; sale tu a recibilas, ¡anda!

(Ruperta cruza la escena en silencio en dirección a la puerta de entrada, por la que sale, después de santiguarse. Mientras Ruperta está afuera, Celesto pasea nervioso. Se oye en el vestíbulo el saludo de las francesas y Ruperta.)

RUPERTA *(Entrando, seguida de las dos chicas.)* ¡Pasen, pasen!

CHICAS ¡Muchas gracias! *(A Celesto.)* ¡Buenos días!

CELESTO *(Alargándoles la mano muy ceremonioso.)* ¡Buenos días! ¿que tal?

JAQUELINE ¡Ola! Yo soy Jaqueline, y esta mi hermana Francoise.

CELESTO ¡Bienvenidas! ¿Que tal el *voayax*?

FRANCOISE ¡Oh, bien!; un poquito cansadas, pero bien.

CELESTO *(muy solícito.)* ¿Quieren tomar algo?, ¿un refresco? ¿un café?, ¿una copita de *chastreus*?

JAQUELINE Muchas gracias; quisiéramos ducharnos, si es posible, y descansar un poquito.

RUPERTA ¡Si, si, como no! Pasen por aquí; todo está listo y se pueden duchar agora mismo, vengan. *(Salen de la escena, tras Ruperta, que les ayuda a levar el equipaje. Al instante Ruperta se vuelve a Celesto.)* ¡Non sei se encenderá el calentador, que non ten miga de presión el auga a esta hora! *(Se va de nuevo.)*

CELESTO *(Ya solo.)* ¡Non encende el calentador, non encende el calentador! ¿E eu que lle vou a fer? ¡Caléntalles un pote e que laven os pés!

ESCENA DÉCIMA

(Celesto y Juanín.)

JUANÍN *(Entrando.)* ¿Que tal, que tal?, todo ben ¿non?

CELESTO Eu penso que si. A lo menos túa madre xa ta máis calmada. Ou eso parece. Penso que lougo lle ha ir pasando. E ata pode que chegue a tar contenta con elas!

(Se oye fuera la voz de una mujer que llama a Juanín.)

VOZ ¡Juanín!, ¡Juanín...!!

JUANÍN ¡Hóspita!, é Rosita, ¡xa se enterou! *(Se asoma a la ventana.)* ¡Ei vén, como un vendaval!

CELESTO Pois agora el que se vai son eu; e tu prepárate porque este toro tócache lidíalo a ti. ¡Esto, parta un raio senon parece el dous de Mayo! ¡¡Vaia mañá que levamos, chacho!!

TELÓN

ACTO SEGUNDO

(La misma decoración que en el anterior.)

ESCENA PRIMERA

(Ruperta y Carmina, dialogan amigablemente mientras toman un café).

RUPERTA Pois si, Carmina, si; os tempos, gracias a *Dios*, é verdá que cambiaron muito desde aquilo. ¡Xa conto hai que as mulleres non van, como íbamos tu e eu, ata Salave e A Roda, col barreñón na cabeza, vendendo el pescado de porta en porta! Eso acabouse.

CARMINA Xa, xa lo sei, Ruperta. E ben acabado ta.

RUPERTA ¿Non te acordas que non máis probábase el pito por el Carme, e pouco máis? Pois inda *ayer* me dixo el neno que taba chen de comelo, e que a ver si

e arralaba algo en darllo, que lougo lle iban a salir plumas, ¿que che pinta?

CARMINA ¿Que queres que me pinte?, que eso é boa señal, Ruperta, que é boa señal; a xente nova non conoceu apretamentos nel comer, non sabe lo que é pasar fame, como pasamos nosoutros. ¡Se souperas lo que me acordo de todo aquilo!, das cousas ruías e das búas. De todas. Lo que máis me gusta ver é lo que cambiou el *pueblo* desde eu me fun. Quedeime tola vendo el Campo da Fábrica... el de San Blas chen de casas... a Corredoira... a fábrica de Albo, que güele a restaurante...

RUPERTA ¿E non viche a Reburdia e as Casúas de Mariano, tamén chías de casas?

CARMINA Vin, nía, vin. E agora que falas de Mariano; inda me acordo de aquel chocolate que fía; ¡que chocolate!, e aqueles bailes nel Edén, tan ordenados, nos que os mozos non podían bailar remangados... ¡nin con pucha...! ¡Que tempos! Parece que tou oíndo a Eugenio, que en paz estea, decir por el altavoz: quítense las gorras, por favor, e Antón puxando aos mozos prás beiras, pra que non estorbasen as parexas que taban bailando... ¡E os feos que dábamos condo non nos gustaban os que nos vían xebrar...! (*Rien ambas.*)

RUPERTA ¿E non te fíxache que hai cuatro ou cinco bancos, e entonces non había ningún?

CARMINA (*Riendo.*) ¿E pra que los queríamos?

RUPERTA Teis razón; como non fose pra pedirilles... porque lo que é pra levarlles, non tíamos un perrón! A verdá é que tamén agora nos queixamos, condo de uha cousa condo de outra, pero aquilo...

CARMINA Si, aquilo que non volva. ¡Conto tempo pasou, Ruperta, conto tempo pasou! ¡Corenta anos dícese axina, pero pasalos...! Eu funme

de aquí, ben lo sabes, por cousas da vida, e como decía Laureano, el del café, pasei por todos os cilindros, pero podes crerme que nin un día siquiera deixei de acordarme de Tapia; ¡nin un!

RUPERTA Como diría Sinforosa, que é mui refraneira, nace el corvo na pena e tira pra ela.

CARMINA ¡E como tira, Fermina, como tira! Mira, a min de Tapia tírame todo; ¡se che digo que ata el nordés me gusta!

RUPERTA (*Riendo.*) ¡Pois anda, que se veses na Semana Santa!

CARMINA Non, non te rías, que é verdá. Xa ves que falo tapiego como el día que me fun. Dígoche, Ruperta, que ás veces hai que irse lonxe dun sito pra saber lo dentro que se ta dé!

RUPERTA Teis razón, teis razón; eso dice tamén el meu Celesto que viaxou muito. Pero así e todo nótachese que tas na *población* anque fales como nosoutros. Véseche que tas... ¡que che diría eu!, máis preparada, máis... refinada, vaia! A *población* é a *población*!

CARMINA *Bueno*, éche que leu muito; aficioneime con Ángeles da Romera, que nos vemos mui amiúdo.

RUPERTA Pois eu non che leo miga, nenía; miga. Con esto da televisión... entretéñocheme... e tamos aquí as horas mortas Celesto e eu... e ás veces ata nos imos á cama sen falar uha palabra un coel outro. ¡Que se a película... que se el fútbol... que se os seriales...! Non se fala agora nas casas como antes, Carmina, non se fala. E é por culpa da condanada da televisión.

CARMINA Mira, a televisión ta ben, pero hai que non empacharse de ela, Ruperta; hai que falar na familia, hai que falar; é *millor* ver menos televisión senón acabaremos como estraños uns pra outros e ata amanerados nel falar e noutras cousas!

RUPERTA ¡Eso xa! Se ata Sinforosa dice vale e correto como nos seriales!

CARMINA ¿Ves?, ¿non che digo?

(Por la puerta interior aparecen las dos chicas francesas en disposición de salir a la calle.)

JAQUELINE, FRANCOISE ¡¡Buenas tardes!!

RUPERTA ¡Ola, ola!, ¿volveis a la playa?

JAQUELINE No, esta tarde vamos a esperar a unos amigos de Francia y no nos podemos alejar del muelle.

RUPERTA ¡Ah, muy bien, muy bien!

FRANCOISE Ademais, hoy nos invitaron en Terraza a comer... merluzo, y estamos... *(señalando el estómago)* ¡uff!

RUPERTA Merluza, se dice merluza.

JAQUELINE *(Corrigiendo a su hermana.)* Si, si, merluza.

FRANCOISE Con mucho sal... salso, con mucho salseiro.

RUPERTA Salsa, se dice salsa; salseiro es otra cosa.

JAQUELINE ¡Salseiro es chiscar agua a bote!

RUPERTA ¡Eso! ¡Mira que pronto aprendiste!

FRANCOISE Nos vamos, ¡hasta luego!

RUPERTA, CARMINA ¡Adiós, adiós, hasta luego!

(Salen las chicas.)

CARMINA ¿Estas son as nenas que teis na casa?

RUPERTA Son, nía son. Estas son as nenas del meu disgusto, quererás decir. Supoño que cho contasen xa porque todo el pueblo lo soupo. Mira, Carmina, cada un é como é, e eu xa sabes que sempre fun uha celosa e lo serei ata morir; e condo vin que non era un matrimonio lo que me vía prá casa, senón dúas mozas... ¡pensei estalar!

CARMINA Non era pra tanto, muller.

RUPERTA ¿E que queres que lle fixese? Non lo puiden remediar, mira. Hoi haiche que mirar muito, mialma, a quen se mete na casa, porque ándache cada pécora por ei! Chéganche mui mansías... dícenche que traballan aquí ou alí... e sabe *Dios* lo que son ou que oficio tein; e condo te diche cuente teis el demo dentro da casa.

CARMINA Si, eso é verdá.

RUPERTA Menos mal, que gracias a *Dios* teven suerte, porque son uhas nenas mui esfaragalladas, mui falangueiras pero pénsoche que mui serias nas súas cousas, xa me entendes; ata che creo que non tan tan apicar-diadas como alguhas das de aquí, que neso tamén che avanzamos ¡como ta mandado!

CARMINA ¡Que me dirás que eu non sepa!, ¡mira de unde veño eu!

RUPERTA Teis razón. Pois tragar tragueiche lo meu, pero xa tou máis tranquila. Anque así e todo non me vou da casa quedando os homes nela por máis que me chame a guardia civil. El que evita a ocasión evita el peligro, mira.

CARMINA ¡Tu sempre a mesma; a ti pra torcerte... ¿E van a tar muito tempo?

RUPERTA Ata acabar el mes; así foi el axuste.

CARMINA ¿E como vein solas, nía?

RUPERTA Mira, al parecer vein pra aparender ben el castellano falando coa xente. Elas estudian eso dos idiomas, nía, que non sei ben como se dice; ¡sábelo ben Juanín!, pero xa verás, métenchelles cada berza... que *Dios* me ampare; e elas coa súa libretía apunta que te apunta. Eu penso que van a volverse pra aló falando tapiego, mialma.

CARMINA (*Riendo.*) Será verdá, porque á xente de Tapia coña non lle falta, non.

RUPERTA Sonche uhas infelices. El outro día ata me chegaron todas tolas de contentas cun cazón que lles deron nel muelle, e arre que lles lo tía que cocer.

CARMINA (*Riendo.*) ¿Un cazón?

RUPERTA ¡Un cazón! Non, e el caso é que naquelo chegou Celesto e fíxome amañárllelo pra que non se desen cuenta de que quixeran tomarlles el pelo. ¡Dígoche que como Celesto se entere de quen lle lo deu... Porque Celesto, mal que eu lo diga, xa sabes que é un, home, ¿eh?, pero un home. Por cierto que debe tal al vir que xa son as cinco.

CARMINA ¡As cinco! ¡Pasouseme el tempo...! ¡Ai Virxe, teño que irme porque quedei con Carola de Pachín en ir vela esta tarde. (*Se pone en pie y también Ruperta.*) Dígoche, Ruperta, que non dou avío.

RUPERTA *Bueno*, anda, que teis día abondo; sinto ben que te vaias porque inda tíamos la mar de que falar, pero xa seguiremos outro día.

CARMINA Si, nía, si, que vou a tar aquí dous meses, non te apures. *Bueno*, taba muito bon el café, Ruperta. Se souperas el tempo que hai que eu non tomo un café de manga... e ¡como é debido...!

RUPERTA ¡Quen che dera fe! *Bueno*, a verdá é que desde nos invadiron os botes e as latas... a xente vaise a lo cómodo e non perde el tempo na cocía. ¿Contas nenas novas pensas tu que saben hoi fer uha fabada como é debido?

CARMINA Poucas.

RUPERTA ¡Claro!, ¡con lo fácil que é abrir e calentar un bote de Albo!

CARMINA ¡As présas, Ruperta, as présas!; el caso é que non sei pra que tanto correr si todo vamos a deixalo aquí lougo.

RUPERTA Eso digo eu.

CARMINA *Bueno*, dígoche *adiós* e voume pral Corral de la Pacheca a ver a Carola. ¡Mira que me rin condo me dixeron que lles puxeran ese nombre ás casas que fixeron na fábrica de Brabo!

RUPERTA Xa lo falamos: en Tapia el humor... non falta, *gracias a Dios*.

CARMINA E que dure, Ruperta, e que dure. ¡Hala, adiós, (*se besan*), e xa volverei cualquera día por ei, ¿eh? *Adiós*.

RUPERTA *Adiós, Carmina, adiós, nía.*

(*Sale Carmina, y Ruperta recoge los servicios del café y abandona la estancia, que queda sola un instante.*)

ESCENA SEGUNDA

(*Celesto y Ruperta.*)

CELESTO (*Que entra de la calle ligeramente alumbrado y canturreando.*)
¡¡Ruperta!!... ¡Ruperta!... ¡Ven acó, que teño que decirche uha cousa!

RUPERTA (*Que asoma por la puerta interior.*) Se é boa dima, se non, cálala.

CELESTO ¡Como boa!, ¡bárbara! Escuita: hoi reúnese a directiva da Confradía pra escoller al pescador distinguido deste ano e dárenlle el homenaxe; e díxome Casiano que sabía el de buena tinta que me iban a propoñer a min, ¿que che parece?

RUPERTA (*Con indiferencia.*) Que bueno.

CELESTO ¿É que non te alegras, nía?

RUPERTA Home, alegrareime condo vexa que é verdá, pero mentres tanto... Sabe *Dios* as voltas que lle darán inda á lista antes de escoller. ¡Anda!, é millor que non te fagas ilusiois antes de tempo, por se acaso, que despois... se non sales... é peor.

CELESTO (*Muy convencido.*) Casiano é un home serio e non me dice a min uha cousa por outra. Casiano non é un tarabelo. Se non lo soupera fijo, calaba. (*Entusiasmado.*) ¡É cousa feita, Ruperta!

RUPERTA Eu non digo que te engañase Casiano, pero pensache en se pode haber outro compañeiro que teña millores atributos que os tous pra darlle el homenaxe?

CELESTO (*Algo molesto.*) Os meus atributos pesan tanto como os doutro cualquera, e se non, a ver quen é el guapo que me millora a min a plana: primeiro, ¿quen recorreu centos de veces navegando as costas españolas?: Cariño e este menda; ¿quen me gana a min a *halar* calamares?: naide; ¿quen inventou el chivo?: eu; ¿quen puxo en marcha as nasas pra el pulpo nel inverno?: el tou home.

RUPERTA E Suso de Carrullo.

CELESTO (*Rápido.*) A Suso enseñeilo eu. E espera, espera, que inda non acabei: ¿quen levaba a voz cantante nas asambleas de pescadores en Gijón condo eu era Patrón Mayor da Cofradía?: este caballero que viste e calza, e senón pregúntalle a Ramón Santamarina, que ta ei pra decilo, que sempre me felicitaba! ¡Peró se ata teño que enseñar aos rapaces a remar pra competir nas regatas, non me digas!

RUPERTA (*Con sorna.*) Pois como non te luzas máis que el ano pasado...!

CELESTO ¡Porque fallaron os elementos, Ruperta, fallaron os elementos!, ¿que lle vou fer eu? ¡Tampouco puido fer nada Felipe II condo a Armada Invencible! ¡que pensas!

RUPERTA Peró con todo e con eso non te levaron a Madrí pra recoller el televisor que regalou Sánchez Ocaña.

CELESTO ¡Porque lle deixei el meu sito a Serapio, ¿que pensas? Eu taba na lista dos primeiros, ¡dos primeiros! ¡Home xa!

RUPERTA Pois volvendo al homenaje, ¿sabes lo que che digo?, que debían acordarse tamén alguha vez das mulleres, pra dárnolo a nosoutras, que ben lo merecemos. Xa lo díxo el ano pasado un dos señores que falaron, e ben que llo agradecín.

CELESTO ¡Home, Ruperta, non me amoles agora que mo queren dar a min! Esperai a lo menos al ano que vén pra pedilo, nía! Ademais non lles vamos a querer enmendar a plana aos directivos da Cofradía, que son xente mui competente, ¡déixame decircho!

RUPERTA Eu non quero enmendar nada a naide, Celesto, que ben sabe *Dios* lo que me alegraría se cho desen a ti, anque ata que lo vexa non lo creo, pero lo que eu digo é verdá.

CELESTO (*Molesto por la insistencia.*) Pero *bueno*, ven acá; ¿quieres decirme que arriesgades vosoutras máis que outra muller cualquiera, tando como tades todo el día na casa, el máis del tempo cuha perna quebrada?; ¿quieres comparar el voso traballo cos riscos e a dureza del noso?

RUPERTA ¡*Dios* me libre de tal cousa, Celesto!; pero ¿quieres decirme tu se non vale nada cuidarvos a vosoutros e aos nenos?; ¿quieres decirme tu quen administraba lo pouco que había, e quen daba a cara unde había que dala nos malos tempos que pasamos, que quira *Dios* que non volvan?; nosoutras, Celesto. ¿E quen ten chorado e chora pensando en si volveredes prá casa, ou ás escondidas véndovos chegar cos cestos valeiros e mollados pingando da cabeza aos cálcanos?: nosoutras, Celesto. ¿E quen se viu e se ve sola noites e noites?, ¿quen viviu en terra as angustias de ventos e galernas, Celesto?, porque vivilas nel mar xa sei que é terrible, pero en terra, Celesto, téndovos a vosoutros metidos na cáscara duha noz...! (*lagrimea*).

CELESTO (*Abatido.*) ¡Cala, cala, por favor, que teis toda a razón! É que hoi tomei un vasín de máis e esbázome.

RUPERTA Xa, xa te vin en conto que entrache que cargaras algo dianteiro; millor dito, xa cho notei antes de que entrases.

CELESTO ¡Home, Ruperta, uha noticia como esta había que mollala!

RUPERTA Si, home, si; pero agora séntate un pouco pra enxugala, anda.

CELESTO ¡Eres una maravilla de mujer!; pero hoy no hai que pensar en tristezas, Ruperta, hoy es un día grande...! (*Va hacia ela con los brazos abiertos.*)

RUPERTA (*Parándolo.*) ¡Oi... non me fales castellano que xa te vexo vir! Non, mialma me parece que te pasache algo na molladura!

CELESTO (*Que sigue ilusionado con el homenaje.*) Xa verás condo me fagan a interviú... e sala nel periódico retratado... ¡e a lo millor ata na televisión! ¿Quen che dice a ti que non volve Marisa Medina?, que precisamente...

RUPERTA (*Cortándolo.*) ¿Non che digo?, ¡sempre soñando con mozas novas!; ¡que homes, Señor, que homes! ¡Que razón ten Sinforosa, conto máis vellos...! (*Se va rápidamente por la puerta derecha.*)

ESCENA TERCERA

(*Celesto, Francoise y Jaqueline. Luego, Juanín y más tarde, Ruperta.*)

JAQUELINE (*Entrando por la puerta de calle, seguida de su hermana.*) ¡Buenas tardes!

FRANCOISE ¡Ola!

CELESTO ¡Ola, ola!, ¿que tal? ¡Bon jour mademoiselle! ¿se dice así?

JAQUELINE ¡Oh, si, si! No sabíamos que vostede se expresaba en nuestra lengua!

FRANCOISE ¡Y que bien!

CELESTO No, no, vereis, yo no se hablar vuestro idioma; lo que pasa es que conozco algunas frases sueltas; lo chapurreo y mal. Resulta que aunque soy pescador, leo mucho, y anduve mucho mundo, ¡mucho mundo!, y el mundo... ya se sabe, ¡es un gran maestro!

JAQUELINE, FRANCOISE ¡Oh, si, si!

CELESTO (*En tono confidencial.*) Precisamente, os voy a decir reservadamente, que el gremio local de pescadores quiere darme un homenaje como marineru distinguido, porque llo, ¿sabeis?, ¡recorrí los siete mares...!

JAQUELINE ¡Como Juan Sebastián Elcano!



FRANCOISE ¡Como Cristóbal Colón!

CELESTO (*Hace un gesto como pareciéndole excesiva la comparación, aunque finalmente no le desagrada.*) ¡Así, así!

JAQUELINE Nos alegramos mucho de ese homenaje, ¿cuándo va a ser?

FRANCOISE ¿Podremos asistir nosotras?

CELESTO *Bueno*, por el momento hai que esperar la confirmación; pero ya os tendré al corriente.

JAQUELINE Muy bien, muy bien. Agora queríamos pedirle un favor.

CELESTO ¿Un favor? ¡Lo que querais!

JAQUELINE ¿Nos podría ayudar un poquito a clarar unas palabras y unas frases que tenemos apuntadas?

CELESTO (*Entusiasmado con la idea.*) ¡¿Como no?!, ¡no faltaría máis! Sentaos, sentaos aquí. (*Les pone las sillas y se sientan los tres. El en el centro.*)

FRANCOISE Es que las escuchamos en el muelle e no las encontramos en el diccionario.

CELESTO ¡Serán tapiegas! Ya sabeis que hablamos aquí un dialecto que llaman bable. ¡El bable de occidente, al parecer! ¿Que tal?

JAQUELINE Si, pero nos interesa mucho ver la influencia en él de nuestra lengua. Ya observamos que hai en el dialecto de ustedes algunas palabras de raíz francesa y estudiarlas es uno de nuestros principales objetivos.

CELESTO ¡Escuita, escuita! ¿Y no será a la inversa?; ¿por que no va a haber palabras francesas de raíz tapiega, vamos a ver!

FRANCOISE (*Riendo.*) Pudiera ser.

CELESTO Claro que puede ser, porque a este puerto venía en otros tiempos mucho francés, ¿no lo sabíais?; ¡y nos levaban los cargamentos de centollos e langostas por cuatro perrois! Por cierto que mal nos pagais

agora, coño, ¡que no podemos acercarnos a pescar a menos de doscientas millas de vuestras costas! (*Aparte.*) ¡Non, entre os marroquíes e vosoutros parta un xarro se non vamos a ter que conformarnos coa Ribeiría! ¡E inda non sei! ¿Tampoco sabíais lo de la pesca?

JAQUELINE ¡Oh, no!

FRANCOISE ¿Y por que ocurre eso?

CELESTO Pienso que es un problema de intereses. (*Aparte y con intención.*) E é lástima porque España y Francia podíamos entendernos ben, digo eu! (*Reflexionando.*) ¡Tou tolo aos meus anos, el demonio me leve!

JAQUELINE ¿Que dice?, no entiendo.

CELESTO Nada, nena, nada; ¡toluras! Son divagaciones mías. Yo divago mucho. Todos los viejos divagamos. ¡Pero a ver, a ver esas palabras!

JAQUELINE (*Buscando en el bloc.*) Vamos a ver: fe-rei-xo-lo, fereixolo.

CELESTO ¡Ai, fereixolo! (*Con aire magistral.*) El fereixolo, como su nombre indica, es una cosa de comer, una cosa redonda (*hace gestos circulares con el dedo índice, para ayudarse en la explicación*) que se hace en la tixela.

JAQUELINE ¿Tixela?, ¿que es tixela?

CELESTO (*Apurado.*) ¡Perdón, perdón; quiero decir sartén!

FRANCOISE ¿Como un tortilla?

CELESTO Si pero más fina; se hace con harina y huevos, bastantes huevos; (*sigue gesticulando con las manos*), aquí a todo le echamos muchos huevos; ya os explicaré mejor Ruperta. ¡Incluso los podeis probar; son riquísimos! Aquí se hacen por el antroido.

FRANCOISE ¿Que es antroido?

CELESTO ¡Que torpe estoy! ¡Carnaval, quiero decir por el carnaval! ¡A ver, a ver, máis palabras!

JAQUELINE Esta la acabamos de oír en la rula: ca-bro-na-da, cabronada.

CELESTO (*Sorprendido.*) ¡Coño, que palabras apuntais!, ¡nin que lo fixésedes adrede! Pues cabronada... es... una falcatrúa. Eso, es como si fuese una zancadilla, una mala acción, una mala jugada, ¡vaia! Por exemplo, que os franceses nos volquedes os camiois das naranxas, é uha solemne cabronada. Otro exemplo: que os barcos de pesca tengan que ir a vender la merluza a Avilés porque aquí no hai quien la compre, ¡otra cabronada! Que el arbitro del domingo le birlase al Tapia aquel penalty tan claro, una cabronada como una casa. ¿Entendido?

JAQUELINE (*A su hermana.*) Apunta: cabronada, penalty.

CELESTO ¡Vengan, vengan máis palabras!; ¡soy un libro abierto!

JAQUELINE A ver esta frase: tas como un tren; tas como un tren.

CELESTO (*Resopla, muy apurado y se pone en pie.*) ¿Que dices?

FRANCOISE Se lo dijo un joven a mi hermana.

CELESTO (*Rascándose la cabeza.*) Pues... pues...

JUANÍN (*Que entra procedente de la calle.*) ¡Ola! (*Se dirige al armario tomando un libro, que abre, como consultando algo.*)

CELESTO ¡Home, Juanín, ven acá e bótame uha man, ho, que non sei salir desta carrileira!

JUANÍN ¿Pois que tas fendo?

CELESTO ¡Tou traducíndolles, ho, tou aclarándolles uhas palabras!

JUANÍN ¡Se non te meteras en camisas de once varas! (*Dirigiéndose a las chicas.*) A ver, ¡cual es el problema!

JAQUELINE Es aclarar el significado de una frase que nos dijeron.

JUANÍN ¿Una frase?, ¡cual!

FRANCOISE Tas como un tren.

JUANÍN (*Sonriendo.*) Bueno, es un elogio a vuestra figura física, es un piropo: pero habeis de tener mucho cuidado con lo que anotais porque os podeis llevar bastante contrabando en palabras y frases. La gente aquí es muy humorista.

JAQUELINE La gente aquí es estupenda.

FRANCOISE Muy cachonda. Lo pasamos formidablemente.

JUANÍN De todas formas ya os repararé llo todo antes de que marcheis, no os preocupeis. Dejadlo agora y perdonadme un momento, que tengo que volver a salir. (*Inicia la salida por la puerta derecha.*)

CELESTO (*A las chicas.*) ¡Juanín es licenciado!

JUANÍN (*Volviendo la cabeza desde la misma puerta.*) Xa lo saben, papá.

CELESTO (*Que no se resigna a dejar su clase.*) Pues eso de tas como un tren, o tas pistonuda, por ejemplo, es una frase que se dice mucho aquí. Por ejemplo vosotras estais aquí, ¿no? (*las coloca en el centro de la escena*) y pasa un chico, ¿no? (*lo escenifica simulando él el papel*) y os dice a una o a las dos: ¡Tais como un tren! (*lo hace en el preciso momento en que Ruperta, asoma a la puerta interior y lo sorprende de espaldas en el trance*).

RUPERTA ¡Celesto!, ¿que fais!

CELESTO (*Que se vuelve, sorprendido.*) ¡Tou explicándolles, nía, tou traducíndolles!

RUPERTA ¿Traducíndolles? Tarás, tarás; pois pois boa postura, ¡mialma!

CELESTO Poño a que teño que poñer, ¿tu que sabes?

(*Las chicas habrán ido saliendo de la escena hacia el interior de la casa, sin entender el diálogo, y sonriendo.*)

RUPERTA Si en vez de fer tanta comedia foses al *ayuntamiento* queixarte a ver se podían dar el auga con máis presión, érache ben millor, ¡que mialma non arrechan os grifos máis que a mexadía de un gato!

CELESTO ¿E que queres que lle fagan nel ayuntamiento?

RUPERTA Pois quen se ten que ocupar deste, ¿el cura párroco? A lo menos protestar; ¡que bufen os *concejales* polas *cañerías*!

CELESTO (*Tomando el asunto a broma.*) ¿Por que non lles escribes uha carta e llela botas nese buzón pra *sugerencias* que puxeron na entrada del consistorio? Mira, primeiro dáslles as queixas del auga, e despois, pra que vexan que tas enfadada, podes poñerlles aquela poesía que dice:

“Volverán las oscuras golondrinas
en tu balcón sus nidos a colgar”
peró anque halla eleccións corenta veces
¡Non vos volvo a votar!

RUPERTA ¡Se me fixeran caso!

CELESTO Non lo penso, pero a lo menos fais el genio, que tamén vale daque, ¿ou non?

RUPERTA Veremos a ver como amañan estas nenas pra ducharse ¡Que irán decindo pra Francia!

CELESTO ¿E non poden ducharse a outra hora?

RUPERTA (*Enfadada.*) Si, que se duchen ás cinco da mañá, ¡que a esa hora hai millor presión!; ¡que cousas teis!

CELESTO ¡Tamén tas hoi... que tropezas en todo! É millor deixarte. (*Se va hacia el interior de la casa, mientras Ruperta acondiciona la estancia.*)

ESCENA CUARTA

(*Ruperta y Sinforosa.*)

SINFOROSA (*Llamando.*) ¡¿Ruperta?!

RUPERTA ¡Pasa, Sinforosa, pasa!

SINFOROSA (*Entrando.*) ¡A Ruperta, ¿non terás cambio de mil pesetas nía?; teven que pagar el butano e non tía volto el home del camión e amañei pedindo veinte pesos a Conchía de Liborio e quero devolverllos.

RUPERTA Vou mirar, pero penso que si; (*mira un monedero*) a ver, toma, ¿váleche así?

SINFOROSA Vale, vale; pois muitas gracias, porque me aforras uha viaxe á Ribeira. ¡Hai que ver como ta todo! cambias mil pesetas... e erga el demo se non podes decir que xa che se foron das maus. Ben lo decía mía madre: fogaza encerada, lougo se acaba.

RUPERTA ¡E tía boa razón, mialma, tía boa razón! E gracias mentras teñamos que cambiar, anda, ¡que lougo non sei!

SINFOROSA *Bueno*, que haxa salú, que é el principal. E falando de salú. ¿Como che vai coa reuma, que non che ouguín queixarte estos tempos?

RUPERTA *Bueno*, algo millor vou, non tou tan presa como taba, pero tampouco é pra chufar.

SINFOROSA Tu sales pouco, Ruperta, sempre cho tou decindo, e ben sei que che iba a fer ben pasar algo.

RUPERTA Pode que si, pero ¿que queres?, ¡tou tan avezada a non salir...!

SINFOROSA ¿Non sabes que agora entrou na xente a moda de pasar? Mira: polas mañás xa ves un peteiro de tres ou cuatro homes que salen arriados camín da Roda. E se vas por el camín del Viso, topaste con outra piada de homes e mulleres. El outro día que fun buscar uns ovos á casa de Caboiglesia (porque dígase lo que se diga como os ovos da aldea non los hai) topeime con la mar de xente, tanto que eu dixen pra min, “vaia, deben vir de algún enterro”. ¡E non!, taban pasando, pero pasando ás carreiras, non penses.

RUPERTA ¿Non será tamén que se puxo de moda el pasar, Sinforosa? E as modas... xa se sabe.

SINFOROSA Pois non sei que che diga. A lo millor vén ben; a televisión recoméndalo muito.

RUPERTA ¡A televisión recomenda tanta cousa...!

SINFOROSA Eso tamén é verdá. *Bueno*, eu cuhas voltas que dou da Atalaia al *muelle* e del *muelle* á Atalaia... mialma penso que fago exercicio abondo al cabo del día, ¡jura diez! mira, xa me vou correndo outra vez, porque teño que baxar a falar por teléfono, e el caso é que a cabina del Pouso dicen que non furrula ben, e ei ter que subir al Parque, ben sei. Menos mal que así provecharei pra preciarlle uha falda á nena, desas indias, nía, na casa de Carolina, que me trai tola ata que lle vole nela.

RUPERTA Pois se sobes al Parque, podías ferme un favor.

SINFOROSA Si, nía, ¿que queres?

RUPERTA Que me traigas algo que ler del quiosco de Valentín, que *hoi* tevo aquí Carmina e díxome que ela lía muito. E ten razón, sempre mo dice Celesto, pero eu... ¡que queres!, hai tanto en que gastar os cuartos... ¡e ten uha tan pouca gracia...!

SINFOROSA E que queres que che traiga, ¿uha revista?

RUPERTA Si, algo que teña retratos, e deso.

RUPERTA ¿Non quererás a *Interviú*?

SINFOROSA ¡Non xa!, esas chéganme ben cuhas que lle topo escondidas a Celesto, metidas entra as *Hojas del Mar*. Dice que llas deixa José Manuel de Aurita, pero ¡vaite tu a saber!

RUPERTA Treireiche el *Hola*, que ten cousas de artistas... de bodas... e deso.
(*Se encamina hacia la puerta de salida.*)

SINFOROSA Déixolo nel tou ver, anda, a que tu quiras. Condo volvas, teño que decirche uha cousa, ¡pero en muito secreto! ¿eh?

SINFOROSA (*Que se vuelve como movida por un resorte.*) ¡Ai, Ruperta, non me deixes celergosa, nía, dima agora, anda, ¡que máis che dá!

RUPERTA *Bueno*, vou decircha; ¡peró xúrame que non la vas a decir a naide!

SINFOROSA ¡Xúrocho!

RUPERTA É que inda non quero que se fale ata tar ben segura ¿entendes?

SINFOROSA ¡Xa sabes que son uha sepultura!

RUPERTA (*En tono confidencial.*) Pois verás: al parecer van darlle a Celesto este ano el homenaxe al pescador distinguido.

SINFOROSA ¡Non me digas!, ¡Conto me alegro!; ¿e sábelo el xa?

RUPERTA Verás; a él dixéronllo al ouguido, ¿non sabes?, pero mentras non lo aprobe a directiva... non queremos comentalo, porque podera non resultar verdá e despois... algún inda se riría dél; anque eu penso que ben merecido lo ten, por todo: porque andou Rusia e a Prusia; porque é un traballador e un home que —unque me teña mal el decilo— hai poucos como el; porque pode decirse que naceu nel mar, e é un bon pescador, é un bon compañeiro, e é un cumpridor del sou deber como naide, e, sen despreciar a outros, mui preparado, ¿eh?, ¡peró mui preparado! ¡Se che digo que ata soupo fer a declaración da renta con nada que lle indicou Mero...!

SINFOROSA Pois nada, que ben tola trouxo á xente a declaración esa este ano. Que se había que fela... que se non había que fela...; non saben como sacarnos os poucos cuartos que temos.

RUPERTA ¡Oi, pois a nosoutros dice Celesto que tein que devolvernol non sei contos pesos!

SINFOROSA ¡Non me digas!, ¡e el meu Miguel que non la fixo el burro dél...!

RUPERTA Claro que eu non che llo creo. ¿Condo se viu que os da *Hacienda* devolvan daque?; ¡cuhas tragadeiras que tein!; ¡se fora pedir...!

SINFOROSA Non se sabe, nía; condo Celesto lo dice...!

RUPERTA A verdá é que anque non nos devolvan nada, se lle dan a homenaxe a Celesto, xa tou contenta.

SINFOROSA ¡Si, muller, si lla han dar. ¿Quen lo merece millor que el? ¡Ha alegrarse ben el meu Miguel condo llo diga!

RUPERTA ¡Non!, de momento non me abras a sepultura a naide, faime el favor, que é cousa de pouco el que se sepa xa fixo uha cousa ou outra.

SINFOROSA *Bueno*, anda. ¡Non, este ano cantouche a pega!: alquilache ben a casa... danlle a homenaxe a Celesto... (porque han darlla) ¡salíulle colocación al neno...!, ¡non, non te queixes!

RUPERTA Non me queixo, Sinforosa, pero a colocación del neno, de carteiro suplente nel verau... ¡xa me dirás!, tampouco é pra chufar; ¡un licenciado!

SINFOROSA Menos é nada, anda. Detrás de Mayo ben San Juan. Así tamén aforra de andar por ei de barba dereta. E agora voume, que me é la mar de tarde; xa che treirei a revista. Ata lougo, Rupera. (*Se va con ligereza.*)

RUPERTA Ata despois, nía!

(*Ruperta pone en orden la sala y se oye fuera el grito de ¡Celesto!*)

RUPERTA (*Asomándose a la puerta interior.*) ¡Celesto!, ¡chámante fóra!

CELESTO (*Entrando en la estancia y asomándose a la ventana.*) Son Ángel e Víctor.

RUPERTA ¡Vaia par de dous! (*Se va hacia el interior de la casa, mientras Celesto se dirige a abrir la puerta a los visitantes.*)

ESCENA QUINTA

(*Celesto, Víctor y Ángel. Luego, Ruperta.*)

VÍCTOR (*Que entra, seguido de Ángel.*) ¡Veña un abrazo, compañeiro! (*Se abrazan y lo mismo con Ángel.*)

CELESTO (*Nervioso.*) ¿Que pasa, que houbo?, ¿salín, al cabo, eu?

ÁNGEL ¡Peró, home, como non!; ¿quen iba a salir, que podese competir contigo!

VÍCTOR Era cousa feita; quixemos ser os primeiros en vir decircho e felicitarte, xa ves.

CELESTO ¡Non sabedes conto volo agradezo!

ÁNGEL ¡E tu non sabes conto nos alegramos nosoutros tamén!

CELESTO Sei, sei, xa lo sei. Muitas gracias. ¿Queredes un vasín? (*Trata de buscar y no encuentra nada.*) Tou nervioso. ¡Ruperta!

VÍCTOR Non la chames, que non tomamos nada; volvámonos agora mesmo, que temos que acabar de preparar uhas nasas.

CELESTO Tou emocionado, ¿houbo muita discusión?, ¿opúxose daquen?, ¿que dicen os compañeiros?

ÁNGEL Todos os que vin lo ven ben, anque sempre ha haber quen diga esto ou lo outro, máis por levar a contraría que por outra cousa; mareaxes en Tapia sempre houbo, ben lo sabes, pero nel sou momento taremos todos alí, al redor tou, nel homenaxe, xa lo verás,

VÍCTOR Eso dígocho eu.

ÁNGEL A xente del mar, para eso, non la hai máis unida; a nosa profesión a das que el compañeiro ta sempre na beira del compañeiro por muito que barullemos; somos como os soldados na guerra.

VÍCTOR Este Ángel, fala como un libro aberto.

CELESTO É que é home listo, pero esperade un pouco que vou chamar a Ruperta pra que vos poña un vasín.

ÁNGEL Non, non, vámonos xa. (*Inicia la salida y de pronto se vuelve, sacando del bolsillo una revista enrollada y envuelta en un papel.*) Toma, que xa me esqueicía; é uha revista que me deu Jose Manuel de Aurita pra que cha deixase.

(*Antes de dársela, pretende quitarle la envoltura.*)

CELESTO (*Impidiéndoselo.*) ¡Non ma desenvolvas, coño, que non quero que ma vexa Ruperta, que me come el alma!

VÍCTOR ¡Ai, pillín, pillín, así que les tebeos con dibujos animados, ¿eh? ¡Que puñetero!

CELESTO ¡Cala, home, cala!, se a min lo que menos me importa son os retratos encoiros ou vestidos, anque penses que non. A min lo que me interesa son os artigos como os de Milio Romero... as reportaxes... e cousas así; pero ¿quieres decirme como conenzo eu deso a Ruperta?

ÁNGEL Nada, Celesto, teis razón; sale un marineiro con aficiois literarias e ¡non llo cre nin a muller!

VÍCTOR Pode que che pase como al gobierno coa oposición: ¡perdiche a credibilidad!

CELESTO ¡Disimula!, que vén ei Ruperta. (*Esconde la revista bajo sus propias ropas.*)

ÁNGEL (*Atendiendo la indicación de Celesto y elevando la voz.*) Pois nada, lo dito, ¿eh?, *enhorabuena* outra vez, e xa nos veremos. (*Entra. Ruperta.*) ¡Ola, Ruperta; *enhorabuena* a ti tamén!

VÍCTOR ¡Lo mesmo digo!

RUPERTA Gracias, muitas gracias aos dous.

CELESTO (*A Ruperta.*) ¿Viche, viche? Ta confirmado, veron adrede decirme que me dan a min a homenaxe. Dillelo ás francesas, anda, que sei eu que se han alegrar.

RUPERTA Bueno, pero non vos vaiades que temos que tomar algo pra celebralo, ¿eh?

(*Sale nuevamente de la estancia a cumplir el encargo de Celesto.*)

ÁNGEL Pois creme que tou contento porque houbo xusticia, si señor. Porque a verdá é que a túa vida foi dura, dura entre as duras. Teislas pasado negras abondo. (*Levantando la voz.*) ¡Peró negras, negras de verdá!

CELESTO (*Mirando a hurtadillas hacia la puerta.*) ¡Cala, coño que se che oi Ruperta falar de negras vai pensar que abriron outra vez el burdel del Esteler!

(*Entran en escena las dos francesas, seguidas de Ruperta.*)

ESCENA SEXTA

(*Celesto, Ángel, Víctor, Ruperta y las dos francesas.*)

JAQUELINE (*Levantando los brazos muy alborozada.*) ¡Enhorabuena, monsieur Celesto! (*Lo abraza y lo besa en ambas mejillas. Ruperta ve la escena con cierta crispación contenida. La chica se vuelve y besa también a Ruperta.*)

FRANCOISE ¡Enhorabuena! (*Repite la acción de su hermana, besando a Celesto y luego a Ruperta. Esta escena ha de sincronizarse de forma que se aprecie bien ye los apuros de Ruperta.*)

ÁNGEL (*A Víctor, al que habrá llevado hacia el proscenio, con disimulo.*) ¡Entre a noticia del homenaxe, e os chuchos das francesas, jura diez se non botou un bon día el lacazán este!

JAQUELINE (*Que sigue alborozada.*) ¡Hai que celebrar la buena noticia!, ¡Vamos a brindar por monsieur Celesto!

FRANCOISE ¡Nosotras invitamos!

JAQUELINE Y ahora voy a decir una frase en tapiego. ¿Me permiten?

TODOS ¡¡Si, si!!

JAQUELINE ¡¡Viva la xen-te ma-gi-ne-ga!!

TODOS ¡¡Viva!!

CELESTO (*Eufórico.*) ¡Agora déixame a min decir algo tamén! (*Al público, desde el proscenio.*)

Dúas francesas en verao,
sempre alegran uha festa.

Tedes que volver pral ano... (*mirando de hurtadillas a Ruperta*)
¡se vos dá cama Ruperta!

TELÓN

EL DIÑEIRO BON COMPAÑEIRO

Manuel García Sánchez “Galano”

PERSONAXES:

MANUELA: Muller de cincuenta e tantos anos, faladora, de xenio vivo, pouco instruída, pero espabilada.

MÉDICO: Home máis ben novo, que levará un maletín pequeno ou bolsa pra os utensilios de estos profesionales.

CONCHÍA: Moza casadeira, ben parecida. E filla de Manuela.

(A escena representa uha salía modesta. Uha mesa camilla nel medio, uha cómoda., sillas e un teléfono, son cousas esenciais.)

Porta a dereta e esquerda.

Al erguerse el telón, Manuela fala por teléfono.)

MANUELA *(Que acaba de marcar un número, erguendo el auricular. Ta nerviosa.)* ¿A ver?, ¿Pilaría?... Son eu, nía, túa madre, ¿ou non me conoces?... Menos mal que te pillo na casa, que te levo chamando toda a mañá e non me contesta naide... *Bueno, bueno*, escuita, agora escuita, que teño muita présa: empeorou algo tou padre e teven que chamarlle el médico outra vez... Si, xa veu, e ta con el agora; e resulta que Conchía, túa irmá, foise hai un bon cacho pral dentista e non acaba de

vir, e quería eu que tu te chegases acó enseguidía, ¿enténdesme?, pra que teñas comigo condo el médico me día as explicacións das *melecías* que ten que tomar tou padre e todo eso, ¿oisme?, porque xa sabes que a min non se me queda nada na cabeza... ¡A ver se me vai pasar como a Maruxa del Requeixo, que lle mandaron tomar dúas cullaradas cada oito horas e tomou oito cullaradas cada dúas horas e houbo a morrer!... ¡Xa, xa!, tu ben falas porque es nova e teis memoria, e todo, pero a min esquéicénme as cousas e despois enzarabéllome... ¿Que non teis el auto na casa? ¡Pois si que me amolache!... ¡A ver como amaño eu agora!... Non sei, non sei... ¡A ver, nía, se fais un poder, anda!... Bueno, xa nada, teño que deixarte que me *parez* que vén ei el médico. ¡Dios me vala! (*Colga el auricular, al tempo que el médico aparece pola porta dereta.*)

MÉDICO *Bueno*, ya está visto el enfermo, Manuela.

MANUELA (*Mui interesada.*) ¡E que, don Benino!, ¿como lo topa, como lo topa?

MÉDICO Pues en este momento tiene una arritmia bastante acusada.

MANUELA ¡E unde la ten, don Benino, na cabeza?

MÉDICO (*Sonriendo.*) Usted no sabe lo que es la arritmia, ¿verdad?

MANUELA Pois non, mire vostede, non lo sei. Xustamente acabo de chamar a nena grande, que teño casada fóra, pra que vese acó e se me enterase ben de como ten que tomar as *melecías* Antón, porque eu enzarabéllome e non me vai chegar a tempo, mire. A ver como me amaño.

MÉDICO No se apure usted, no se apure, porque ya le dejaré yo todo bien anotado para que no se equivoque, ¿eh!?! (*Séntase á mesa, saca el talonario de recetas e dispónse a escribir.*) ¿Hace mucho que no mueve el vientre?

MANUELA ¿Quen, el ou eu?

MÉDICO El enfermo, Manuela, el enfermo.

MANUELA Pois non lle me acordo. Espere un bocadín que lle vou perguntar.
 (*Vaise correndo pola porta dereta, mentras que el médico segue cubrindo recetas. Volve e diríxese al médico.*) Diz que lougo hai oito días; sempre andou mui apartado.

MÉDICO (*Sen erguer a cabeza.*) Habrá que ponerle un enema.

MANUELA ¿E unde se lle pon?

MÉDICO (*Deixando de escribir al tempo que sonrí comprensivo.*) Tampoco sabe usted lo que es un enema, por lo que veo.

MANUELA Pois tampouco, mire vostede, tampouco. ¡Túvenlle tan pouca escola, don Benino...! ¡Se vostede soubera!

MÉDICO Pero sí sabrá vostede lo que es una lavativa, ¿o no?

MANUELA ¡Que cousas ten! ¡Como non vou saber lo que é uha lavativa; claro que lo sei!

MÉDICO Pues mire, en vez de un enema, le ponemos lavativa y ya está. ¿Le parece bien?

MANUELA ¡Vaia, tamén...! A cousa é que hai tanto tempo que non usamos el couso de poñelas... que xa debe tar a goma picada e el cazolo ferruxento. ¡Eso se lo topo, porque temos el desván tan chen de tarecos... ¡que non lle digo eu!

MÉDICO No se apure usted, estese tranquila porque todo le va a venir dispuesto ya de la farmacia. No necesita usted cazuelo... ni goma... ni cánula... ni nada. Ya verá.

MANUELA ¡Ai, *Dios* llo pague, don Benino! ¡Conto llo estimo! ¿Quere un cafetín? Póñollo en seguidía se lo quere, que lo teño inda quente, feito de hai un bocadín. ¿Tráigollo?

MÉDICO No, señora, no; muchas gracias.

MANUELA Se quere millor outra cousa... De lo que temos, gracias a *Dios*, non falta nada, e non lle teño dolo, mialma que non.

MÉDICO No, Manuela, no se preocupe, ande. Vamos a ver, ¿tendrá por ahí a mano los últimos análisis que se le hicieron a su marido?

MANUELA Si, si señor; téñolos aquí nel mesmo sobre nel que mos deu, mire. (*Pillando un sobre de derriba, da cómoda.*)

MÉDICO Pues haga el favor de dármelos, que no recuerdo ahora el Rh que tiene.

MANUELA ¡Non ten un Rh, don Benino, agora ten un R-5, que lo cambiou hai pouco porque el 127 que tía xa taba mui vello!

MÉDICO (*Sorindo outra vez.*) Bueno, bueno, no importa. Deme el sobre, ande.

MANUELA Tome, tome. Ei ta todo segundo mo deu vostede, porque eu outra cousa non terei, pero a cuidado non me gana naide; ¡ai, non!

MÉDICO (*Despois dun vistacín aos papeles.*) Bueno, está bien. Aquí le quedan tres recetas, ¿eh? Mire. (*Dándollas.*) Una de ellas es para la lavativa que, como ya le dije, viene lista para aplicar; no tiene más que seguir las instrucciones que trae.

MANUELA ¿E se non obra, don Benino?

MÉDICO Obrará, obrará seguro, ya lo verá; y si no, me llama por teléfono a la consulta. Esta otra es para tomar a cucharadas soperas: una cada seis horas, no se equivoque. Y esta tercera son unas gotas para la arritmia. Todo queda bien anotado en el respaldo de las copias para que no se equivoque, ¿eh? (*Ponse de pé.*)

MANUELA Non me dixo vostede lo que era a rimia esa.

MÉDICO Pues mire, la arritmia es un problema del corazón, ¿sabe? Viene a ser una alteración del ritmo cardíaco que debe ser regular, ¿me entiende?, un ritmo regular.

MANUELA ¡Ai, el meu Antón, aunque me teña mal el dicilo, sempre lle tevo un gran corazón, si señor, un gran corazón! Non regular, como vostede dice, non, sinón dos bos, dos millores, ¡Dios llo defenda!

MÉDICO Me alegro, señora, me alegro. Y lo seguiré teniendo, ya verá. Bueno, pues me voy. No se olvide de consultar bien las notas para que no se equivoque en las dosis y en la frecuencia de las tomas, ¿eh?

MANUELA Non, non, descuide, xa amañaremos, porque lougo me volve a nena e ela sabe ben.

MÉDICO Pues nada, hasta otro día. Y si hai alguna novedad llaman ustedes al Centro de Salud.

MANUELA Escuite, don Benino, fíalle eu de boa gana uha pregunta, se non lle pinta mal.

MÉDICO No, mujer; hágala, hágala.

MANUELA Pois verá: hai la mar de tempo, ¡anos!, que me dolen mui a miúdo os cadriles e as pernas; condo por aquí, condo por alí (*vai señalando coa mao*), condo esta perna, condo estoutra... De lo demais tou muito ben, gracias a *Dios*, os dolos meus sempre los teven da cintura pra baxo, mire vostede.

MÉDICO (*Sonrindo.*) ¡Como mucha gente, Manuela, como mucha gente. Los problemas de la cintura para abajo traen de cabeza a media humanidad!

MANUELA (*Que non pilla a contestación.*) ¡Cata, cata! ¿E non haberá daqué pra que me pase, don Benino?

MÉDICO Mire, lo mejor es que, cuando le duela, aplique usted un poco de calor en el punto doloroso y, si acaso, se toma una aspirina. Si no le pasase pronto, vaya a verme, pero no creo que deba usted preocuparse, ¿eh? (*Dálle uhas palmadías nel hombro.*) Es más delicado lo de su marido.

MANUELA Bueno, don Benino, bueno, pois *Dios* llo pague. ¿E sanará axina Antón?

MÉDICO Yo espero que sí, espero que sí. Bueno, adiós, Manuela, adiós, hasta otro día. (*Sale pola porta esquerda.*)

MANUELA *Adiós, don Benino, adiós. (Xa dende a porta.)* ¡E Dios quira que non teña que volver! *(Pecha a porta e xa sola.)* E a todo esto, Conchía sen vir... ¡Esta mocedá!... Todo lles dá igual; non pensan máis que nas súas cousas, os outros que se amolen. *(Pasía pola sala.)* ¡E eu aquí sola, sen saber a quen vou mandar buscar as *melecías*...! ¡Dios me día pacencia, que falta me fai!

(Ábrese a porta esquerda e entra Conchía, que trai uha maleta que se nota baleira.)

MANUELA Vaia, nía; xa podiche chegar un bocadín primeiro. Acaba de irse el médico e pasei us apuros...

CONCHÍA Xa lo tropecei na corrada. Pois non puiden, mamá, non puiden vir antes porque había muita xente nel dentista e teven que esperar muito.

MANUELA *(Reparando na maleta.)* ¿Pois a unde vas con esa maleta?

CONCHÍA É que la comprei.

MANUELA ¿Compráchela? ¿Pois pensas fer alguha viaxe, ou que?

CONCHÍA A lo millor. Xa cho explicarei.

MANUELA Mira, aquí tan as recetas que deixou el médico. Has a ter que volver a Tapia a buscar as *melecías* pra tou padre.

CONCHÍA ¿Que dixo el médico?

MANUELA ¿Que dixo? Pois dixo que tía uha cousa que lle chaman rimia, que é del corazón, polo visto, e que hai que poñerlle uha anemia, ou algo así, que vén a ser uha lavativa. Ta todo ei posto nas recetas.

CONCHÍA *(Que xa ten as recetas na mao.)* Será un enema, nía, será un enema, que ta aquí ben claro.

MANUELA Será el demo mallor, que pasei hoi uha vergonza... Al ver que tu non volvías, chamei a túa irmá e tampouco puido vir. Así que me topei sola col médico... sen entendelo na mitá desas palabras que dicen... ¡¡*Bueno, bueno, bueno!*!!

CONCHÍA A ver, ¿volvo entonces á botica a buscar lo de papá?

MANUELA Si, si; hai que ir á primeira cousa. E axiña pra que podamos empezar a melicialo. (*Empezó, a salir pola porta interior. Volvéndose.*)
Teis ei uha carta que che trouxo el carteiro.

CONCHÍA (*Mui interesada.*) ¿Unde ta?

MANUELA Ei, derriba da cómoda. Eu vou ver que fai tou padre antes de que te vaias por se hai que trer máis daqué. (*Sale da estancia.*)

(*Conchía abre a carta e lela, notándoselle na cara el interés del sou contenido. Al acabar a lectura pasía pola sala coa carta na mao, como meditando daqué. Volve Manuela.*)

MANUELA Parece que ta tranquilo, podes irte xa. ¿De quen era a carta, nía?

CONCHÍA Del mozo.

MANUELA ¿Del mozo? Chamaislle mozo a cualquera cousa, mialma.

CONCHÍA Eso de cualquera cousa díraslo tu.

MANUELA Dígolo porque inda vos conocestes *ayer*, como quen dice.

CONCHÍA ¿*Ayer*?; ¡peró se hai xa tres meses que salimos xuntos, mamá!,
¡tres meses!

MANUELA Tres meses sonche ben pouca cousa.

CONCHÍA Cala, anda, cala. Mira que versos máis guapos me manda. Sabe fer versos.

MANUELA Saberá, saberá; ¡se soupera fer galochas éralle ben millor!

CONCHÍA ¡Galochas!; ¡que prosaica es!

MANUELA Si, si; vai ganar pra comer fendo versos, ben sei.

CONCHÍA Nin tampouco lo pretende, ¡que pensas! Os versos é un *hobby*. Él ten sensibilidade de poeta. ¡É un poeta! ¿Que culpa che teño eu de que tu non emendas estas cousas? Eso non lle quita ter a boa colocación que ten nel hospital de Cangas del Narcea; ¡e case seguro que me topará outra pra min, tamén!

MANUELA Xa, xa; faite ilusióis. Anda, pilla as recetas e toma cuartos prá botica.

(*Entrégalle cuartos.*)

CONCHÍA A propósito de cuartos, ¿sabes que presuposto me deron nel dentista pras endodoncias e el puente que teño que poñer na boca?

MANUELA ¿E eu seilo? Ahondo, ben sei.

CONCHÍA Cento veinticinco.

MANUELA Cento veinticinco... ¿mil?

CONCHÍA Eso.

MANUELA ¡Demontres col puente! Pois nin que fora el Puente de los Santos, xuradiez. ¡A ver como nos vamos a amañar!, xa non andamos mui sobrados... e agora el dentista. E tou padre de baxa. ¡Ai, *Dios* me vala!

CONCHÍA Anda, nía, anda, non te apures, que eu poucos máis cuartos che vou gastar, así que lougo che ha chegar millor el presuposto.

MANUELA ¿Poucos máis cuartos me vas gastar? ¿E que che vai a tocar a lotería, ou que?

CONCHÍA Xa cho direi condo volva de Tapia.

MANUELA ¡Conchía..., Conchía..., que xa sabes que a min non me gustan as medias palabras!; ¡fai el favor de explicarte, e axina!

CONCHÍA Pois mira, se axina lo queres, axina lo teis: que me vou pra Cangas del Narcea.

MANUELA ¡Pra Cangas del Narcea! ¿E vaste antes de que che sala ese traballo que dices que che vai a topar el mozo e que eu non lo creo?

CONCHÍA Pois mira, si. Antes de que me sala. Quería esperar a que millorase papá pra dicírvolo pero xa que te empeñas...

MANUELA ¡Peró... escuita!, ¡que dixiche!; ¡dime que me tas gastando uha broma!; ¡¡dime que é mentira lo que tou pensando!!; ¡¡dimo, dimo, por *Dios*!!

CONCHÍA Non sei lo que tas pensando, pero pra que non penses mal, dígoche que me vou pra Cangas del Narcea pra con Alberto.

MANUELA ¿Pra col mozo?

CONCHÍA Claro, ¿pra con quen vai a ser, se non?

MANUELA ¿E dicesmo pra que non pense mal? (*Vai medrándolle el enfado.*) Se te vas col mozo, disgraciada, ¿non teño que pensar mal, eh?, ¡¡contéstame!!

CONCHÍA ¿Pois que ten de particular? Eu non lle vexo nada.

MANUELA ¡Non, nada, nada!, ¿que vai a ter de particular amontuarse!, pra ti nada, polo que vexo, pra vosoutros non ten nada de particular, e como os demais non vos importan..., como os demais non pintamos nada pra vosoutros máis que pra que podades comer, vestir e folgar..., ¡pois hala!, ¡¡viva Santander!!, ¡e a correla, que a vida é breve!

CONCHÍA ¡Eu non vou correla, mamá, eu non vou correla!, eu voume vivir en parexa con Alberto, igual que ta fendo muita xente hoi en día.

MANUELA ¡Eso, eso! ¡E condo el mozo se canse de ti, que será axina, volverás prá casa, a lo millor cuha barrigada, e xa se amañarán tous padres — porque esos si que non te deixan— pra cuidarte a ti e a lo que veña!, ¡e pra axudarte a levar el desengaño!, ¡pero xa será tarde pra ti!

CONCHÍA ¡Mamá, es uha agoreira!

MANUELA ¿Agoreira, dices? ¡Que pouco sabes tu da vida, mía filla, que pouco sabes tu da vida! ¡Agoreira, si! Eu serei uha burra pra vosoutros, eu non saberei de recetas nin entenderei as palabras raras del médico, pero da vida... da vida, mía nenía, sei el abondo, ¡el abondo!

CONCHÍA Si sei que me ibas botar esa recartilla, non che digo nada, mira.

MANUELA ¿E que fías entonces? ¡Íbaste así, ás sabantismas — porque te vas ás sabantismas— sen importarche nin nosoutros nin a vergonza que imos pasar nel pueblo, porque esa tamén é outra!

CONCHÍA ¡Xa tas col tema da vergonza! ¿Queres que che diga cóntas parexas de xente de carreira, ¡de carreira!, ¿eh?, conozo eu que tan vivindo xuntos sen taren casados? Hai médicos..., profesores...

MANUELA (*Cortándola.*) ¡Non me importa!, ¡non me importa!, ¡¡non quero que me digas nada porque non me importa!! ¡¡Como se ta el obispo!!

CONCHÍA (*Ríndose.*) Ja, ja, ja; ¡el obispo!

MANUELA ¡Puxícheme tan tola que xa non sei el que digo!

CONCHÍA Mira, mamá: lo millor é que te sosegues e xa discutiremos a cousa desque veña de Tapia.

MANUELA ¡Discutila, si!, agora xa sei pra que comprache a maleta; el acordo xa lo tías ben tomado. ¡Infeliz!

CONCHÍA Pois mira, si; témoslo tomado os dous.

MANUELA ¡A ver como se pon tou padre condo lo saiba, tan amolado como ta, el probe!

CONCHÍA Pois a lo millor vai tomalo al outro xeito que tu.

MANUELA Xa, xa.

CONCHÍA Tantos aspaventos non vai fer, a lo menos. Así e todo non lle digas nada ata que millore.

MANUELA ¿Ves como non tas tan segura?

CONCHÍA *Bueno*, eu reconozo que nel ambiente que vosoutros nacestes... e a sociedadá na que vivistes a mocedadá...

MANUELA (*Cortándola, enfadada.*) ¡A sociedadá na que vivimos tía decencia, ¿entendes?, decencia, cousa que non hai hoi, que non sei a unde imos parar, xura diez, se esto non endereza, e non lle vexo xeito!

CONCHÍA ¡*Bueno*, hala, xa tevo ben de sermois! Apousa un pouco.

MANUELA (*Que se senta, abatida.*) Agora si que a que vai a ter que virlle el médico é a min.

CONCHÍA Tate tranquila, anda, tate tranquila, que todo ha salir ben, xa verás. Alberto non é un pelanas cualquera, mamá, é un ATS.

MANUELA ¿E que é un ATS, se se pode saber?

CONCHÍA Pois é un practicante.

MANUELA Pra eso te levará a ti, pra practicar. ¡Dios mo perdone!

CONCHÍA ¡Mamá, por favor!

MANUELA Non, non, perdona. Xa sei que ides a dormir cada un nel sou cuarto, perdona.

CONCHÍA ¡Non se pode falar contigo hoi! Escuita, que me vou, a ver se entendes esto. Déixame dicirche algo que non sabes inda. ¿Sabes de quen é fillo Alberto? ¿Queres que cho diga?

MANUELA ¡E a min que máis me dá saber de quen é fillo!

CONCHÍA Si che dá, si; sei eu que che dá. Pois é fillo único del director del Banco del Pacífico, que ta podrido de cuartos, ¿entendes? *(Neste párrafo subrayará ben cada palabra.)*

MANUELA *(Que non pareceu afectala miga el entorchado.)* Eso, e como non topou outra moza máis guapa, escolléute a ti, porque tamén tou padre ten un banco, pero de carpinteiro, ¿ou que?

CONCHÍA *(Con remosquete.)* ¡Non se pode falar contigo! Vou dentro levar a maleta. *(Pilla a maleta e sale pola porta interior. Manuela sigue sentada, en actitú meditativa, e enseguida volve Conchía.)* Bueno, voume pra Tapia. Tratarei de volver axina. E non lle digas nada a papá, ¿eh? *(Vai camín da porta de saída pra fóra.)*

MANUELA *(Condo Conchía ta xa na porta.)* ¿De quen me dixiche que era fillo el mozo, nía?

CONCHÍA *(Volvéndose.)* Del director del Banco del Pacífico, mamá. *(Sale rapidamente.)*

MANUELA (*Ponse de pé e nel sembrante nótaselle ás claras que el problema merece uha reconsideración á vista da calidá del personaxe.*) ¡Fillo del director del Banco del Pacífico! ¡Cata, cata!

TELÓN

PRA EL AMOR NUNCA É TARDE

José María Bedia Bedia

PERSONAJES:

JUAN: Un hombre de unos 50 años, labrador, casado, fumador habitual de pipa, que la utiliza siempre.

PAULINA: Esposa del anterior, de parecidas características. Es un matrimonio que no se acobarda fácilmente.

JAIME: Primogénito del matrimonio. Joven, de unos 20 años, emprendedor, entusiasta, que toma la vida en serio.

SUSI: Novia de Jaime. Es hija única de...

PEPITA: Una viuda de buen ver. Cercana a los 50. Ama de casa. Vive con su hija. Su marido se llamaba Doroteo.

JUANITO: Hijo segundo del matrimonio de Juan y Paulina. Hermano de Jaime, de unos 18 años, menos decidido que Jaime.

LOLI: Chavala similar a Susi, amistad de la familia, de edad parecida a Juanito. Es hija de...

TEODORO: Un viudo alegre, retirado de la guardia civil. Ronda los 52 años.

ACTO PRIMERO

ESCENA PRIMERA

(Jaime y Susi.)

(Se abre el telón. La escena se desarrolla en casa de Juan. Es una sala de estar. Hai una mesa en el centro y ocho sillas a disposición. También puede valer un banco. Hai una ventana franqueable. El resto de la decoración queda a gusto del director de escena.)

Jaime está sentado, mirando al público, detrás de la mesa, y a su lado Susi.)

JAIME Bueno, Susi. Teven eu pensando que, despós de cuatro anos que levamos de ralacións formales...

SUSI (Interrumpiéndole.) Bueno, eso de formales...

JAIME Quero decir en serio.

SUSI Ai, eso é outra cousa. Eso si é verdá.

JAIME Pois como che iba decindo, despós dese tempo, teven pensando en decirche...

SUSI (Con ansiedad.) Ai, di, di.

JAIME E que eu non me sei expresar mui ben, nía.

SUSI Boh. Pra falar conmigo non fai falta demasiada literatura.

JAIME Si, teis razón. Bueno, pois indo al grano, quería decirche que, agora que naide nos oe, e que xa non somos neníos de dous anos (porque eu xa che vou pra veintiún, que los fago pral mes que vén...

SUSI (Con mucha impaciencia, interrumpiéndole de nuevo.) A ver, oh. Acabas ou non, que parece uha vaca parindo. Acaba duha puñetera vez.

JAIME Si, é verdá. Pois mira, lo que quería decirche é que me quero casar contigo. A ti, ¿que che parece?

SUSI (*Mostrándose algo perpleja.*) Osús, ¡que susto me diche! E que dices as cousas así, tan de repente, que deixas a una sen alento. *Bueno*, pois xa que tanto insistes (*se pone mui contenta*) direiche que tou de acordo. Però antes de decirlle nada a mía madre, que non sabe a misa a medias, dillo primeiro a tou padre, porque veño observando que esta temporada mírame así algo de reollo.

JAIME Si, a él sempre se lle foron os ollos detrás das nenas, si.

SUSI *Bueno*, eso de detrás é un decir, porque tamén che mira pra delante. Però lo que quero eu decir é que me mira como se tevese preocupado por algo.

JAIME Si, é ta. Porque este ano salionos una xata mala que mete medo e non encontra a quen venderla.

SUSI Ai oh. E ¿será por eso por lo que me mira a min así? Pois ¡inda che teño una boa categoría! ¡Inda madeus!

ESCENA SEGUNDA

(*Los mismos y Juan.*)

JUAN (*Entrando.*) Hui, tábades aquí. Perdoade que entrei sen chamar, però pensei que non taba *naide*.

SUSI (*Levantándose.*) Non, se eu xa me iba, que deixei a ola al lume e mía madre foi á praza.

JUAN (*Mira repetidas veces a Susi de arriba abajo.*) Porque chegue eu non te vaias, que aquí xa sabes que te queremos como de familia. Lo mesmo a ti que a Pepita, túa madre.

(*Mientras Juan dice esto, Susi mira a Jaime y le hace señas con los ojos para que se fije en su padre como la mira.*)

SUSI Xa lo sei, oh. Però de todas formas teño que irme, que é mui tarde. Así que ata lougo. (*Hace mutis.*)

JUAN (*Dirixiéndose a ela mentras marcha.*) E dá recordos a túa madre, nía, que sempre lle quixen ben.

SUSI (*Entre bastidores.*) *Bueno, bueno.*

ESCENA TERCERA

(*Juan y Jaime.*)

JUAN La verdá é que eu a esta nena quérolle ben, oh.

JAIME Pois anda que eu... Precisamente deso che quería falar.

JUAN Non, xa se ve, xuradez. Non pensas máis que nela e non apencas a traballar.

JAIME ¡Como non vou a pensar nela, papá! E tan guapa... e tan cariñosa... e tan lista...

JUAN (*Cortándole.*) *Bueno, bueno.* Non fai falta que digas máis cousas, que “a bon entendedor, poucas palabras bastan”.

JAIME Pois a propósito, quería decirche que...

JUAN (*Cortándole de nuevo.*) Tamén eu quería decirche que, a pesar de que lle quero ben, non me gusta pra nora.

JAIME (*Mirando extrañado a su padre.*) ¡¡Que!!

JUAN Como lo ougues. Xa hai uha temporada que cho pensaba dicir.

JAIME Pero papá. Acabas de dicirme que é uha boa nena.

JUAN E sigo decíndolo.

JAIME E que lle queres ben.

JUAN Como a uha filla.

JAIME E que é mui lista...

JUAN Non, eso fuche tu el que lo dixo..

JAIME *Bueno*, é igual. Entonces tu as noras ¿como las queres? ¿Desas que máis parecen esperpentos que xente ou que?

JUAN Non, home, non. Non é eso. Pero non sodes da mesma categoría.

JAIME Pero eso agora non se mira, papá.

JUAN E que ademais xa sabes que tu vas a seguir coa labranza aquí na casa e que sei eu se a esa nena lle gusta ou non.

JAIME Ai *Dios*, papá. Se xa soña coas vacas.

JUAN (*Aparte.*) (Non, co que soña é contigo.)

JAIME Inda fai pouco me dixo que lle gustaban la mar.

JUAN Será en churrasco...

JAIME Ademais, eu al casarme, quero casarme al meo gusto.

JUAN Si, oh. Pero é que el tou gusto é el meo disgusto.

JAIME Pero *bueno*, ¿tu non decías que che gustaba a nena?

JUAN Si, home, si. Pero non pra nora. (*Se pone un poco nervioso. Empieza a pasear de un lado a otro, con inquietud, mirando al suelo. Jaime lo observa perplejo.*)

JAIME Véxote mui nervioso, papá. ¿Teis algo que decirme desa nena, pra que non che guste pra nora?

JUAN (*Sin atreverse a mirar de frente a su hijo.*) Si, Jaime. Téñoche que confesar uha cousa que xa fai tempo que tía que decirche, pero que me resulta mui difícil.

JAIME (*Animando a su padre y acercándose a él cariñosamente.*) Pois di lo que sea, papá, que al fin e al cabo non será ninguha cousa del outro mundo.

JUAN Non, home, non. Que vai ser del outro mundo. E deste. Mira: é que tu non te podes casar con esa nena.

JAIME ¿¿Noooo?? E ¿por que, se se pode saber?

JUAN (*Sopla fuertemente, haciendo un gran esfuerzo.*) Porque esa nena... é túa irmá.

JAIME ¿¿Eeeeh?? (*Se levanta de un salto.*) ¿Tas soñando?

JUAN Non, meo fillo. Desgraciadamente non sueño. Foi un día que non sei como me tentou el demo e encontreime con Pepita...

JAIME Claro... E ela encontrouse contigo...

JUAN Si, encontrámonos os dous...

JAIME E non vos encontrou naide...

JUAN E, claro, xa sabes; el demo son as cousas.

JAIME E as personas, que el demo paga moitas que non fai.

JUAN E como a ocasión fai el ladrón...

JAIME Pois ¡jorobouse a función! (*Se hace un gran silencio. Jaime pasea nervioso por el escenario, de un lado a otro.*) ¡Jolín! (*Lo dice con mucho énfasis. Pasea otro poco en silencio.*) ¡¡Jolines!! (*Sigue paseando del mismo modo.*) ¡Vaia ciempiés que se armou! (*Sigue pensativo un poco. Después se dirige a su padre.*) Bueno. E agora, ¿que lle digo eu a Susi?

JUAN Pois..., pois..., pois...

JAIME Eso non, que pareces uha pita poñendo.

JUAN Pois..., pois..., pois non sei, oh. De momento dálle uha disculpa. Dille, por exemplo, que non te pensas casar por agora.

JAIME Aí está. (*Con sorna.*) Se acaso, que me vou meter fraile *cartujo*.

JUAN Ou que se che presentou un negocio inesperado.

JAIME Si. Máis ben, morrocotudo.

JUAN Ou que...

JAIME *Bueno*. Xa lo pensarei. Agora déixame solo, anda, a ver que discurro.

JAIME Arrepentido tarás. Però falta por cumprir a penitencia. (*Hace mutis Juan.*)

ESCENA CUARTA

(*Jaime; luego Susi.*)

JAIME ¡Esto si que che foi! (*Pasea nervioso.*) ¡Con lo que eu quero a Susi! (*Pausa.*) ¡Con lo que la queremos todos! (*Pausa.*) Claro, por eso decía él que la quería como a uha filla. Si, si; e á madre tamén. (*Con sorna.*) Non, si sempre foi mui cariñoso.

SUSI (*Asomando discretamente la cabeza por el lateral izquierdo.*) ¡Cuchi, cuchi!

JAIME (*Balanceando la mano hacia ella como saludo.*) Ola... (*Aparte.*) (*Virxe Santa. E agora ¿que lle digo eu?*).

SUSI (*Entrando.*) ¿Que? ¿Xa falache con tou padre?

JAIME *Bueno*, máis ben falou él comigo.

SUSI (*Con impaciencia.*) E ¿que? ¿Que dice?

JAIME Pois... dice... Dice que “obras son amores”.

SUSI (*Sigue impaciente durante el diálogo.*) Ou sexa, que nos casemos.

JAIME *Bueno*. Neso non pon inconveniente.

SUSI Ai, xa lo decía eu que me quería muito.

JAIME Si, si. Ai *Dios*, como a uha filla.

SUSI E a mamá tamén.

JAIME Non lo sabes ben.

SUSI Ai, que alegría me dás.

JAIME (*Aparte.*) (Inda non sabe a misa a medias.)

SUSI ¿Que decías da misa?

JAIME Non, nada.

SUSI *Bueno.* Entonces falarei con mamá pra empezar a concretar as cousas.
¿Por que non veis connigo?

JAIME Porque sabe mellor túa madre lo que ten que decirche. (*Con ironía.*)
Ten máis experiencia, ¿sabes?

SUSI Si. A *probe* quedou *viúda* e desamparada ben nova.

JAIME Quedouche máis *viúda* que desamparada.

SUSI Eso si que é verdá, porque fostes pra ela todos mui bos vecíos.

JAIME Si. Us máis que outros.

SUSI ¡Que contento iba a tar papá se soubese todo esto!

JAIME Tou padre sei eu que se iba a disgustar coa nosa boda.

SUSI Home, non me digas. Pois a ti queríate ben.

JAIME Eso si.

SUSI E a min tamén.

JAIME Tamén, tamén. Tanto como a min.

SUSI *Bueno*, tanto non digo.

JAIME Pois eu sei de boa tinta que tou padre queríanos lo mesmo a ti que a min. (*Aparte.*) (¡A ver se cae da burra duha vez!)

SUSI Entonces, ¿irei decirllo a mamá eu sola?

JAIME Si, nía, si. Mira; eu atarrézoche la mar.

SUSI *Bueno.* Pois vou pra alá.

JAIME Non sabes ben el peso que me quitas de encima (*Hace mutis Susi.*)

ESCENA QUINTA

(Jaime; luego Paulina.)

JAIME Mira tu por onde se van a simplificar as cousas. Gustaríame ver a cara que pon Pepita conde lle fale del tema.

PAULINA *(Entrando.)* Buenos días.

JAIME Ola, mamá

PAULINA Tou padre ¿inda non veo?

JAIME Tevo aquí hai un cacho e foise. Lougo volverá.

PAULINA E ¿Juanito?

JAIME Tará por ei cortexando a Loli.

PAULINA ¿A que Loli?

JAIME A de Teodoro,

PAULINA ¿Cortexa a esa nena? Inda menos mal, porque parece mui ben.

JAIME Si, a min tamén me gusta muito.

PAULINA Pois a min non me gusta que che guste. Ademais, tu xa teís a Susi
(Todo esto lo dice sobresaltada.)

JAIME Tía.

PAULINA ¿Que tía?

JAIME Digo que tía, porque tamos rompendo relaciois.

PAULINA *(Extrañada.)* ¿Rompendo relaciois? ¿E eso?

JAIME E que non me chista muito.

PAULINA ¿Como que non che chista? E ¿daste cuenta agora, despós de cuatro anos de relaciois?

JAIME Ademais, non é da mía categoría.

PAULINA Pero eso agora non se mira.

JAIME Por outra parte, ¡que sei eu se lle gustan as vacas ou non!

PAULINA ¿Como non lle van gustar, oh? tache mui avezada a traballar xa desde piquinía.

JAIME *Bueno*, non sei. A min non me gusta. (*Lo dice con un deje tal que deja entrever que no es así.*)

PAULINA *Bueno*, mira. (*Señalando una silla.*) Séntate ei con calma, e fálame claro, que eu xa non che uso chupete e non me trago todo eso que me dices.

JAIME Dígocho en serio, mamá. Non hai máis motivos.

PAULINA Non vale, che dixen. Porque, mira. As madres vemos a través das paredes e sabémosche muito máis de lo que pensades.

JAIME (*Aparte.*) (*Eso era lo que fía falta. Que viran a través das paredes.*) Pois por lo que vexo, inda non lo sabedes todo.

PAULINA A ver, di, di.

JAIME *Bueno*, mamá. Eu non quero sembrar discordias.

PAULINA Fala, fala claro duha puñetera vez.

JAIME Pois, mira. Falándolo en plata, teño que contarche un secreto mui grande, pero que non debes decirlo a naide.

PAULINA (*Con gran curiosidad.*) A ver, a ver, di.

JAIME Éche verdá que tou pirao por Susi. Non lo podo remediar. E como se fose mía irmá.

PAULINA Entonces, ¿por que vos deixades?

JAIME Pois... Por eso mesmo... Porque é mía irmá.

PAULINA ¿Que dices? ¿Túa irmá? ¿Como túa irmá?

JAIME Si, mamá. É filla de Pepita e... de papá.

PAULINA (*Levantándose bruscamente, mui contrariada.*) ¡El mui sinvergüenza!
 ¡Mira el mosca morta por unde salió! Pois xa lle cantarei eu as
 cuarenta, ou inda mellor as veinte en bastos (*hace señas con la mano de
 pegarle fuerte*). Claro. Por eso decía que las quería tanto. ¡Xa ora!

JAIME ¿Comprendes agora por que nos deixamos?

PAULINA E ¿xa lo sabe Susi?

JAIME Tara sabéndolo agora, porque lle vai decir a súa madre que nos quere-
 mos casar.

PAULINA Pois hai que ir a casa de Pepita lo antes posible, pra acabar de aclarar
 todo este lío.

ESCENA SEXTA

(*Dichos e Juan.*)

JUAN (*Entra, como siempre, con la pipa en la boca.*) A los buenos días.

JAIME (*Aparte.*) (*Adiós. Xa ta armada. Eu voume.*) (*Dirigiéndose a Paulina.*)
 Bueno. Entonces eu vou afeitarme e amañarme un pouco. (*Hace
 mutis.*)

JUAN Comeremos lougo, ¿non?, que eu xa teño apetito.

PAULINA (*Con énfasis.*) Tu teis muitos apetitos... e desordenaos.

JUAN Si, é verdá. Teño que confesar que sempre me gustou muito a pipa.

PAULINA Si... e ¡a Pepa! ¡a Pepita! Esa tamén che gustou, ¿non?

JUAN (*Aparte.*) (*Vaia. Xa cantou el paxaro.*) (*Dirigiéndose a Paulina.*) ¿Que
 Pepita?

PAULINA A dos calabazois non, desde luego. Sabes de sobra a cual me refiero.

JUAN Como non te aclares máis...

PAULINA Pois voume aclarar. Pepita é a *viúda* de Doroteo, a madre de Susi.

JUAN (*Disimulando.*) Pois ¿que lle pasou?

PAULINA Nada. Que cambiou moito de repente. Porque primeiro rondában-la dous e agora quedou sen ningún.

JUAN (*Sigue fingiendo.*) E ¿quen la rondaba?

PAULINA (*Con ironía.*) Un vecín, que buscaba alí lo que tía na casa.

JUAN Desde luego, hai xente que ten uhas tragaderas...

PAULINA (*Encarándose con él.*) Però *bueno*, Juan. ¿E que no me entendes ou que?

JUAN Paréceme que tas sacando as cousas de quicio.

PAULINA ¿Así que che parece que tou fóra de razón? ¿Non te dás cuenta que por culpa túa Susi e Jaime tan rompendo as relacións?

JUAN ¿Por culpa mía?

PAULINA (*Van ambos subiendo el tono de voz.*) Si, por culpa túa. ¿Como se vai casar con súa irmá?

JUAN Pois ¿que é? ¿Filla túa?

PAULINA Ai Virgen. ¡Que cara máis dura! ¡Inda lo nega!

JUAN (*Dándose por vencido.*) *Bueno*, muller. Uha debilidá tena calquera.

PAULINA ¿Uha debilidá? Non, eso é un exceso de fortaleza. E mentras tanto eu aquí sola.

JUAN *Bueno*, eu sola non te deixei.

PAULINA ¡Non xa! ¡Teisme máis aburrida que uha ostra perlífera!

JUAN E que tamén es máis sosa que un ovo sen sal.

PAULINA Claro. E máis simpática el outra ¿verdá?

JUAN Por lo menos non riñe.

PAULINA Nunca pensei que foras tan sinvergüenza.

JUAN Nin eu tu tan rabanera.

PAULINA Se non fora polos fillos, agora mesmo pedía el divorcio.

JUAN ¿E quen te iba a manter? Porque non comes precisamente de réxime.

PAULINA Como del que é meo. Al fin e al cabo, tou na casa dos meos padres.
El que veo de fóra fuche tu.

JUAN Pois igual que vin voume, que esta casa é un infierno. (*Hace mutis por el foro.*) (*Sigue un corto espacio de silencio.*)

ESCENA SÉPTIMA

(*Paulina y Jaime.*)

PAULINA Encima inda ten máis que decir que un.

JAIME (*Entrando.*) ¿Acabastes?

PAULINA E que condo uha se enfada, dice máis de lo que quere.

JAIME Desde luego estos días levamos uha racha que...

PAULINA (*Con decisión.*) Bueno, vamos. Que hai que ver a Susi e a Pepita, a ver en que para esto.

TELÓN

FIN DEL PRIMER ACTO

ACTO SEGUNDO

ESCENA PRIMERA

(*Pepita y Susi.*)

Salón de la casa de Pepita. El estilo puede ser igual o parecido al anterior, dejando no obstante ver que se trata de otra casa.

Al abrir el telón, está Pepita haciendo punto o crochet o algo similar. Entra Susi.

PEPITA ¡Conto tardas, nía! Que xa é tardísimo. Pois ¿unde teviche? (*Se levanta y posa la labor.*)

SUSI Teven na casa de Paulina.

PEPITA Pois. ¿Que se che perdeo alí?

SUSI Hui, nada. Teven con Jaime.

PEPITA Ai, si. Parece bon rapaz.

SUSI Ai; é tan bueno... (*Lo dice mui entusiasmada, lo mismo que lo que sigue.*)

PEPITA (*Restándole importancia.*) Si, eso parece.

SUSI É tan guapo...

PEPITA Hum. Se non fora por el focico.

SUSI É tan listo...

PEPITA *Bueno*, verdá é que fato de todo non parece.

SUSI E tan simpático...

PEPITA Jesús. Con tanto tan tan, déldamo se non pareces uha campá. Nin aunque teveses chalada por él.

SUSI E que lo tou, mamá.

PEPITA (*Un tanto sobresaltada.*) Pois mui calado lo tías.

SUSI A nía. Pois xa fai cuatro anos que nos falamos.

PEPITA (*Mui extrañada.*) ¿Que me dices?

SUSI Lo que oigues.

PEPITA (*Sentándose como sofocada.*) Ai Virgen. Deixácheme parada. Traíme un pouco de coñá, anda.

SUSI (*Trayéndole una copa de coñac.*) (*Aparte.*) (Pois ta bueno el patio. Así que condo lle diga el resto, terei que traer el garrafón.)

PEPITA (*Tomando la copa.*) Ai mi madre. A veces leva uha cada sofocón.

SUSI Pero mamá. Tu tamén te casache e teis que pensar que é lei de vida.

PEPITA Si, nía, si. Xa lo sei. Pero é que casarte así de golpe con ese rapaz.

SUSI Pois inda sería pior casarme de penalti. Al fin e al cabo, ¿que ten de malo ese rapaz?

PEPITA Non, nada. (*Aparte.*) (Esto ta poñendo uhas caras que non me gustan nada.)

SUSI Entonces, se por decirche que me gusta te pois así, ¿como te pones seche digo que penso casarme con él?

PEPITA Ai, eso non pode ser, Susi.

SUSI E ¿por que?

PEPITA *Bueno...* Porque sodes de distinto rango.

SUSI Vaia. A mesma fatada de Juan.

PEPITA Ademais, xa sabes. Despós vein os nenos e lougo levádesllos aos volos que los cuiden, mentras vosoutros vades por ei de juerga.

SUSI Algo de razón é verdá que teis. Pero eso non é problema, porque se alterna: uha vez quedan coa vola de aquí, outra cos de alá...

PEPITA (*Aparte.*) (Que é volo tamén aquí.) (*Dirigiéndose a Susi.*) Ademais elos tein vacas e tu non tas avezada a cuidarlas.

SUSI De eso nada. Inda teven mecendo uha el outro día e é fácil.

PEPITA Non sei. De todas formas, ese rapaz...

SUSI ¡E dálle coel rapaz! ¿Pois non decías que era bo?

PEPITA E, nía, é. Però non pra ti.

SUSI Non pra min ¿por que?

PEPITA Ai. Traime outra copía, anda.

SUSI (*Aparte.*) (Esta hoi pilla uha moña como ta mandao.) (*Va a buscársela.*)

PEPITA (*Toma el coñac y se decide a hablar.*) Mira, Susi. Lo que che vou decir é mui gordo, pero non hai máis remedio. Resulta que tu non es filla de Doroteo, el meo home, que en gloria estea (*se santigua*), senón de Juan.

SUSI ¿De Juan? ¿De que Juan?

PEPITA Del padre de Jaime.

SUSI Entonces, ¿que somos? ¿irmaos?

PEPITA Por padre.

SUSI (*Sentándose casi desfallecida.*) Ai mi madre, que me dá un soponcio. Traime coñá.

(*Pepita le trae coñac en una copa.*)

SUSI (*La toma de un trago.*) Ai. Traime outra.

(*Pepita le trae otra.*)

SUSI (*La toma igual que la otra.*) Ai. Traime outra máis, anda.

PEPITA A nía. ¿Non serán muitas? (*Va a buscar otra.*) (*Aparte.*) (Fíxolle reacción, juradiez. Se seguimos así, entre as dúas, vamos ter que poñer una taberna.) (*Dándole la copa a Susi.*) Toma, anda. E non te poñas así, que non é pra tanto.

SUSI (*Toma la copa.*) Non nía. ¿Paréceche pouco? Toda a vida cortexando e agora ter que deixarnos.

PEPITA Anda, xa aparecerá outro.

SUSI Non, agora non é así. Agora os rapaces son mui finolis e non las queren de segunda mano. (*Un breve silencio.*) Bueno; haberá que quedar pra vestir santos.

PEPITA Home, non. Que nunca falta un roto pra un descosido. Bueno, vou acabar de fer todo, que é mui tarde. (*Coge la labor de punco y hace mutis.*)

ESCENA SEGUNDA

(*Susi y Jaime.*)

(*Suena el timbre. Susi sale a ver quien es. Entra Jaime.*)

JAIME (*Mirándola con gran cariño.*) ¡Susi!

SUSI (*Mirando lo mismo a Jaime.*) ¡Jaime!

(*Se abrazan largamente, e hacen el diálogo que sigue en esa postura, entre sollozos.*)

SUSI Però, ¿que che parece de mía madre?

JAIME Lo mesmo que de meo padre,

SUSI O sea, del meo.

JAIME ¡Vaia faena que nos amañaron!

SUSI ¡Destrozáronnos a juventud e a vida e todo!

JAIME ¡Con lo que eu te quero!

SUSI ¡E eu a ti!

JAIME ¡Con lo que nos queremos os dous!

SUSI (*Separándose despacio de Jaime y más serena.*) E bueno; tou padre, ou sexa, el meo tamén, ¿como é tan cínico? Porque, segundo tu, non puxo inconveniente pra que nos casásemos.

JAIME Claro. Casarnos, si. El inconveniente que pon é que nos casemos tu comigo e eu contigo.

SUSI E agora ¿que femos?

JAIME Pois inda non sei. Ta al chegar mía madre pra falar coa túa, a ver que dice.

SUSI E ¿condo vai vir?

JAIME Ta al chegar. Salimos xuntos e quedamos de vernos aquí.

ESCENA TERCERA

(*Susi, Jaime, Paulina y luego Pepita.*)

(*Suena el timbre.*)

JAIME Aí ta.

SUSI (*Va abrir. Entra Paulina.*) Ola, Paulina.

PAULINA Ola, Susi. (*Viendo a Jaime.*) Ai, ¿xa chegache? (*A Susi.*) E ¿túa madre?

SUSI Anda por ei.

PAULINA Pois chámala, anda, que temos que falar mui en serio.

SUSI (*Aparte.*) (*Vou ter que tomar máis coñá, porque se non vai darme algo.*)
(*Se dirige a la puerta.*) Mamá.

PEPITA (*Entre bastidores.*) Vou ei.

PEPITA (*Entrando.*) Buenos días. (*Mira a Paulina y luego hacia el suelo.*) Ai, Paulina. Non fai falta que me digas nada. Xa te entendo antes de que fales.

PAULINA Pois teño muito que decir, aunque me resulte mui desagradable. Así que será mellor que nos sentemos e nos poñamos cómodos. (*Se sientan todos.*) Ai, non sei por unde empezar. Necesito un pouquín de coñá. ¿Non tedes?

PEPITA Si, nía, si. (*Se levanta a buscarlo.*) E eu tamén vos vou tomar un pouco, que non me sinto nada ben.

SUSI Traime a min tamén uha copía, mamá.

JAIME Pois eu tamén tomaba un pouco de boa gana, porque non sei lo que me pasa.

PEPITA *Bueno; levarei a botella e copas e que cada un tome al sou gusto. (Trae una bandeja con una botella y cuatro copas. Sirve una copa a cada uno. Todos toman.)*

PAULINA ¿Tamos todos, non?

PEPITA Os da casa si.

PAULINA *Bueno.* Pois non vou andar con rodeos. Eu sei que hai un gran disgusto nas dúas familias, porque Susi é filla de Juan, el meo home, e de Pepita, a mía contrincante, aquí presente. Pero eu tamén teño algo que decir al respecto e que cambia a situación: Jaime, el meo fillo, non é fillo de sou padre.

PEPITA, SUSI e JAIME ¿¿Queeeee??

JAIME Pero mamá. ¿Como non vou ser fillo de meo padre?

PAULINA Home, si. De tou padre claro que lo es. Pero quero decir que tou padre non é tou padre.

JAIME Eso non lo entende nin su padre.

PAULINA A ver se me entendedes. Jaime non é fillo de Juan, senón de Teodoro, el padre de Loli. (*Todos miran asombrados a Paulina. Esta sigue diciendo, para disculparse.*) ¡Patinazos que ten uha ás veces na vida!

SUSI (A Jaime.) Por lo que vexo, somos fillos de esquiadores.

JAIME (A Susi, mostrando visiblemente la alegría.) Cala a boca, porras, que esto pode ser mui beneficioso pra nosoutros. (Dirigiéndose a Paulina.) Entonces esto quere decir que Susi e eu non somos irmaos.

PAULINA Nin máis nin menos. (A Jaime.) En cambio tu es irmao de Loli por padre, pero tou irmao non. Porque tu e tou irmao sódeslo nada máis por madre, e Susi e Juanito por padre.

JAIME ¡Ai mi madre! ¡Este é un lío padre!

PAULINA (A Susi.) Así que tu es uha filla de...

JAIME (Cortándole.) ...de Pepita. Todo esto quere decir entonce que Susi e eu podemos casarnos.

PAULINA ¡Claro!

JAIME Un coa outra.

PAULINA ¡Claro!

JAIME Ai, ¡que alegría! (Abraza a Susi.) ¡Que contento tou!

SUSI ¡E eu!

PEPITA Pois esto hai que celebrarlo. Podemos tomar uhas copias de coña. (Las toman. Hai un ambiente festivo, de alegría, cuando suena el timbre.)

ESCENA CUARTA

(Dichos y Juan.)

SUSI Vaia, ¿quen será el inoportuno que vén agora aguar a festa? (Sale a abrir.) (Lo que sigue lo empieza a decir entre bastidores para continuar ya en escena, acompañada de Juan.) Hombre, chega nin máis nin menos, agora precisamente que tábamos case celebrando a petición de mao prá voda.

JUAN ¿Ai si? (*Entrando.*) ¿E de quen? (*Repara en los presentes.*) ¡Buenos días!

PAULINA, PEPITA y JAIME Buenos días.

SUSI ¿De quen vai ser? De Jaime conmigo.

JUAN Ah, xa.

SUSI ¿E non se alegra?

JUAN (*Medio distraído.*) ¿Eh?... Ah, si, claro. (*Dirigiéndose a Paulina y a Jaime.*) Fainos falta ir ata casa, que ta alí Teodoro e Loli e non sei que tein que decirnos.

PAULINA Bueno, nenas (*a Pepita y a Susi*). Pois ata máis ver. (*Hacen mutis Paulina, Jaime e Juan.*)

ESCENA QUINTA

(*Pepita y Susi.*)

PEPITA Pois Paulina muito postín e muita cousa, e despós andar a picos pardos con Teodoro.

SUSI Si. Pasoulle como a ti con Juan.

PEPITA Non lle faltes al respecto a túa madre.

SUSI Nin tu a mía sogra. Que tades en igualdá de oportunidades.

PEPITA Si, ata terás razón. Hai cousas que conto máis se moven, máis cheiran.

SUSI Agora lo mellor é salir de compras. Hai que comprar algo de roupa, aunque non pague Televisión Española.

PEPITA Paréceme uha buena idea. Hala, vamos.

TELÓN

FIN DEL PRIMER ACTO

TERCER ACTO

ESCENA PRIMERA

(Teodoro, Loli, Juanito, Juan, Jaime y Paulina.)

El lugar de este tercer acto es el mismo del principio, es decir, en la sala de estar de casa de Juan.

TEODORO Pois el motivo da mía visita é que Loli, a mía filla aquí presente, ta medrando.

JUAN Eso é uha cousa buena.

TEODORO Quero decir, engordando *(hace señas con la mano derecha de que le aumenta la barriga).*

PAULINA Eso xa non é tan bo, pero a unde hai que ir entonces é al consultorio médico, a ver se lle dá alguha vitamina ou algo.

TEODORO Todo se andará. Pero antes hai que vir aquí, porque de momento as “vitaminas” deullas Juanito.

JUAN y PAULINA *(Mirando a Juanito.)* ¡Juanito!

(Juanito mete la cara entre las manos.)

JUAN Juanito, atende a lo que che dice túa madre.

JAIME *(Aparte.)* (Vaia, outro que tamén lle gusta esquiar.)

(Juanito levanta la vista hacia sus padres y vuelve a ponerse igual que antes.)

PAULINA Juanito, responde. ¿É verdá eso?

JUANITO *(Quitando las manos de la cara, con la cabeza baja.)* Si, mamá.

PAULINA ¿E como foi eso?

JUANITO Pois tu ¿non sabes como é eso?

PAULINA Quero decir que non debíades adelantarvos tanto.

JUANITO Xa lo sei. Però xa levamos muito tempo de relaciois; eu querendo decirlo na casa, pero nada. Nunca había forma. “Juanito pra aquí”, “Juanito pra alí”. ¡Que Juanito ni que niño muerto! Juanitos son os nenos pequenos, e eu xa medrei máis.

PAULINA Si, máis da cuenta. E Loli tamén.

LOLI Pois, por lo que me contou papá, non son eu a primeira. Porque vostede tampouco se quedou corta.

TEODORO (*Cortando la conversación.*) Hala, hala, deixade eso, que as mulleres sempre tedes que discutir cousas sen importancia. Esas son cousas que pasaron; agora hai que amañar el presente. A ver que se fai con estos dous... e medio.

PAULINA Pois, haberá que concretar *fechas*. ¿A ti que che parece, Juan?

JUAN (*Mirando detenidamente a Loli.*) Paréceme mui guapa.

PAULINA (*Contrariada.*) Non digo a nena, home, senón a voda.

JUAN Eu penso que é una boa idea. Però eso será mellor concretarlo noutra ocasión.

TEODORO A nosoutros lo mesmo nos dá, con tal que a cousa non quede en agua de *borrajas*.

JUAN Non, home, non. Como dicen os galegos: “A lo feito, peito”.

TEODORO (*Levantándose él y Loli.*) Bueno, pois entonces vámonos e xa concretaremos. (*Hacen mutis.*)

PAULINA (*A Juanito.*) ¡Ah Juanito! Fíame falta que me axudases a colgar os chorizos na bodega. (*Con retintín.*) Como agora xa es un home... ¿Veis?

JUANITO Si, mamá. (*Hacen mutis.*)

ESCENA SEGUNDA

(Jaime y Juan.)

JUAN Però *bueno*, Jaime. ¿Tu non me entendiche condo che dixen que Susi é túa hermA?

JAIME Si, papá.

JUAN Entonces, ¿como é que segues as relacións como se nada?

JAIME ¿Que queres, que *riña* con ela?

JUAN Home, eso non. Però falar de petición de man tampouco.

JAIME E que tu non sabes as cousas a medias.

JUAN A medias, non, rediez. ¡Pois non che me quedei pouco cortao condo me deo a noticia Susi!

JAIME Sigues regando fóra de testo.

JUAN ¿Non “patinarías” tu tamén, como tou hermao?

JAIME Non por certo. Però é que hai algo máis.

JUAN ¿Algo máis? E ¿que é, si pode saberse?

JAIME Vou poñerche un exemplo. Condo uha pita choca saca uha docena de pitos, ¿tu cres que serán hermaos?

JUAN Depende se os ovos son da mesma pita ou non.

JAIME E de se hai máis dun galo.

JUAN (*Abre los ojos desmesuradamente y mira a Jaime, dando a entender que empieza a comprender.*) ¿Queres decir que túa madre...?

JAIME Vaia, vexo que vas entendendo.

JUAN Non pode ser. Túa madre non é desas.

JAIME Mía madre ten certo parecido con meo padre.

JUAN Entonces ¿quieres decir que tu non es fillo meo?

JAIME ¡Ajá!

JUAN E ¿como te atreves a levantarlle uha cousa así a túa madre?

JAIME Eu non lle levantei nada. Foi ela mesma a que lo cantou na casa de Pepita.

JUAN ¡Aja! Agora me explico el *jolgorio*.

JAIME Non che era pra menos. Así non hai ningún impedimento.

JUAN E ¿quen é tou padre, entonces?

JAIME Teodoro, el de Loli.

JUAN ¡Mira el... cornudo ese!

JAIME Neste caso, es máis bien tu.

JUAN ¿Sabes uha cousa? Que el *jolgorio* inda ta empezando, porque túa madre vai oírme. Que así me fixo ela a min. Xa verás. (*Llamándola.*) Paulina, ven acó.

PAULINA (*Desde dentro.*) Vou ei.

JAIME Eu tamén me vou, que esto non lo aguanto. El que la fai que la pague. (*Hace mutis.*)

ESCENA TERCERA

(*Juan y Paulina.*)

PAULINA (*Entrando.*) ¿Que me querías?

JUAN Quería aclarar ciertos puntos. De modo que me chamas a min a atención por lo de Susi e teis tu a desfachatez de entenderte con Teodoro tamén. ¿É esa a túa fidelidad?

PAULINA E ¿que querías? ¿Ser tu só el que la rompese? Pois ladrón que rouba a ladrón, ten cen anos de perdón.

JUAN Però un home ten máis disculpa que uha muller.

PAULINA Eso ¿que lo sacache? ¿Del *derecho* internacional?

JUAN Non. Però é de sentido común.

PAULINA Si, oh. De modo que a muller é a criada pra todo del señor (*le hace una gran inclinación, con una reverencia a estilo indio*), según se lle apeteza, ¿non? Ai, taste mui confundido, se pensas así.

JUAN Na casa mando eu, que pra eso sou el home.

PAULINA Tas listo. Non mandas nin nos calzois, que chos quita cualquiera pendanga que pasa por ei.

JUAN Eso de pendanga, ¿que lo dices? ¿Por ti?

PAULINA ¿Por min? (*Casi metiéndose por encima de él.*) Has a saber que eu sempre fun uha boa muller.

JUAN Ahí está. E senón, que lle pregunten a Teodoro.

PAULINA *Bueno*, eso foi uha vez.

JUAN ...Que se sepa.

PAULINA Que se sepa ou non, foi uha soa vez.

JUAN Sería, inda que me estraña.

PAULINA E ademais foi porque me deo pena dél.

JUAN Agora sólo falta que me digas que foi uha obra de caridad e que teño que agradecercha.

PAULINA Lo que pasa é que tas celoso, porque vale máis que tu.

JUAN E tu tas como uha cabra. (*Cada vez riñen más fuerte.*)

PAULINA Pois tu como el meo marido...

JUAN Non me gurgutes, que che dou uha lafazada. (*Hace ademán de dársela.*)

PAULINA ¿Que pensas, que che teño medo, calzonazos?

JUAN Tampouco eu a ti.

PAULINA Fanfarrón, bocazas.

JUAN Pelella, badana.

ESCENA CUARTA

(Dichos y Juanito.)

JUANITO *(Entrando. Se dirige a ellos, señalando la ventana abierta.)* Pallasos. Ta así a calle *(junta la punta de los dedos de ambas mano, para indicar multitud)* ríndose de vosoutros. *(Hace mutis.)*

JUAN *(Se asoma a la ventana. Se oyen risas entre bastidores, y algún silbido. Juan se pone a cerrar la ventana, no sin decir antes, con gran solemnidad a la gente que se supone está en la calle:)* ¡Fin de la primera parte. Mañana, a las tres, se reanuda la sesión! *(Mientras tanto. Paulina se sentó en un extremo del banco, mirando hacia la parte externa del mismo. Juan, después de lo dicho, cierra la ventana y se sienta en el otro extremo del banco, en la misma actitud que Paulina, de forma que se dan la espalda. Están así algo de tiempo, en silencio. Luego él empieza a torcer despacio la cabeza hacia ella y ella hacia él. Esto se puede hacer fácilmente por señas del apuntador. Tan pronto como se ven, giran repentinamente a su postura primitiva. Así tres veces. A la cuarta, ella se sienta mirando al público. Después lo hace él. Se miran así furtivamente. Después de un breve silencio, con tranquilidad:)*

JUAN ¿Sabes en que tou pensando? Que somos os dous un par de idiotas. Porque, despós de todo, fomos os dous iguales.

PAULINA Si, eso é verdá. Temos lo mesmo que reprocharnos un que outro.

JUAN Paulina, ¿sabes uha cousa? Que nunca te quixen tanto como te quero agora.

PAULINA (*Levantándose y dirigiéndose a Juan, el cual también se levanta de golpe.*) ¡Ai, Juan, que bo es! (*Se abrazan efusivamente mui emocionados. Mientras están así, no reparan en Susi, Jaime y Pepita, que entran sigilosamente por un lado, mientras lo hacen por otro Juanito, Loli y Teodoro. De pronto se dan cuenta y se separan. Los que acaban de entrar los aplauden calurosamente y dan vivas.*)

ESCENA ÚLTIMA

(*Todos.*)

JUAN A ver. Atención a todo el mundo. Teño el honor de comunicarvos que Paulina e eu, como prueba de reconciliación e amor, decidimos irnos, el próximo día 14, que é san Valentín, nada menos que a Mallorca, a celebrar a segunda *luna de miel*.

JAIME E nosoutros que víamos coa idea de casarnos ese mesmo día...

JUANJO Vaia, oh. Nin aunque nos puxésemos de acordo, porque ese era el día que fixáramos a voda Loli e eu, e víamos decírvolo.

PAULINA Pois non hai problema. Faise todo na mesma cerimonia, e como os invitaos son os mesmos, afórranse *jaleos* e cuartos.

SUSI Pois non se fale máis e a casarnos todos ese día.

LOLI E despós vámonos todos xuntos pra Mallorca. Así que, con esto, ta todo dito.

TEODORO Un momento, que inda teño eu a última palabra. Porque, visto como iba todo, eu permitinme el atrevimiento de fer as invitaciois. ¿Que vos parece el modelo? (*Saca un tarjetón tamaño folio y lo entrega a Juan, para que lo lea. Este lo hace en voz alta.*)

JUAN Carai, Teodoro. Non escatimas muito en papel. (*Leyendo:*) “Susi Peralta Gutiérrez y Loli Martín Pérez le invitan a usted al matrimonio de sus padres Pepita y Teodoro... (*Todos miran a Teodoro, incluido Juan, que interrumpe la lectura. Teodoro sonrío gozoso, mientras se le acerca Pepita.*)

JUAN, SUSI, JAIME, PAULINA, JUANITO y LOLI: ¿¿Eeeeeeh??

PEPITA (*Risueña y feliz al lado de Teodoro.*) *Bueno.* Trátase dun cambio pequeno. Total: antes era Doroteo e agora Teodoro. Pouca diferen-
cia hai. E que non hai que olvidar que tamén el amor chega pra
nosoutros, porque nunca é tarde. Hai que saber verlo e aproveitarlo,
porque (*adelantándose e dirixiéndose al público*).

El amor cóllese al paso,
(que a ocasión píntanla calva):
uhas veces, condo ergue el alba,
e outras xa nel ocaso.

TELÓN Y FIN

TOLURAS DE VELLAS

Tomás Niembro González

PERSONAJES:

ROSA: Viuda, cincuentona, hija de Colás, con quien vive.

AMALIA: Moza, hija de Rosa y nieta de Colás.

NIÑA: Vecina de la casa.

COLÁS: Pescador jubilado, viudo. Vive con su hija Rosa y Amalia.

CHINTO: Personaje pintoresco, amigo de Colás.

BRAULIO: Vecino, también jubilado, amigo de la casa.

XUACO: También vecino, amigo de Colás y de su edad, aproximada.

ACTO PRIMERO

Comedor de una casa humilde. Muebles propios del mesmo. Rosa e Amalia hacen calceta sentadas al lado de la mesa.

ESCENA PRIMERA

Rosa y Amalia

ROSA Tarda ben en vir tou volo; debeu retrasarse el ALSA, ou pararíaase con daquén por el camín.

AMALIA (*Mirando el reloj.*) Bueno, inda non é tan tarde.

ROSA Tou mui preocupada por él, non penses, porque eso de ter que ir todas as semanas a revisión a Oviedo, non me ole nada ben, pero nada ben.

AMALIA Pois da operación dice que saliu ben, e é verdá, porque non se queixa miga.

ROSA Non, se el caso e que ata parece que cada día ta máis contento, e condo vai a Oviedo, en vez de vir cansado, ata volve alegre e agaloso que dá gusto velo; pero non me digas a min entonces porque uha simple operación de próstata trae tanta cola. ¡Teño uha rocea!... Non sei si haberá detrás algo máis grave e nosoutras nel limbo.

AMALIA ¡Eso iba a notárselle, mamá! Se, lo que *Dios* non quira, fose algo malino, –que é a lo que tu teis medo–, volo non ta tan animoso nin tería a boa cara de saúde que ten. Seguramente que eso de ter que ir a revisión todas as semanas será cousa de rutina.

ROSA *Dios* te oiga, filla, porque non quero sequera pensar en que tou volo nos faltase nestos momentos. Ata que tu te coloques e eu tope algo por ei, dependemos da súa pensión e tres bocas a manter son muitas bocas.

AMALIA Son, e as cousas tan mui mal prós que queremos traballar. ¡E en Tapia, non che digo nada! ¿Onde se topa hoi un furaco pra meterse? A ver se volo segue con saúde e que non lle falte a pensión pra ir tirando ata unde se poida.

ROSA Eso, ata unde *Dios* quira. Nosoutras máis por él non podemos fer: el sou chocolatín polas mañás na cama, as súas madalenas, os sous lambisquius... A verdá é que se non fose esta condanada próstata, sempre foi sano como un neno.

(*Suena el timbre de la puerta.*)

¿Pois quen sera? ¿Esperas hoi al mozo?

AMALIA Non. Vou aló a ver. (*Se levanta para abrir.*)

ESCENA SEGUNDA

Rosa, Amalia y Chinto, que entra con un fajo de papeles.

AMALIA Pasa, Chinto, pasa; non te quedas na porta.

CHINTO Gracias Amalia. Con permiso, e boas tardes.

ROSA Buenas, ho, buenas. Pilla uha silla e séntate.

CHINTO Gracias outra vez. ¿Non ta Colás?

ROSA Pois non, non ta. Foi a Oviedo, pero non creo que tarde en vir.

CHINTO ¿Otra vez a Oviedo? ¡Ben lo revisan, coño, nin que fora un coche!

ROSA Pois é verdá. E el caso e que da operación saliu ben, segundo nos dixo Pepelín del Chato, que ta por aquí, xa sabes. Por certo que se desviviu por él condo tevo nel hospital, e támoslle la mar de agradecidos.

CHINTO Non me estraña; xa sabes como é Pepelín cos tapiegos.

ROSA Pois, como che decía, meu padre ten que ir a Oviedo todas as semanas a revisión, e leva gastado un dineral . Menos mal que aló para na casa da hermá, que senón... E condo tu entrache táballe eu decindo á nena que tou temerosa de que teña algo peor e que nos lo teña tapando porque non me cabe na cabeza que duha simple operación que saliu ben dela, gracias a *Dios*, vaia xa pra tres meses fendo revisiois. ¡Tres meses!

CHINTO (*Pensativo.*) Pois si que parece raro, si. (*Pausa.*) ¿E Colás mexa ben ou anda con sonda.

ROSA Home, Chinto, non sei como mexa, pero con sonda non anda, que nosoutras saibamos.

CHINTO Pois entonces non é cousa de preocuparse, penso eu. A min que mo conta todo, ou case todo, non se me queixou de nada, (*pausa*) ¿E dices que virá lougo?

ROSA Ten que tar al chegar. ¿Por que non tomas un vasín mentras lo esperas?

CHINTO *Bueno, tomareilo, entonces senon che fai destercio.*

ROSA (*A Amalia.*) Bótallo, Amalia. (*Le sirve esta.*)

CHINTO Gracias, nena (*bebe un sorbo*). Pois quería eu velo pra que me aconsellase nun asunto que traigo entre as maus. Xa sabedes que eu son medio poeta, medio escritor, e ándolle dando voltas a un libro que quero publicar, en fascículos, como esos que anuncia a televisión.

ROSA y AMALIA ¡Non me digas!

CHINTO Pois si, ¿non vos dixo nada Colás? Aquí traigo os primeiros apuntes e quería eu consultar con él, porque destas cousas entende moito, como bon mariñeiro que recorreu medio mundo.

ROSA ¡Déixasnos bobas!, ¡mira que Chinto escritor...!

(*Suena la llave en la cerradura de la puerta, y aparece Colás.*)

ESCENA TERCERA

Rosa, Amalia, Chinto y Colás.

COLÁS ¡Buenas tardes a todos! Ola, Chinto.

ROSA Buenas, papá. Xa tábamos empezando a botar cuentas por que non vías.

COLÁS (*Al que se nota cara alegre.*) Pois aquí me tedes, teso e dereto.

AMALIA ¿E que che dixeron nel hospital, volo?

COLÁS Nada de particular; que tou ben e que siga coas pastillías.

ROSA ¿E xa non teis que volver a revisión?

COLÁS Ata dentro doutros oito días, non.

ROSA Però, ¿condo che van a dar el alta duha puñetera vez?

AMALIA Si, volo, que xa son moitas revisiois.

COLÁS Son as que tein que ser, ¿ou queredes saber vosoutras máis que os médicos?

ROSA Saber máis, non, papá, pero a Pacho del Rebollar que tamén se operou de lo que tu, ás dúas semanas xa andaba segando herba como se nada.

CHINTO Será que Pacho terá mellor encarnadura, ou sería outra clase de próstata, ¿eu que sei?

AMALIA (*Recelosa.*) Usté ta seguro, volo, de que vai ben, lo que se dice, ben?

COLÁS Vou muito ben: ben del todo, xa vedes como me topo e as ganas de comer que teño. Non me prohibiron el chourizo nin el toucín, nin el marisco... *Bueno*, ese prohibemo el precio, pero eso é outra cousa. Tou lo que se dice como un *reló*, como un *reló* novo.

ROSA Pois oxalá sea verdá, (*se levanta*) Anda, Amalia, vámonos prá cocía que estos homes tein que falar das súas cousas. (*Se van ambas.*)

ESCENA CUARTA

Chinto y Colás.

COLÁS *Bueno*, Chinto, *bueno*; ¿e que cuentas de novo?, ¿que traes ei con tanto papelorio?

CHINTO E que quería consultar contigo sobre lo que che falei el outro día, ¿non te acordas?

COLÁS Pois veña, toma outro vasín que tamén eu vou felo (*coge un vaso y se sirven ambos*).

CHINTO Xa sabes que teño metido na chola, el escribir uha cousa sobre el descubrimiento das Américas, e ando documentándome.

COLÁS Pero home, sobre eso xa se escribiu todo lo que había que escribir, penso eu.

CHINTO Sempre queda algo por decir. Verás, eu, de momento, quero demostrar que Colón foi el primeiro home que puxo un ovo, con lo que se aclara duha vez quen foi antes: se el ovo ou a galía, porque se lo puxo Colón...



COLÁS Pero, home, Colón púxolo dereto, según cuenta a historia, vaia.

CHINTO Máis al meu favor, porque se lo houbera posto escrequeñado, como as galías, houbera corrido menos peligro de rompérselle al caller.

COLÁS (*Riendo a carcajadas.*) Ta ben, Chinto, ta ben; esa é uha teoría na que non debeu pensar *naide* nunca. ¿E como vas a titular el libro?

CHINTO Verás, el libro vai ser en verso e non lle puxen inda el título, pero leva un subtítulo que dice “Historia de un mundo nuevo, o el hombre que puso un güevo, tomada de un libro en prosa, que escribió Juan de la Cosa, cuando se hallaba en la Habana, dándole marcha a la esposa de Rodrigo de Triana”.

COLÁS (*Que sigue riéndose.*) ¡Mui bo, Chinto, mui bo! ¿E que máis?

CHINTO De momento, máis nada. Acabóuseme a inspiración. Pois teis pra un pedazo, xura diez, teis pra un pouco.

CHINTO ¿E que prisa teño? Son novo abondo, (*pausa*). *Bueno*, pero tamén quería consultarche lo da granxa; xa sabes que quería poñer uha granxa de galías.

COLÁS Pois non, non lo sabía.

CHINTO ¡Si, ho!, pero é uha granxa das que non hai. É uha granxa de galías güevíparas.

COLÁS Quererás decir ovíparas, como son todas as aves.

CHINTO Non, non quero decir eso. Eu lo que quero decir é que poin el ovo e lougo cómenlo. Ven a ser uha especie de canibalismo, como si dixéramos, vaia.

COLÁS Os que comen os ovos chámanse ovívoros, Chinto, que parece mentira que teñas escribindo un libro e saiba eu máis que tu.

CHINTO Pra eso viaxache toda a vida, que en algo che se tía que notar. Por algo veño preguntarche, ¿ou que?

COLÁS *Bueno, bueno*. A ver, sigue. Dices que vas a poñer uha granxa de galías ovívoras, ¿e con que finalidade?

CHINTO Home a cousa ta ben clara: teis, por exemplo, cen pitas güevíparas... ou como se diga; elas, cada día, poin el sou ovín e despós pápanlo, con lo que non costa ningún traballo mantelas. Nin pensos compostos, nin meiz, nin farelo... nin nada; el sou ovo al día e listo. Figúrate con tantas proteínas, como se van a poñer de gordas e lucidas.

COLÁS Pois non entendo nada; si poin un ovo e elas mesmas lo papan, non vexo el negocio por ningún lado.

CHINTO A cousa ta clara, Colás, engórdolas pra carne. ¿Tu pensache nuhas galías criadas a puro ovo lo repoludas que vantar?

COLÁS Pois non, nunca lo pensei, pero se tu lo dices... ¿E contas pitas teis?

CHINTO Uha; de momento non teño máis que uha e tou enseñándola a comer el ovo, pois saliume sen inclinacóis güe... vívoras, ou como se diga.

COLÁS Pois vaia problema que teis.

CHINTO Teño; xa probei a darlle xema en polvo, desa que venden nas boticas pra os nenos, a ver se la avezaba, pero non ma quere, a condanada, ¡ponse duha leche! Non sabes tu a mala leche que pode ter uha galía. Lo malo e que ta féndoseme vella e non sei se terei que matala pra caldo ou que vou a resolver, ¿que me aconsellas?

COLÁS ¡Ai *Dios*, Chinto!, síntolo muito, pero eu de galías non che entendo nada. E de galías ovívoras, muito menos. Tu sigue coel libro, que é lo tou, e deixa a granxa, que a ti os negocios nunca che deron muito leite.

CHINTO Home, si, coel libro ei seguir porque é a mía vocación, pero nesto das galías tou eu encebolado e teño que encontrarlle a solución. Se che se ocorre algo non deixes de decirmo.

COLÁS Descuida, home, descuida.

CHINTO *Bueno, pois entonces voume, que xa che din abondo a lata. El caso é que sigas mellorando de lo tou, que lo meu xa se amañará, (recoge los papeles de la mesa).* Así que ata outro momento que volva por ei.

COLÁS *(Que también se levanta.)* Ata condo quiras, Chinto. E a ver se che vén a inspiración.

CHINTO *Dios te oiga, Colás. (Se va.)*

ESCENA QUINTA

Colás, Rosa y Amalia.

(Colás queda solo un instante, mientras enciende un cigarrillo. De la cocina vuelven de nuevo Rosa y Amalia, que se sentarán en el transcurso de la conversación.)

ROSA ¿Que che contaba el tolo de Chinto, que tanto falaba?

COLÁS Toluras. Ta como uha cabra. ¿Non dice que quere poñer uha granxa de pitas antropófagas?

AMALIA ¡Ave Maria Purísima, como ta ese home!

ROSA E vía a que lle explicase, claro.

COLÁS Mais ou menos. Però como non entendo un pemento de pitas, e muito menos de pitas antropófagas, déixei lle falar sen levarlle a contraria. Aos tolos non se lles pode levar a contraria. *(Se levanta instintivamente y se pone a canturrear por lo bajo.)*

AMALIA Vese que lle foi ben por Oviedo, volo, que ta contento. ¿Ta tan ben como aparenta?

COLÁS Claro que tou, ¿por que non había a talo?

AMALIA ¿Que sei eu?, como ten que ir al hospital cada pouco...

COLÁS *(Un poco amoscado por tanta insistencia.)* Vou por puro trámite, boba, xa vos lo dixen. Como os médicos se fixeron tan amigos meus, pois queren asegurarse ben antes de darme el alta, non che é máis que eso.

ROSA Se a cousa é así...

AMALIA Ojalá lo sea, volo, porque dígolle que tanto mamá como eu tamos que non nos chega a camisa al peello.

COLÁS ¡Non sei por que! Xuradez se a lo peor tais pensando que teño... *bueno*, que teño *cáncer* ou algo parecido, digo eu.

ROSA Pois mira, xa que te adelantache a decilo... Tamos mui roceanas con tanta viaxe, ¡que queres que che diga!

COLÁS (*Se ríe.*) ¡Peró que barbaridá, muller! Que ganas de pensar en lo malo. ¿Non vedes que tou muito ben, que non vos engaño, que non teño ninguha molestia, que tou como un rapacín?

ROSA Entonces non lo entendemos, caraila.

COLÁS Pois é como vos digo. E non escalabaciedes máis a cabeza (*pausa*). E agora vou dar uha voltía por el muelle a ver se trouxeron algo as lanchas, porque me parece que este ano ta algo zorro. Ata lougo. (*Sale.*)

ESCENA SEXTA

Rosa y Amalia

AMALIA Volo dirá lo que quira, peró eu sigo preocupada.

ROSA Tamén eu, peró de todas as maneras, se tevese algo malo penso que se lle notaría na cara, nos ánimos,... en algo, peró non, ata parece que cada día ta máis agaloso. ¿Non viche que contento chegou de Oviedo?

AMALIA Vin, vin; por eso nos ten tan despistadas. De todas as maneras a min non se me quita da cabeza que esto non é normal.

ROSA ¡Que vai selo! Uha vez á semana a reconocimiento, uha persona que ta curada...!

AMALIA ¿Sabes que tou pensando?, ¿por que non lle preguntamos algo a Pepelín?

ROSA Xa lo pensei eu tamén, pero non me atrevo a molestalo máis, que abondo se preocupou por él aló condo a operación. Vamos deixalo e que seña lo que *Dios* quira.

AMALIA Deixarémolos, pero ¿tu pensache lo que sería de nosoutras se él nos faltase?

ROSA ¿Non iba a pensalo? Condo desperto de noite paso horas sen volver a apegar el ollo. Nesta casa non entra outro perrón que os del sou susidio e dos poucos que teña aforrados, así que... tu verás.

AMALIA Se a lo menos me colocara eu, ou tu, ou nos tocase a lotería, ou uha quiniela...

ROSA Si, si, soña, soña, que soñar non custa nada.

AMALIA Pois tou eu como pra soñar coel porvenir que me espera, vivindo como se dixésemos de prestado e coel mozo tamén nel paro, así que dígoche eu que...

ROSA Tu inda podes ter esperanzas que es nova, pero eu... viúda, sen pensión, e desde hai doce anos vivindo a costa de tou volo, que ata me dá vergonza... Tu a lo menos teis toda a vida por delante.

AMALIA Teño, teño. Vaia vida. A cualquera cousa se lle chama vivir nestos cochinos tempos. ¡Ai *Dios*!

ROSA Haberá que ter pacencia, que se lle vai a fer. Pacencia e coidar ben a papá, pra que nos dure muitos anos.

AMALIA Eso; que dure e que lle suban a pensión, porque non sei por que se me figura que non anda tan bollante de cuartos como antes.

ROSA ¿Sabes que tamén lo notei eu?

AMALIA Claro, é lóxico; con lo que costa el ALSA, e cada semana indo e, vindo... ¿Sacaría cuartos da cartilla, ademais da pensión?

ROSA Non che lo sei, nía, porque con lo pechada que la ten, nunca puiden sabelo que ten nel banco e, lo que ten nel bolso. Xa sabes lo secreteiro que é él prás súas cousas.

AMALIA Pois a min fíame boa falta algo de roupa e siquera uns plalleros pal verau, pero non me atrevo a pedirlle os cuartos.

ROSA ¿E por que non? Al cabo e al fin, él nunca nos negou nada.

AMALIA Negar, non, pero agora rezonga algo e dice que él non ten os cuartos de Rochil, e que se patatín e que patatán.

ROSA Pois terás que decirllo, porque a roupa faiche falta e non vas a andar por ei feita un faragalón.

AMALIA Terei, terei. ¿E tu non pensas comprar algo?, porque tampouco andas mui sobrada.

ROSA Eu tou ben como tou, que xa non teño edá pra presumir. Claro que tampouco me viría mal uha batía.

AMALIA Temos que aproveitar condo cobre a paga extraordinaria.

ROSA Si, hai que tar al tanto, antes de que la gaste.

AMALIA Has a apuntarlle algo condo veña.

ROSA Non, non; mellor llo dices tu. Xa sabes que tou volo che fai máis caso neso que a min. Todos fain igual, parece que lles queren máis aos netos que aos fillos.

AMALIA Falareille mañá condo lle leve el chocolate á cama, que lo pillo de bon humor.

ROSA (*Suspira profundamente.*) ¡Ai, Jesús, que vida! (*Se pone a calcetar.*)

ESCENA SÉPTIMA

Rosa, Amalia y Braulio.

(Llaman a la puerta. Amalia sale a abrir.)

AMALIA ¡Xa vou, xa vou!

BRAULIO Buenas tardes, nos dea Dios.



AMALIA Buenas tardes, Braulio.

BRAULIO ¿Ta Colás?

AMALIA Pois non, non ta neste momento; saliu a estirar as pernas por ei.

ROSA (*Sin dejar la calceta.*) Penso que dixo que baxaba á rula.

AMALIA ¿Non quere pasar a esperalo? A lo mellor volve axina.

BRAULIO *Bueno*, pois se non molesto vou esperalo, entonces.

ROSA Xa sabes que tu non molestas nunca, pasa e séntate.

BRAULIO Gracias, Rosa. (*Amalia le cede una silla, se sientan los tres y hai una pausa breve.*)

ROSA ¿E que cuentas de novo, Braulio?

BRAULIO De novo, nada; lo de sempre: que non se pesca un rabo e que todo vai de mal en peor praos probes. Entre el mal inverno que tivemos e lo pouco que se saca agora, os mariñeiros levan un ano que non che digo nada. E verdá que, a min non me vai nin me vén porque eu teño a mía pensión e anque malamente vou tirando con ela, pero síntolo muito porque son compañeiros e algún sei eu que ata pode que teña pasando estrecheces.

ROSA Teis razón, Braulio, que os que vivimos da jubilación como nosoutros sempre temos algo seguro aunque sea pouco, pero moralmente tamén sentimos lo dos mariñeiros.

AMALIA Pois claro, mamá, que se non entra nada pola boca del muelle tam-pouco hai cuartos nel *pueblo* e condo uns lo pasan mal os outros tamén, non sendo esa media docena que tanto lles dá que chova como que faga sol.

ROSA E deixando as calamidades, ¿que máis nos dices?

BRAULIO Pois que teven en Oviedo a semana pasada e...

ROSA ¿Tamén tu?

BRAULIO ¡Tamén eu, que!

ROSA Non, nada, perdona. E que como meu padre ta con eso dos reconocimientos, véuseme á cabeza...

BRAULIO ¡Ai, *bueno*, lo de tou padre! Pois non, eu non fun a ningún reconocimiento, fun a amañar uns papeles que se me enzarabellaron por aló e a cobrar uns *atrasius* de susidio pendentos, que xura diez me veron ben.

ROSA ¿E non che cuadrou, por un casual, toparte por alí con meu padre?

BRAULIO ¿Que día tevo Colás aló?

ROSA Pois vaise aos *jueves* e volve el sábado. E así todas as semanas desde vai bon.

BRAULIO Pois non, non me cuadrou; e síntolo, porque houbéramos aproveitado pra ir al teatro, que poñían uha obra mui guapa, desas de risa.

ROSA ¿Fuche tu?

BRAULIO Fun, fun, e ben que me rin.

AMALIA ¿Non sería desas de despelote, máis ben?

ROSA ¡¡Amalia!!

BRAULIO Non te enfades coa nena, que tampouco é pecado mortal ver pernas e cousas así, e se non baxa á praia e xa verás.

AMALIA Veralo usté, que anda fisgando cos prismáticos as francesas e as que non son tan fancesas.

BRAULIO Home, Amalia, eu vou mirar prás robalizas, ¿que me importan a min as mulleres á mía edá?

AMALIA Á súa edá e condo se agravan a un as concupiscencias.

BRAULIO Pois mira tu; nin siquera sei lo que son concupiscencias.

AMALIA ¡Sabe, sabe; lo que usted non sepa...! ¡Coa esperencia que ten da vida, e ademais solteirón...!

ROSA É verdá, ¿por que non te casache, Braulio?

AMALIA Esas son cousas súas, mamá.

BRAULIO Si, nena, pero poden contarse. Pois mira tu, non me casei porque a única muller da que teven namorado en secreto, casouse con outro. Por certo que teven suerte, porque quedou viuda e a lo mellor, ¡quen che dice a ti que non houbera sido eu el difunto! (*Se rie socarronamente.*)

ROSA ¡Contra! ¿E quen era ela, se pode saberse, claro!

BRAULIO Pode, pode; pero xa que calei tantos anos, non vou a decilo agora.

AMALIA Ande, Braulio, díganoslo, ¡que máis lle dá, ho!

ROSA Cala, nena, que ten razón Braulio. Estas cousas non son pra andar contando.

BRAULIO Pois mira, xa que vos vexo ganas de sabelo, a vosoutras podo decirvoslo: esa muller fuche tu, Rosa. (*Las dos mujeres quedan sorprendidas e, por un momento, mudas.*)

ROSA Home, Braulio, non me veñas con coñas mariñeiras.

AMALIA (*Sonriendo con cierta picardía.*) Mira tu por unde...

BRAULIO Pois, si, si, coño. E ben que sufrín condo te fixeches moza de Nolo, e condo te levou á igrexa, que ben me acordo que vos casou don Sabino e destes a comida nel Cantábrico.

ROSA (*Se santigua asombrada.*) ¡Ave María Purísima! Pero, mialma ¿é verdá? ¡Nunca me dixiche uha palabra!

BRAULIO Pero tías que habermo notado. Ben te teis que acordar dos bailes del Edén, que sempre taba mirando pra ti.

ROSA Pois non me acordo de que nunca me sacases a bailar.

BRAULIO E que nunca bailei. Ese foi un dos inconvenientes que teven pra aparexar contigo. Hoi dicen ligar.

ROSA ¡Alabado sexa *Dios* con lo que nos sale agora este home!

AMALIA (*Con ironía.*) Nunca é tarde, mamá. Él ta solteiro e tu es viúda, así que non vexo ningún inconveniente de vulto.

ROSA (*Volviéndose velozmente hacia su hija.*) ¡Cala, condenada que a ti naide te chama neste asunto! ¿Non ves, que Braulio díxomo pra halagarme, como un piropo?

BRAULIO Nada de piropo nin de flores, que falo ben en serio pero en pretérito pasado, que non é que me estea declarando. Eu ben sei que xa son mui vello pra Rosa que, por cierto (*mirándola con cara abobada*) consérvaste que válgame *Dios* lo ben que te conservas derriba a embaxo.

ROSA ¡Eh, para, para, non te salas del carril! De modo que viche a cortexarme, non a ver a meu padre!

BRAULIO Non, vir vin ver a Colás, pero como a conversación se puxo así al xeito...

ROSA Pois cambiémosla e falemos doutra cousa.

BRAULIO ¿Parecéuche mal que cho dixese?

ROSA Home, tanto como parecerme mal... Lo que pasa é que me veu así un pouco a contrapelo. Mira que telo guardado tantos anos...!

BRAULIO ¿E feiríasme caso entonces se eu che houbese...?

ROSA ¡E eu que demonios sei, despós de máis de treinta anos!

BRAULIO ¿E agora, feiríasmo agora, si vese en serio? ¿Tan vello tou?

ROSA ¡Que queres que che diga! Si, tas vello, ¿contos anos me levas máis ou menos?



BRAULIO Non lo sei. ¿Contos teis tu?

AMALIA Esa pregunta nunca se lle fai a uha muller, Braulio.

BRAULIO Teis razón. Era pra votar as cuentas, perdona.

ROSA De todos modos, levarasme veinte anos.

BRAULIO ¡¡Rosa...!!

ROSA *Bueno*, ou dezaoitio; pero, muitos, muitos. Ademais vese que tas mui andado. Como che faltou uha muller na beira andarías por ei de la ceca a la meca, botando canas al aire e... xa se sabe.

BRAULIO ¿Canas eu? Pero se case non salín de Tapia, Rosa.

AMALIA Teño oído que por aqueles tempos había en Tapia ata cabaré e todo; *bueno*, que non vos faltaba de nada.

BRAULIO Si que había. Chamábase El Argentino, e tían nenas de alterne e eso, pero eu nunca fun máis que uha vez ou dúas. ¡Non sabes lo que vixilaban as vecías desde as ventás de noite! Con decirche que tíamos que pasar tapando as cabezas coas chaquetas pra que non nos coñecesen...!

AMALIA ¡Que divertido debía ser!

BRAULIO Era, era. E ademais daquela enchíase el muelle de lanchas bermeanas e doutros puertos al son da alternancia. Nunca se rulou tanto peixe en Tapia como entonces, dígocho eu.

AMALIA Ou sea, que ata era bo prá vila.

BRAULIO Eu non sei se era bo ou non. Desde el punto de vista de don Bonifacio, que en paz descansa, que era el cura, tábamos case todos cun pé nel infierno. Agora, desde el outro punto de vista, desde el económico, a cousa marchaba ben porque ademais funcionaban varias fábricas de conserva e daban traballo a muitas mulleres, non como agora que non sendo uha, todas pecharon.

ROSA Non eran malos tempos aqueles, non, anque as mozas fósemos ás festas en alparagatas. Seis rales costaba un par que estrenábamos pola Escontrela ou pola Porteiría.

BRAULIO ¡Seis rales!, ¡e quen los tevera!, porque tampouco lo que se ganaba daba pra estirarse, pero como éramos novos...

AMALIA ¡Ben cambiaron as cousas!

BRAULIO Muito, nena, muito; agora el que máis e el que menos cobra a súa pensión se é vello, ou el sou sueldo se traballa, ou del paro se ta nel paro... e vaise amañando. E se non fixádevos nos coches que hai, con tar malos os tempos e todo.

ROSA E a de restaurantes.

AMALIA E bares, que solo nel muelle hai ocho.

BRAULIO E todos viven, e vailles ben, de modo que hoi desenvólvese a xente muito mellor que antes.

ROSA Ademais non se ven polas portas aquela porcesión de probes de pedir que había antes, algúns mui pintorescos como el difunto Esquilín, que decía que non había caridá porque lle daban café con leite e eso, segundo él, non alimentaba porque se sorbía.

BRAULIO Ben me acordo, ben. ¡Que tempos aqueles, Rosa! Tu tan rapacía e eu enamorado de ti como un burro e sen atreverme a decirche nada!

ROSA Vaia, xa empezamos outra vez.

BRAULIO Perdona, escapouseme sen querer. Como tamos en plan de añoranzas... (*mira el reloj*) ¡Carajo, que xa se me fai tarde pra ir botar a partida de todos os días nel bar de San Blas! (*Se levanta.*)

AMALIA Entonces, ¿non espera a volo?

BRAULIO Non, non espero. Vía nada máis a ensinarlle el papel del Montepio a ver se él ten tamén dereito aos atrasos, que los reclame, pero xa llo direi. Voume. *Adiós.*

ROSA *Bueno*, Braulio, ata outro momento... e gracias por lo que me dixiche. Uha xa non é uha nena pero agradan estas cousas. (*Sale Braulio.*)

ESCENA OCTAVA

Rosa y Amalia.

AMALIA (*Riéndose.*) ¡Que calado tías lo de Braulio, eh?

ROSA ¡Calado! ¡Pero se é a primeira noticia que teño! Ademais, Braulio taba de coña ou algo bebido, porque senón non se explica.

AMALIA ¿E gústache?, quero decir se serías capaz de casarte con él se cho pedirá.

ROSA ¡Casarme eu?, ¡tu tas tola, filla! Nin teño ganas de felo, nin Braulio me enche el ollo nel supuesto de que las tevera. Pois non faltaría máis, ¡aos meus anos!

AMALIA Non son tantos, mamá, que é máis vello él.

ROSA Ademais, eso. Non, nenía, non, que non tou tan tola, gracias a *Dios*.

AMALIA Pois dicen que ten un bon pasar.

ROSA Pode ter el que quira, comigo non vai a compartilo.

AMALIA Pois non penses, que uha pensión como a que dicen que ten, unida á de volo...

ROSA (*Enfadada.*) ¡Cálame a boca xa!; ¿tamén tu tas de cachondeo, ou que?

AMALIA Non lo tomes así, nía, que tampouco e pra tanto.

ROSA ¿Como vou tomalo!, ¿gustaríache a ti ter a Braulio de padrastro?

AMALIA Nin pouco nin muito.

ROSA ¡Pois entonces! (*Transición.*)

AMALIA Lo de volo sígueme dando voltas na cabeza.

ROSA E a min tamén. Se poderamos ferlle falar duha vez...; porque a min non hai quen me convenza de que nos esconde algo, porque eso da rutina das revisiois, e tanta pastillía... e tanto ir e vir...

AMALIA É mui raro todo lo que pasa. Dice que ta ben, pero non lle dan el alta. ¡E un home que ta ben non ten que ir a Oviedo cada oito días! Por outro lado, él ta alegre e con buena cara; ¡ata canta afeitándose!

ROSA Non sei, non sei.

AMALIA A verdá é que se non fora polas viaxes, non tíamos por que pensar mal.

ROSA ¡Eso xa! Pero é que, ademais, coel gasto que ten, cada vez que temos que amañarnos con menos e lougo non nos chegará el sal al auga.

AMALIA Non tanto, nía; ata agora vámonos amañando, e a lo menos pra comer non nos faltou nada, e mellor cuidado que el non hai outro en Tapia.

ROSA E que se chega a faltarnos él...

AMALIA Se eu me podera colocar pra que non pesase todo nas costelas de volo...

ROSA Pra eso e pral tou porvenir, que menudo horizonte teis, coel mozo tamén nel paro, pero sen cobrar.

AMALIA Non me fales, que ese tamén é outro calvario.

ROSA ¿Non se iba a meter en lo del aluminio de San Ciprián?

AMALIA Prometéranllo, pero parece ser que a empresa vai de cul, e en vez de meter xente, bótanla.

ROSA Pois si que tamos amañados.

AMALIA Tamos, tamos.

(Suena la puerta y entra Colás.)

ESCENA NOVENA

Rosa, Amalia y Colás.

COLÁS Xa tou aquí outra vez. ¿Non hai por ei un cafetín?

ROSA Se non lo hai, faise, xa lo sabes, papá.

COLÁS Failo, entonces, que me apetece.

AMALIA ¿Por que non lo tomaba nel muelle, volo, que lo tía á mau.

COLÁS Non sei. A lo mellor por aforrar os sete pesos ou por que me gusta máis el que me fedes vosoutras.

ROSA Anda, Amalia, pon el auga al lume e tomámoslo os tres. (*Sale Amalia. Colás ojea un periódico que hai sobre la mesa, e Rosa reanuda su labor de punto.*)

AMALIA (*Asomando.*) ¿Onde puxiche el café, mamá, que non lo topo?

ROSA ¡Ai, que se nos acabou e non me acordei de trelo! Mira a ver se queda del instantáneo.

AMALIA Xa mirei e tampouco queda.

COLÁS *Bueno*, pois é lo mesmo. Non nos vamos a morir por non tomar un café. Déixalo, Amalia, e séntate seques. (*Se sienta Amalia de nuevo.*)

AMALIA ¿Vai contarme algo, volo?

COLÁS Non, non, nada ¿que me cuentas tu?

AMALIA (*Extrañada.*) ¿Eu?... ¿de que?

COLÁS De que vai a ser, del mozo, del cortexo.

AMALIA ¡Ai, de Quico! ¿E que quere que lle cuente, volo?, todo segue igual.

COLÁS Ou sea, sen traballo.

AMALIA Como case todo el mundo, xa lo sabe.

COLÁS Sei, sei. Entonces, de casarvos axina, nada, supoño.

AMALIA E supón ben. ¡Como non quira que lo traiga pra casa...!

COLÁS ¿Prá casa?, ¡Ave María Purísima! ¡Pois é lo que nos faltaba!

AMALIA Total, uha boca máis...

COLÁS Teis ganas de bromas, Amalia.

AMALIA Si, volo, pero lo que non é broma e é que a mamá lle saliu un pretendente.

COLÁS (*Sorprendidísimo.*) ¿Un que?, ¡carajo!

ROSA ¡Non lle fagas caso a Amalia! (*A la hija.*) ¿Como demonios se che ocorre decir eso a tou volo?

COLÁS Però, ¿é verdá ou non?

ROSA ¡Que demonios vai a ser verdá!, ¡quen che dera fe! E que tevo aquí Braulio e quíxonos gastar uha broma. Foi eso.

COLÁS ¿El mirón de Braulio?

AMALIA El mesmo. Dice que tevo enamorado de mamá de mozo.

COLÁS ¡Ai, *bueno*, eso xa foi hai douscentos anos!

ROSA ¡Papá!

COLÁS Non lo digo por ti, senón por él, que parece un carcañal. ¡Mira tu que Braulio...!

AMALIA Pois dicen que cobra uha gran pensión, de modo que outro sueldo na casa pode que non nos vese tan mal. Al fin e al cabo, será vello, pero non ta de tan mal ver.

ROSA (*Enfadadísima.*) ¡Faime el favor de calar, que che vou a arriar uha...!

AMALIA Vaia nía; pois tampouco é pra poñerse así.

ROSA Póño-me como me dá a gana. Pois non faltaría máis que encima tevera que tomalo a risa.

COLÁS (*Terciando.*) Teñamos a festa en paz e deixémoslo como ta. ¡que queredes que vos diga!, tampouco a min me apetece miga emparentar con Braulio por muita pensión que cobre, que nunca será tanta.

ROSA Eso; por muita pensión que cobre, que todo dá voltas arredor dos dichosos cuartos. E tu, Amalia, tenme muito cuidadín coas bromas, que se chega a saberse polo *pueblo...*, xa demos que falar pra todo el verau e non teño eu ganas de andar na boca da xente.

AMALIA Tate tranquila, tate tranquila. Lo malo é que a Braulio lle de por andar contándolo por ei.

ROSA Non, él non dice nada. Ademais, como é medio fato, anque lo diga, naide llo cre.

COLÁS Teis razón. ¿Que temos hoi pra cenar?

ROSA ¿Xa tas pensando na cena? Jesús, que bon apetito teis; *Dios* cho defenda.

COLÁS Non, era nada mais por sabelo; a fame non me apura.

ROSA Pois inda non lo sei, pero novidades non las espere.

COLÁS ¡Coño! Agora que me dou cuenta este periódico e el de onte. Déixame ir a ver se inda queda algún, que hoi por mor del viaxe, esqueiceume compralo. (*Se levanta.*)

AMALIA ¿Quere que lle vaia eu, volo? Voulle nuha carreira.

COLÁS Non, déixame ir a min, que hoxe andei pouco e faime ben estirar as pernas, que vin muito tempo sentado. De paso traigo tamén un pouco de viño que temos a botella case baleira. (*Sale.*)

ROSA (*A Amalia.*) Mentras tanto, vai cepillando esa chaqueta de tou volo que non sei a unde demonios se arrima que todo lo tizna.

AMALIA (*Cogiendo la chaqueta de una percha y disponiéndose a cumplir el encargo. Rosa vuelve de la cocina. Canturrea mientras cepilla la chaqueta y ve como asoma una carta del bolsillo interior de la misma. Toma la carta la mira, y dice:*) ¿Quen lle escribirá a volo? (*leyendo*) “U.

Rodríguez” (*saca la carta del sobre, y después de leer unos segundos llama a su madre a voces:*) ¡¡Mamá!!... ¡¡Mamá!!

ROSA (*Entrando.*) ¿Que pasa, nena, que berros son esos!

AMALIA (*Enseñándole la carta.*) ¡Mira lo que tía volo nel bolso!

ROSA (*Llena de curiosidad.*) ¿Que é ese papel?

AMALIA Lo que menos podíamos figurarnos: uha carta.

ROSA Però, ¿de quen?, ¿de quen é, que tanto te esmilagras?

AMALIA ¿De quen che parece?

ROSA Non me digas que é duha muller.

AMALIA ¡Pois dígocho!

ROSA Déixame sentarme pra que non cala. (*Se sienta yempieza a leer la carta. Para y toma la cabeza entre las manos, quedando ambas en silencio.*)

AMALIA Non la liche toda.

ROSA (*Abatida.*) Lin abondo.

AMALIA ¿E que vamos a fer?

ROSA De momento, nada; guardar a carta (*la guarda*).

AMALIA ¿E se la bota de falta?

ROSA Que pregunte por ela.

AMALIA ¿Peró é que non vamos a decirlle nada?

ROSA Así non lo vamos a deixar, ¡non te amola! Però temos que ver como atallamos esto mirando ben antes como hemos a felo. De momento, vamos a rumialo uns días, non vaiamos a toller a merenda. Hai que andar con muito tento, que a cousa é grave.

AMALIA ¡E tan grave!, ¡Volo con moza! ¡ja, ja, ja!

ACTO SEGUNDO

ESCENA PRIMERA

Misma decoración. En escena Rosa. Entra Colás de la calle con un periódico en la mano.

ROSA Axiña diche a volta.

COLÁS Si, é que me topei con Manolín del Terín que vai a Oviedo e vou a ver se podo irme con él e así aforro os cuartos del auto de línea.

ROSA Papá, vamos a ver se falamos claro duha vez: ¿quere decirme se ten ou non ten que ir de verdá a Oviedo?

COLÁS ¡Que cousas teis! Se non tevera que ir non iba.

ROSA Quero decir se ten que fer tanta revisión ou é un paripé.

COLÁS Non te entendo; un paripé, ¿pra que?

ROSA Papá, non me disimule máis, por *Dios*, non me faga estalar, que levamos uns días a nena e eu que nin dormimos, nin comemos, nin aosegamos.

COLÁS ¡Pois e que tais empeñadas en que teño que ter algo e que non volo digo!

ROSA E temos razón: ten algo que non nos lo dice.

COLÁS Pois tais equivocadas. Tou como un coral. Non teño nada.

ROSA (*Mostrándole una carta.*) Papá, ¿e esta carta?

COLÁS ¡Que ten esa carta?, ¿de quen é?

ROSA Pois remite un tal U. Gutiérrez; vostede saberá.

COLÁS ¡Ai, si, é dun amigo meu de Oviedo! Trae pra acá. ¿Condo chegou?

ROSA Papá non me tome el pelo, ¡por *Dios*! Esta carta tía-la vostede nel bolso e encontroulla a nena, así que non disimule máis e falemos claro duha vez.

COLÁS ¿E quen sois vosoutras pra andar nos bolsos dos demais e ler lo que non vos importa?

AMALIA (*Entrando.*) Fun eu, volo. Taba limpiándolle a chaqueta el outro día, e caeu a carta del bolso. Perdone. E como as mulleres somos tan sabicheiras...

COLÁS *Bueno*, pois agora xa ta. Tía que habévoslo dito, pero non lle encontraba el xeito.

ROSA Así que se botou uha pelandusca por Oviedo. ¿Non lle dá vergonza?

COLÁS ¿De pelandusca, nada, que e tan honrada como tu e como eu, que pensas!

ROSA (*Echándose a llorar.*) ¿E nosoutras tan preocupadas pensando en que tía algo malo e non se atrevía a dicírnolo...!

AMALIA ¿E algo malo era, así *Dios* me salve!

COLÁS *Bueno*, pois agora xa foi; si, é verdá, xa lo sabedes todo: teño moza, ¿que pasa!

ROSA E dícenolo tan fresco, ¡á súa edá!, ¿non lle dá vergonza?

AMALIA ¿Como é, volo, ¿é mui vella?

COLÁS É como túa madre, máis ou menos.

ROSA Ou sea, que podía ser filla túa. ¡É uha engatusadora, eso é lo que é! E ademais, cursi; mira que chamarlle “¡cielito mío...!” ¡Cielito, si!

COLÁS É que é mui romántica.

ROSA Seguro que todo este tempo tiveron vivindo en pecado mortal, ¡*Dios* mo perdone!

COLÁS ¡Muller... como salir, salín ben da operación, pero non pra tanto!

AMALIA Entonces, ¿que é lo que pensan fer, volo?

COLÁS Pois, de momento, seguir as nosas relacións e lougo, casarnos, ¿ou que pensades?, inda teño dereito á vida.

ROSA (*Sollozando.*) ¡Ai mía madre del alma, este home volveuse tolo! Pero, ¿tan mal lle vai nesta casa?, ¿tan mal te tratamos nosoutras, que botas

de menos outro cariño?

COLÁS Non, non é eso. Tratar trataisme ben, como a un rei, pero un...

ROSA ¿E pensou de que vamos a vivir nosoutras condo vostede se case e se vaia a vivir con esa..., *bueno*, con esa como se chame?

COLÁS Ubalda, chámase Ubalda, e non penso irme a vivir con ela, senón que vai ser ela quen veña a vivir con nosoutros.

ROSA (*Saltando.*) ¿Con nosoutros? ¡Ai, non, eso de ninguha maneira! Nin se lle pase siquiera pola cabeza. Antes voume da casa e levo comigo a nena. ¡Con nosoutras, que naide tevo que decir nunca nada, ¡e agora vamos a dar a campanada!

COLÁS ¿Que é eso da campanada? Campanada son outras cousas. ¿Que ten de malo que un viúvo se case? É normal; ata pasou de moda tocar as cenzarradas.

ROSA Non sei, non sei; se a lo menos trouxese a súa pensión, ¿ou non cobra pensión?

COLÁS Cóbrala, cóbrala, e boa, que tamén ela é viúva dun mineiro e os mineiros ganan un diñeiral.

AMALIA ¿E que máis lle dá a vostede que la cobre? ¿Non sabe que as viúvas perden a pensión se volven a casarse?

COLÁS ¡Que perden a pensión? Pois non había eu pensado neso. ¿Tu tas segura, nena?

AMALIA Segurísima.

COLÁS Pois Ubalda non me falou nada deso.

ROSA Será que quere amontuarse pra non perdela. ¡E eso si que non lo vou a consentir!, ¡pois non faltaría máis!

COLÁS ¡Muller, todo se pode amañar!

ROSA ¿Amañar? Non sei como. Ou vos casa el cura, e entonces temos que

escoller entre vivir con ela ou irnos da casa ou...

AMALIA Ou acetar que volo viva “con su pareja”, sen casar, que agora é moda.

COLÁS (*Tratando de evadir la cuestión.*) Bueno, pois vamos a deixalo, que xa lo pensarei, que hai tempo abondo.

AMALIA Tempo abondo... Mui novo se sinte, volo.

COLÁS Bueno, novo ou non, deixemos esto agora e vosoutras volvede á cocía que é unde tedes que tar... mentras eu non dispoña outra cousa, ¡hala! (*machista*).

(*Rosa y Amalia obedecen la orden. Rosa marcha sollozando y Colás, pensativo, releo la carta.*)

COLÁS A ver que coño resolvo eu agora. Deixar que a filla e a neta se vaian, non vou a felo, ¡non faltaría máis!, pero xuntarme con Ubalda así polas buenas... tanpouco me parece ben dar que falar á xente. ¡Vaia telar que amañei!

(*Llaman a la puerta. Se levanta Colás para abrir, y aparece Chinto.*)

ESCENA SEGUNDA

Colás y Chinto.

COLÁS ¡Ola, Chinto! Precisamente me taba acordando de ti pra preguntarche uha cousa; pasa e séntate.

CHISTO Tu dirás.

COLÁS ¿Tu sabes se uha viúda al volver a casarse perde a pensión que tía por el primeiro home?

CHISTO ¿Sabes que algo teño ouguido?

COLÁS ¿E se non lo declara?

CHISTO Se non declara, que.

COLÁS Pois eso, se non declara que se casa.

CHISTO Xa, pero mentir nunca foi boa melecía, porque antes ou despós han a descubririllo e a cousa iba a ser peor, coas devoluciois, as multas e todo eso.

COLÁS ¿Tamén multas?

CHISTO ¡Home, claro!, agora poinche multas por todo. Teño eu un sobrín que xa pagou a quinta; de tráfico, ¡claro!

COLÁS De tráfico, si, pero por non dicir que un se casa...

CHISTO ¿Pois é que pensas casarte?

COLÁS (*Sorprendido.*) ¿Eu?, ¡que va, ho!

CHISTO Como tas tan interesado, pensei...

COLÁS Foi por sabelo. ¿Non me veis tu preguntar a min cousas que non sabes?, así que...

CHISTO Pois si; debe ser por eso das incompatibilidades, ou algo parecido.

COLÁS Será, será. Escuita, ¿e se se casa un home?

CHISTO Se se casa un home pior pra él, que el boi ceibe, ben se lambe, (*pausa*). ¡Tópote algo preocupado!

COLÁS Pois é verdá que lo tou. E que hai días que non gana un pra disgustos.

CHISTO ¿E que teis malas noticias?

COLÁS Al contratio, boas... ou millor dito, malas. *Bueno*, eu xa me entendo.

CHISTO Pois eu non.

COLÁS ¡Ai, se eu che contara, Chinto!

CHISTO Pois cuenta, home, cuenta, que pra eso somos amigos.

COLÁS Mellor lo deixamos pra outro día, se che parece.

CHISTO Como quiras. (*Pausa.*) Pois eu vía falar un pouco contigo por lo da granxa.

COLÁS Xa, e del libro, supoño.

CHISTO Non, lo del libro téñolo en suspenso, de momento. Non acaba de virme a inspiración pra seguir escribindo versos.

COLÁS Tampouco me pillas de bon humor pra escuitalos, de modo que solta xa lo das pitas.

CHISTO Pois resulta que a galía antropófoga, chocou.

COLÁS Pois eso é bo, ho. Así poderás deitala a gorar os ovos que lle poñas. E malo será que algún dos pitos non sala á madre.

CHISTO Eso fixen, pero ¿non sabes lo que pasou?

COLÁS Que che saliron todos pitos.

CHISTO Peor. Que non me saliu ningún porque non contaba conque os ovos tein que ter galadura, e como sempre teven á pobre pita solteira...

COLÁS Teis razón, tampouco eu me dera conta.

CHISTO Claro, como as pitas seguen poñendo aunque non teñan galo... eu pensaba...

COLÁS Pois vaia mala suerte, ho. ¿E que pensas fer?

CHISTO De momento vou atravesarlle as narices cuha pluma, que dicen que sirve pra que se lle pase a chociera, que non lo creo, porque anda pola *xaula* como tola chamando os pitos que non ten.

COLÁS Vas ter que acabar coméndola en pepitoria.

CHISTO Non, se ela gorda ta, pero non creo que poda comerse uha pita choccia, dicen que entra diarrea.

COLÁS Pois eu non che teño que fer, Chinto. A ver se topas outra galía e teis mellor suerte.

CHISTO Pois a ver. (*Transición.*) ¿E non queres, entonces, contarme esa preocupación que teís?, ¿somos amigos de sempre ou non lo somos.

COLÁS Somos, pero xa cho contarei noutro momento que teñamos os dous solos.

CHISTO ¿Teís medo a que se enteren as mulleres?

COLÁS Non, que xa lo saben; e que quero pedirche un consello de paso.

CHISTO ¿Consellos a min? Pois anda que se cambiaron os papeles. (*Se oye hablar a las mujeres en la cocina.*)

COLÁS E agora disimula porque veín ei as mulleres, me parece.

CHISTO (*Disimulando muy mal.*) Ou sexa, que se non che parece ben lo que che cuento das pitas, voume (*se levanta*). Ata outro momento, entonces.

COLÁS (*Que también se levantó y acompaña a Chinto ata la puerta.*) Non che ofrecín un vasín, ¿apetéceche?

CHISTO Non, que xa me vou. (*Sale y Colás cierra la puerta volviendo a la mesa donde toma el periódico y lee. Aparecen las dos mujeres.*)

ESCENA TERCERA

Colás, Rosa y Amalia.

ROSA Que, al fin vas a ir ou non a “reconocimiento”? (*Recalca la palabra con retintín.*)

COLÁS ¿Deixádeme en paz, *carajo*, que nin siquera pode un home ler el periódico tranquilamente!

AMALIA Si, mamá, deixa tranquilo a volo, que xa ta ben, creo.

ROSA Non, se por min... Pero el que lo ten que deixar e él, que inda non acabou de explicarse.

COLÁS Xa tou abondo explicado. Descubrístesme el pastel, e *bueno*, a cousa xa non ten remedio.

ROSA ¿Como que non ten remedio?, ¿queres decir que segues coa idea de casarte con esa...

COLÁS (*Atajándola.*) ¡Sen insultar, ¿eh?, sen insultar a naide.

ROSA Pero se é que tou tan nerviosa que desde que lemos a carta xa non sei nin lo que digo!

COLÁS Pois cala e non digas nada. Agora que xa sabedes que non teño *cáncer* podedes dormir tranquilas, digo eu.

ROSA Pode que sea peor el remedio que a enfermada (*arrepintiéndose de lo dicho*). ¡Ai, Dios mo perdona! (*Solloza.*)

COLÁS Non empecemos outra vez, Rosa, non empecemos outra vez, que xura diez parece que moriu daquén con tanto choro.

AMALIA Déixalo, mamá, déixalo. (*Coge a su madre del hombro y la vuelve a la cocina. Rosa segue hipando.*)

COLÁS (*Ya solo, y mirando hacia la puerta por donde marcharon hija y nieta, dice en alta voz.*) ¡Salo un pouco a dar uha volta!!

(*Sale, y la escena queda sola un momento. Al poco rato llaman nuevamente a la puerta.*)

AMALIA (*Saliendo a abrir.*) ¿Quen demontres será? Esta casa non ta tranquila un momento.

(*Abre e aparece Braulio, que trae en la mano un paquete envuelto con cordel.*)

ESCENA CUARTA

Amalia, Braulio y luego, Rosa.

BRAULIO Ola, Amalia.

AMALIA (*Con sorna.*) Ola, Braulio. ¿Veis ver a volo ou a mía madre?

BRAULIO Menos bromas, Amalia; veño a ver se ta tou volo.

AMALIA Pois non ta. Acaba de salir, e de milagro non vos tropezastes pola escaleira.

BRAULIO E que traía este paquetín por se iba a Oviedo, pra que me fixese el favor de levalo á casa de mía irmá. Xa ten a *dirección* posta.

AMALIA Non sei se volo irá a Oviedo hoi nin mañá nin condo, pois leva uha temporadía sen ir e sen decirnos nada deso.

ROSA (*Desde adentro.*) ¿Quen veu Amalia?

AMALIA (*En alta voz también.*) Naide, é Braulio.

BRAULIO (*Amoscado.*) ¿Como que naide, nena, ou son eu un fantasma?

AMALIA Perdona, quería decir que non era naide en particular.

BRAULIO Pois inda lo pois peor.

AMALIA Ande, que xa me entende. Como usté é como se dixésemos da casa...

BRAULIO Oxalá.

AMALIA Entonces, se non quere ninguha cousa máis... pode deixar el paquete, se non algo que poda perderse, ou volver a levalo, porque, xa digo, non sabemos nada de condo volo volva a Oviedo.

BRAULIO Pois entonces lo mellor é que volva noutro momento, condo veña Colás. (*En voz alta y mirando a la puerta de la cocina.*) ¡Ata lougo, Rosa, que non queres nin asomar!

ROSA *Adiós*, home, *adiós*. Non é eso, e que taba el leite al lume e a punto de ferver.

BRAULIO El leite... Pois ata outra, entonces (*sale acompañado de Amalia, que le abre la puerta*).

ROSA Parece esto a residencia de ancianos desamparados, contra. Menudo é Braulio pra que lle crea que vía trer un encargo a tou volo. Lo que me faltaba, que encima tevera que aguantar este pelma, coel humor que teño.

AMALIA Deulle fuerte, despós de tantos anos de disimulo. ¿Non será cousa de que lo penses, mamá?

ROSA (*Enfadándose.*) ¡Nin de broma siquiera quero que me fagas esas insinuacións!, ¡nin de broma, xa cho digo!

AMALIA E que se volo se casa e tu non queres na casa a señora coa que anda liado... pois...

ROSA ¡Primeiro me vou fregar escaleiras!

AMALIA Si, pero con eso non amañas nada, porque se volo non deixa a casa... A non ser que se vaia a Oviedo a vivir, sé é que non lle pasa a tolura de casarse.

ROSA Eso xa se verá. Tan dándome ganas de ir conoela e arrancarlle el moño, ¡así *Dios* me salve!

AMALIA Con eso non resolves nada máis que dar un escándalo, mamá.

ROSA (*Otra vez lloriqueando.*) Entonces, ¿que vamos a fer, nena?

AMALIA Non lo sei. Nin tan sequera podo librarme eu casándome e empezando vida, ata que Quico non traballe.

ROSA (*Secándose las lágrimas con el mandil.*) Pois vai pra largo, como sigan así as cousas.

AMALIA Vai; pois *Dios* dirá. E agora que me acordó, teño que salir un momentín que tou citada cos das festas del Carme (*mira el reloj*) e xa me vou, que é tarde (*sale*).

ROSA (*Sola.*) ¡Quen me iba a decir a min que a preocupación que eu tía pola enfermidade de meu padre iba a tomar estos camius!

(*Suena gente en la puerta de entrada y asoma Xuaco seguido de Colás.*)

ESCENA QUINTA

Rosa, Xuaco y Colás.

XUACO (*Asomando.*) ¿Se puede?

ROSA (*Aparte.*) ¿Non che digo?, as hermanitas de los pobres... Pasa, home, pasa.

XUACO Non, vai a ser un bocadín pequeno, porque vai sendo hora de xantar e...

ROSA Si, si, lougo.

COLÁS ¿Non ta Amalia?

ROSA Saliu hai un pedacín. Xa sabes que ela come al sou aire condo chega ou condo lle parece.

COLÁS (*Se sienta y hace una indicación a Xuaco de que lo haga.*) Séntate, Xuaco.

ROSA (*A Xuaco.*) Vou sacar el pote del lume. Se queres quedarte, uha garfe-lada non che ha faltar.

XUACO Non, gracias, que me ta esperando a parenta.

ROSA Aló tu. (*Se va.*)

COLÁS (*Cerciorándose de que están solos.*) Bueno, a lo que che vía decindo: se por un casual, e un suponer, tu foras viúdo —lo que *Dios* non quira—, e se che presentara a oportunidá de volver a casarte, ¿que feirías?

XUACO Pois nunca pensei neso. ¿E que che pasa a ti?

COLÁS Non, non, que va... E que teño un amigo en Oviedo que ta nesa situación e fíxome a min esa mesma pregunta.

XUACO Pois non sei, Colás, depende das circunstancias.

COLÁS ¿Que circunstancias?

XUACO Pois... ¿¿que sei eu?!... que se congeniase... que a futura muller tevera ben, pono por caso...

COLÁS Ben de... (*hace un ademán expresivo*) corpo, ou de salú?

XUACO Das dúas cousas, e se ten cuartos, mellor.

COLÁS ¿E se ela al casarse perdera a pensión?

XUACO ¡Home... entonces habría que pensalo!; non quedaría outra solución que renunciar aos cuartos ou vivir en concubinato, xa me entendes.

COLÁS Queres decir, en xuntoiro.

XUACO Eso. Eu non lle vexo outro xeito que el deseguir sendo viudo e lamberse solo, como dice el refrán que fai el boi ceibe. ¿E dices que teis un amigo nesas circunstancias?

COLÁS Si, en Oviedo; conocinlo nel hospital condo me operaron e tomamos muita confianza.

XUACO Home, eu penso personalmente que á nosa edá xa non fain falta as mulleres máis que pra fer compañía e pra que cuiden a un.

COLÁS Non, se é lo que lle dixen eu. Pero parece que ta mui enamorado, ¿non sabes?, e como ela ta de bon ver...

XUACO ¿E non se tratará de alguha pendanga que quira comerlle os cuartos, se é que los ten, que eu non lo sei?

COLÁS Home... pois non mo parece. *Bueno*, eso me dixo él. Por lo visto ela tamén ten uha boa pensión porque é viúda dun militar, al parecer.

XUACO Pois esa pérdela, de modo que... ¡que queres que che diga!

COLÁS *Bueno*, pois xa llo direi condo volva a velo. Con eso penso que el non contaba.

XUACO ¡Ai ho! xa me esquecía preguntarche como vas da operación.

COLÁS ¡Ai pois muito ben! Nin siquiera teño que seguir ningún régimen tocante a comer.

XUACO Pois alégrome, ho, alégrome, porque eso de ter que ir a Oviedo cada pouco, tamén era uha xangada.

COLÁS Non penses; quero decir que a todo se aveza un. Claro que se gasta...
peró...

XUACO Non me fales de gastar, que cada día chegan pra menos as pensiois.
Se nos soben dúas, a vida sobe cuatro, xa sabes.

COLÁS Sei, sei. E menos mal se vamos tirando, anda, aunque haxa que apretar
el cinturón.

XUACO Non, eu máis apretado non podoo telo. Xa teño furacos ata cerca da
hebillaa.

COLÁS Non, non te queixes, que tu e a muller solos amañaisvos ben, aunque
seña con pouco, peró unde hai uha casarada...

XUACO Si, home, si, peró con todo e eso, hai que filar a modo pra amecer un
mes con outro.

COLÁS Bueno, pois haxa salú.

XUACO Eso si, eso é lo principal (*se levanta*). Bueno, e voume que tamén a min
me vai sendo hora de chegarme al caldo. (*Le acompaña Colás ata la
puerta.*) Ata lougo.

COLÁS Ata despós, Xuaco.

(*Colás vuelve a la mesa, se sienta e enciende un pitillo.*)

ESCENA SEXTA

Colás y Rosa.

ROSA ¿A que vía Xuaco?

COLÁS A nada de perticular. Xa sabes que Xuaco nunca dice nada de pertic-
ular.

ROSA ¿Non lle dirías nada del tou problema, supoño!

COLÁS Tas tola, ¿por quen me tomas?

ROSA Por lo que es, por un fato.

COLÁS ¡Non empeceamos outra vez, Rosa!

ROSA Non, eu non empecei nada. Eu non din motivos a nada. Es tu el que inda non nos aclarache nada. ¿Vas a ir al fin hoi a Oviedo, como decías hai un bocadín?

COLÁS Non lo sei.

ROSA ¡Mira que meterte nestes beléns á túa edá...!

COLÁS ¡E dálle coa edá!

ROSA Vai a resultar que es un rapacín, vaia!

COLÁS Un rapacín, non, pero outros tan pior.

ROSA Sempre hai quen ta peor en todo, pero eso non quita de que organize un lío que non sei como vas a salir del.

COLÁS Pois salindo.

ROSA Xa, xa... salindo, ¿e como?

COLÁS Non lo sei, déixame, teño que pensalo, e bos dolores de cabeza me ta costando.

ROSA ¡Tan ben como tábamos os tres xuntos en paz e en gracia de *Dios*!

COLÁS E seguiremos tándolo, ¿ou non? De momento, inda tamos xuntos, aunque non tan en paz e en gracia de *Dios*, mialma.

ROSA Non, a paz nesta casa... Dígoche que non pego ollo desde a dichosa carta, que el demo me tentou lela.

COLÁS Pois toma tila, que tampouco eu durmo muito, ¡ou que pensas!

ROSA Entonces é que te remorde a conciencia.

COLÁS Non me remorde nada, que non fixen cousa mala ninguha. É preocupación por el rumbo que tomaron as cousas e por el partido que teño que tomar.

ROSA Eso é mui fácil: ¡con deixala!

COLÁS (*Remedándola.*) ¡Con deixala! Eso dícese axina; ¡como se fose uha chaqueta vella!

ROSA Chaqueta non, pero vella...

COLÁS Ben se ve que non la conoces, que se la conocerás non lle chamarías vella.

ROSA Nin maldita gana que teño de conocela, que nos veu a roubar a tranquilidá desta casa, e acabar con nosoutros.

COLÁS Non sei por que me parece que te me tas destapando como uha egoísta de proa a popa.

ROSA ¿Egoísta eu? (*Se echa a llorar.*) ¡Ai lo que teño que oír! Egoísta eu que te tou cuidando día e noite e sacrificando a mía vida por ti?

COLÁS Pola cuenta que che ten. ¿E non queres tu agora que sacrifique eu a mía por vosoutras?, ¿eh?

ROSA ¡Eso é diferente, eu inda son nova pero tu non me digas que tas pra fer el pallaso con mulleres! (*Sigue hipando.*)

COLÁS Mira, Rosa, non me quiras fer pasar por fato, que non lo son. Lo que che pasa tanto a ti como a Amalia e que tedes medo de que veña outra muller a gobernar a casa, non é máis que eso.

ROSA Eso é verdá. Esta casa gobernámosla nosoutras, ou vámonos. Outra muller nela non la vamos a tolerar, e pra gobernar, menos.

COLÁS ¿E quen che dice a ti que ela iba a querer gobernar?

ROSA Pois peor inda. Eso quere decir que viviría de señora e nosoutras servíndola como criadas. Pois era lo que me faltaba por escuitar!

COLÁS Quero decir que podíamos buscar ela e eu un apartamento e quedar vosoutras vivindo aquí.

ROSA ¿Vivindo, dice?; ¿e de que?

COLÁS Eu pasaríamos a soldada, como sempre.

ROSA ¿E de que iba a vivir usté con dúas casas abertas e dúas familias?

COLÁS De lo que me sobrase... e da pensión dela.

ROSA Ou sea, de chulo, *Dios* mo perdone. ¿Peró non quedáramos de que perde a pensión al casarse?

COLÁS Pois si, xa non me acordaba. Peró non casándose...

ROSA (*Horrorizada.*) ¡Ou sea, vivir amontuados!

COLÁS Non, eso de amontuados xa non se leva. Vivir esperencias prematrimoniales ou vivir en parella. Non sería eu el único, ¡ou non les as revistas!

ROSA ¿Peró tan pouca vergonza ten esa muller que se aveniría a xuntarse con un home sen pasar pola igrexa?

COLÁS Pois non; tas quivocada. É uha muller mui piadosa e non se aveniría. Ei ta el problema.

ROSA ¿Entonces?

COLÁS Pois non lo sei. De momento tamos así, arralando as entrevistas porque ela tampouco la agalla muito vivir con dúas mulleres.

ROSA (*Suspirando.*) Bueno, pois vamos xantar, anque as ganas non se me abren con esas cousas.

COLÁS Vamos, entonces, que a min el apetito hai poucas cousas que mo quiten. (*Se van a la cocina. La escena queda sola un momento y llaman a la puerta. Aparece nuevamente Rosa mui enfadada.*)

ROSA ¿E que non pode uha ter un momento tranquilo nesta casa?

(*Abre la puerta y aparece Chinto con sus papeles de siempre.*)

ESCENA SÉPTIMA

ROSA Ola, Chinto. Tamos xantando, si queres...

CHINTO Non, eu xanto máis tarde. ¿Ta Colás tamén xantando?

ROSA ¡Home, suponte!

CHINTO ¿E tardará muito?

ROSA ¿Pois trais tanta urxencia?

CHINTO *Bueno*, si e non; é que tría uns papeles pra que los lera e me dese a súa opinión.

ROSA Pois terás que esperar un pedacín se non queres volver lougo. Pouco será porque pápala en dous bocados.

CHINTO Pois se non molesto espero porque xa tou aquí. Tu sigue a lo tou, sen présas.

ROSA Séntate, entonces, e le algo de lo que hai por ei, anque pra ler xa traes tu abondo, se *Dios* quere. (*Chinto se sienta y Rosa se vuleve a la cocina refunfuñando.*) ¡*Dios* que amigos ten meu padre!

ESCENA OITAVA

Chinto y Amalia.

(*Chinto saca la cajetilla, enciende un pitillo y comienza a barajar Los papeles que trae. Suena la puerta y entra Amalia.*)

AMALIA ¡Ola Chinto!, ¿pois tas solo?

CHINTO Tou; e que cheguei xusto condo tou volo e túa madre taban xantando e tou esperando un pouco a que acabe Colás.

AMALIA Vaia, home, vaia. ¿Quere que me sente un pouco con usté ou prefiere mirar os papeles?

CHINTO Non, nena, non, non te molestes. ¿Xa xantache?

AMALIA Vía felo.

CHINTO Pois mira, por min non lo demores, vai aló.

AMALIA Non sei que me dá deixalo solo. Vou sentarme un pouco con usté ata que veña volo, que a min a fame non me apura.

CHINTO Gracias Amalia, es uha gran nena.

AMALIA ¿E de que son tantos papeles como ten ei, Chinto?

CHINTO ¿Pois non vos dixo nada tou volo? E que tou escribindo un libro sobre el descubrimiento de América. ¿Non lo sabías?

AMALIA ¡Vaia!, non lle conocía eu esa faceta de escritor. ¿E xa lo leva mui adelantado?

CHINTO *Bueno*, muito non, ata agora, en conto al libro. Teño eso si, muitos apuntes e notas. ¿Queres que che lea algo?

AMALIA Non, non, deixe, outro día.

CHINTO Como tu quiras.

(*Aparece Colás.*)

ESCENA NOVENA

Chinto, Colás y Amalia.

COLÁS Non te queixarás, que che fixen esperar pouco.

CHINTO Ben sei que veis a medio xantar por culpa mía.

COLÁS Non te apures, que lougo merendo.

AMALIA Voume eu a ver se xanto tamén. *Adiós*, Chinto.

CHINTO *Adiós*, Amalia. (*Se va Amalia.*)

COLÁS Alegróme que veses, porque quero aproveitar que tan as mulleres na cocía pra confesar che algo que deixamos a medias antes. Quedei eu algo celergoso porque non cho acabei de contar e penso que tamén lo tas tu.

CHINTO Pois mira, algo, algo hai deso. Desembucha duha vez que tou impaciente.

COLÁS Acórdaste que che dixeran que me preocupaba un asunto que traía entre as mans?

CHINTO Acordo, acordo.

COLÁS Bueno, (*mirando receloso hacia la puerta de la cocina*) pois resulta que condo teven en Oviedo por mor da operación, conocín uha moza.

CHINTO ¡Non me digas!

COLÁS Si, verás, taba nel hospital de visita a un familiar e empezamos casualmente a falar... e ¡a falar...! como se empeza, ¡xa sabes!

CHINTO ¡E liástesvos!

COLÁS E liámonos. Liámonos aos poucos días. Pero non nos liamos como tu pensas, que ela é mui decente, senón que entablamos relacións abondo formales pral porvenir.

CHINTO ¡Bon porvenir temos nosoutros, Colás!

COLÁS Corto ou largo, témoslo, se non nos morimos mañá, que deso naide ta libre. Pois como che decía, tomámoslo en serio e el caso é que eu, desde que vin prá casa, vou aló todas as semanas a vela, poñendo na casa a disculpa de que vou a reconocimiento.

CHINTO ¡Mira, mira! Xa me parecía a min que eran moitos reconocimientos.

COLÁS Eu non encontrei millor disculpa. El caso é que tamén as mulleres lles parecían moitos e deron en pensar en que lles tapaba algo grave. ¡E algo lles tapaba, pero non era lo que elas pensaban! ¡Lo que teven que disimular!

CHINTO ¡Pero non pensache que un día che se iban a enterar?

COLÁS Non pensaba en nada máis que en térllelo tapado, de momento, pero xa se me enteraron.

CHINTO ¡Ougá!, ¿e como foi?

COLÁS Pois a centella da moza, quero decir da viúda (porque é viúda, ¿sabes?) deulle por escribirme e esqueiceume a carta nel bolso..., pil-láronma... ¡e tu verás a que se armou!

CHINTO ¡La leche!

COLÁS Tan comido que non che digo nada, sobre todo Rosa. Agora xa non se acordan da preocupación que tían por se a min me quedara algo grave. Eso esqueiceulles.

CHINTO Así que andais al tira e afroxa.

COLÁS Máis ou menos. Máis ben máis que menos, vaia.

CHINTO *Bueno*, pero tu ¿que pensas fer sobre deso?, ¿casarte? ¿traela...?

COLÁS Non lo sei, Chinto, non lo sei; por eso quería pedirche consello, tu que es un gran letor e medio intelectual.

CHINTO ¡Ai, Colás! en costiois del corazón... é difícil aconsellar. ¿Tu tas namorado?

COLÁS Namorado, namorado... tampouco lo sei. Pode que sea un capricho, pode que sea un pouco de vanidá al ver que uha muller veinte anos máis nova que eu me fai caso...

CHINTO ¿E que tal é ela?, ¿é guapa?

COLÁS (*Hinchándose.*) Ta como un tren, Chinto.

CHINTO Pois máis difícil mo pois. (*Se queda pensativo.*)

COLÁS A ver.

CHINTO Mira, Colás, ¡que queres que che diga!, eu non tou nel tou peullo e tampouco nel dela, nin sei lo que poderá dolerche se deixas todo, pero pensando na túa familia... sen outro apollo que el tou, coño...

COLÁS ¿E que pensas tu que é lo que a min me quita el sono?

CHINTO Entonces non vexo outro amaño que lo vaias deixando. Porque, ademais, tou seguro de que as túas mulleres non se iban avenir coa de fóra, digo eu.

COLÁS ¡Quita pra aló! Poinse como fieras nada máis que falar deso.

CHINTO Pois mira, cavílo ben e pensa que un capricho ou uha vanidá non che vai a merecer a pena, se é que vas perder el cariño da filla e da neta.

COLÁS Se mo pintan así...

CHINTO Penso que a mellor solución é esa. Ou a túa familia ou el outra.

COLÁS A lo mellor tampouco levaba ben con Ubalda —chámase Ubalda— en conto pasase el afoguín dos primeiros días. (*Consolándose.*)

CHINTO Pois tamén. E ademais, despós de vello, gaiteiro, eu non che tou por eso, Colás.

COLÁS Teis razón; non se fale máis. Gracias, Chinto. Aconsellácheme lo que a min me iba parecendo máis conveniente. ¡Á mía edá...!

CHINTO Si, home, si, á nosa edá... meternos nesas aventuras... a min non me cabe na cabeza. E non se lle debe deixar al corazón poder coa cabeza, xa me entendes. (*Recoge los papeles y se dispone a marchar.*) Pois entonces, se non queres outra cousa...

COLÁS Non, muitas gracias. En conto te vaias, vou darlles uha alegría a Amalia e a Rosa. Cóstame traballo, non penses, pero... é lo mellor. (*Se levanta también, y da una palmada a Chinto, que se va.*)

ESCENA OITAVA

Colás y Rosa.

ROSA (*Volviendo.*) ¿Xa se foi a plaga de Chinto? ¡Menudos amigos teis, papá!

COLÁS Son en consonancia comigo. ¿Que amigos querías que tevese máis que os da mía quinta?

ROSA Hai xente abonda nel pueblo sen tratar con tolos.

COLÁS Chinto non ta tan tolo como parece;azona mellor de lo que pensades. Porque teña escribindo un libro de historias...

ROSA Pois non me digas, que lo da pita...

COLÁS *Bueno*, él non fai mal a naide.

ROSA Mal, non, pero ter que aguantalo cada bocadín... tamén...

COLÁS *Bueno*, aguántolo eu. ¿Trouwestes as madalenas da casa de Milín, que hai dous ou tres días que non las probó?

ROSA Non, pero xa irá a nena por elas, aunque merecer, non las mereces, papá.

COLÁS ¿Como que non las merezo? Que vaia buscalas e que encargue uha tarta pra mañá, que vos quero dar uha convidada.

ROSA Será a despedida de solteiro, como se lo vira.

COLÁS Non se trata de ninguha despedida. E que cumplo setenta anos, ¿ou non vos acordais?

ROSA Pois non. ¡Setenta anos! Boa edá pra casarse.

COLÁS ¡E dálle castaña! Boa edá pra cualquera cousa tendo salú. ¿E que non podes quitar lo del casorio da cabeza?

ROSA Non, non podo quitalo, que quere que lle faga.

COLÁS Pois vai quitándolo que non quero volver a oír falar uha palabra máis del asunto.

ROSA Quitaranos de falar, pero non de pensar nel. Non parece máis que na casa non lo tratamos ben ou que non lo queremos.

COLÁS ¡Non digas bobadas!, xa sei que me queredes.

ROSA Pois non lo parece, senón non lle daba por esa tolura, al non ser que se puxese tolo, que todo pode suceder que seña uha locura senil.

COLÁS ¿Tolura senil? Mira, Rosa, nin tou tolo, nin son senil, a ver si te enteras. Todo lo fago con pleno coñecemento.

ROSA Pois volvo a dicir que non lo parece.

COLÁS Parézalo ou non, é así.

(*Entra Amalia.*)

ESCENA NOVENA

Colás, Rosa y Amalia.

AMALIA Xa quedan fregados os cacharros, mamá.

ROSA ¿Teviche auga abonda?

AMALIA Teven.

ROSA A ver condo acaban de amañar a dichosa *avería* de San Blas.

AMALIA Voume, entonces.

ROSA ¿Non falas antes con tou volo?

AMALIA (*Mirando al abuelo.*) Non sei. Non me atrevo.

COLÁS ¿A que non se atreve este sol dos meus ollos?

AMALIA ¡Ai, como ta! *Bueno*, pois quería dicirlle que me fía falta algún cuarto pra comprarme roupa.

COLÁS ¿Como conto, nena?

AMALIA Non sei, uhas cinco mil, supoño. Pouco.

COLÁS ¿E chámalle pouco a mil pesos? *Bueno*, pois cuenta con ellos.

AMALIA (*Besando al abuelo.*) ¡Gracias, volo, *majísimo!*

ROSA Mui finolis andais hoi todos nesta casa!; non sei, non sei.

COLÁS ¿Faiche falta algo a ti tamén?, pois aproveita agora que tou en bon momento.

ROSA Lo que me fai falta a min non se amaña con cuartos, xa lo sabes ben.

(Llaman a la puerta y aparece una cría que se dirixe a Colás.)

NENA Que lo chaman por teléfono; é de Oviedo.

COLÁS ¿De Oviedo?, ¿quen coño será? *(Sale precedido de la nena.)*

ESCENA DÉCIMA

Rosa y Amalia.

AMALIA ¿A que é a Ubalda esa del demonio?

ROSA Segurísimo. El teléfono da vecía non lo temos dado a naide máis que aos achegados.

AMALIA Entonces é ela. Máis achegada...

ROSA Nada, nena, nada, que nos lo leva; ¡dígoche que nos lo leva!

AMALIA Quererés decir que nos la trae.

ROSA Pois vén a ser lo mesmo. ¡Ai, mía madre del alma, que xa tou outra vez que non podo cos nervios. Traerás uha pastilla desas del armario.

AMALIA Non tomes máis pastillas, mamá; déixala, se acaso, pra denoite.

ROSA ¡Denoite! Denoite non durmo nin con patillas.

AMALIA Soségate, espera a que veña. A lo mellor é outra cousa.

ROSA *(Nerviosa.)* Non acaba de vir.

AMALIA Pero mamá, se salía agora mesmo.

ROSA Teis razón. *(Poniendo la mano en el pecho.)* ¡Ai como me brinca el corazón!

AMALIA Pois serénate. Non che vaia a dar un soponcio, agora, e la amolemos.

ROSA Vai á cocía e faime uha pouca de tila, anda.

AMALIA Vou, vou. (*Sale Amalia.*)

ROSA Xa hai auga quente nun cazo. Ponlle un sobre. (*Pasea inquieta por la sala.*)

AMALIA (*Volviendo con la taza en la mano.*) Déixalle que se faga un pouco. Xa ten azúcar.

ROSA (*Toma la taza, y revuelve.*) Mui larga e esa conferencia, non sei, non sei.

AMALIA (*Se oyen pasos.*) Tranquila que me parece que xa volve.

ESCENA UNDÉCIMA

Rosa, Amalia y Colás.

ROSA (*A Colás, que entra.*) ¿Quen era, papá?

COLÁS Pois xa vos podedes supoñer.

ROSA ¿Ves, Amalia, non cho decía eu? ¿Que che quería?

COLÁS Pois quería que mala centella la parta.

AMALIA ¿Que dice, volo?

COLÁS Eso, que mala centella la parta, amén. Que se vai a Torremolinos con uha amiga e que de momento que aplace todo, que non ta por perder a pensión. Penso que ata non sei se se metería outro por el medio.

ROSA ¿Todo eso che dixo a mui pendanga?

AMALIA ¡Mira que decirlle eso a volo!, ¡ben pouco lo quería!

COLÁS E ademais que non ta por vivir con vosoutras.

ROSA ¿Eso che dixo a condanada? ¿Quen me dera pillala e esgadellala como é debido! ¡Mira que despreciar a meu padre..! ¡E que la esfaraguro, mira!, ¡que la esfaragullo entre as maus! E tu, ¿que lle dixiche!

COLÁS Pois díxenlle que desamasase, porque eu tía pensado lo mesmo e que precisamente lle iba a escribir hoi pra dedirillo. ¿Que queriades que lle dixese? E ademais chameille uhas cuantas cousas, desde aldromeira ata foca.

AMALIA ¿E gorda, volo?

COLÁS Non é que sea mui gorda, pero ás mulleres amolelas muito que lles chamen focas.

ROSA Non podo quitar da cabeza que te despreciase. Pero alégrome que che se fosa das maus. ¡A mui pendanga! ¡Se me valira...!

COLÁS *Bueno*, pois agora tranquilizaivos, porque ta todo xa resolto.

ROSA Mira tu que tía que bailar de contenta e tou que rabio.

AMALIA Tamén eu. (*Se acerca al abuelo y lo acaricia.*) Non se preocupe, volo, que segue téndonos a nosoutras e nosoutras non lle fallamos.

COLÁS Pero senon me preocupo. ¿Tu non ves que eu xa tía pensado romper con ela?

AMALIA ¿De verdá?

COLÁS ¿Pois pra que pensas que lle dixen hai un pouco a túa madre que encargase uha tarta pra mañá? Pra celebralo os tres xuntos. Vas ir agora mesmo a encargala.

AMALIA Claro que vou, e ben grande que la pedirei.

ROSA (*A Amalia.*) De paso que vas, entra na igrexa e ponlle uha vela a San Antonio, que lla teño prometida, e ben la ganou.

COLÁS Eso, e dille que disculpe, ¡que foron toluras de vellos!

TELÓN

A HERENCIA DE XAN

Tomás Niembro González

PERSONAJES:

RUFA: Mujer de mediana edad, casada con Xuaco

XUACO: Marido de Rufa

XAN: Padre de Xuaco y suegro de Rufa

FINA: Chica joven, hija de Rufa y Xuaco

JOSEFA: Hija de Xan, hermana de Xuaco y cuñada de Rufa

QUICO: Marido de Josefa

VIRTUDES: Vecina

JOSE: Chico novio de Fina

SUSO: Chaval recadero y tartaja

CURA: Albacea testamentario

HERMANAS TESTIGAS

ACTO PRIMERO

Una casa de aldea. En el comedor-sala están sentados Rufa, Quico, Josefa y Fina. Excepto la última, que es joven, todas son de mediana edad.

ESCENA PRIMERA

RUFA (*Suspirando aparatosamente.*) ¡¡Aaaiii!!

JOSEFA ¡¡Aaaaii!!

FINA (*Lo mismo, pero un poco menos.*) ¡Ai!

JOSEFA Tou pensando el trago que pasaría el probe de Xuaco e el que virá pasando por el camín.

QUICO Si, en semellante trance e encontrarse solo pra enterrar a sou padre...!
A verdá e que debéramos habelo acompañado alguén da casa, xa que somos tantos.

FINA Eso dixen eu desde el primeiro momento, pero naide me fixo caso.

JOSEFA Si que puido haber ido daquén con meu irmao, pero xa sabedes lo lonxe que queda Leganés, e lo que costaría el viaxe de dous.

QUICO ¿E unde ven a quedar Leganés, pouco máis ou menos?

FINA Pois al lado de Madrid.

RUFA (*A Fina.*) Tamén podía haber escollido tou volo un sito máis cerca, digo eu. Total, pra irse a un asilo...

QUICO Quíxolo él así porque dixo que alí tía él muitos amigos de condo a guerra, por lo visto, e parecíalle que se toparía ben arroupado.

JOSEFA Nun asilo todo el mundo se encontra ben acompañado, porque son un cento e a madre.

FINA (*Irónica.*) E a madre superiora, claro.

RUFA ¡Non fagas chistes nestas circunstancias, nena!

FINA Non, si non fago chistes; é a verdá.

RUFA A verdá é que tou volo moriuse solo e el único que foi a acompañalo nos últimos momentos foi Xuaco, ou sea, el meu home. Non foi naide máis. (*Vuelve a suspirar aparatosamente.*) ¡¡Aaaiii!!

QUICO Non fagas tantos aspaventos, Rufa, porque a maior parte da culpa tevíchela tu.

RUFA (*Ofendidísima.*) ¿Euuu?

JOSEFA Si, Rufa, si, porque condo se falou de mandar a meu padre al asilo todos nos opuximos máis ou menos.

FINA Lo de que nos opuximos todos non é verdá. A verdá é que a única que se opuxo fun eu, pero quedeime sola.

QUICO A verdá é que, uha vez difunto, lo menos que podíamos haber feito era traelo a Tapia en lugar de darlle terra non sito tan lonxe. Pero como todos pensábadas que iba a resultar mui caro...

RUFA Non chufes que tu tamén lo pensache, e é verdá que salía carísimo, porque el forense pedía un montón de miles de pesetas por embalsamalo, xa lo sabedes, aparte del traslado.

FINA ¡Embalsamalo, si! Parece que non te acordas, mamá, de lo que dixiche tu condo papá chamou dando el presupuesto. ¿Acórdaste? Dixiche que se non sería mas barato salalo. ¡Salalo, ho, como se fora uha tabla de toucín!

RUFA (*Buscando disculpas.*) Bueno, eu..., eu díxenlo por aforrar.

FINA ¡Tacaña!

RUFA ¡Mas respeto a túa madre, caraila!

(*Hai una pausa que rompe Josefa después de suspirar otra vez.*)

JOSEFA ¡Aaaaa!, conto tarda meu irmao en chegar.

QUICO Pois debe tar al vir el ALSA, pouco máis ou menos, ¿non? (*mira el reloj*).

JOSEFA Xa non faltará muito, non. ¡Menudo trago pasaría el *probe* Xuaco!

RUFA E a todo esto digo eu, sen que sea faltarlle al *respeito* al difunto de meu sogro, que en paz estea, ¿como haberá deixado as cousas?

JOSEFA ¿A que cousas te refieres?

RUFA *Bueno, eu... eu refiérome á herencia. Como somos tantos a repartir...*

QUICO (*Ofendidísimo.*) ¡Home, Rufa, inda non enfriou el corpo del noso sogro e xa tas pensando en lo que deixou ou non deixou?

RUFA (*Recogiendo velas.*) *Bueno, eu decíalo porque...*

QUICO Pois non se fale máis deso. (*Pausa.*) *Bueno, por lo menos que non volva a falarse ata que volva meu cuñado Xuaco e nos traiga noticias al respective.*

FINA Ou sea, que tamén tu... ¡Sois todos iguales!

(Suena un ruido en la puerta y todos miran atentos.)

FINA (*De nuevo.*) ¡Papá, xa ta aquí papá!

(Se abre la puerta y aparece Xuaco. Trae en la mano una caja de zapatos atada con un cordel, e un ostentoso brazalete negro. Es también de mediana edad.)

ESCENA SEGUNDA

Dichos y Xuaco.

XUACO ¡Ola a todos! Xa vexo que ta a familia en pleno esperándome.

(Se le ve moderadamente compungido. Se acercan todos a él y le van abrazando, al tiempo que derraman algunas lágrimas.)

QUICO (*Que es el último en acercarse a Xuaco.*) Ola cuñado, ¿que tal el viaxe?
(Lo abraza.)

XUACO El viaxe abondo ben; ben. Agora sentádevos que tamén lo vou a fer eu, porque vos veño, mialma, cansadísimo.

(Se van sentando todos, excepto Fina que, de pie, se acerca a su padre, lo abraza otra vez y de nuevo rompe a llorar.)

FINA ¡Ai, papá, ai volitín del alma!

XUACO Cala, filla, cala, que xa pasou todo (*hipa un ratito y se limpia ostentosa-mente los ojos con un pañuelo*).

RUFA Pasaríaslo ben mal tu solo alí entre aquela xente desconocida, e en semellante trance... Se viras conto nos arrepentimos de que non houbese ido daquén contigo...

XUACO Eso non é verdá, como, porque a cousa falouse en familia condo soubemos a noticia e el que máis e el que menos tirou pra detrás, alegando el gasto que suponía. Acordaivos que despós de muitas descu-siois, chegouse al acordo de que fose eu solo pero abonando os gastos a escote pericote. ¡Como senon nos conocésemos pra vir agora falán-dome de acompañantes!

RUFA *Bueno*, pois non empecemos outra vez, non empecemos.

XUACO Pois si, hai que empezar, hai que empezar a poñer as cousas nel sou sito e nunca en mellor ocasión que agora en que ta toda a parentela reunida.

RUFA ¿A que cousas te refires, á *herencia*?

XUACO Non, non me refiro á *herencia*, refírome a que tou sogro, meu padre, parecía que taba sobrando desde hai muito tempo. Polo menos naide fixo nada pra que a vida lle resultara máis agradable entre nousotros nos finais da súa existencia. Ata que el probe teve que tomar el acor-do de irse a un asilo, lo máis lonxe que puido da familia.

FINA Eu si, eu si me opuxen desde el primeiro momento.

XUACO Tu, si, filla, tu si, esa é a verdá, pero os outros, nada. Fíxate, Rufa, que ata chegache a decir máis duha vez que a ver se se moría duha puñetera vez, polo que estorbana na casa. E eso que se valía por si solo, que se chega a tar impedido... non che digo nada.

RUFA (*Ofendidísima, salta como una fiera.*) ¿Eu?, ¿que dixen eu semejante bar-baridá? ¡Mentira, mentira cochina!

XUACO *Bueno*, non utilizache esas palabras exactamente, pero nel fondo viche a decilo.

RUFA (*Que sigue enfadada.*) ¿Pero que dixen eu, vamos a ver?

XUACO Pois dixiche que ojalá que *Dios* se acordase dél e lo levaba axina.

RUFA Eso non é lo mesmo. Eu decíalo por ben del. Non é lo mesmo.

XUACO Pois si que é lo mesmo, solo que en finolis.

FINA Eso chámase un eufemismo.

XUACO Eso chámase que tou volo sobrava na casa e acabouse. E túa madre recordábalo cada pouco.

(*Transición.*) (*Durante unos instantes nadie habla, y todos miran a Rufa que, inquieta desvía su mirada por encima del hombro, hacia el techo. Al fin es Josefa quien rompe el silencio.*)

JOSEFA *Bueno*, vamos deixalo, al fin eso é lo que suele decirse... Cuéntanos, Xuaco, ¿que tal foi el enterro?

XUACO ¡Muito ben! As monxas dos asilos saben fer estas cousas con muito esmero. Dá gusto.

FINA ¡Papá!

XUACO Quero decir que todo resultou mui solemne.

JOSEFA ¿E sufriría muito papá al morir?

XUACO As monxas dixéronme que nada. Que taba un día tan campante vendo a televisión, e de repente ¡hala! deulle un non sei que e al pouco estirou a pata, como vulgarmente se dice.

FINA ¡Papá, home, que te tas pasando!

XUACO *Bueno*, dígolo con todo respeto. É a mía maneira de falar.

RUFA Pois alegróme que non sufriese, el *probe* (*dando rodeos*). *Bueno*, e cambiando el tema, eu quería preguntarche...

XUACO (*Adivinándole las intenciones.*) Tu querías preguntar que se tou sogro fixo ou non testamento. Xa che vin el plumero.

QUICO ¿Peró fíxolo ou non lo fixo?

XUACO Pois fíxolo, si. Hai testamento. Fixo un desos que lles chaman olo... olo non sei que.

FINA Ológrafos

XUACO ¿Eso! Son desos que se escriben de propia mao sen que interveña el notario, e firmaron dúas hermanas de la caridá e el cura del asilo que lo nombrou albacea testamentario.

RUFA (*A los demás.*) ¿Non vos parece un pouco raro que Xan se houbera metido tanto pola Iglesia agora al fin dos sous días? Porque a verdá é que sempre foi medio ateo.

JOSEFA Pois si, algo raro parece, pero tendo en conta nel ambiente relixioso en que vivía e a lo mellor viu cerca el final da súa vida... xa non é tan raro.

QUICO Si, pode que fose eso.

RUFA (*Que vuelve a su tema.*) ¿E cuartos? ¿Deixaría algun cuarto? Quero decir diñeiro en efetivo.

XUACO ¿E dálle cos cuartos! Pois, si; penso que algún deixou. Parece ser que, hai pouco, lle tocara non sei que rifa, ou algún bingo desos dos periódicos ou algo así, que non lo sei ben porque as monxas non me deron muitas explicaciois.

RUFA ¿E como conto, como conto, máis ou menos?

XUACO Pero se xa vos digo que non lo sei. Nel asilo comentábase que algúns millois, e que los guardaba nel bolso, sen metelos en ningún banco. Eso quen lo sabe é el albacea.

JOSEFA ¿A ver se llos roubaron!

XUACO Non lo sei. Eu non vos podoo decir nada máis.

RUFA (*Insistiendo.*) ¿Non serían siquiera cuatro millois, ho, un pra cada un de nosoutros?

Volvo a decirvos que non lo sei, nin lo diría aunque lo soubese. Hai que esperar a que se abra el testamento. Mirai, aquí lo traigo neste sobre pechado, xunto cuha nota que deixou á parte e que vos vou a ler. (*Saca un papel del sobre y lee:*) “DEJO EL ORIGINAL DE MI TESTAMENTO PARA QUE SE LEA EN PRESENCIA DE TODOS LOS MIEMBROS DE LA FAMILIA, JUSTO DENTRO DE UN MES A CONTAR DE LA FECHA DE MI MUERTE. COMPARECERÁN IGUALMENTE EN LA APERTURA MI ALBACEA Y LAS DOS TESTIGAS QUE LO FIRMARON. ESTE TESTAMENTO HARÁ QUE TODOS ME RECUERDEN MUCHÍSIMO DURANTE ALGÚN TIEMPO.” (*Xuaco saca un sobre y lo deja sobre la mesa.*) Esta é a última voluntá del defunto e que a naide se lle ocurra tocalo ata pasado un mes. (*Lo guarda en el cajón de la mesa después de mostrarlo ostensiblemente a todos.*) Aquí lo meto delante de vosoutros ata entonces que será... (*mira el calendario que hai en la pared*) que será el 15 de agosto que vén.

RUFA ¿E por que querería que pasase un mes? Por amolar, digo eu, seguro que por amolar.

JOSEFA ¿E a que hora del día 15?

XUACO Al mediodía, ou sexa, ás doce, que son as once en Canarias. E que non falte naide. Xa lo sabedes.

JOSEFA ¿E el albacea e as testigas?

XUACO Non te preocupes que esos xa tan avisados.

QUICO Pois aquí taremos como clavos.

JOSEFA Eso, como clavos ás doce del día 15 del mes que vén.

FINA Non faltará naide, seguro, que tratándose de cuartos todos a una como en Fuenteovejuna.

RUFA (*A Xuaco.*) Escuita, volve a ler eso de que todos nos acordaremos del con muito cariño despós de lido el testamento.

XUACO Non dice exactamente así, senón que lo vamos a recordar muchísimo durante algún tempo.

RUFA ¿E lo mesmo, non?

XUACO Parécelo, a lo menos.

QUICO (*Levantándose.*) Pois entonces xa non pintamos nada aquí. Así que vámonos e ata dentro dun mes. (*Se va y le sigue Josefa.*)

QUICO y JOSEFA (*Desde la puerta.*) Ata entonces.

XUACO Ata dentro de 30 días. ¿Ou sea que non vades a volver por aquí en tanto tempo?

JOSEFA ¿E pra que?, se non hai ninguha novedá.

XUACO Eso digo eu, ¡pra que! (*se van*).

ESCENA TERCERA

Xuaco, Fina y Rufa.

XUACO (*A Rufa.*) Non me fixiche nin un mal café, Rufa.

RUFA Pois é verdá, perdona, pero como taban todos aquí tía que traer dúas cafeteradas. Agora mesmo cho traigo (*sale*).

FINA Vaia trago que pasarías, ¿eh, papá?

XUACO Non lo sabes ben, filla.

FINA ¡Tan lonxe e tan solo!

XUACO Tan solo non; tou volo tía muitos amigos que me acompañaron.

FINA Quero decir tan lonxe da familia.

XUACO Eso si, coño. Parece mentira ata unde pode chegar a tacañería e el egoísmo dentro das personas da mesma sangre. E non digamos das que non lo son.

FINA Refiéreste a mamá, claro.

XUACO Si, refiérome a túa madre, a mía muller, a nora del difunto, que en paz estea.

FINA E verdá; portouse ben mal con volo, e cada vez lo atendía peor e gruñindo por lo baxo. Chegou ata tar dous meses sen mudarlle as *sábanas*. Menos mal que lo fía eu a espaldas súas, pero ata me botaba broncas porque poñía a lavadora. Decía que era una gastiza e uha derrochadora e que máis me valira decidirme a traballar pra traer algún cuarto prá casa.

XUACO E túa tía e tou tío, lo mesmo.

FINA Lo mesmo ou peor. Sempre pensando en que volo morise axina pra *heredar* as cuatro cousas que iba a deixar.

XUACO Pois figúrate agora que hai, penso, uns cuantos millois polo medio, ademais dos bienes que ten aquí e que xa conocemos. Vai a haber palos, dígocho eu.

FINA Haberalos, non digo que non. Xa ves lo que fixo mamá en conto volo se foi pra Leganés: alquilar el cuarto a uns veraneantes.

XUACO Ben que me opuxen, pero se queres que halla paz nesta casa hai que deixar a túa madre que faga con él lo que quira.

ESCENA CUARTA

Xuaco, Fina y Rufa.

RUFA (*Que entra con una taza de café.*) Hala, aquí teis el tou café. Tómallo antes de que che enfríe. (*A Fina.*) Queda un pouco na cafetera, se che apetece, que sempre fuche uha apetecida.

FINA Non, non teño ganas.

RUFA Como quiras. (*A Xuaco.*) Tarás deseando cenar e deitarte.

XUACO Algo de fame si traigo e cansado tamén lo tou el abondo con tanto xareo e tanto viaxe. E aquí ¿veuvos muita xente dar el pésame?

RUFA Veu la mar dela e inda seguen vindo. Veu xente de todo el concello que nin siquera eu conocía.

FINA E que volo era mui apreciado da xente.

XUACO Si; a verdá é que era mui querido por todos... menos polos da propia familia.

RUFA Non digas eso, Xuaco.

FINA Pero si é verdá, mamá. Se taba de *Dios* que volo se morise tan axina, podía habelo feito aquí, na súa casa, e non por esos mundos. ¡Botaríanos ben maldiciois, el probe, e con razón!

XUACO Non, eso non. Lo único que, al parecer, decía era que quería que se acordasen del despós de morto, xa que non lo habían feito de vivo.

RUFA ¿Ves? Xa taba pensando nel testamento.

XUACO Pode que si.

RUFA Entonces non nos guardou ningún rencor al final dos seus días.

XUACO A neta, desde lougo, non. Sempre falou ben dela, que se tal que se cual... Non lle esquecían as atenciois que tevo con él. Dos demás xa non chufou nunca. Dixéronmo as monxas, que lles contaba todo.

RUFA Pero se a min nunca me estorbou; algo molestaba, a verdá, pero ¿que vello non molesta alguha vez?

FINA Entonces, ¿por que lle deixamos que se fose, a ver?

RUFA Pois porque lo quixo él. Xa lo sabedes, sempre lo taba decindo.

XUACO ¿E extráñaste?, coel ambiente que tía alrededor...

RUFA E que tedes que darvos cuenta de que todo pesaba derriba de min. Vivía na mía casa e era eu sola a cuidalo. Ningún veu nunca a botarme uha mau.

XUACO Eso de que vivía na túa casa é mentira, Rufa. Vivía na súa. Eramos nosoutros os que tábamos de prestado, ¿ou non lo sabes? A ver agora lo que dice el testamento destas cuatro paredes, que eran dél, non che esqueiza.

RUFA ¡Ai madre, a ver se non nos las deixa!

XUACO Pois todo podía ser; pero eso xa se saberá nel sou momento. Pero eu, a lo menos, non me feiría demasiadas ilusiois, e é mellor que tu non las fagas tampouco por se acaso.

RUFA Pois é lo que me faltaba, ¡puñeta!

XUACO ¿E que esperabas? Tu non fucha pra él mellor que el resto da familia, aunque convivísedes. Todos, al non ser a neta, nos portamos con él case como extraños. Ou peor que estraños, se me apuras un pouco, porque hai quen por caridá recolle a un probe dun camín e nosoutros botamos fóra al noso padre. ¡Condo lo penso!

RUFA Vólvoche a decir que non lo botamos, que se foi él pola súa voluntá.

FINA Pola súa voluntá si, pero aburrido de vivir non ambiente tan pouco amable, non lle busques disculpas agora.

RUFA Aunque así seña, digo eu que algo mellorados nos deixará, porque si analizamos el resto da familia, naide nos botou nunca uha mau. Eu non faría muito por él, como me decides, pero os demás... anda que...

XUACO Vamos deixar agora a cuestión, que conto máis se revolve peor ole. ¿Veu el cura á casa?

RUFA Veu, claro, e rezouse el rosario. E eu encargueille uha misa, pra que vexas.

XUACO Eso nunca sobra, aunque non penso que lle fixese falta. *Bueno*, xa falarei eu con don Candido mañá.

RUFA Fala se queres, pero non sei pra que.

XUACO Eu ben me entendo. Pode que si faga falta.

FINA Pois entonces eu salo dar uha bolichada ata el hora de cenar. Ata lougo.
(*Sale.*)

RUFA Volve axina, que lougo é noite.

ESCENA QUINTA

Rufa y Xuaco. Luego, una vecina.

RUFA (*Suena el timbre de la puerta.*) Non te movas, Xuaco, que vou abrir eu. Con esta visita xa son máis dun cento as que veron hoi, e non digamos onte. (*Abre la puerta.*)

VIRTUDES (*Entrando.*) Buenas tardes aos dous e acompañovos nel sentimento. (*Besa a Rufa y da la mano a Xuaco.*)

XUACO Gracias, Virtudes, muitas gracias. Anda séntate un pouco.

VIRTUDES Non, vouche a tar nada máis un faragullo, porque vosoutros taredes mui cansados, gracias. (*Así y todo se sienta.*)

RUFA Non lo sabes ben; sobre todo este.

VIRTUDES ¿E que tan che foi polos madriles, ho?

XUACO Xa podes supoñer. Voltas pra aló, voltas pra acó... Feixes de trámites, de papeles... Xa sabes.

VIRTUDES ¿E tías alí a alguén conocido?

XUACO Non; taban sólo os compañeiros del asilo e as monxas, claro. Como non se lle deu publicidá, nin houbo esquelas...

RUFA Non obstante aquí, xa ves: non pararon. Ata el fillo del galocheiro, que non se falaba con Xan, veu darnos el pésame.

VIRTUDES E que nestas circustancias, esquéiceselle a un todo.

RUFA Non, todo non esqueice. A lo menos a min.

VIRTUDES Non sei que queres decir.

RUFA Pois xa podías supoñer a que me refiero.

VIRTUDES Non, non lo sei; como non fales máis claro...

RUFA Refiérome a que non me esqueiceron os mil pesos que che prestara meu sogro antes de irse e que, por lo visto a ti si que che esqueiceu devolveiros.

VIRTUDES (*Ofendidísima.*) ¡Vaia un momento que buscache pra botarme na cara el dichoso préstamo! ¿Que pensas, que non lo vou pagar?

RUFA ¡Ai, non lo sei! Ata agora muita postura non puxiche, e como meu sogro era tan burro que non che pediu recibo...

XUACO ¡Rufa, *carajo!*

VIRTUDES ¿Pois sabes lo que che digo, Rufa?, que como non me pediu recibo non che vou a dar nin un perrón, porque non lo mereces. Al probe de Xan, si; a tou sogro houbéralle devolto os mil pesos e outros tantos se los tevera porque era uha boa persoa, un *caballero*, pero a ti non. ¡A ti nin un perrón! ¿enténdiche?, ¡nin un perrón! ¡Bruxa!, ¡mala pécora! (*abre la puerta y sale enfadadísima sen despedirse*).

ESCENA SEXTA

Rufa y Xuaco.

RUFA (*Muy ofendida.*) ¿Pero como consintes esto, Xuaco, como lo consintes?

XUACO (*Con sorna.*) Como che chamou bruxa non quererás que fose detrás déla coa escoba.

RUFA ¡Coñas, non, Xuaco. Encima de cornuda, apaleada!

XUACO Pero se che ta ben empregado; se é que lo mereciche, *carajo* ¿Como se che ocorre pedirle os cuartos condo vía a darnos el pésame, case como si dixeramos con tou sogro de corpo presente?

RUFA ¿Pero non viche como me insultou? E ademais dixo que non nos devolvía nin un perrón.

XUACO E feiría ben, porque a ti non che debía nada; era a meu padre, e a él non se lle houbera ocurrido reclamarllos na situación en que ta, coel home nel paro e cuatro fillos que manter. A verdá é que fuche oportuna, si.

RUFA Eu non teño a culpa de que teña el home nel paro e os fillos non son meus, son dela. El caso é que me insultou gravemente e tu nin siquera gurgutache.

XUACO Primeiro la insultache tu reclamándolle un préstamo que non che iba nin che vía, nun momento, ademais, en que tías que ter el pico pechado. Pero non; teviche que botar a lingua a pacer.

RUFA ¡Tou duha leche, coño!

XUACO Pois déixala que enfríe, pero sen volver a decir uha palabra del asunto; fuche tu a única culpable, reconócelo.

RUFA ¡Eu! ¡pero se foi ela a que...!

XUACO (*Atajándola.*) ¡Que cales duha puñetera vez, che digo!

RUFA *Bueno*, calarei, non te enfades, pero condo me tope con esa condenada...

XUACO ¡¡Rufa!! (*Se calla Rufa y, nerviosa, empieza a darle a una labor de punto. Xuaco pillu un periódico y finge leer. Suena el timbre de la puerta.*)

RUFA Deixa, non te ergas que abro eu. Levamos un día de visitas... (*Abre yaparece José, que es novio de Fina.*)

ESCENA SÉPTIMA

Rufa, Xuaco y José.

XUACO (*Sin moverse.*) Ola, José.

RUFA ¿Querías algo en particular?

JOSÉ Non, nada, vía dar el pésame a Xuaco, que me enterei que vera. (*Se acerca a Xuaco y le da la mano muy compungido.*) Lo acompañu nel sentimento de todo corazón.

XUACO *Gracias, José, gracias.*

JOSÉ ¿Que tal a viaxe?

XUACO Ben, ben, aunque algo cansado. Xa sabes lo que son estas cousas.

JOSÉ Si, supóñolo (*Pausa.*) ¿Non ta Fina por ei?

RUFA Saliu hai un pedacín, pero ta al volver. ¿E que hai muito que non vos vedes?

JOSÉ *Bueno*, muito non. Vímonos pola mañá; *bueno*, haberá un par de horas ou así. (*Se le ve inquieto.*)

XUACO Teis razón, non é muito.

RUFA (*Por cumprir.*) ¿Queres tomar algo, José?

JOSÉ Non, gracias; vía sólo a saludar a Xuaco e xa me vou.

XUACO ¿Non esperas a Fina?

JOSÉ Non, mellor topámonos por eí. A lo mellor tópolo por el camín. Ata lougo, e gracias (*Abre el mismo la puerta y se va.*)

ESCENA OCTAVA

Rufa y Xuaco.

RUFA Aparenta ser un bon rapaz este José; lástima que non teña unde caerse morto, el *probe*.

XUACO Xa tas outra vez coa túa manía dos cuartos, coño. José ta estudiando medecina e é un bo estudante, por certo, así que dentro de dous anos pouco máis ou menos, será médico, ¿paréceche pouco prá nosa nena?

RUFA Médico, si, pero nel paro dentro de dous anos, como centos de compañeiros sous. Se por lo menos fose fontanero, que tein traballo a montón...

XUACO Segues pensando nos cochinos cuartos.

RUFA Sigo, sigo; e en contó nos toque a herencia de tou padre, seguirei pensando tamén pra administralos ben administrados. (*Haciendo*

planes.) Mira: lo primeiro que feiremos será amañar ben esta casa e comprar un apartamentín pra irmos a vivir nel os meses de verao e a casa alquilámosla, que é máis grande, e...

XUACO Tu xa dás por bo que che vai a tocar a casa, vaia.

RUFA Pois claro. ¿Non levamos vivindo nela toda a vida? Pra quen vai ser se non.

XUACO Xa che dixen que a casa era de meu padre e nosoutros vivíamos con él, non él con nosoutros. Que non che esqueiza, Rufa.

RUFA ¡Ai ho! ¿Tan ruín iba a ser que nos deixe encoiros?

XUACO Todo pode ser, Rufa, todo pode ser. E en conto a comprar el apartamento, penso que tu soñas con heredar millois, me parece.

RUFA ¡Como dixiche que lle tocaran tantos na lotería...!

XUACO Eu dixen lo que ouguín, non asegurei nada porque non lo sei. Hai que esperar un mes, xa lo sabes. (*Pausa.*)

RUFA (*Suave y ladinamente.*) Escuíta, Xuaco.

XUACO ¡Que queres!, xa escuító, pero mira que lo que digas sea sensato, que te conozo.

RUFA Non, nada; eu decía que... *bueno*, que si abrisemos el sobre sen que naide nos vise... e lougo lo vol-vésemos a pechar como si nada... ¿eh?

XUACO (*Ofendidísimo.*) ¡Ruda del *carajo*! ¿Que coños tas decindo?

RUFA Al fin de cuentas tamos solos e naide da familia nos lo iba a saber.

XUACO ¡Iba sabelo meu padre desde el cielo, non te amola...! Non, Rufa, non. Que naide lle toque un pelo a este sobre (*lo saca del cajón y lo mira, le da vueltas y lo vuelve a guardar cerrando de llave*). E levo a chave comigo porque senón tou seguro de que condo salise eu por esa porta xa tarías tu metendo o nariz nél. Pois coño, é lo que me faltaba por oír.

RUFA *Bueno, bueno*, non te poñas así que era solo un decir. Non falaba en serio, é que a curiosidá...

XUACO Si, a puñetera curiosidá que sempre teviche polos cuartos. Agora, xa non durmirás nun mes.

RUFA Pode que non. Però intentareilo, ¡que remedio!

XUACO Pois se non pechas el ollo xa podes ir comprando pastillas desas porque de abrir el sobre, nada, que quede ben claro.

(*Rufa calla, volve a coger su labor, Xuaco volve también a su periódico y gruñe: Grrrr.*)

RUFA ¿Decías algo?

XUACO Non, nada máis decía grrrr.

RUFA ¿E eso que quere significar?

XUACO Pois que me puxiche dun humor que estalo porque a ti sacándote dos cuartos non sabes falar doutra cousa.

RUFA ¿Díceslo por lo de José? Pois teño razón, porque é verdá que menudo porvenir espera á nosa nena se se casa con él. A min gustaríame...

XUACO (*Cortándola.*) ¡Que demonios che gustaría, a ver!

RUFA Pois que Fina lo fose deixando e empezara a arrastrarlle el ala al fillo de ese armador de Burela que vén a veranear. Dicen que ta podrido de pesos.

XUACO ¡Mal rallo te coma, coño! ¿Vas a meterte tamén nas cousas da filla?

RUFA As cousas da nosa filla son as túas e as mías, porque se ela se casa e lle vai mal, teremos que apechugar nosoutros coel matrimonio e con lo que veña detrás. E eu miro al porvenir.

XUACO (*Oliendo al aire.*) Tu mirarás el porvenir, si, però non miras a cocía. ¿Que coño teis al lume?

RUFA (*Oliendo también.*) ¡Meca, el estofado! Teño nel lume uhas pataquías con raia e paréceme que se me pegaron na tarteira. (*Sale a toda marcha.*)

ESCENA NOVENA

Xuaco, luego Fina.

FINA (*Que entra.*) Xa tou de volta, papá. (*Se le acerca, mimosa y le pasa la mano por el hombro.*) ¿E mamá?

XUACO Anda pola cocía desapegando as patacas del cul del pote. Con tanto xareo, non ta pra nada, a *probe*. Ta, ta. Se viras como pensa nos cuartos...

FINA *Bueno*, pra eso si que ta. Tratándose de finanzas... Menudo ministro de Hacienda que houbera feito.

XUACO É uha manía como outra cualquera, pero non sabes lo que amola a un tanto machaca que machaca. Agora coa herencia de tou volo anda aleirada e ve millois por todos os sitios.

FINA Anda que tamén se non deixa nada volo... (*curiosa*). ¿Tu non sabes nada, papá?

XUACO Pois non. A min déronme el sobre coel testamento e eu limiteime a traelo e a guardalo. Despós, pasado el mes, xa se saberá todo, pero penso que vai a haber sorpresas porque tou volo era mui coñón, xa lo sabes. (*Pausa. Fina repara en la caja de zapatos que está visible desde la llegada de Xuaco, y pregunta.*)

FINA ¿Que trouxiche nesa caixa, papá?

XUACO Nada. É a equipaxe. Xa sabes que solo levei uha muda e un par de calcetos e nin siquera teven lempo de cambiarme. ¿E que esperabas algo, nena?

FINA Esperar, non. E que taba pensando nuha tontería.

XUACO Pois dila, dila.

FINA Pois ocurriúseme que houbésedes incinerado a volo e que por aforrar el traslado trouxeras as cenizas nesa *caxa*.

XUACO (*Riendo.*) Tu prás bromas es igual que el difunto, que en paz descanse.

FINA Claro que era uha broma. Basta ver el envase pra non pensalo.

XUACO (*Dándole unas palmaditas en la mejilla.*) ¡Ai, que nena del demo! E a propósito, ¿non encontrache a José na *calle* hai un pedacín?

FINA Si que lo encontré; díxome que vía de aquí e taba algo serio. ¿Non se leva ben con mamá, verdá?

XUACO Non se leva nin ben nin mal, simplemente non se leva. Se veu á casa foi polas circunstancias, que con túa madre non lle gusta toparse. E é que é difícil conxeniar con ela pola súa condenada manía de grandeza.

FINA ¿Grandeza? Grandeza da perrón. Agora xa ten pra un mes cos nervios de punta esperando a herencia de volo.

XUACO A propósito da herencia de volo, e xa que volves a mentala, vou decirche uha cosa, pero ten que ser en secreto, ¿eh?, en muito, muito secreto, así que xúrame que non lla dirás a naide.

FINA (*Intrigadísima.*) ¡Xúrocho!

XUACO Volve a xuralo por *Dios* e por todos os santos.

FINA Xúrolo por *Dios* e por todos os santos.

XUACO Pois chégate que cho vou decir al ouguido por se nos escuita túa madre. (*Fina se acerca y su padre le susurra algo que nadie puede percibir. A medida que Fina lo va escuchando, va cambiándole el semblante, que primero es de sorpresa, con los ojos muy abiertos y casi dando saltos; luego empieza sonreír y al final abraza a su padre y ríe abiertamente.*)

FINA ¿E verdá eso, papá, non tas de broma?

XUACO ¿Como iba eu a gastarche semejante broma con lo serio que son?

FINA (*Sen dejar de abrazarlo.*) ¡Ai, papá, que feliz me fais, que contenta tou!

XUACO De modo que xa lo sabes. Punto en boca porque en toda a familia non tamos nel secreto máis que tu e eu. Que non te vaia a sonsacar túa madre si te ve contenta. Mellor disimulas e pois cara de circunstancias, coma min.

FINA Póñola, póñola, aunque me costa traballo. ¿Así? (*Se queda otra vez muy seria.*)

RUFA (*Desde la cocina.*) ¡Hala, a cenar, que xa tan as patacas nos platos. Un pouco chamuscadas pero poden comerse!

XUACO Pois a cenar, que tou deseando deitarme. ¡Hala, nena!
(*Salen los dos cogidos por la cintura mientras cae el telón.*)

ACTO SEGUNDO

ESCENA PRIMERA

Rufa y Josefa.

JOSEFA Polo que se ve, fun a primeira en chegar.

RUFA Fuche. (*Mira el reloj.*) Inda falta un bocadín prás doce. ¿Unde quedou Quico?

JOSEFA Tomando un vasín, pero xa vén. ¡Ai, tou máis nerviosa!, ¡mira que se meu padre nos deseredou!...

RUFA A min polo menos, non, seguro.

JOSEFA ¿Como lo sabes?, ¿ou é que abriche el testamento?

RUFA Tas tola, Josefa, ¿como iba a atreverme? Ademais, pechóuchelo ben Xuaco con chave, mira (*se acerca a la mesa y tiente el cajón*).

JOSEFA ¡Ai, *bueno*, é que de ti non me fío un pelo!

RUFA Tu nunca te fiache de min nin de naide. Menuda *pájara* tas feita.

JOSEFA Eso de *pájara*...

RUFA A ver, ¿por que nunca se che ocurriu levar a tou padre a vivir contigo, xa que tanto dices que lo querías?

JOSEFA Xa sabes lo apretados que tamos de sito na casa.

RUFA Non me digas que tades apretados cos que sodes, e ademais *alquilais* nel verau.

JOSEFA Si, *alquilamos*, pero índonos nosoutros prá bodega del forno; e eso polo mal que andamos de cuartos.

RUFA De cuartos andamos mal todos, pero a min nunca naide me preguntou como me amañaba mentras tou padre viviu con nosoutros, e a costa nosa.

JOSEFA Non me digas que a costa vosa porque él cobraba un bon susidio.

RUFA Tampouco pensarás que íbamos a mantelo gratis sen que aportase nada. ¿Por que non te fixiche tu cargo del, con susidio e todo xa que es máis do seu sangue que eu, que al fin e al cabo eu solo era a nora?

JOSEFA Pero a casa na que vives era del e ta sen partir.

RUFA Tamén era del a rúa, non te amola.

JOSEFA Non vaias a comparar esta de Tapia coa mía del Cortaficio que é un cubilín, como quen dice.

RUFA Con horto, cabanois e cabazo, non che esqueiza, así que non teis que botarme nada na cara. Al contrario, teño eu que botarcho a ti. ¡Vaia uha filla que lle saliu al *probe* de Xan!

JOSEFA (*Enfadada.*) Muito *probe* Xan agora que moriu, pero condo taba vivo, ben que lo botache da casa.

RUFA Deso xa falamos abondo, así que corta el rollo.

JOSEFA Será mellor, falemos doutra cousa: ¿tu pensas que papá tería os cuartos que dicen que tía?

RUFA Eu penso que condo lo dicen... Ademais a Xuaco contáronllo as monxas en *Madri* e as monxas non minten. Lo que pasa é que non lle dixeron conto, pero dixéronme ben claro que lle tocara un bon pico en non sei que cousa.

JOSEFA Pois a ver como lo repartiú nel testamento.

RUFA A partes iguais, penso eu, porque todos somos fillos de *Dios*. Anque a lo mellor a min, en particular, déixame mellorada xa que mellor ou peor, fun a única que lo cuidou en vida.

JOSEFA Vai tu a saber. (*Pausa.*) Mira que ir morirse aos dous meses de irse da casa... Se tu aguantas un pouco máis, muere nela.

RUFA ¿E por que non lo levache tu prá túa e che se muere alí? A lo menos non era a ti a quen daba a tabarra coas súas manías, senón a min.

JOSEFA ¡Dálle, coño! En fin... (*Suspira.*) ¡Aaaiiii...! ¡Que en paz descanse!

RUFA Eso digo eu, que *Dios* lo teña na gloria.

JOSEFA Amén. (*Llaman a la puerta.*) ¿Abro eu, Rufa?

RUFA *Bueno*, abre, que será daquén da familia. (*Abre Josefa y entra Quico, su marido.*)

ESCENA SEGUNDA

Josefa, Rufa y Quico.

QUICO Buenos días, ¿non veu inda naide máis?

JOSEFA Non, pero tan al caer porque axina van a dar as doce. Anda, séntate.

RUFA ¿Non viche por ei a ningún?

QUICO Non, ¿unde anda Xuaco?

RUFA Saliu hai xa un bon pedazo. Taba algo nervioso e dixo que iba a dar un paseo pra estirar un pouco as pernas e calmar os nervios. Non tardará porque el é mui puntual, xa lo sabes.

QUICO ¿E Josefina?

RUFA Fina foi á clase de francés, pero tampouco tardará porque *hoi* sale ás doce e xa case las son. (*Mira el reloj.*) Faltan uns minutius. (*Se abre la*

puerta y entra Fina.)

ESCENA TERCERA

Josefa, Rufa, Quico y Fina.

FINA Buenos días. ¿Chego a tempo? Salín un pouco primeiro da clase pra tar a hora nel acontecemento.

RUFA Chegas, chegas a tempo, pero inda falta tou padre, e xa ves que non veron tampouco el cura e as dúas monxas. Non las verías por ei, ¿eh?

FINA Non, houbéranme chamado a atención porque dúas monxas en Tapia non se ven todos os días.

RUFA ¿E el cura? ¿Non viche tampouco a ningún cura forastero?

FINA Vin solo al de Valdepareas, pero ese vén muito por aquí. Case é tapiego.

JOSEFA Pois non tardarán. (*Vuelve a sonar la cerradura y entra Xuaco.*) ¿Ves? Xa van chegando.

ESCENA CUARTA

Josefa, Rufa, Quico, Fina y Xuaco.

XUACO ¡Ola a todos!

RUFA, QUICO, JOSEFA ¡Ola!

FINA (*Que se le acerca, mimosa.*) ¡Ola, papi!

XUACO Por lo visto, solo faltan os de *Madri*.

RUFA A ver se non veron e nos xoroban a tomateira.

XUACO Virán, virán, que esta xente é mui formal. Inda falta un pouco prás doce. (*Mirando el reloj.*) ¿Que hora tedes vosoutros?

QUICO (*Que mira el suyo.*) Faltan algo menos de tres *menutos* prás doce.

XUACO *Bueno, pois tu, Rufa, vai preparando uha botella de anís e uhas galletías pra que tomen un aperitivo se lles parece, que as monxas son mui lambiuas e aficionadas a estos pequenos detalles. (Rufa saca del armario una botella, una caja de galletas y tres copas pequenitas.)*

RUFA Xa pensara eu neso. Aquí tan.

XUACO ¿E prós demais, que?

RUFA Os demais mirar e escuitar, que esto non é uha festa. Al final, digo eu, se todo sale ben, como eu quero, incluso comprarei uha docena de pasteles e uha botella de moscatel pra celebralo en familia, pero mentras tanto e non...

XUACO ¡Pois si que tamos amañados!

(Hay una breve pausa en la que todos miran a la puerta. Al fin, llaman.)

RUFA ¡Ei tan, ei tan!

(Sale a abrir y aparece un cura con sotana y dos chicas jóvenes vestidas de seglar, sin ningún signo externo de que sean religiosas. Todos se levantan respetuosamente.)

ESCENA QUINTA

Josefa, Rufa, Quico, Fina, Xuaco, Cura y Hermanas.

CURA ¡Buenos días nos de Dios! *(Rufa le besa la mano.)* ¡Sin cumplidos, sin cumplidos!

(Uno a uno van saludando al cura y haciendo una breve reverencia a las monjas, que se van sentando, excepto Xuaco y Fina que no aparecen afectados por la situación.)

HERMANAS Santos y buenos nos los de Dios.

RUFA *(En un aparte.)* ¡Vaia monxas máis novas! ¡E de paisano!

CURA *(Mirándolos uno a uno.)* ¿Estamos todos o falta alguien?

RUFA Xa tamos todos, señor cura; xa pode empezar.

CURA ¿Puedo tomar una copita antes? Vengo desfallecido.

RUFA (*Apresurándose a servírsela.*) Pues claro, señor cura, para eso las puse.
(*A las hermanas.*) ¿Ustedes no querrán también una copita?

HERMANAS ¡Bueno, si nos da un cuba libre...!

XUACO (*Abre el cajón y saca el sobre.*) Tenga, señor cura, el testamento cerrado y lacrado, tal como me lo entregaron, sin que nadie lo tocara.

CURA Así tenía que ser. Bueno, pues empezamos si alguien no tiene algún impedimento. (*Abre el sobre parsimoniosamente y saca un papel escrito a mano. Carraspea aclarando la voz y leyendo en alta voz, empieza:*) “Yo, Juan Manuel Comesaña y Figueruelo, de apodo Xan, mayor de edad, natural de Burela, Lugo, residente en Tapia durante toda la vida hasta mi confinación en un asilo de Leganés, en el que agora resido...”

RUFA (*Interrumpiendo.*) ¿Que es eso de confinación? ¿É que un asilo é un campo de concentración ou algo así?

CURA ¡No interrumpa, caramba! Los asilos, señora, son campos de concentración para los viejos a los que les falta el calor de la casa y de la familia. Pues claro que confinado. Agora sigo, decía que: “en pleno uso de mis facultades físicas, mentales y psicomotrices, y haciendo uso también de las que me confiere el Código Civil en su apartado 124, epígrafe 14, título «por abintestato», «pro indiviso», fecha ut supra...”

RUFA (*Interrumpiendo otra vez.*) ¡Eu non sabía que mi suegro estuviese tan enterado de leyes! ¿Quen lo asesoraría?

CURA ¡Me vuelve a cortar, carajo! ¡Ai, Dios me perdone!, pero es que esta mujer... Bueno, ¿sigo, o no sigo?, porque si continúa usted interrumpiéndome, cierro el chiringuito y me largo.

RUFA No, señor cura, perdone.

CURA Pues prosigo. Decía que... “en la fecha *ut supra* me propongo disponer y dispongo: que haciendo inventario de mis bienes libres de cargas e gabelas, tanto rústicos como urbanos, mostrencos y pecuarios, y sin que medie coacción alguna de familiares o extraños, tengo a bien incoar el siguiente reparto, a saber: (*carraspea*) Dejo la casa de Tapia, compuesta por planta baja, piso y desván, con todos sus muebles y enseres...”

RUFA (*Que no se puede contener, y casi grita.*) ¡Eso, a casa, *mi casa!*

CURA (*Cabreadísimo.*) ¡O se calla esta mujer, o se marcha ella o me marchó yo, así que a ver!

XUACO (*Sacudiéndola por una manga.*) Cállate, coño, que xa son tres veces que lle cortas a mexada al señor cura. (*Mirando al cura.*) Bueno, con perdón.

CURA ¿Sigo o no sigo? Sigo. Pues como iba leyendo... “dejo la casa de Tapia con sus muebles y enseres a tercios iguales entre mis hijos Joaquín, llamado Xuaco, mi hija Josefa y mi nieta Josefina, que es a la que más quiero en este mundo. (*Josefina se limpia los ojos con el pañuelo.*) El cuarto tercio será para mi nuera Rufa, que así queda mejorada.” (*Rufa vuelve a saltar como una fiera.*)

RUFA ¡Oiga, señor cura! ¿Cuantos tercios tiene una unidá?

CURA Depende, depende de como sea la unidad y los tercios. Por lo que parece el que corresponde a la llamada Rufa no es el mejor de los cuatro.

RUFA La nuera chamada Rufa son eu, e ese tercio del demo, non existe.

CURA ¡Ai, no se! A mi no me metan en líos, que yo solo vengo como albacea a leer el testamento. Bueno, ¿prosigo? Pues prosigo: “...La casa del Cortaficio también será dividida en tres partes: una para mi hija Josefa, que la habita, otra para mi hijo Xuaco y otra para mi nieta Josefina, como igualmente el huerto, la bodega, el cabanón y el cabazo, también a partes iguales entre los tres. Se hace constar que

bajo ningún pretexto serán vendidas por separado las propiedades sino que las disfrutarán por igual todos los copartícipes, mientras vivan, en forma pacífica y amigable, cosa que no hicieron hasta agora”.

JOSEFA (*Que salta como una leona.*) ¿Que es eso de que la mía casa también se divide en tres partes?

RUFA (*Alegrándose.*) ¡Anda, amólate tu tamén!

JOSEFA ¡Hai que anular ese testamento; hai que impugnalo!

RUFA Por uha vez, tamos de acuerdo. Si señor, hai que anulalo. (*A las dos hermanas de La Caridad.*) ¿E vosotras, no decides nada de estas barbaridades que deixó escritas mi suegro?

HERMANA 1.^a ¿Que vamos a decir? Nosotras solo venimos de testigas.

HERMANA 2.^a Somos, como si dijéramos, testigas mudas.

RUFA Pois si que tamos amañados con semejante parella.

CURA ¡Les advierto que si alguien vuelve a interrumpir, me largo! (*Toma la botella, se sirve una copa y la bebe de un sorbo.*) Con permiso (*Abre la caja de las galletas, coge una y empieza a masticar.*) Son buenas estas galletas, pero están algo revenidas. Se ve que no hai gasto diario. (*Mira para Rufa.*) ¿Sigo o alguien tiene algo que objetar?

QUICO Siga, señor cura, que con estas mujeres non hai remedio.

CURA (*Que vuelve a reanudar la lectura.*) “...En cuanto al pinar del Rondelín, asigno la primera fila de pinos, por la derecha según se entra, a mi hijo Xuaco; la segunda fila a Josefa y la tercera a mi nieta. Y el resto queda *pro indiviso* para necesidades de la familia, si las hubiera. Dejo igualmente el huerto del Abeyal a mi hermano Lino, residente en Burela y actualmente ausente en un barco de pesca. Lo compartirá con mi sobrino Antón, todos ellos fuera de la localidad de Tapia. El huerto del Xogoral será para quien lo labre, porque hace diez años que está de bravo y no entran en el ni los osos. La finca de...”

RUFA (*Indignadísima.*) ¡Basta xa! No lea máis, que xa tamos todos abondo enterados de la coña que se gastó mi condanado suegro. Menuda nos la armou coel sou testamento.

(*Todos se muestran enfadadísimos, menos Xuaco y Fina que, algo apartados, se ríen por lo bajo. Hai rumor de protestas.*)

CURA Un momento, un momento, que falta por aclarar lo del dinero.

RUFA ¡Lo del dinero! É verdá, contra.

JOSEFA ¡Eso, los dos millois da lotería! (*Se apaciguan todos como por encanto.*)

CURA Pues el dinero me lo dejó encargado a mi personalmente. Yo soy el único encargado de su distribución, tal como lo dejó dicho el finado Juan Manuel (*Todos están atentísimos, menos –claro– Xuaco y Fina.*)

RUFA ¿Y es mucho, señor cura?

JOSEFA ¿Como cuanto, como cuanto más o menos?

CURA Eso es secreto de confesión.

RUFA Entonces, ¿como se reparte si es secreto?

CURA Muy sencillo: salvo una cantidad que asigna a su nieta, lo demás lo manda para necesidades de la Iglesia y de los pobres de mi parroquia.

RUFA (*Indignadísima.*) ¡Mentira, coño, eso non pode ser! ¡Non pode ser. Tiene que haber algún equívoco!

CURA Pues si, puede ser y no hay ningún “quivoco”. Yo tengo orden dada en vida por el ahora difunto, de entregar un cheque de veinte mil duros a Josefina, ¿quien es Josefina?

FINA Yo, señor cura.

CURA Bien (*Saca del bolso un cheque y se lo entrega.*) E el resto queda tal como él dispuso. Dijo que quería que su nieta tuviese un principio para hacer su ajuar cuando se case.

FINA (*Que lloriquea y abraza a su padre.*) ¡Ai volitín del alma!

RUFA Agora me explico por que dixo que íbamos a acordarnos muchísimo del condo abríramos el dichoso sobre. Menuda nos la armou, mal raio lo parta.

XUACO ¡Rufa, ten a lingua!

RUFA (*Volviéndose hacia el cura.*) ¿Sabe que máis?, que la culpa é de usté, que embaucou a mi suegro nos últimos momentos. Mi sogro nunca houbera deixado semejante cantidad prá igrexa se non fora porque usté lo convenció e le metió medo coel más allá y con los infiernos en el último momento. ¡Peró se Xan era ateo!

FINA Non era ateo, mamá, era agnóstico.

RUFA ¡Tu cala a boca!

CURA Al final de sus días, uno cambia, cambia.

JOSEFA Cambia, si, però no tanto, caraila, que nos deixa encoiros.

RUFA (*Ostentosamente coge la caja de galletas y la botella de anís y se las quita al cura.*) ¡Hala, coño! ¿Pois sabe lo que le digo, señor cura? Que aquí ya está usté sobrando, y lo mismo estas dos mudas.

CURA ¿No leo lo que resta?

RUFA No le máis nada, que xa leu el abondo. ¡A fer puñetas! ¡Volva usté por unde veu, señor cura de los demonios!

XUACO ¡Rufa!

CURA Pues nada, nada, ya que me tira esas indirectas, me voy (*A las hermanas.*) Y vosotras también que aquí parece que sobramos. (*Se levantan los tres y salen, abriéndoles Rufa que cierra la puerta de un portazo. Inmediatamente suena el timbre y abre Rufa apareciendo de nuevo la cabeza del cura y una mano echando una bendición.*) ¡Dóminus vobiscum! (*Se retira y cierra Rufa definitivamente.*)

ESCENA SEXTA

Rufa, Xuaco, Josefa, Fina y Quico.

RUFA ¡*Carajo* coel dichoso cura! ¡Ai *Dios* mo perdone pero é que ata me fixo botar xuramentos! Tou dun cabreo...

JOSEFA ¡Pois anda que eu...!

QUICO E eu tamén, coño.

XUACO Pois eu non, xa vedes. ¿E tu, Fina, tas cabreada?

FINA Nin outro tanto. Eu tou como se nada. Ademais, alegróme muito de lo que pasa.

RUFA Claro, coel cheque...

FINA Non é por el cheque. E que nel fondo todos nos merecemos el jaleo que armou volo coa *herencia*. Tanto esperar e tanto reñir uns con outros por ela e xa vedes en que quedou todo.

RUFA ¡Ai, pois eu penso denunciar el testamento!

JOSEFA E eu tampouco me quedo así. ¿E a quen poderemos denunciado?

RUFA Non sei, pero algún sito haberá que nos atendan en semellante barbaridá. Vou anque seña al Defensor del Pueblo, esto non lo deixo eu así.

JOSEFA Aquí se ve ben claro que papá non taba nos sous cabales, anque diga lo contrario nel testamento. Tía que tar medio tolo e xa se sabe que lo que poda escribir un tolo non sirve.

XUACO ¡Alto ei, *carajo*, que meu padre non taba tolo! Al contrario, taba cordo e ben cordo, como se trasluce de lo que deixou escrito nel testamento. El conocía ben a familia, e por eso obrou como obrou. Nel pecado temos a penitencia. Así que de impugnaloo, nada. Eu opóñome rotundamente.

RUFA Entonces, ¿vamos a deixar así todo este lío?

JOSEFA Eso, eso. ¿Vamos a quedarnos enzarabellados uns e os outros porque papá deixase escritos semejantes despropósitos?

XUACO Non, quizás non. A lo mellor inda se lía máis a cuestión.

RUFA (*Asustada.*) ¿Mas inda, Xuaco? ¿que é lo que sabes?

XUACO Nada, eu non sei nada. (*A la nieta.*) ¿Verdá, Fina?

FINA ¿Que vai a saber papá?

RUFA (*Algo mosqueada.*) ¿Pode saberse que contras vos tredes entre tu e tou padre? Porque tais os dous un pouco estraños.

FINA Estraños, non, mamá, normales. Tamos normales e non como vosoutros que levades media hora fendo aspaventos, despós da comedia dos choros condo moriu volo.

RUFA ¡Da comedia! ¿Que comedia?

FINA Que muita pena aparente e nel fondo portaisvos como uha manada de buitres na carroña.

XUACO Eso é verdá. Però esto da herencia inda vai a dar muito que falar.

QUICO Tía razón meu sogro condo dixo que nos íbamos a acordar del muito. ¡Carajo si tía razón! (*Hay una pausa que rompe Rufa.*)

RUFA De todos os xeitos a min estrañame lo del cheque de Fina. A naide deixou nada en cuartos nú: sendo a ela. ¡A nena!, ¿non será hora, falso el cheque?

FINA (*Lo saca y lo lee.*) Vén a meu nombre e contra a Caja de Ahorros de Tapia, e dice en letra e números cien mil pesetas, así que de falso, nada. Bolito non me houbera gastado a min semellante broma.

RUFA Enséñamo.

FINA Si, però non te vaias quedar con el, ¿eh? A verdá é que non che valiría pra nada porque e nominativo e sólo podo cobralo eu. Toma. (*Se lo da.*)

RUFA (*Mirándolo.*) Pois é verdá, coime. *Bueno*, menos dá uha pedra.

FINA ¿Que é eso de que menos dá uha pedra?

XUACO Túa madre queres decir que os cuartos vas darllos a ela.

FINA Deso nin falar. Estos cuartos son meus e hei guardalos ata que me case con José. Pois non faltaría máis.

XUACO Non é muito que digamos, però...

RUFA Mirando lo que nos deixou aos demais... Líos, nos deixou.

JOSEFA E menos mal se non nos deixou tamén *deudas*. ¿Oíche algo por aló as monxas de que deixase algún pufo?

XUACO Non los tía, non. Ademais, anque tevese algún, al tocarlle a lotería... taparíalos.

RUFA E pregunto eu outra vez, ¿conto dieiro deixaría el *carajo* de tou padre pra iglesia de Leganés?

XUACO ¡Sen faltar a meu padre, Rufa! Pois non teño nin idea; xa ves que era secreto de confesión e el cura neso non soltou prenda. Fixo ben porque os secretos de confesonario hai que respetalos. ¡Neso os curas...!

RUFA ¿Peró como iba ir tou padre a confesarse si desde a primeira comunión non lo había feito?

XUACO ¡Cousas! Así pasa na vida. Que hoxe pensas dun xeito e un bon día... pasas a outro. ¡E xa ta!

RUFA ¡*Carajo* coel dichoso cura! ¿Fixástesvos na pinta que tía?

XUACO Non te fíes da pinta. Agora os curas suelen ser así de campechanos. E eso que este inda ten dos de antes. ¿Non vistes que traía sotana e todo? Al cura non hai ninguha pega que lle poñer. El cura cumpliu. Mellor que nosoutros, que lo espantamos.

JOSEFA Non pois, ¿e as monxas? Non parecían nin monxas nin nada. Serían dúas aprendizas, anda. Ademais nin falaron palabra.

QUICO A lo mellor rezaban por lo baxo por el difunto. Digo eu.

JOSEFA E pregunto eu, ¿os gastos del viaxe desta xente?, ¿quen los pagaría? porque ellos non ían vir desde tan lonxe así como así. E as monxas non tein sobras, que sempre tan pedindo.

RUFA Seguro que foi tou padre, anda. Como era tan fanfarrón...

JOSEFA Pois xa que tía, tamén puido haber disposto uha cantidá pra que lo trasladasen a Tapia despós de morto; pero non, preferiu deixarlo todo al coño del cura, que sabe *Dios* lo que feirá cos cuartos. ¡Cos nosos cuartos!

XUACO Non, Josefa, eso non. El cura ha saber adminístralos ben, pero al sou aire, sen admitir consellos nosos. E fai ben non admitilos. ¡Menuda impresión levará de todos nosoutros!

RUFA Tu parece que tas de parte del cura.

XUACO Pois en cierto modo, si, porque él é un depositario da voluntá de meu padre, e a voluntá de meu padre é sagrada.

FINA Ten razón papá.

RUFA Cala tu, millonairia del demo.

JOSEFA *Bueno*, pois nosoutros vamos ir pensando en irnos, que vai sendo a hora de xantar e hoxe non se encendeu el lume na mía casa.

XUACO Deso nada. Vosoutros quedaisvos a xantar con nosoutros.

RUFA ¡Non teño nada previsto, Xuaco!

XUACO É igual. Amanñase e xa ta. Hai patacas e ovos, ¿non? Pois xa nos amañaremos.

JOSEFA ¿E non será muita molestia?

RUFA Muller, molestia... Dícelo Xuaco, e basta. Anda, entra conmigo na cocía e axúdasme a pelar as patacas.

XUACO Non, non tedes apuro, sentádevos outro bocadín que inda temos
muito que falar (*vuelven a sentarse.*)

RUFA Case prefiero non falar porque é que me poño duha leche... Non me
digades que meu sogro non taba como uha cabra. Agora tará ardendo
nos infernos, ¡Dios me lo perdone!

JOSEFA ¡Ai, Virxe!

XUACO Xa tades outra vez falando mal dél. ¡Coño coas mulleres!

RUFA ¿E como queres que falemos ben con lo que nos fixo?

XUACO Tavos ben empleado por fer planes con cousas que non eran vosas.
Nin as casas, nin os pinos, nin os hortos... Nada, así que repartiu como
lle deu a gana, e fixo ben.

RUFA Pero é que nos deixou liados, ¿non lo entendes?

XUACO Liados xa lo tivemos sempre. ¿Ou é que vos levastes ben alguha vez
as dúas cuñadas?

JOSEFA Pois vaia uha maneira de reconciliarnos. Lo dicho: eu denuncié el
testamento.

RUFA E eu, e eu, esto non pode quedar así.

XUACO E non vai a quedar eso dailo por seguro.

RUFA ¿Que coño escondes que xa repetiche eso de que non vai a quedar así?

XUACO *Bueno, eu xa me entendo. (Enciende un pitillo parsimoniosamente.)
(Suena el timbre de la puerta. Abre Josefa y aparece un chico joven. Es tar-
tamudo. Josefa lo manda entrar.)*

ESCENA 7.^a

Rufa, Xuaco, Josefa, Quico, Fina e Suso

JOSEFA Ola, Suso, pasa, pasa, ¿que te trae por aquí?

SUSO Pois eu... eu... *bueno...* eu vi... vi... a (*Xuaco se ríe por lo bajo.*)

RUFA Arranca duha vez, ho.

SUSO E... que me... me... dixo... na... na... Te... e... raza, que...

RUFA Que che dixo na Terraza, ¿quen?

SUSO Di... dixo... oo... que... eu era el... máis... in... dicado pra... pra.

RUFA A ver se nos aclaramos. ¿Quen che dixo que eras el máis indicado e pra que. A ver.

SUSO Di... i... xomo... e... él... di... xo... mo él. Di... i... xo... xo que co... mo eu... po... odía daaar as no... as no... ticiaas máis de espacio pois...

RUFA (*Incómoda.*) Vamos, Suso, serénate e toma uha copía de anís. (*Se la sirve e él la bebe de un trago.*)

SUSO Bu... buueno, é... que eu, eu non que... eeee... ría, pe... ro él em... em... peñouse que... que...

RUFA Que al fin te decidiche, claro. ¿Peró quen e él?

SUSO Caa... ca... se non me a... trevo a de... a de... cilo.

RUFA Pois si que tamos listos con este recadero del *carajo*. ¡Dilo duha puñetera vez, coño!

QUICO Non lo poñas nervioso, nía.

SUSO Poos... poos. Foooi Xan. (*Xuaco y Fina se ríen aparte.*)

RUFA ¿Xan?, ¿que Xan?

SUSO ¿Poos... po os que... Xa-án iba a ser?

RUFA Eso, ¿quen iba a ser?

SUSO Pois... po... os *Bueno*, Xa... an... to... toou sogro.

RUFA (*Indignadísima.*) ¿E veis con esas coñas á mía casa nestas *fechas* tan señaladas pra nosoutros? Anda, vaite duha puñetera vez a gastalas a outro sito, Suso del demonio.

SUSO Po... pois si non me... cren...

Tum... Tum... Tum... (*Suenan tres fuertes golpes en la puerta. Todos se sobresaltan menos Xuaco y Fina.*)

RUFA (*Muy inquieta.*) ¡Ai! ¿Quen chamará desa maneira? Vai abrir, Josefa, anda.

JOSEFA ¿Eu? Non, eu non, que abran Quico ou Xuaco.

SUSO Xa... de... ecía eu que... si non... me... crí... an...

(*Quico abre la puerta en la que aparece Xan, el difunto, tan campante y sonriente.*)

ESCENA OCTAVA

Rufa, Xuaco, Josefa, Quico, Fina, Suso y Xan.

XAN ¡Buenos días a todos! ¿Tan listas as lentellas?

ANTÓN ¡Ta visto!, ¿como non? Agora que sabes fer esos modales dos mítines... Digo eu que levarás a carpeta e el bolso, e, tamén poñerás el collar e as gafas col ronza!

TONA Ei a levar lo que me día a gana. ¡Non vou ir fendo el paleta coma tu!

ANTÓN ¡Vamos fer facha! ¡El paleta coa Dama de Elche!

ACTO TERCERO

(*El mismo escenario anterior, pero muy ordenado. Está trabajando Antón. Entra Paco.*)

PACO Buenos días, Antón, ¡teis esto moi cambio!

ANTÓN (*Enfadado.*) ¡Esto ta que non lo conoce nin a madre que lo parió!

PACO ¿A que se debe esto, ho?

ANTÓN Houbo muitos cambios na casa! Xa sebes que Tona perdeo es eleu-
cious! ¡Taba visto! Casouse Cosme con Delia, a sobría del cazoleiro e,
meteunos a disciplina na casa.

PACO ¿Pra que vos deixastes dominar? ¿Non es tu el amo?

ANTÓN Si, ho, si, sou el amo, ¡malo fora!

PACO Pois se es el amo, ten que ser lo que tu digas.

ANTÓN Teis razón, pero xa verás lo que pasou. Aos poucos días de entrar a nora na casa dixo que tíamos que fer uha asamblea, xa que el parecer todo lo *bueno* sale das asambleas.

PACO ¡Dalgúns sacan boa tallada das assembleas! ¡Outros jódense!

ANTÓN Si, escuita. Fíxose el *carajo* da assemblea. Reuniunos a todos os da casa e ei empezou a argallar sola. ¡Dígoche que dixo uha chía de cousas en castellano, que mialma nos apanxolou; preguntou se quedaba aquilo aprobao e Tona falou en nome dela e meo e dixo: “Aprobao por unanimidá”. Dende entónces e por mor daquela assemblea é ela a que raxa el bacalao.

PACO ¿E como vos organizou?

ANTÓN ¡Muito ben! Eu teño un horario pra traballar e ela leva todos esos libros, quero decirche, que administra. Ei teus libros de entradas, salidas, existencias, vendas, debe, haber,... este chámase libro maior, ¡inda non sei por que se chama así, xa que non é máis grande cós outros!

PACO E Tona, ¿que fai?

ANTÓN Tona quedou mui disgustada coa derrota. ¡Ai, ho!, quedou sen apetito, *baxou* un milagro e non fía máis que arroxar. Mialma cheguei a pensar se taría en estado de boa esperanza.

PACO ¡Juradiós! ¿Aos tous anos?

ANTÓN *Bueno*, eu... ¿Que queres que che diga? É verdá que a empresa vai a menos, pero como inda non pechou del todo, ¡non che tou nel paro! El asunto é que a nora dixo que Tona tía depresión e non sei contas cousas, por lo que tía que poñerse a traballar pra quitar el trauma.

PACO ¿Que é eso del trauma, ho?

ANTÓN Teño entendido que é uha cousa moderna e que abunda muito. Parece ser que hai andacio de trauma.

PACO ¡Ben, ben! E Tona, ¿unde traballa?

ANTÓN Tona sabe coser e ten uha boa máquina.

PACO Uha máquina, ¿de que?



ANTÓN ¡De coser! ¿Pois de que pensache que era, coño? Però a máquina de Tona taba ferrullenta de non usala. Limpioula, engrasoula e púxola a andar. Delia encargou uns letreiros na imprenta pra enterar a xente... Mira, inda teño un aquí: “Antonia Lomas Pigal. Alta costura Tlf. 254367. Horas de recepción de 4 a 6 de la tarde, salvo domingos, festivos y fiestas de guardar. Cerrado los martes por descanso dominical. Telegramas ANALCOS”.

PACO ¡Coño, coño! E, ¿que é eso de telegramas ANALCOS?

ANTÓN Dixo a nora que as industrias tían que poñer un nome prós telegramas, e que se tomaban as iniciais. ANALCOS é AN, Antonia, AL alta e COS costura.

PACO E, ¿prá túa industria?

ANTÓN Ata agora non me puxo nada... ¡como taba de antes...!

PACO ¿Como leva esto, Tona?

ANTÓN Tona lévalo abondo ben. ¡Ta mui cambiada! Non pensa igual un político que un industrial.

PACO E, ¿que me dices de Cosme?

ANTÓN Cosme tamén caeo en maus da administración. Traballa por temporadas e condo non, cobra el paro.

PACO Pois, ¿non entrou na papelera?

ANTÓN ¡Na papelera, si! Ese traballo volou el día de reflexión.

PACO ¡Ai, ho! E a nora, ¿Que fai?

ANTÓN A nora é a administradora, os demás os administrados!

PACO Feirá a comida e cuidará da casa.

ANTÓN Si, ¡ponnos a comida! ¡Valía máis que non la puxera! Agora, se che digo a verdá, apenas comemos.

PACO Entonces, ¿como vos tedes deretos?

ANTÓN ¡De puto milagro!

PACO ¡Pois!

ANTÓN Volou nun libro deses que lles chaman de dietas, penso, e ponse a ler nel. El cuento é que pon algo de tomate, dúas follas de lechuga, uhas sardías en lata, e, mira nel *carajo* del libro e dice: el tomate ten non sei contas calorías, as xardías, tantas,... e así con todo. Según ela metemos al demo de calorías, pero al pouco tempo ábrechese a boca de fame como as burras condo tan... é verdá.

PACO ¿Non tedes medo a poñervos malos?

ANTÓN *Bueno*, eu salo por ei e pincho algo, pero Tona... non sei. Agora non arroxa,... a verdá é que non ten que.

PACO ¡Pois é verdá que nunca tal vin, nin pensei ver! Os cuartos terédeslos vosoutros?

ANTÓN Si, ela dice que os cuartos son de todos, pero é ela a que ten que administralos, porque así ta acordado na asamblea.

PACO ¡*Carajo* coa asamblea! ¿Que fai coelos?

ANTÓN Pois cambiou dalgúns muebles. Tíamos na sala da televisión os sofás, que inda taban abando bos e sentábamonos nelos, pero, el arte del demo, deulle por cambialos por os muito bos e guapos, eso si, pero tenlos cubertos cun plástico pra que non se enchan de *polvo*. El caso é que non podemos usalos porque se estropean, segundo dice. Condo queremos ver a televisión temos que sentarnos núa banqueta. ¡Mira que xeito!

PACO E, ¿condo usais os sofás?

ANTÓN Se vén dalguha persoa de fóra, quita el plástico e séntala un pouco. Non a cualquera, depende quen sía. Todo é así, morrer de fame pra poder presumir cos muebles que miras pra elos a diario, ¡sen poder usalos!

PACO ¡Vaia por *Dios*, ho, vaia por *Dios*! Non podes seguir así. Teis que fer outra asamblea na casa ou dar un puñetazo na mesa, porque el amo es tu.

ANTÓN ¡Non podo fer nada deso, coño! Convocar outra asamblea, non pode ser, xa que hai que felo por maioría, e, ta claro que non la teño. El fillo non pode ir contra a muller porque lle come el alma; Tona sempre foi uha protestúa e estes protestois son os que millor se vein á sogá, entonces daraste cuenta que quedo solo. Quédame, é verdá, el dar el puñetazo na mesa, pero eso tómanlo como golpe de estado. ¡Eu vou defendéndome al meo xeito! Os outros, que se jodan, xa que lo queren así.

PACO ¿Como te amañas?

ANTÓN ¡Abondo ben! Xa verás. Teño avisados a muitos pra que non veñan trer *relojes* e cousas aquí; recóllolas eu por fóra, amáñolas e dóullelas por ei e cóbrolas. Todo eso non pasa polo control da nora.

PACO Fais lo que lle chaman economía sumergida.

ANTÓN ¡Que lle chamen como quiran! Pero eu vouche amañando.

PACO ¡E ben sabelo! El reló que teño aquí xa mo darás un día que nos vexamos nel bar.

ANTÓN ¡Hostias! ¡Eso, non! Ta controlado. Teis que esperar a que veña ela, que ta al vir, e xa cho dará. ¡Prepárate pra dar datos!

PACO ¡Pois mira que me amola!

(*Entra Delia.*)

DELIA ¿Antonio, este señor viene a buscar algún artículo reparado?

ANTÓN Vén buscar un *reló*.

DELIA (*Pone los libros sobre la mesa, y dice a Paco.*) Me dice: su nombre, por favor.

PACO ¡Paco!

DELIA No, su nombre de pila y apellidos.

PACO Francisco Requejo Garujo.

DELIA (*Toma nota, escribe y deletrea.*) Francisco Requejo... (*Titubea y pregunta.*) ¿Cornudo?

PACO (*Levantando la voz.*) Cornudo, non. Corujo, ¡carajo!

DELIA Documento nacional de identidad.

Paco saca el carnet y dicta el numero.

DELIA Profesión.

PACO Labrador jubilado.

DELIA Estado.

PACO Estado español.

DELIA Quiero decir si es usted soltero, casado, viudo o separado.

PACO Casado.

DELIA ¿Como se llama su cónyuge?

PACO (*No entiende y dice:*) ¿El que nía?

DELIA (*Tampoco entiende a Paco y escribe y deletrea.*) Eugenia.

PACO ¿Que é eso de Eugenia?

DELIA Su mujer. Me dijo que se llamaba así.

PACO Eu non che dixen tal cousa. A mía muller chámase Raimunda.

DELIA (*Cambia de libro.*) Vayamos ahora a los datos del reloj.

PACO (*Ya cansado y molesto.*) ¡Tou vendo que me dá menos traballo deixar aquí el reloj e preguntarlle el hora al que encuentre!

DELIA Marca.

PACO ¡Non sei, ho!

DELIA (*Apunta y deletrea.*) Seiko.

PACO (*Recuerda la marca y dice:*) Marca Omega.

DELIA (*Enfadada.*) Me dijo Seiko y ahora me dice Omega, ¿a ver si nos ponemos atentos?

PACO (*También enfadado.*) Non te enfurruñes, eso de Seiko non cho dixen.

DELIA (*Cambia de libro.*) Me dice la fecha de entrada del reloj en el taller de reparaciones?

PACO ¿Quieres decir que condo lo trouxen pra acó?

DELIA (*No entiende muy bien a Paco y dice a Antón.*) Antonio, ¿cuando ingresó el reloj de Francisco en este taller?

ANTÓN (*A Paco.*) Paco, ¿condo lo trouxiche?

PACO ¡Hai muito tempo! (*Se queda pensando y dice a Delia.*) Precisamente el día que veras buscar a *sortija*, ¡Xa choveo!

DELIA No chochea, no. Tiene buena memoria. (*Coge otro libro y hace factura.*)
(*Hace firmar a Paco.*)

PACO (*Cansado y enfadado.*) ¡Nunca tanto dato din pra nada! ¡Esto é pior que ir al notario!

ANTÓN ¡Pois esta penuria é a diario!

DELIA Ahora tenga estos documentos. Esta es la garantía de la reparación. Aquí tiene su certificado de cliente, no lo pierda, lleva un número de identificación personal. Este folleto es un resumen de los derechos y deberes del cliente, debe leerlo y ponerlo en práctica.

PACO (*Admirado.*) Xa levo abonda trangallada. ¡Non me días máis! ¡Mialma la pouso polo camín. Inda van pensar que veño de recoller el parque.

DELIA Antonio, me voy a la peluquería, luego iré a ver los nuevos muebles de cocina, porque decidí cambiarlos todos y hoy llegan nuevos modelos.

Así que, si viene alguien a traer, tome nota del nombre. Si vienen a buscar que vuelvan otro día. *Adiós.* (*Se va.*)

PACO *Adiós, nía, adiós.* (*A Antón.*) Parece que vas ter reconversión na cucía!

ANTÓN ¡Xa ouguiche! Non sei pra que se queren muebles na nosa cucía... pra abrir cuatro latas e lamber un *yugur* entre dous, maldita mueblería fai falta. Ben... cos muebles presúmese, aunque tían máis baleiros que un arizo sen castañas.

PACO (*Mirando todos los papeles que le dio Delia.*) ¡Ai, ho! Ben me encheo de papeles pra un reló de nada. Se acorda el cura de amañar el da igre-sia, que non acordará, mialma lle dá máis papeles que condo a cam-paña del Domund.

(*Entra Tona, mui fina.*)

TONA ¡Hola, Paco! Hace mucho tiempo que no le veo por acá. Me dijeron que habías estado fóra.

PACO (*Con sorna.*) ¡Coño, Tona! Tas mui fina. ¡Ata aprendiche castellano!

TONA *Bueno*, que quieres que che diga. Yo xa lo hablaba a miúdo.

ANTÓN ¡Si, ho! ¡A miúdo, si! ¡Mialma! Ten profesor de idioma na casa e ademáis foi praticalo a Oviedo.

PACO (*A Tona.*) Non sabia eu que teveras en Oviedo.

ANTÓN Tevo, ho, tevo, mialma. Foise un día na liña das seis da mañá e volveo na das dez da noite.

TONA (*A Paco.*) No le hagas caso, Paco, ¡este sempre fue un zarapalleiro!

PACO Ta ben, muito ben, e, ¿como vos vei, Tona?

TONA Estamos muy bien, muy bien. Esto millora abondo. Yo tengo un taller de costura, hago roupa de encarga y Antón sigue coel sou taller. ¡Estamos poñéndonos a nivel europeo!

PACO ¡Mete medo lo que me alegro!

TONA ¡Xa lo sé, xa lo sé! También saberás que Cosme se casou con Delia y su mujer, Delia, organizó todo esto. Esta casa ta desconocida, dígoche la verdá, desconocida.

PACO ¡Muito, ben, nía, muito ben!

ANTÓN (*Cortando aquella conversación.*) ¡Teño uha fame que lougo non vexo!

TONA Fame no puedes tener. Hai poco tiempo que comiche. Sabes ben las calorías que metiste hoy en el corpo. Delia las leyó antes de la xanta, lo que pasa que xa lo has esquecido.

PACO Antón pra esto de comer,... ten bon saque...

TONA Si, xa lo sé, pero no consiste en comer muito. Lo que fai falta es un alimento rico en calorías.

PACO ¡Dichosas calorías! Eu así, morro. Morrerei caliente, pero morro de fame.

TONA ¡Sempre tas igual! ¡No sé como te las amañas! *Bueno*, Paco me voy, hoy tengo muito traballo.

ANTÓN ¿Ata que hora teis que traballar hoi, nía?

TONA Delia me dixo que ata las ocho. Adiós, Paco. A ver si vienes un día por ei. (*Se va.*)

ANTÓN ¡Díchete cuenta de como ta el asunto?

PACO Si, ho, dinme, ¿como non me iba dar? ¡Ben cambiou Tona! ¡Aquela muller que protestaba por todo...!

ANTÓN ¡É verdá! ¿Acórdaste condo as eleuciois? Pois agora xa la ves, ta máis atada que as capelas nel maragouzo e non protesta. ¡Conto máis atada, máis contenta!

PACO ¡Probe Tona! Haiche xente que naceo pra protestar condo ta ceibe e pra aplaudir condo ta atada. Ese é el caso de Tona. ¡Non hai que ferlle! E agora decirvos que se se estropea el reló, non lo traigais aquí, xa que vos enchen de papeles, buscai a Antón por ei e daillo.

ALPEIRADA NA CASA DA CULTURA

Jesús Álvarez Valdés

ANTÓN Pois como che iba decindo vendín vaca marela. Deo en non empreñar e *baxaba* en leite,... de modo que amañei de salir dela.

PACO ¡Ben sei que che sacou muitíos cuartos!

ANTÓN ¡*Bueno, bueno!*... Xa sabes que os tratantes dan lo menos que poden... pero, púxenme teso, e... non cedín á primeira.

PACO ¡Fixiche muito ben!, se ven que non resistes, enseguida te joden.

ANTÓN ¡Hai non, mi alma! Eso é verdá...

PACO El gao dá de todo; uhas veces anda ben e outras... parece que lo guía el demo...

ANTÓN ¡Teis razón! ¡Madeumas! Aló tamén temos de todo.

PACO ¡Non, de todo non! Levais uha boa racha. ¡A vaca que comprache na Pola salioche boa de leite!

ANTÓN (*Enfadado.*) ¡Salió el *carajo!*

PACO ¿Como que? ¡Pois col remollo que tía non vas negarme que enchía el bidón ela sola!

ANTÓN ¡Non fagas caso! Non enchía nin a conca. ¡A vaca foi uha boa ganga!
Parecía muito ben, pero... nada.

PACO ¡Pois non sei, ho! A vaca chama a atención a todo el mundo col remollo que ten! Claro ta, que as aparencias son as aparencias...

ANTÓN Si, home, si, é verdá que lo son... Condo la compramos e veo prá casa a boa da vaca, cuadrou que taba el meo sobrín de Avilés e dixo que a vaca había que chamarlle Sabrina.

PACO ¿Serafina? ¡Ougá, ho!

ANTÓN Serafina non, ¡coño! Sabrina.

PACO Sabrina, Sabrina... parece que me suena, pero non sei de qué. *Bueno*, ta ben, pero... *bueno*, ta ben... Non dou en ver el poñerlle ese nombre a uha vaca, xa que sabes que os nombres que se usan son: Careta, Linda, Pastora, Rubia, Colorada...

ANTÓN Xa, xa, son nombres de sempre, pero dixo el sobrín que ese nombre lle vía ben “dada la contextura de la vaca”.

PACO ¿Dada que?

ANTÓN La contextura.

PACO ¡Pois é verdá que mialma lo pois difícil! ¡Nin sei lo que é a contextura, nin sei que é a Sabrina! ¡Poisme como un toupo!

ANTÓN A contextura vén a ser... ¡non sei como decircho!

PACO ¡Dáme a orella que tamos igual! Tas máis pra recibir clase que pra dala ¡Ben, eso pásalles a muitos...!

ANTÓN Eu penso que sei lo que é a contextura, lo que pasa é que non sei decilo aldereto... A contextura vén a ser como é uha cousa...

PACO Téñoche bo medo a que non sía así como me dixiche,... ¡Mira! Ei vén el rapaz de ca Roque e como ta algo estudiao, pode que lo sepa. (*A Lodito.*) ¡Ois, Lodito! ¿Tu sabes lo que é a contextura?

LODITO (*Gesticulando.*) ¡Mira, tío, no me enrolles! ¡Jo! ¡La contextura! ¿Oye, tío? ¡Tu te crees que yo! ¡Jo! ¡Que yo no me enrollo, tío!

PACO (*Admirado.*) ¡Ois, Antón!, se a contextura é como é un, ¡este mialma ten a contextura jodida!

ANTÓN Lo que ten este é que non ten nin contextura. ¡Viche que facha!

PACO ¡Mete medo!... Levamos aquí un bon cacho falando da contextura e non sabemos lo que é, e pra un que chega vén sen ela.

ANTÓN *Bueno*, é igual. El asunto é saber decir as cousas e decilas, el saber lo que son non importa. Nosoutros decimos contextura, falamos dela, non sabemos lo que decimos, pero decimos. Tamos á moda.

(Entra D. Poncio acompañado de unas mujeres. D. Poncio es un tipo frecuente, presumido, altivo, personalista; en una palabra, un demócrata moderno.)

D. PONCIO (*A Lodito que ocupa dos sillas.*) Buenas tardes. Nos deja la silla, porque nosotros opinamos que no le hacen falta dos.

LODITO (*Con mala cara, titubea, quita las revistas y empuja la silla con el pie.*) ¡Jo! ¡Vaya cara, tío!

(Se sientan D. Poncio y las mujeres. Antrón y Paco comentan.)

PACO ¡Vén mui acompañado hoi D. Poncio!

ANTÓN ¡Mialma si! ¡Non ten problemas de contextura!

PACO ¡Podíamos preguntarle a D. Poncio que é contextura, pra ver se duha puta vez salimos del asunto!

ANTÓN Ben. ben, ¡pois é verdá que che deo hoi por poñerte culto! Tamén podíamos miralo nel dicionario...

PACO ¡Déixate de dicionario! Eso é pra xente culta; os zopencos non precisamos dicionario, chegamos a lo que somos sen el; así que vou preguntarle a D. Poncio.

ANTÓN D. Poncio se é como tu e eu, lo que pasa é que se fai que é, pero non é.

PACO Pois é igual, vou preguntarlle. (*Se levanta y va a la mesa de D. Poncio.*)
 ¡Ah D. Poncio! Mire usted, ho, tamos aquí esmolidos Antón e eu porque non sabemos lo que é a contextura e quixera que nos aclarase eso. Pode crerme que lle demos voltas, pero non demos enforao.

D. PONCIO Nosotros encantados en colaborar con ustedes. Ya saben que nosotros estamos dispuestos a la colaboración, porque nosotros colaboramos siempre. Si ustedes tienen algún problema, nosotros tratamos de colaborar en su resolución. Esto es lo que nosotros hacemos. Nosotros vemos que ustedes tienen un problema, y, obviamente, nosotros tratamos de resolverlo, ya que ustedes vienen a nosotros y nosotros nos metemos en su problema, siempre con intención de colaborar, porque eso es lo que intentamos nosotros.

PACO (*Huyendo.*) ¡Gracias, D. Poncio, gracias!

ANTÓN (*Con cierta sorna.*) ¿Que che dixo?

PACO (*Enfadado.*) ¿¡Pois non ouguiche!?

ANTÓN ¡Bueno, algo ouguín! De todas maneras como tabas máis cerca, penso que ouguirías *millor* e que entenderías todo lo que che dixo; dese xeito poderás decirme lo que é a contextura.

PACO Nada che podo decir, xa que nada me dixo. Tevo argollando e pode que dixese “nosotros” máis de nove veces. ¡Veño agoirao!

LODITO (*Recogiendo las cosas.*) ¡Jo! ¡Qué rollo, tío! ¡Dijo nosotros diez veces!
 ¡Qué te den por allí, tío! ¡Me quitó la silla este tío pa decir chorradas!
 ¡No me moles, tío!

D. PONCIO ¿Oiga, Lodito? Nosotros.

LODITO (*Haciendo mutis.*) ¡Venga, tío! ¡No te enrolles conmigo!

D. PONCIO (*A las mujeres.*) Nosotros debemos hacer algo para que estos jóvenes sean más correctos. La desfachatez de Lodito fue cruel con nosotros.

LAS MUJERES Si, si, si.

D. PONCIO Nosotros colaboraremos para poner remedio.

LAS MUJERES Claro, claro, claro.

D. PONCIO Y nosotros lograremos que estos jóvenes se reeduquen.

LAS MUJERES Si, claro, si, claro...

D. PONCIO Porque nosotros hemos de colaborar con todos aquellos que lo necesiten y hagan lo que nosotros queremos.

LAS MUJERES Si, si, si...

ANTÓN ¡Ai, ho! Este D. Poncio tenlas amaestradas de muita alma. Non te diche cuenta que condo D. Poncio fai que dice, xa que lo que é decir, non dice, elas contestan xuntas cun “si” ou cun “claro”.

PACO ¡Xa vin, xa vin! Elas tamén tein dereito a opinar cun si ou cun claro. (*Entra el viejo Mador.*) ¡Ui Mador! ¡tanto tempo! ¿teviche de vacaciois?

MADOR (*Se sienta junto a Antón y Paco.*) ¿De vacaciois? ¡Non sei lo que é eso!

ANTÓN Pois levas uha boa temporada fóra, porque ¿malo non teviche?

MADOR Non, non teven malo, teven destinao en varios lugares.

PACO Igual volviche á mili.

MADOR ¡Tas tolo! ¡Volver al servicio! Lo que pasa é que ando a turnos.

ANTÓN ¿Andas a turnos? ¿colocáchete en dalguha empresa?

MADOR ¡Non ves que tou jubilao, coño! ¡Non hai traballo prós novos, ¿van a darmos a min?

ANTÓN ¡Como dices que andas a turnos!

MADOR É que tou un mes con cada fillo.

PACO ¡Ai, ho! ¡ Ben te queren!

MADOR Precisamente ando a turnos porque non me queren, millor dito, quérenme fóra. Por eso acordaron de terme un mes cada un.

PACO Así es sempre novo na casa e aténderante ben.

MADOR ¡Nin por ei millor! Can que lambe en muitas olas ta sempre fraque.

ANTÓN ¿Contos fillos teviche, Mador?

MADOR Teven media ducia, entre fillos e fillas. Así é que, cada seis meses volvo á mesma porta.

PACO Fais: igual que as letras dos créditos.

MADOR ¡Máis ou menos!

ANTÓN Pois tamen jode que despós de vello traten a un así...

PACO Non sei que é, pero os vellos nunca resultan graciosos.

ANTÓN Home, graciosos non resultan, pero como cobran os cuartíos a fin de mes, parece que resultan rentables.

MADOR Mentras cobras, das e traballas inda te van aguantando, pero mialma desde que xa non podes enxoriar, estorbas. *Bueno*, ¡eu falo por min!

ANTÓN ¡Eu non sei, ho!... ¡Non sei!... Penso que tabas millor nun asilo.

MADOR ¿Pra un asilo? ¡Non, mi alma! Prefiero morrer antes de ir pra un sito desos.

ANTÓN Ben, cada un é cada un. Dican que atenden ben.

MADOR (*Enfadado.*) ¡Pois vei tu pra aló! ¿Que esperas?

ANTÓN Non te enfurruñes, Mador; a min aínda non me chegou el hora. Ademais non cho digo por mal, ¡juradios!

PACO Mador non quere tar atao e nos asilos ten que haber uha disciplina, xa que doutro xeito aquilo conviríriase nun gallinero con fucacos e poden irse e perderse.

JULITA Teis razón, pode haber tráfugas.

PACO Non, nía non, no asilo non hai tráfugas, non ves que hai que dar moitos cuartos pra que te fagas tráfuga e alí os cuartos andan escasos; por outro lado a naide lle interesa que un vello se vaia dun asilo.

JULITA Eso é moito decir, si el vello ten cuartos.

ANTÓN Tu non pensas máis que nos cuartos, parece os de Hacienda. Ponnos daqué. A min viño e estos lo que pidan. MADOR, toma algo ho.

MADOR Non, millor non bebo. Tou sen cuartos.

ANTÓN Eso non importa, coño, pago eu.

PACO ¿Pois como tas sen cuartos? ¿Non cobras a jubilación todos os meses?

MADOR Cobro, ho, cobro, pero teño que dala toda, perrón a perrón unde me toca el turno. Así é que ando, un mes si e outro tamén, máis baleiro de cuartos que el *Ayuntamiento*.

ANTÓN Volvo a decirche, Mador, que tabas millor nel asilo; penso que lles deixan dalgún cuarto da paga.

MADOR ¿Cálame col asilo duha puta vez!

ANTÓN Repítoche que non é por mal lo que che diga. ¿Que queres tomar?

MADOR Viño.

ANTÓN (*A Julita.*) Trainos us vinos.

JULITA Brancos ou tintos.

ANTÓN Claretos. Con sifón.

JULITA ¿Pois é verdá que non acerto uha!

PACO Eso pasouche sempre.

JULITA (*Trae la consumición y dice a Paco.*) ¿Por que dices que eso me pasou sempre?

PACO Quero decir que che pasou sempre que che pasou.

JULITA Pois se me pasou, pasoume a min, ¿sabes?

PACO Pois claro, coño. Ta visto. Non vas a beber tu e quedar outro sen sede. Anda vei atender a mesa de D. Poncio, non ves as mulleres que tein ganas...

JULITA ¿Ganas de que?

PACO De beber, nía, de beber, ¿pois de que pensache que era?

JULITA Non penso nada. (*Se va hacia la mesa de D. Poncio.*)

PACO Fais ben non pensar, así podes chegar a algo.

ANTÓN Deuche por meterte con Julita.

PACO Anda que se amole. Sempre foi uha presumida.

JULITA (*En la mesa de D. Poricio.*) A ustedes, ¿póñolles algo?

LAS MUJERES A mi coca-cola. A mi cerveza. A mi un botellín de sidra...

D. PONCIO Nosotros consideramos, y aquí así lo hemos acordado nosotros, que nosotros debemos ingerir unas aguas.

JULITA ¿Del grifo ou embotelladas?

D. PONCIO Nosotros opinamos que nosotros debemos consumir agua embotellada.

JULITA (*Enfadada.*) ¿Con gas ou sen gas?

D. PONCIO (*A las mujeres.*) Sin gas, ¿verdad?

LAS MUJERES ¡Si, si claro, claro!

D. PONCIO Nos sirve a nosotros agua sin gas, que es lo que nosotros acordamos por unanimidad.

JULITA (*Yéndose.*) Nosotros, nosotros... ¡Máis pesao que un saco de 80 quilos. (*Se olvida.*) Díxome, con gas ou sen gas?



D. PONCIO ¿Nosotros?

JULITA (*Con enfado.*) Si... nosotros.

D. PONCIO Nosotros sin gas.

PACO Este D. Poncio non lles deixa nin arroitar.

ANTÓN Teis razón, non quere que arroiten por eso lles dá agua sen gas

MADOR Dicen que tein uha organización que fai muito ben.

ANTÓN E que ten que ver eso con ter esas mulleres anougadas que non poden nin beber lo que queren.

MADOR Dicen que toman acuerdos e que los cumpren.

ANTÓN ¡Toman el *carajo*!

PACO Non sei se eso lo toman ou non, lo que se lles ve e tomar augua. É verdá que elas querían outra cousa, pero claro, D. Poncio sabe que ás mulleres non se lles pode dar todo lo que queren.

MADOR Teis razón. Hai dalguhas que conto mas lles dás máis quere, e ta visto que non pode ser.

ANTÓN ¿Por que dices, Mador, que non pode ser?

MADOR Porque acaban coa casa.

PACO Xa sei. Cuidei que ibas por outro camín.

MADOR ¿Que é eso de outro camín?

JULITA Tu non sabes, Mador, que Paco sempre pensa mal.

PACO ¡Cala! Tu tabas pensando como eu, pero como che gusta azorrapar, esperabas a chegada de Mador.

(*Entra Lodito.*) (*Ve a D. Poncio y compañía tomar agua y les dice:*)

LODITO ¡Jo, tío! ¡Menuda inundación! ¡Estos tíos se colocan con agua! ¡Jo!
¡Menudo pantano, tío!

D. PONCIO ¡Lodito! Debes ser más respetuoso con nosotros!

LODITO (*A Mador.*) Abuelo, dice la jefa que a casa, que la hora es la hora. Ya sabes que si llegas tarde no comes. Así que andando... (*Lodito se sienta en el suelo y escucha música.*)

JULITA ¡Lodito, colle uha silla e séntate como as personas! ¿¡Qué e eso de sentarse polo tarrén!?

LODITO (*Con desprecio.*) ¡Lugar público! ¡Oiga! ¡Lugar público! ¡Tanto mío como tuyo! ¡De todos! ¡Me siento donde quiero, tía!

JULITA ¡Mador, este neto sou ta como un xabaril!

MADOR Teis razón. Era un bon neno, pero a educación que recibíó.

PACO Home, educación non recibíó ninguha.

MADOR Si, ho, educación recibíó, lo que pasa é que recibíó da ruia. Xa vedes. A madre, que sabe muito, claro é que lo pensa, decía que a educación tía que ser en libertá plena, dese xeito el neno fixo todo conto lle deo a gana, e como a gana era pouca, nin aprendeo a traballar, ni lle tomou lei a nada. Salió eso que vedes. Foi pena, coño, xa que el neno non é nada cimpre.

ANTÓN Por que non intentas darlle algún consello pra ver se enrella aldereto.

MADOR ¡Non, ho, non! ¡Non me fai ningún caso! Aos vellos naide lles fai caso nin los escuita. Por outra parte dende que tan zunaos non é miga fácil desavezalos.

JULITA Lo que pasa, Mador, é que os novos e os vellos non pensais igual, hai eso que lle chaman “choque generacional”.

MADOR Si, teis razón, andan en coche a lo animal, e despós, pasa lo que pasa.

JULITA Choque generacional, Mador, choque generacional, que non é andar en coche a lo animal.

MADOR ¡Non sei lo que é eso...!

PACO Que tedes diferente contextura.

MADOR Tampouco sei lo que é eso que dixiche...

PACO Eu tampoco lo sei, de momento, pero dígolo. Se cuadra ben, millor e senón, non pasa nada.

MADOR Esto ta así amañao, ho. ¿Tu veslle facha el andar con esos cousos mangaos nas orellas todo el día?

JULITA E que agora puxéronse de moda os cascos.

MADOR ¿Os que, nía?

JULITA Os cascos.

MADOR ¡Os cascos! Os cascos sempre tiveron de moda, coño, sempre los levaron os burros e os caballos, ¿senón cómo fían pra andar?

PACO E que esos cousos que leva el tou neto nas orellas pra ouguir música chámanlles cascos.

MADOR ¡Arrengo al demo, ho! Podían chamerlle ferradura, xa que se parece máis a uha ferradura que a un casco.

PACO ¡Coño, é verdá! Al ir xuntos a ferradura e el casco é igual un nombre que outro, e como é máis fácil decir casco que ferradura chámase casco.

JULITA Mador, fuxe prá casa, se non mialma quedas sen comer!

MADOR ¡Pouco máis me dá comer que non comer!

JULITA ¡Non será tanto! ¿Non che dan ben de comer!

MADOR Depende del día. Hai de todo. Pra hoi hai babullos cocidos.

JULITA ¿Que dices?

MADOR Lo que che digo. Deron en coller as fabas verdes, condo inda tan sen fer e cócenlas con babullo e todo, madoumas. ¡Fíjate ben lo que che digo! Aló sempre se lles deixou madurar as fabas e condo víamos que os babullos taban ben secos, mallábanse... penso que eso era a forma



máis axeitada, pero agora, por non traballar ou non sei por que, el cuento é que vei a nora esgamotar nas fabeiras e trai un cesto chen de babullos verdes, ¿e sabes que fai con eles?, cócelos, mialma. Eu condo lo fai, que lo fai a miúdo, non atraveso bocaio, duha porque non me gustan miga, e, doutra, porque me dá pena que se apedrén as cousas.

ANTÓN Non, Mador, non é como dices. Esas fabas son pra comer así, chámanse judías verdes.

MADOR ¡Tas de broma! ¿Como se van chamar jodidas?

ANTÓN ¡Non, *carajo*, non! ¿Quen dixo jodidas? Eso das jodidas é outra cousa da que hai boa cosecha todos os anos. Lo que che dá a nora son “judías verdes”.

JULITA ¡Ois, Mador! Teis que comer verdura que é muito boa prós vellos que non tais pra cousas pesadas.

MADOR ¡Pois cómelas tu, nía!

JULITA Eu xa las como condo cuadra e ben búas que son... Tou vendo, MADOR, que tas feito un bon agoiro. Encima que te atenden e che dan comer, protestas... ¡tían que mandarte pra un asilo!

MADOR (*Muy enfadado.*) Pois é verdá, recoño, ¡que azoquiais col asilo! Ademais non teis nada que decirme de lo que teño que fer ¿ouguiche? Atende pra ti, que sempre fuche uha boa guelfa. (*Se levanta y se va.*)

ANTÓN ¡Encabronouse el vello! Se lle falas del asilo case morde! A min aguantoume de milagro.

PACO Aguantoute porque tía ganas de falar e tomar un vasín. Tamén é verdá que a vida que ten el *probe*, escorréndolo de todos os lados como si fose a raposa...

D. PONCIO ¡Oiga, Julita! Nosotros le hacemos efectivo el importe de las aguas que consumimos nosotros. Por ello nosotros le sugerimos que venga a la mesa que ocupamos nosotros y nos diga el valor monetario de las aguas que nos sirvió a nosotros.

JULITA Son a veinte cada uha, así que xa sabe.

D. PONCIO (*Da el dinero a Julita.*) (*Dice a la secretaria:*) Secretaria, coja la libreta de gastos obligatorios. (*La secretaria busca.*) (*Dice D. Poncio:*) Esa libreta se encuentra contenida en la carpeta 504, ¿no recuerdas que en la última reunión nosotros acordamos introducirla en la carpeta 504?

SECRETARIA Si, si, si...

D. PONCIO Recordareis que nosotros tuvimos un debate largo y acalorado al haber, como es normativo, opiniones encontradas, sobre el lugar más apropiado para meterla y nosotros llegamos al acuerdo de que el mejor sitio para nosotros era ese, la 504, ubicación sostenida por mi desde los albores del debate.

TODAS Si, claro, si, claro,... (*La secretaria encuentra y saca la libreta.*)

D. PONCIO (*Dicta y la secretaria escribe.*) En el día de hoy, nosotros miembros de la Junta Directiva de la Sociedad Autónoma Pro Armonía, hemos gastado 80 pesetas en una consumición de agua sin gasificar, en el Hogar Cultural, donde nosotros nos reunimos en sesión continua de trabajo. Fecha de hoy. Ahora firmamos (*firman*) y se pone un sello.

LODITO ¡Jo, tío! ¡Que rollo para unas aguas de mierda!

D. PONCIO ¡Lodito! ¡Lodito! ¡Repórtate, Lodito! Nosotros formamos una sociedad...

LODITO (*Cortando a D. Poncio.*) De consumo, tío, sociedad de consumo.

D. PONCIO Nuestra sociedad no consume, armoniza. Nosotros resolvemos problemas, ayudamos, aconsejamos, organizamos etc. Eso es lo que hacemos nosotros. Nosotros somos SOCIEDAD AUTÓNOMA PRO ARMONÍA, sinteticamente la SAPA.

Lodito Ahora lo entiendo menos, tío. Siendo como decís la SAPA, ¿por qué consumís agua? Mejor os llamabais la RANA.



D. PONCIO SAPA son las siglas de Sociedad Autónoma pro Armonía.

LODITO ¡Siglas, siglas, siglas!... todo ligado a siglas; ¡qué asco!; ¡qué palabrejas salen, tío! ¡Y por qué esas siglas no significan: “Somos asturianos por ahora” o “Sin agua por Agosto”!

D. PONCIO Nuestra sociedad la SAPA, como sus siglas indican, es autónoma, armoniza donde hay desorden. Si surge un problema, allí está la SAPA con soluciones precisas, inmediatas, desinteresadas y eficaces.

LODITO Mira, tío, yo de eso paso cantidad ¡No sois autónomos, sois unos mandados, estais dirigidos, así que ¡no me enrolles! Cuando hay un problema, vosotros, ¡tururú, tururú! ¡No sabeis que quieren hacernos gallegos? Vuestras siglas debieran ser “Somos asturianos por ahora”. Ya que armonizais, armonizad ese problema, pero vosotros, ¿qué? Esas siglas, SAPA, pudo haber significado “Sin agua por agosto”. El problema del corte de agua, tecnicamente inexplicable, pero la SAPA sin intervenir, consintiendo que la ciudadanía sedienta se molara cantidad. Así que, tíos mucha organización, mucho control de pijadas, pero nada de nada.

D. PONCIO Son esos problemas que nosotros no podemos solucionar. Están fuera de nuestro control y no podemos, por ahora, inmiscuirnos en asuntos internos de otros colectivos organizados.

Lodito Nada, tío, nada, ni esos ni otros. Podeis meter las carpetas en el... y marchar a dormir.

D. PONCIO *Bueno*, Lodito, nosotros no podemos perder el tiempo en estas discusiones, obviamente obsoletas. Así que nos marchamos.

LODITO Adiós, SAPA, Solo agua podeis absorber.

PACO Este Lodito puxo a D. Poncio pingando.

ANTÓN ¡Túvolle ben! ¡Que se amole! Lodito non ta tan chiflao como parece. Esas maneras non lle quitan de razonar...

PACO ¡Xa ves! Teis a outros encorbataos e tesos como garabullos que condo abren a boca non ceiban máis que burredas e ben sei que lle baxaban a cabeza a D. Poncio como se fora daquén, pero Lodito con esas fachas e ese casco ou ferradura na cabeza, enfrentouse a D. Poncio e de muita alma.

ANTÓN ¡Hai, si, *juradiós!*

PACO D. Poncio dixo “obviamente obsoletas” ¿que quixo decir, ho?

ANTÓN Obviamente... é... eso ¿daste cuenta?

PACO Non, non me dou miga de cuenta.

ANTÓN Pois tamos amaños... ¡vou ter que explicarcho de novo!

PACO De novo, non, xa que inda non me explicache de vello...

ANTÓN Pode ser. Obviamente... por exemplo decimos: esto é obvio, aquilo é obvio,... entonces teis que darte cuenta e comprender que todo é obvio, ¿entendiche?

PACO Non entendín nada, pero como al parecer todo é obvio, tamén ten que ser obvio que non entenda.

ANTÓN ¡Claro, home, claro!

PACO Tamén dixo “obsoleto” ¿podes decirme que quixo decir condo dixo obsoleto?

ANTÓN ¡Agora si que me jodiche! Mialma non sei lo que é, pero oise dalguhas veces decir eso de obsoleto...

PACO Vamos ter que botar mau del dicionario, madeumas...

ANTÓN Pode que sí. Aquí neste centro cultural temos, según dixeron, uha boa biblioteca. (*A Julita.*) ¡Ois, nía! Apúrrenos el dicionario que ten que tar na biblioteca.

PACO Estas bibliotecas son agora uha cousa colluda pra esto da cultura. Nun momento sácante dun apuro, condo non sabes lo que significa uha palabra, cousa que é a cada paso.



JULITA Non hai dicionario.

ANTÓN ¡Ougá nía! ¿Como non vei haber dicionario nuha biblioteca, coño?
Busca ben, que pra eso cobras un bon soldo.

JULITA ¡Cobrar, si! El sueldo base, que non chega nin pra augua.

PACO Pois se non che chega nin pra augua, arrímate a D. Poncio. ¡Xa viche
que a aquelas augua non lles faltou!

ANTÓN Busca ben el dicionario, que ten que tar por ei.

JULITA (*Vuelve con libros.*) Aquí tedes os libros da biblioteca. *Derechos humanos. Derechos del obrero eventual. Derechos a la huelga. Derechos del empresario. Derecho a la libre expresión. Derechos del peatón. Derechos al descanso. Derecho a sufrir la subida de precios. Derecho a esperar turno en ventanilla. Derecho a intervenir en el debate. Derecho a exigir. Derecho a la información. Derecho al salario que te asignen...*
Mirai, todos son libros de derechos... ¿unde ta el dicionario?

ANTÓN Pois mialma temos un feixe de derechos.

PACO ¡Pois, si!

Lodito Solo uno, tíos, solo uno, el derecho al pataleo, todos esos tururú-
tururú.

ANTÓN ¿Non hai máis libros?

JULITA Si, tan os que trouxeron el outro día os de cultura con motivo del cen-
tenario da libertá.

ANTÓN ¡Trailos pra acó!

JULITA (*Lee los títulos.*) *La pornografía, un arte. Sexualidad a tope. Nudismo, una forma de progreso. Prácticas sexuales. Educación sexual en la infancia. Descubre el maravilloso mundo del porno. Sacude tus ropajes para que te acaricien los rayos de la vida. Una escultura viviente, Sabrina.*

ANTÓN ¡A ver; ¡A ver! Mira por unde podemos saber el nombre da vaca.

JULITA ¿El nombre da vaca?

PACO Si, é que Antón ten uha vaca que lle chaman Sabrina.

JULITA Pois como lle puxo ese nombre.

PACO Inda non sabe el por que, pero púxollo e quere saber de unde lle veo el nombre.

ANTÓN Trae el libro pra ver se descubrimos a contextura da Sabrina. (*Mira el libro.*) ¡Mira, Paco, mira!

PACO ¡Mau! ¡Mau! ¡Ai, ho, ten un ferrao!

ANTÓN ¡Si, ten pra un bon amaño! Agora comprendo lo del meo sobrín al poñerlle el nombre á vaca.

PACO Mira, pois agora sabemos lo que é a contextura.

LODITO ¡Eso que ven ahí es silicona, tíos!

PACO (*Enfadado.*) A ver se falas ben. Mira que es grosero.

LODITO ¡Mira, tío! ¡No te enrolles!

ANTÓN ¡Déixalo, ho, déixalo! Agora falan así. Quedo tolo de ver lo que cambiou el nombre deso. E estas palabras convén sabelas e tar al tanto, senón podes meter a pata sen darte cuenta.

PACO Si, teis razón. Tou pensando que esa muller fai mala facha deste xeito, eu penso que as contexturas tan millor tapadas, tamén é verdá que hoi case todas a contexturas tan de fóra.

ANTÓN Eu tamén lo penso. *Bueno*, tapadas... se asoman un pouco non pasa nada, non é peor, pero... encoiras del todo... ata parecen mal. (*Entra Oliva, madre de Lodito.*)

OLIVA (*A Lodito.*) ¡Ergue de ei, Lodito, ¿non hai sillas?

LODITO Mira, Madre, soy libre. Tu siempre defendiste la libertad a priori, así que estoy bien aquí, porque estoy libremente colocado.

OLIVA ¿Unde anda tou volo?

LODITO Hace un rato que marchó de aquí. Supongo que vaya guiado por su libre albedrío.

OLIVA ¡Mira que dá traballo el demo del vello! Menos mal que lle quedan pocos días aquí e ata dentro de medio ano non volve.

JULITA A mín nada me importa, se ben se mira, pero a manera de vivir del probe Mador, dá noxo. ¡Trátaislo como se fora un can!

OLIVA A ti nada che importa, ¿ouguiche? Métete na túa vida.

JULITA As verdades amolan, ¿verdá, Oliva?

OLIVA ¡Non amolan tanto, non! Xa sabes que as linguateiras como tu, dicen lo que se les vén á boca, ¿non sabes? Así é que: díxolo Julita, díxolo naide... ¡Mira tu quen!

JULITA ¡Home, claro! Si lo dixera la señora Oliva, a da casa de orde, a das esmolos conda la ven, a que estrena un bolso en cada procesión, a que non perde novena nin rosario, pero a que trata mal os vellos como se foran alparagatas, a esa si que se lle pode fer caso.

OLIVA Mira, Julita, todos sabemos quen fuche, así que non quero perder el tempo contigo.

JULITA Fomos as dúas igual, e, ben lo sabes, así que non mo digas pra que non cho diga, porque mialma cho digo, ¿ouguiche, nía?

OLIVA Lodito, ¿veis prá casa?

LODITO No, aquí estoy bien. Soy libre. Estoy en el paraíso o Edén, el Hogar de la Cultura. Estoy escuchando en vivo “La H.^a se confiesa”. (*Se va Oliva.*)

JULITA ¡Adiós, nía! Non te enfurruñes, xa que a verdá é a verdá, pínteche ben ou pínteche mal!

LODITO (*Majestuoso.*) *Veritas est veritas. Per omnia secula seculorum.*

JULITA Amén.

ANTÓN ¡*Carajo, carajo!*

PACO ¡Julita destapouse!

ANTÓN ¿Unde se destapou?

PACO Non, ho, quero decir que puxo a Oliva como un trapo.

ANTÓN Xa sei, dinme cuenta. Cuidei que se destapara e que me pasara desapercibido, cousa que me amolaría. ¡Como agora hai tanto destape!

PACO ¡Hai abondo! Non sei como non collen un resfriado.

LODITO ¡Mira estos tíos carrozas! Hablando de destape. Luego critican a los jóvenes. ¿Oigan? Eso del destape es muy antiguo. El destape es obsoleto.

PACO Menos mal que sabemos lo que é obsoleto, ¡coño! Xa que non temos diccionario na biblioteca cultural, Lodito sacounos del apuro.

ANTÓN Pois non fía eu que encoiro é obsoleto. Sempre entendín que encoiro é en castellano desnudo, tamén se dice “en cueros”.

PACO Si, teís razón. Tamén se dice “como veo al mundo”, pero nunca pensei que tamén valía obsoleto: ¡ta un amaño pra andar por el mundo con esta ignorancia.

ANTÓN Por eso que cousa boa son estos centros culturales pra civilizarse un algo, xa que poñerse al día non é miga fácil pra mín.

PACO Nin pra min tampouco. Xa pode ir un al médico e que che mande poñerte obsoleto, eu mialma non daba encoirao nin tolo.

ANTÓN Nin eu, ¡juradios!

PACO ¿Por que as cousas non se dirán dun solo xeito? Así aforrábamos de andar coa boca aberta as máis das veces.

LODITO Es que hai sinónimos, tíos.

PACO ¿Qué é eso de sinónimos, Antón?

ANTÓN Pois mialma non damos desezarabellao hoi. Condo xa pensei que lo sabíamos todo, vén este con eso de sinónimo, que non teño idea de lo que poda ser. É millor irse prá casa. Pra hoi sabemos abondo.

PACO Pois teis razón. Vámonos. Vou cenar e deitarme. E ben sei que coel calor que fai me vou poñer obsoleto.

ANTÓN ¡Vas fer facha!

PACO Como sempre é a mesma que fain todos os obsoletos.

SEGUNDA PARTE

(El mesmo escenario, puede haber propaganda cultural.)

PACO Así que Mador fíxose millonario da noite prá mañá.

ANTÓN ¡Home! Pillou uha boa peteguada de millois del irmao que moriu en Alemania. ¡Alegróme abondo!

PACO Era hermao por madre.

ANTÓN Si, esa é a irmandá segura, xa que ser irmao por padre pode ser discutible.

PACO Pois teve sorte Mador. El irmao era solteirón e dicen que tía algo en Alemania casas e fábricas e el demo de negocios. Todo lle quedou a Mador, xa que era hermao único. ¡Ai, ho! ¿como vai fer Mador pra rexir con ese montón de cuartos?

ANTÓN A fer ben, ¡ho! Habendo muito, hai pra dar e rucar.

PACO Axudaranlle os fillos, ¡malo fora!

JULITA Os fillos non lle axudaron antes, así que agora non los precisa miga.

PACO ¡Pois el solo non revolve toda a fornada! E os fillos son os fillos, al cabo e a cuenta.

JULITA Se os fillos son os fillos, tein que selo sempre, ¡antes dos millois e despós!

ANTÓN ¡Ten razón Julita! Lo que ten que fer Mador é volar en daquéen que mire por el,... é verdá,... ¡podías botarlle uha mao, Julita!

JULITA Ou as dúas. Ata agora non tou manca.

ANTÓN Non, nía non. Nin lo ta nin teis facha... Sempre anduviche buscando un home de cuartos, pois aprovecha, ei teis a Mador.

PACO Home, eu penso que Julita e MADOR non axogan ben,... Mador ten muitíós anos.

JULITA Ten os que ten. Os muitos anos ou os poucos non dicen nada. As persoas non son como os coches, que cos anos pasan de modelo.

PACO Xa sei que uha persona non é como un coche, pero poderán ter algún parecido...

JULITA ¿Algún parecido? ¿En que, ho?

PACO ¡Que sei eu...! por exemplo en subir.

JULITA En subir, ¿que?

PACO As costas, Julita, as costas. Tamén é verdá que condo non poden, pónselles bordello.

JULITA ¡Mira! (*Hace un gesto y se va.*)

ANTÓN Esta Julita penso que lle ta botando a bicada a Mador, *bueno*, aos cuartos. Podera, coño, ser uha solución prós dous.

PACO Mira, Antón, eso non ten facha, non pode ser. Mador ta que non pode cos calzois, e, pra casarse; hai que tar un pouco solto.

ANTÓN Pois tanto dá; dáme a orela que igual, mialma... Sabes que Julita sempre buscou os cuartos.

(*Entra Lodito.*)

PACO ¡Ois Lodito! ¿Unde ta tou volo?



LODITO ¡Jo! ¡Cualquiera sabe donde está un capitalista! ¡ Mi abuelo! ¡Jo! ¡Un nuevo rico! ¡Qué sé yo donde está! ¡Explotando al pobre, lo más seguro!

PACO ¡A neno! ¡Tas mal! Tou volo heredou, ¿que culpa ten el!

LODITO ¡No te enrolles conmigo, tío! ¡Heredó, heredó! ¡Lo de siempre, tío! Heredó de un hermano que se hizo rico explotando al pobre. ¿Oyes tío?

ANTÓN ¡El conto de sempre! Pra vosoutros todo el que fai cuartos é que explotou a outros.

LODITO Claro, tío, claro, los de arriba explotan a los de abajo, los dueños a los criados, los capitalistas a los pobres, ¿entiendes, tío? Unos sudan mientras otros embolsan, unos comen y otros miran. ¡Un desorden social, tío, un desorden social!

PACO Mira rapaz, déixate de decir burradas. Collestes esa cantinela e mialma pareceades os carros del país cantando nel mes de agosto cargaos de cuito. Lo que non queredes é traballar, vénvos muito ben el paro, e se lo cobrais, millor inda. Lo que precisais dalgús son uhas búas xostruadas e poñervos a traballar, así mialma se vos acababan as tolluras.

LODITO ¡Trabajar, trabajar! Para que otros crezcan, para que embolsen más, para que acumulen más. Hagamos la revolución primero y, después trabajemos todos igual, todos igual, tío, todos igual.

ANTÓN Iguales nunca. Eso non pode ser, el que aforra e non gasta, ten que ter.

LODITO Ahorrar, acumular, retener riqueza... ¿para qué? Eso es obsoleto.

PACO ¿Que terá que ver el aforrar coel andar encoiro? Tu, neno cada vez chochías máis.

LODITO ¡Oye, tío! ¿Qué dices? No saques el planista de órbita.

Se va a otro lugar y adopta posturas raras. Entra Mador, bien vestido, moderno,...

MADOR *Buenos días, amigos (Antón y Paco se levantan, y dan la mano a Mador.)*

PACO Home, conto me alegro de verte, D. Amador.

ANTÓN Non te podes *imaginar*, D. Amador, lo que me contentou lo tou.

MADOR Gracias, muitas gracias. Foi algo con lo que non dentaba, pero veo así.

LODITO (*Con desprecio.*) El dinero, el dinero. Estos tíos, en el fondo tienen envidia, pero rinden culto al dinero, no a la persona. Antes Mador, ahora D. Amador. ¡Qué asco!

PACO ¿Unde tas agora? Xa que seguirás a turnos.

MADOR ¡Non ho!, os turnos acabáronse pra min. Son os fillos os que andan turnándose por terme.

ANTÓN ¡Como cambiaron as cousas en pouco tempo!

MADOR Pois si, cambiaron. Claro que nel fondo non cambiaron nada. Eu sigo a turnos, os que non siguen a turnos son os cuartos que me deixou meo hermao. Volverei, se cuadra, cada seis meses de visita pra entregar a paga, perrón a perrón, pero non vou nin tomar un mal café, xa que non ta ben que un padre pague a consumición na casa dun fillo.

ANTÓN ¿Que pensas fer?

MADOR Vou ver si amaño de casarme... xa que... ¿que fago solo por ei? A vosoutros que vos parece?

PACO Pois, vou decirche, como dice el refrán “Boda y mortaja, del cielo baja”.

ANTÓN Home, eu penso que teis fillos e podías...

MADOR Teño fillos, teño asilos, ¡tanto teño que non teño! ¿Entendiche?

PACO Si ho. Tamén podes ir a vivir a un hotel.

MADOR Os hoteles non tan pra min. Agora condo fun a *Alemania*, paseilas putas nos hoteles.

PACO ¡Pois! ¿Ibas solo?

MADOR Non, non, como iba enveredar solo camín de *Alemania*.

PACO Claro, teis razón, cuido que iría contigo dalgún fillo.

MADOR Non, levei al primo de Julita, que entende de *herencias* e papeles. Eu solo non daba rexido. ¡Non vos dais cuenta a cantidá de voltas que demos e el papeleo que hai! Por outra parte *Alemania* queda mui lonxe e falan uha fala que non hai xeito de entendela.

ANTÓN É que alí penso que falan alemán.

MADOR Non sei si falan alemán ou el bable da tele. Pouco máis dará pra min un que outro.

PACO Pra ti e prós outros. *Bueno*, ¿peró que che pasou nel hotel?

MADOR Nada me pasou quero decir, nada malo. Però aquilo é mialma complicao. Entramos e fomos dereitos a un mostrador e demos contos datos nos pediron, tamén tivemos que dar el carné de identidá e el home que taba detrás del mostrador cubría follas sen parar, xa pensei que alí me entregaban a *herencia* de meo irmán. Condo se cansou de escribir deume uha chapa cuha llave, na chapa taba escrito el número 504.

ANTÓN Que casualidá, el mesmo número da carpeta de gastos de D. Poncio.

MADOR Nel momento vén un tipo, vestido de mouro, colleume a maleta e desaparece con ela; quedei branco, xa que non contaba con aquilo, pois na maleta levaba cousas mías, uhas mudas, dúas camisas, xa que condo un sale ten que mudarse, non é como condo tas na casa que non hai por que andar cambiando de muda; total que dixen pra min: “este deixoume encoiro”.

PACO Encoiro, non, obsoleto. Teis que falar ben pra andar por esos sitios, Mador.

MADOR Si, claro que fixen el paleta.

PACO Non che digo que fixiche el paleta, lo que che dixen é que non digas encoiro, teis que decir obsoleto, que é lo mesmo solo que ben dito.

MADOR Pois como vos iba dicindo el de mouro fuxiu coa maleta, pero neste apareceu outro de mouro tamén e dixo: “acompañenme”, quixo decir “vide conmigo” e fomos mialma. Meteunos e mesteuse el tamén nun departamento pequeno, os tres cabíamos abondo ben pero non moitos máis; el asunto é que deulle a un botón e fecharse as portas e empezar a subir, con nosoutros dentro, foi todo un. Eu non berrei porque non puideron, pero as ganas non me faltaran. Por fin parou a *xaula*, abríronse as portas e eu salín correndo que perdía el cul. Dígovos que pasei todo el medo que quixen. Díxome el de mouro: “¡no se apure! ¡vaya despacio! Ahora vamos a la habitación 504”.

ANTÓN Sería uha boa habitación, xa que nos hoteles hai uhas habitacións *cojonudas*. Eu teven uha vez deitao nuha que tan ben taba que me *jodía* dormirme porque deixaba de vela.

MADOR Non sei, pero na habitación había de todo. Eu nunca tal cousa vira, pero lo que máis me chamou a atención foi ver alí a mía maleta, que inda non sei como puido ser aquilo. El de mouro explicoume como era todo, un botón pra chamar, outro non sei pra que e díxome que fixese a toilette, quedoume a palabra, pero non lo entendín.

PACO Non sería que entendiche mal e lo que che dixo é que foses al retrete.

MADOR Home, non creo, decir dixo toilette, tou ben seguro. Pois igual quixo decir eso, xa que na habitación había escusado, mialma. Tamén si me dixo eso foi ben atrevido, pois non é un neno e vai condo ten ganas sen que naide llo diga. *Bueno*, eu condo quedei solo lo que fixen foi mirar se me levaran algo da maleta, pero non, vese que era boa xente.

ANTÓN Ben ho, ben. Non hai como a casa dun. ¿Que máis nos cuentas del viaxe? Aprovecharías pra ir al cine e... ver dalguha... é verdá...

MADOR Non, al cine non fomos e esos sitios que dices tampouco. Hai que ter

muito cuidado con eso, pode coller un lo que non pouse, ¿non te dá conta? El primo de Julita non salía dos bares que lles chaman... ¿como coño é ho? Pois non me acordo..., algo así como “jarras de porcelana”, penso...

LODITO (*Que parece que no oye.*) Barras americanas. ¡Andais por el mundo de milagro!

MADOR É verdá, coño, “barras americanas”.

PACO ¿Como son?

MADOR Vein a ser us bares, pero as que sirven son todo mulleres. Tan sen roupa, apenas, tan ¿como dixiche que se decía encoiro?

PACO Obsoleto, acórdate, obsoleto.

MADOR Pois eso, tan case obsoletas, mialma tían, dalguhas, mui pouco sen poñer obsoleto. Però, dígoche a verdá, aquelas nenas son mui graciosas ho, enseguida toman confianza cun, como se te conoceran de sempre. Al pé meo sentouse uha e empezou a ferme garatusadas, era nova e claro, non sabía lo que fía. Díxenlle que nos iban a ver e a que iba salir perdendo era ela, xa que despós a xente fala. Matábase de risa.

JULITA ¿E el meo primo? ¿Que fía?

MADOR El tou primo debía conocelas, ou a dalguha, xa que enseguida salía cuha, que se ve que era amiga; eu quedaba allí esperando ata que eles volvían de dar uha volta. Fían ben salir a tomar el fresco, pois allí dentro fía uha calor que sudaban us cais. Despós aquelas luces marean a un.

ANTÓN Entonces aquilo taba ben iluminao.

MADOR Taba e non taba. Ten zonas unde se ve ben, pero outras tan case a escuras. A iluminación non me gustou miga, tamén puido cuadrar que houbese bombillas fundidas.

PACO Queres decir que era un alumbrado como se fose del *Ayuntamiento*.

MADOR Máis ou menos.

PACO Tou vendo, Mador, que gastache muitos cuartos.

MADOR Gastei muitíños, pero non teño ningún dolo delos. Teven toda a mía vida aforrando pra nada, así é que agora vou gastar pra algo.

ANTÓN Fais muito ben. ¿Unde volache os cuartos pra fer el viaxe, xa que a *herencia* inda non la tías?

MADOR Muito ben. Déronmos os dos bancos. En conto se enteraron da mía faltraqueira calléronseme encima igual que as abellas á mel.

ANTÓN Os dos bancos son, al parecer, uns agoiros coa xente que ten cuartos.

PACO E cos que non los tein. Andan detrás de todo el mundo, dos que tein cuartos pra collerlles el polen, e dos que lles deben, pra chuparlles el mel.

LODITO Claro tíos, claro. Son instalaciones del capital, por el capital y para el capital. ¡No te jode! ¡Qué asco, tío!

JULITA ¿Unde comes hoi Mador?

MADOR Pois non lo sei.

JULITA Invítote a comer, se queres.

PACO Debes aceptar, Mador, ás mozas non se lles pode despreciar lo que che ofrecen.

MADOR Pois si, nía, vou contigo a comer, ademais vou de boa gana, ¡pra que vexas!

ANTÓN Ben, ben. ¡Esto vei por bon camín! ¡Os da cultura van ter que buscar a daquén, xa que Julita pode que colla a xubilación anticipada!

PACO Se crea un puesto de trabajo. Esto millora.

ANTÓN Non, ho, non se crea, xa taba creado, quítase un e ponse outro.

PACO Pra efectos de contabilizar, créase, coño. A contabilidad é a contabilidad.

ANTÓN *Bueno*, voume. Ando liao con esa...

PACO ¿Liáchete con dalguha por ei, ho?

ANTÓN Non, coño, non. ¿Como me iba liar cuha? Quero decir que ando liao, con esa papelada da declaración da renda.

PACO Eso ben. Como hai tanto enzarabellamento por ei, cuidei que tarías metido en dalguha zambrada.

ANTÓN Dican que si, pero eu, de momento, vou librando, juradios (*inicia la ida*).

PACO Espera, que vou contigo e de paso pónote al tanto de como ta el cotarro. (*Se van los dos.*)

MADOR Adelantáchete a invitarme, xa que tía pensado invitarte eu a ti.

JULITA Invítasme outro día. *Hoi* fágolo eu.

MADOR Pois trato feito.

LODITO ¡Vaya declaración de amor más nutritiva! Ahora no se hace así, tíos. ¡Jo! ¡Hai que ponerse marchoso, abuelo! ¡Con la marcha salen mejor las cosas!

(*Entra Oliva.*)

OLIVA (*Fulmina con una mirada a Julita y dice a Mador.*) Mador ven comer condo quiras. Esperamos por ti. Prepareiche comida mui buena.

MADOR ¡Non serán babullos cocidos!

OLIVA Non. A comida de hoi ha gustarache. Hai lacón asado e arroz con leite.

MADOR Pois é uha comida que me gusta...

OLIVA Por eso mesmo la preparei, ¡xa sabes que sempre lo fixen!

MADOR Síntolo abondo, pero xa é un pouco tarde e tu sabes que se chego tarde quedo sen comer, agá cambiasen as cousas.

OLIVA Non digas eso. Ven condo podas.

JULITA Pois hoi non esperedes por el. Inviteilo eu a comer e aceptoume de muita boa gana.

OLIVA (*Fuera de si.*) ¿Invitáchelo tu?

JULITA Si, eu. Xa lo invitei máis veces. Condo chegaba tarde a comer e lo deixabas morto de fame, vía por aquí e eu dáballo un bocadillo.

OLIVA ¿Entonces hoi vais comer fóra?

JULITA Non sei. Vamos salir por ei e comeremos fóra ou dentro, xa que igual nos ponemos nuha terraza ou dentro nel comedor.

OLIVA (*Muy enfadada.*) A galdrapúa, ¿queres collelo agora que ten cuartos!

MADOR Julita, ¿vou un pouco prá biblioteca ler un pouco mentras vosoutras falais das vosas cousas?

JULITA Ta ben, Mador. Colle uha silla das novas, que son máis cómodas. En conto acabe esta conversación amistosa coa túa nora, xa nos vamos a comer xuntos, ¡sempre xuntos! (*Mador se va.*)

(*A Oliva.*) Mira, Oliva, vou contestarche coa mesma frase: “A galdrapúa, ¿queres collelo agora que ten cuartos?”

OLIVA (*Gritando, fuera de si.*) Mentirosa, sinvergüenza, vou engadellarte!

JULITA (*Muy tranquila.*) Fala máis baxo. Condo non se ten razón, bérrase; así que xa sabes. Se eu fun galdrapúa, tu fúchelo tanto como eu, así é que non soltes el pico por ei porque tamén lo solto eu; e eso de que quero collelo agora que ten cuartos cádrache millor a ti, condo non tía cuartos despreciáchelo, tendo como tías obligación de atendelo, así que agora rasca e aguanta. E vou decirche máis, vamos a casarnos mui depresa e dígocho pra que vaias rumiándolo.

OLIVA Eso ta por ver. Os fillos terán algo que decir.

JULITA Que digan lo que quiran. Hai tempo que é maior de edá.

OLIVA Non solo os fillos tein a obrigación de convencer a Mador pra que non faga ese disparate, tamén os amigos, que ten moitos.

JULITA Xa sei que ten amigos, e agora que ten cuartos ha ter moitos máis, malo fora. Non creo que Mador lles faga caso aos amigos neste asunto, ta decidido a casarse e fai ben. Ten que xuntarse a quen nunca lo despreciou, por eso con vosoutros non vai acabar os días que lle queden. Así que como vai sendo hora de comer, non teño máis que decirche. (*Llama a Mador.*) Mador, vamos que eu acabei.

OLIVA Acabache de empezar. Esto non che vai a ser tan fácil como pensas. (*A Mador.*) Mador vente prá casa, non fagas caso desa, que che quere chupar os cuartos e despós déixate abandonao...

MADOR Acostumbrao al abandono xa tou, e sempre se sente menos dun de fóra que dun da casa. Así que déixame a min, que me rixo solo, tu vai atender a casa e fer lo que teis que fer. Eu vou comer tranquilo e non babullos pero vou poñerme coma un babullo.

JULITA *Adiós*, nía, xa non nos volvemos a levar ben, cousa normal entre nora e sogra. (*Se van.*)

LODITO Discordias, desavenencias, intereses, riñas y disputas. Todo ello producto del capital. Madre, tu no quieres al abuelo, quieres su dinero. Pero el abuelo es libre y como tiene capital, ligó. Respectemos la libertad del abuelo.

PARTE TERCERA

(*El mismo escenario. Con muchos carteles alusivos a la cultura.*)

PACO Pois dende que Julita deixou esto e lo colleron D. Poncio e as mulleres, puxeron este Centro Cultural que dá noxo.

ANTÓN ¡Mialma si! ¡Ai ho!, e esos ciclos de conferencias que non hai quen los aguante e que cada día vén menos xente, que non valen pra nada, por lo menos pra nosoutros. Claro que é que igual non los entendemos.

PACO Non é que non los entendamos, lo que pasa é que non los entende naide, nin os que las dicen. Tu non ves que todo lo que dicen lo len nos papeles. Así mialma tamén eu pronuncio uha conferencia.

ANTÓN Teis razón, juradios. El que veo el miércoles pasao non sabía, el probe, nin falar.

PACO ¿Cual dices, ho?

ANTÓN ¡Coño! ¿Non te acordas daquel que falou sobre el trauma?

PACO Penso que a conferencia era sobre el reuma.

ANTÓN Non, *carajo*, non, era sobre el trauma, que inda dixo que agora era frecuente e que atacaba a novos e vellos.

PACO Pois eu teven todo el tempo ouguíndolle falar del reuma e é verdá que dixo que atacaba a novos e vellos. Dilo que quiras, pero falar falou del reuma.

ANTÓN ¡Non sei, non sei! Pois eu iba a xurar que a conferencia era sobre el trauma.

PACO Pois tanto dá. Total pra lo que lle entendemos é igual que fálase del trauma ou del reuma.

ANTÓN Se non cambia esto, que non leva facha, eu mialma doume de baxa nesto da cultura.

PACO Haiche, mialma, muita xente que dice igual. Antes daba gusto vir por aquí, tomabas un vasín, agora non se sirve máis que augua aprendemos el significado de dalguhas palabras, que nos fía boa falta; pero agora dende que lo colleo esta xente, con tanto reglamento, tanta orden e tanta xirgonza, ta un máis atao que un novelo de cánabo.

ANTÓN Si, ho, si. Despós fixeron, pra máis amolar, al demo de comisiois. Mira: Comisión de asistencia al lector, Comisión de material, Comisión de conferencias, Comisión informativa, Comisión de salud en el hogar, Comisión de viajes culturales, Comisión de orden en la



biblioteca, Comisión de alumbrado, Comisión de higiene, Comisión de seguimento del libro de lectura, Comisión de visualización, Comisión auditiva, Comisión de asistencia inmediata al socio, Comisión de captación e Comisión reguladora de gastos.

PACO ¡Non me digas nada! El outro día quíxenlle algo sobre árbores e enveredado pra biblioteca e teven que pasar por un montón de comisiois pra que me desen el libro, que acabou non habendo.

ANTÓN Si, créochó, mialma. Estos acabar acaban largando a toda a xente! ¿Por cantas comisiois pasache, ho?

PACO ¡Non sei! ¡Peró por muitas! Xa verás. Eu iba entrar na biblioteca coma sempre, neste tropezo con D. Poncio e díxome que quería. Conteile al bon fin. Díxome que lo que primeiro tía que fer era ir á Comisión de asistencia al socio. Fun. Alí din el nombre e el número de socio. De alí mandáronme á Comisión de orden na biblioteca, unde me deron un feixe de consellos: tar en silencio, coller os libros por el lomo...

ANTÓN ¿Como por el lomo?

PACO Si, ho, como si foran conexas.

ANTÓN Si, xa sei. Sigue.

PACO Non abrilos de golpe, non mollar os didos na boca pra pasar folla. De alí teven que ir á Comisión de seguimento del libro de lectura, unde non fixeron máis que repetir lo que ouguira nas outras comisiois. Eu que xa taba de comisiois ata a mesma alma, por non decir outro sitio, díxenlles que non pasaba por máis comisiois, que se querían darme el libro, ben, e se non, que lo deixasen. ¡Pra uha vez que un quere ler, tanta carallada, ho! Entonces, al verme encabronao, pasáronme directamente á biblioteca, pero non había el libro que buscaba.

ANTÓN É un milagro como puxeron esto. Tamén taba visto, vendo quen se fixo cargo. ¡Con lo ben que taba antes!

PACO Toda a culpa la tevo el hermao de Mador por morrer rico e deixarlle os cuartos. Se non fora así, Mador non se casaba con Julita. Mador seguía a turnos, Julita a turnos aquí e nosoutros collendo cultura a montón.
 (*Entra Lodito, como siempre.*)

LODITO ¡Mucho cambio cultural, tíos! (*Se pone a leer letreros y luego se sienta en el suelo.*) (*Entra D. Poncio.*)

D. PONCIO Lodito, adopte posturas correctas.

LODITO ¡Mira, tío, no te enrolles!

D. PONCIO Lodito, le sugiero y ordeno que adopte posturas propias de un centro cultural.

LODITO (*Gritando.*) ¡Tío, me pongo como quiero! Estoi en lugar público. Tu a lo tuyo y yo a lo mío. ¡No te jode, tío!

D. PONCIO (*Coge un libro y lee a Lodito.*) Lodito, atiende bien voy a leerte el Reglamento de Régimen Interno de este lugar.

LODITO ¡Lee lo que quieras, tío! ¡Yo paso de reglamentos! No quiero ataduras.

D. PONCIO Atiende, Lodito. Capítulo 64. Sobre posturas del socio en el Hogar Cultural. Apartado j: “El socio puede elegir, en el interior del local, la postura de sentado o de pie. Si opta por la segunda, procurará mantener la vertical en evitación de crear curvaturas equívocas. Si prefiere estar sentado, sus piernas estarán en posición paralela, y, en ningún caso habrá superposición de las mismas”.

Como ve, Lodito debe levantarse sin más, dado que está usted violando abiertamente el Reglamento de Régimen Interno, en su capítulo 64, apartado 3.

LODITO ¡Apartado 3! ¡No te jode! Apartado 3. ¡No te joroba. Apartado 3. No me levanto, tío, no me levanto! Además, ¿quién eres tu, tío?

D. PONCIO Yo soy el encargado de la casa de la cultura. Nosotros formamos el equipo que rige, ahora, los destinos de este hogar. Yo, como presidente, soy el que dirige, el que pilota esto.

LODITO. Claro, tío, claro, tu eres Poncio Pilotos.

D. PONCIO En vista de que no te levantas, tomaremos las oportunas medidas.

LODITO Toma las medidas que te dé la gana, tío. ¡Posición vertical! ¡Piernas paralelas... eso que lo haga con esas mujerucas domadas, pero con el ciudadano libre, no, no y no!

(D. Poncio llama a las mujeres.)

D. PONCIO Estáis viendo la postura incorrecta, inmoral y subversiva de este joven inadaptado. Esto contituye, obviamente, una falta grave. Tomad nota del desacato. Nos reuniremos, cumplidos los plazos reglamentarios en sesión extraordinaria y podremos llegar a la expulsión permanente o temporal de este muchacho. Esto, lo estudiaremos concienzudamente en sesiones previas a la sesión decisoria.

MUJERES Si, si, claro, claro. *(Se van y Lodito sigue en sus trece.)*

PACO Xa sabes como hai que tar aquí.

ANTÓN Mialma hai que mirar como se pon un, se non case che fain consello de guerra.

PACO Ai, ho, e eso da posición vertical, ¿como é?

ANTÓN Que se tas dereto, teis que tar ben dereto e non podes dobrar.

PACO Queres decir que, teis que tar como se foses uha estaca.

ANTÓN Eso mesmo, pero como uha estaca do *ocalito*, non de toxo.

PACO Tou vendo que hoi mesmo me vou dar de baxa. Prefieroirme eu a que me larguen. Esto é un *perigo* continuo, coño, ata ten un que mirar como se pon, se un día sen darte cuenta che dá por escrequeñarte e te ven, bótante fóra.

PACO Pois eu tamén me vou dar de baixa. Pero igual mialma nos leva esto de darnos de baixa un montón de tempo, xa que se temos que pasar por todas as comisióis, mialma non damos botao fóra.

ANTÓN Pois tamén teis razón. ¿Como femos pra quedar libres desta cultura, coño?

PACO El camín máis corto vai ser que nos poñamos de xeito que tía prohibido por el capítulo 64, apartao 3 del Reglamento de Régimen Interno.

PACO Ben, ¿como nos poñemos?

ANTÓN Como quiras, con tal que non tías nin ben dereito nin ben sentao. Podíamos poñernos como Lodito. (*Se ponen.*)

PACO ¿Non sería millor escuruxarse?

ANTÓN Non, ho non. Tamos ben así. Se nos escuruxamos poden pensar que tamos fendo outra, cousa, ademais se tardan en vernos, cansamos máis.

Lodito ¡Bien, tíos, bien! Acabo siendo el único que razona, porque soy libre. Por fin adoptáis mis formas, mis maneras. ¡La cultura, la cultura! ¡Levantaros de ahí (*se levantan*) y nos marchamos los tres para no volver! ¡Vamos, tíos! Sin comisiones y sin el capítulo 64, apartado j.

TONO XA NON PODE CRABUÑAR

Jesús Álvarez Valdés

PRIMER ACTO

TONO (*De pie, mirando la guadaña,... habla solo.*) ¡Esta gadaña ta gallada, vou ver si la crabuño un pouco! Senón pra segar uha cazapellada de herba hai que xemer máis que a aposición nel Ayuntamiento. (*Se pone a crabuñar.*)

NISA (*Mujer de Tono.*) (*Aparece de mal humoar y dice.*) ¿Podes parar de fer ruído? Faime falta descansar, por outra parte a neta deitouse tarde e ese dálle, dálle moléstala.

TONO ¡Non tou fendo ruído, tou crabuñando! É verdá que esta soa un pouco, xa que non é de manteiga. Xa se sabe que el crabuñar nunca foi secreto ¡agá pral que tía xordo! A nía, ¿a neta unde tevo pra deitarse tarde?

NISA Tevo por fóra case toda a noite, divertíndose, ¿non ves que é nova?

TONO Si, nova é abondo, mialma, pra andar toda a noite per ei. Pois, mira, se la molesta el ruído, que se amole e non durma. ¡Que durmise condo tía que felo! (*Marcha Nisa y Tono sigue crabuñando.*)

NISA (*Sale de nuevo, enfadada.*) ¡Xa che dixen que parases con ese dálle, dálle!
¡Es terco como os cochos!

TONO ¡Dálle col dálle, dálle! ¿Pode saberse que é eso del dálle, dálle?

NISA El dálle, dálle é eso que tas fendo tu, que nos teis arruxidados.

TONO (*Burlescamente, haciendo que crabuña.*) Esto chámase percusión en castellano, ¿ouguiche?... percusión.

NISA ¡Si, é abonda persecución!

TONO ¡Non, nía, non, persecución non per-cu-sión.

NISA (*Algo dolida.*) ¡Bueno, como sía! Tu déixalle dormir á neta.

TONO Eu non lle quito, ¡que durma lo que quira!

NISA ¿Como que non lle quitas? ¡¿Quen durme con esos espaventos que fais pra crabuñar?! ¡Pareces un reló repetindo as doce sen parar!

TONO (*Muy serio.*) Mira, Nisa, non me agoires. Vou seguir crabuñando esta gadaña ta máis cega que un toupo. Se a neta non dorme é que non ten muito sono.

NISA ¿Como non vei ter sono? ¿Non ves que veo al ameicer!

TONO ¡Pois tamos amaños! ¡Al ameicer!.. ¿que tevo fendo?

NISA ¡Que sei eu!

TONO ¿A nía?... ¡non taría... dálle, dálle...!

NISA (*Sen entender la intención.*) Non, ho non, ¡érgate el demo! ¿Como iba tar crabuñando?

TONO Non quero decir que tevese crabuñando, ¡coño!, xa sei que non tevo, pero,... ¡háiche máis dálle, dálle que el crabuñar!

NISA ¿Que queres decir?

TONO Quero decir e digo que el dálle, dálle pode aplicarse a muitas situaciois, e ta claro que en ninguha queda aldereto, ¿entendes?

NISA ¡Non entendo nada! ¡Eso de... non quedar aldereto!

TONO ¡Pois ta ben fácil! Vén sendo algo así como esos ministros que cambian de ministerio e... e se nun sitio quedan mal, nel seguinte, pior.

NISA (*Sen percatarse.*) El misterio non sei se cambia ou non, e, di lo que quiras, pero a neta tou segura que non tevo crabuñando.

TONO ¡Tanto che día! Se non crabuñou, afilou...

NISA (*Muy segura é imperativa.*) Pois mira lo que che dixen: non quero ouguir máis ruído (*se va*).

(*Tono queda pensativo, mira la guadaña. Entra Xico.*)

XICO ¿Tas pansativo, Tono?

TONO ¡Tou!

XICO Pois, ¿que pensas, ho?

TONO Penso en non pensar, cousa que non é miga fácil.

XICO Teislo fácil, non penses.

TONO ¡Xa!, pero teño que pensar como fago pra crabuñar sen fer ruído.

XICO (*Pensativo.*) ¡Non sei como vas fer!... ¿por que non queres fer ruído?

TONO ¡Eu nin quero fer ruído, nin quero deixar de felo! É a muller a que non quere que lo faga.

XICO ¡*Carajo!* ¡Nunca tal vin! Pois a muller ten que tar acostumbada al tou crabuñamento. ¿Como é que agora quere que lo fagas en silencio?

TONO Dice que non lle deixo durmir a neta, que se deitou tarde.

XICO ¡Deitouse tarde! ¿Pois, que tevo fendo?

TONO ¡Lo que tevo fendo sábelo ela! ¡Cousa boa ben sei que non foi! Veo al ameicer.

XICO Entonces,... veo cedo, ¿coño!

TONO Pois si, tarde non era. Non se pode decir que veo de noite...

XICO Antes as nenas tían que tar de día na casa, agora tamén tan de día, al parecer... ¿Ai, ho? ¿Que tempo ten a túa neta?

TONO Ten quince anos, feitos del outro día.

XICO ¡Vaia, ho, vaia! *Bueno*,... ¡non hai que lle fer! Agora é así. Os tempos avanzaron.

TONO Non avanzaron, retrocederon.

XICO Non, ho, avanzaron. Antes non era así. Os tempos avanzan e os costumes modernízanse; home mira se se modernizan que ta de moda el andar encoiro, ou case.

TONO Eso non é modernizarse.

XICO Mira, tu sabes que nos pueblos salvajes a xente anda encoira e eso non é moderno, é uha cousa de sempre, por outro lado tamén as vacas andan encoiras e non se vai ser menos que as vacas, penso eu. Por eso che digo que, estas cousas non son progresistas, son conservadoras.

XICO Pode que teñas razón... De todos modos son os progresistas os que defenden eso, como sabes, ¿entonces os progresistas son conservadores? Esto non hai quen lo entenda, mialma.

TONO Non ta miga fácil de entender. Todo depende da conveniencia, igual es conservador al martes e progresista al miércoles siguiente. ¿Tu que opinas de que a xente se encoire?

XICO Non opino nada, tamén depende de quen se encoire.

TONO Esa é uha boa maneira de pensar.

XICO Si, home si, ta visto. Tu condo ves uha encoira ou case, miras ou non miras?

TONO Depende, ¡coño! Uhas veces torces a cabeza pra ver ben, outras torcesla pra non ver. Eso failo todo el mundo.

XICO Si, claro que lo fai todo el mundo, us con máis disimulo que outros.

TONO Si,... depende da zorreiría de cada un ou da posición social.

XICO ¡Home, xa! ¡Home, xa! E cambiando de conversación eu veño verte pra que me días un consello, se teis tempo.

TONO Tempo teño, agá desperte a neta e me poña a crabuñar, cousa que teño que fer axina, xa que se non non podon ir al herba... Así que fala.

XICO Xa sabes que ando de obreiro.

TONO Si, xa lo sei.

XICO E non sei se lo sabes, pero deume uha patada a burra de mía sogra.

TONO ¡Coño! ¡Non lo sabía! ¿deuche uha patada a sogra?

XICO ¡Non, ho, a sogra non! ¡A burra de mía sogra!

TONO Expílicate, ¡carajo!; como dices que che deo uha patada a burra de túa sogra, eu entendo que túa sogra é burra e que che deo uha patada.

XICO ¡Como me iba dar uha patada a sogra!

TONO *Bueno*.... ¡déixate de caralladas, ¡nunca se sabe! A ver, expílicate.

XICO Mira, mía sogra ten uha burra, ¿entendes?, entonces teis que comprender que son dúas.

TONO ¡¿Dúas burras?!

XICO Non, son sogra e burra. A sogra é a sogra e a burra é a burra.

TONO Queres decir que se distinguen.

XICO Home, distinguir, distínguense... algo.

TONO Ta ben, e... ¿cual che deo a patada?

XICO Xa cho dixen, a patada deuma a burra.

TONO ¿Tas seguro?

XICO ¡Hai, mialma tou! Non taban xuntas, e como a que taba era a burra, non puido ser a sogra.

TONO (*Sentencioso.*) Sendo como dices, non queda duda que a patada cha deo a burra. (*Se queda pensativo.*) Però, ¿que ten que ver que andes de obreiro coa patada que che deo a burra?

XICO ¡Ten muito que ver! Non é igual que a burra coucía al obrero que al patrón.

TONO Non lle vexo diferenca. A patada é a mesma, a burra é a mesma e el dolor pode ser de ei pra ei...

XICO É igual lo que é igual. El dolor non: a igual patada e a igual burra, el obreiro aguántala millor que el patrón, xa que el obreiro ta máis de levalas.

TONO Non, agora os obreiros patadas non levais, pra eso tedes os sindicatos.

XICO Os sindicatos si, ¡mialma! Non deixan que nos dían patadas, pero deixan que nos aparellen, que inda é peor.

TONO Pode ser, *bueno*, ¿que me queres consultar?

XICO Xa verás, atende. A min déronme a patada fóra del traballo, e por mor da patada teño que ir al médico hora que me día a baixa. Ando derren-gao e non podoo moverme aldereto. Como ves, se a Seguridá Social non se me fai cargo da patada da burra, ¿que fago? Este é el motivo de vir tar contigo, ¿que che parece que debo fer?

TONO ¡Teislo fácil, coño! Tu vas al traballo como sempre, e al pouco tempo levas un golpe ficticio.

XICO ¿Un golpe ficticio!? Ai, no, el golpe ficticio, ¿dole muito?

TONO ¿Tu non sabes lo que é un golpe ficticio?

XICO Non, levo muitos anos traballando e nunca din ningu deses.

TONO Un golpe ficticio é un golpe sen golpe.

XICO ¿Queres decir que non hai golpe?

TONO Eso mesmo.

XICO Ben, ho, ben. Però si non hai golpe, ¿como coño fago pra levar un golpe sen levalo?

TONO ¡Atende! Tu vas pral traballo e al pouco tempo poiste a queixar e a decir que levache un golpe. Eso é un golpe ficticio, ¿entendiche?

XICO Pode que si.

TONO Al verte queixar, a empresa ten que mandarte pral médico e se lo ve conveniente, el médico dáche a baixa. A burra ¿fíxoches hematoma?

XICO Non, ho, á burra non lle fixen ninguha broma, pasei por detrás e ceiboume uha patada que vin as estrelas.

TONO Non che pregunto por que a burra tomou el acordo de darche a patada, pregúntoche se che fixo renegrón ou encetadura unde che deo a patada.

XICO Si, teño a forma da ferradura e un pouco arrabuñado.

TONO ¡Carajo! A patada foi legal, ata *firmou e sellou*. Touche pensando que vei ser jodido enganar al médico. Hai que falsificar a *firma* e el *sello*.

XICO ¡A ver, ho! ¡Non me poñas nervioso! Dime lo que teño que fer pra pillar a baixa.

TONO ¡Non sei, non sei! A cousa ta enzarabellada abondo. ¿Tu traballas en empresa pública ou privada?

XICO Traballo na privada. Eso, ¿que ten que ver?

TONO Ten muito que ver. A cousa ta máis moura. A empresa privada fila máis aldereto. Na pública é máis fácil falsificar.

XICO Acaba duha vez, ¡non te entendo! ¿Que teño que falsificar?

TONO El sello que che deixou a burra coa patada. Non podes decirlle al médico a verdá de lo que che pasou, teis que decir que foi nel traballo.

XICO Claro, neso tamos.

TONO Claro que tamos neso, pero... ¿con que te podes mancar pra que che quede a marca duha ferradura?

XICO (*Pensativo.*) ¡Non, con nada!

TONO ¡Ei ta!... ¡é boa lastima que non traballes en traballo público!

XICO ¿Pois?

TONO Tu non ves que na pública fainse muitas burradas, e, habendo burradas ten que haber marcas de ferradura. ¡Tías a baixa asegurada!

XICO ¡Mialma me amola!

TONO Pois non sei, non sei,... véxolo mal... ¿tu tas tan jodido que non te podas mover?

XICO Home, se non vexo xeito de pillar a baixa, irei rexindo como poda. Lo que pasa é que me vía ben un mesín de baixa, pra ir adelantando un pouco el traballo na casa, por eso al levar a patada pensei sacarlle proveito, pero tou vendo que non hai amaño.

TONO Lo de sacar provecho das patadas paréceme ben, forma parte da reconversión. Ei unde traballas, ¿non hai dalgún ferregancho que teña forma de ferradura, ho?

XICO Déixame pensar. Por máis que cavilo, non sei de ningún.

TONO ¡Táseme ocorriendo uha solución! ¿En que vas al traballo?

XICO Das veces en bicicleta, noutras na moto,...

TONO ¡Ta feito!, teis que ir mañá na burra.

XICO ¡Tas tolo! ¿Como vou chegar al traballo montao na burra da sogra?

TONO ¿Como que como vas chegar? ¡Vas chegar montao!

XICO ¡Non, eso si que non la fago, mialma! Ademais, ¿de que me sirve?

TONO Mira, se queres a baixa teis que felo. Xa verás: tu chegas na burra, entras os dous nel recinto da empresa, aparcas a burra e fais que che dá uha patada. Como a patada foi dada nel lugar del traballo, a patada pertence á Seguridá Social, que é quen se ten que fer cargo, ¿entendiche?

XICO (*Convencido.*) ¡Teis boa razón! Vouche felo como me dixiche. ¡Lo pior é se mía sogra non me presta a burra!

TONO ¿Que tal te levas con ela?

XICO Abondo ben. Cálolle a todo. Però igual me nega a burra.

TONO Ben, ben. Condo lle pediche a filla, ¿negoucha?

XICO (*Convencido.*) Non, mialma cedeo á primeira.

TONO Pois coa burra a fer igual.

XICO ¡Xa veremos! ¡Non é lo mesmo! (*Levantándose.*) Vou pra aló. Tou quitándoches de crabuñar.

TONO Non, non me quitas, de momento tou de baixa mentras non desperte a neta.

XICO (*Marchando.*) Xa che contarei.

TONO *Bueno, Xico, ¡a ver si teis suerte!*

XICO (*Desapareciendo.*) Boa falta me fai.

Tono mira y escucha. Da algunos golpes en la guadaña, muy suaves. Entra Nisa y Tono posa el martillo.

NISA ¿Foise Xico?

TONO Penso que si; ¡eu aquí non lo vexo!

NISA Vai ben aconsellao, mialma.

TONO ¿Como lo sabes, nía? ¡Igual lo soñache, pois tarías durmindo!

NISA Non durmín miga; tratei de apigarzar un pouco, pero tábades ei dándolle á lingua... e non peguei ollo. Erguinme e púxenme a fer algo.

TONO E ese algo foi escuitarnos a Xico e a min, pois era lo de máis apuro que tías.

NISA Non é eso. Teven escollendo fabas e de paso ouguín os consellos que lle diche a Xico. ¡Tarás contento de mandalo traballar en burra, ¿non che dá vergonza, ho?

TONO A min ninguha. Al cabo e a cuenta el que vai a ir en burra é él. Se eu tivera que ir en burra, tampouco me iba avergonzar, ou ¿que?

NISA ¡Anda, home, anda! ¡ferlle ir al probe na burra!, ¿non ves que se van rir del?

TONO El que se vai rir vai ser Xico condo tía de baxa e os outros traballando.

NISA ¿Por que vai tar de baxa?

TONO Porque vai na burra

NISA ¡¿Por que vai na burra?!

TONO Si, porque vai na burra.

NISA ¡Oh Virgen! ¡Tas azoquiao! ¿Así que el que vai en burra danlle a baxa?

TONO Al parecer.

NISA Pois se é como dices, van ben delos en burra, ¡madeumas! ¡Ai, ho!
¡Muitas burras hai!

TONO ¡Muitas, muitas! ¡E as que tan sen censar!

NISA Però,... vamos a ver, ho, ¿como é posible qua se colla uha baxa indo al traballo na burra?

TONO ¡Non sei! Pode darche uha patada, poño por caso; tamén pode ocorrer que se vas en burra quede a empresa mal vista e che dían a baxa pra sacarte de alí.

NISA ¡Que lle importa á empresa en lo que vaias, lo que lle importa é que traballes.

TONO ¡Déixate de músicas! ¡Hai que dar boa imaxe! Pensa, coño, que veña un desos de Europa e vexa a un obreiro en burra, ¡vaia imaxe! ¿Non te dás cuenta, nía?

NISA ¿Os obreiros europeos en que van?

TONO Dicen que van todos motorizaos, e se algún non lo ta, escóndeno pra que non se vexa.

NISA ¿Ai, ho? ¿En Europa non hai burros?

TONO Claro que los hai, pero son burros que tan, hai tempo, a nivel europeo.

NISA ¿Como dices? Que é eso de burros a nivel europeo?

TONO ¡A ver se cho explico! El burro europeo é igual que el burro nacional, aparentemente; a diferencia pode tar en que el burro nacional rebuzna máis a miúdo.

NISA ¿Queres decir que el burro de aquí é máis charlatán que el burro europeo?

TONO ¡Ei ta! Tamén dicen que el burro nacional levado a Europa se fai máis calado, ¡malo fora!

NISA *Bueno*, deixa os burros europeos en paz e a ver se acordas de ir pagar a renta, vai sendo hora, ¿non che parece?

TONO Non hai miga de présa; nestos tempos andamos *jodidos* de cuartos. Que esperen un pouco, ¡non lles dole a barriga!

NISA E tu que sabes se lles dole a barriga, ademais ¿que terá que ver que lles dola a barriga con pagarlles a renta?

TONO ¡Vaia por *Dios*, nía! ¡Vaia por *Dios*! É un decir. Non lles dole a barriga significa que non tein falta de cuartos.

NISA *Bueno*, será verdade, ho, entonces ter cólico de ventre é tar empeñado ata os ollos.

TONO Será, mialma. Pois mira, non me agoires máis coa renta, porque non penso pagala, pagueila anos abandos. Díxome don Genaro que iba salir ou xa salira uha lei, que lle chaman de acceso á propiedá pra que os renteiros podésemos fernos coas terras por cuatro perroes, e, tamén me dixo que non pagásemos pra que el amo nos demandase e entrar, deste xeito entrar en litixio.

NISA Claro que se entra en desprestixio.

TONO (*Medio desesperado.*) En desprestigio non, *carajo*, en litixio. ¡Ben lo entendes todo al revés, nía. ¡¡Érgate el demo!!

NISA ¿Que é eso... eso que dixiche?

TONO (*Enfadado.*) Dixen litixio, ¿ouguiche?, ¡litixio!

NISA ¡Non fai falta enfadarse! ¿En que consiste el litixio?

TONO Litixio é enzarzarse.

NISA ¿Luitiar?

TONO Non, nía non; luitiar é outra cousa. Litigio é ir a pleito.

NISA Pois maldita falta temos de pleitos. Lo que vamos fer é gastar cuartos e acabar pagando a renta. Xa temos abondo coa paga da renta, que ese cabrón súbela todos os anos, ¡mal railo lo fenda!

TONO É verdá que non temos miga de falta de pleitos, pero hai que acabar duha vez con esto das rentas. ¡Xa ta ben de traballar prós ricachois!

NISA Non lle días voltas, colle os cuartíos e vei pagar, non fagas caso de don Genaro. Se che quitan os eiros, ¡a ver unde labras!

TONO (*Muy seguro.*) Ei a labrar unde sempre, ¡juradios!

NISA ¡Non ves que non son túas!

TONO Eso díceslo tu. Levamos máis de cincuenta anos con elas, ¿van quitá-las agora?

NISA Se non pagas a renta...

TONO Non me amoles máis coa renta. Non pago. Eso é cousa de antes, os renteiros vamos ser os amos. Así que esto acabouse, e déixame crabuñar duha vez, teño que ir al herba.

NISA (*Medio desesperada.*) ¡Crabuña, ho, crabuña! ¡Oh que demonio de home que non pensa máis que en crabuñar!

TONO Que é, ¿que non podo crabuñar?

NISA Cada vez podes menos. ¡Xa non tas pra crabuñar! (*Se va.*)

TONO (*Solo y herido.*) Dice que non tou pra crabuñar, ¡vou demostrarllo! ¡Xa verá se tou ou non tou! (*Empieza con fuerza y rapidez. Entra Ruco, paisano zorro y sabio.*)

RUCO ¡Buenas, Tono! ¡Dáslle con ganas! ¿Tas a contrata, ho?

TONO Tou... que non sei como tou!

RUCO Home,... ¡non será tanto! ¿Que che pasa?

TONO Por pasar, lo que se dice pasar, non me pasa nada. Levo un cacho intentando crabuñar e a muller non me deixou, condo por fin, me deixou, díxome que xa non taba pra crabuñar, así é que... ¡xa me dirás!

RUCO (*Con sorna.*) E tu, claro, fais ben, tas dándolle duro pra demostrarlle que a cousa..., ¡é verdá!

TONO Non pode un arrugarse. Hai que ferlles ver que un home é un home e que fai como sempre, ¿non é, ho?

RUCO Fais ben, coño, fais ben. Claro ta que, digo eu, eso de cómo sempre, é un decir.....

TONO Non, mialma, dígocho como lo sinto, eu cada vez crabuño mellor e máis de afeito. Sempre teven fama de crabuñar ben, tamén é verdá que levo crabuñado muito.

RUCO ¡E lo que che queda!

TONO Fíame falta. Sempre me gustou, empecei de novo e tomeille gusto. Nunca atarrecín nada el crabuñar. Xa ves. Crabuñei focúas, rozois, gadañas, pode decirse que de todo lo que se me puxo delante.

RUCO *Bueno, bueno,...* ¡Será verdade, ho, será verdade!

(*Entra Nisa.*)

NISA ¡Buenas, Ruco!, ¿que te trai por acó?

RUCO ¡Non, nada me trai! Deume por dar un paseo pra estirar un pouco as pernas e parei col tou home, e tou vendo como crabuña. Parece ser que sempre lle teve afición, e según dice, ¡crabuña ben e muito!

NISA ¡Non lle fagas caso! Crabuña de lingua, pero lo que é crabuñar, nunca lo fixo al *dereto*. Empeza con muito anuelo pero déixalo enseguida.

TONO (*Enfadado.*) ¡A nía!, ¿condo empecei e lo deixei a medias?

RUCO ¡Tono, Tono! Se a muller lo dice, mi alma non é fácil dudalo, penso. ¡Inda se lo dixera outra persona!

TONO (*Afirmándose.*) As mulleres dicen lo que se lles vén a boca, ¡ah *carajo!*

RUCO Depende, ho, depende. Hai cousas nas que non minten aunque quiran.

NISA Eso ta claro, ¿pois que interese podo ter eu en non decir a verdá de como crabuñas. Lo que pasa é que non te convences de que sempre lo fixiche mal, e, agora que podes menos, pior.

TONO (*Algo vencido.*) ¡Como quiras, nía, como quiras! Lo que é verdá é que sempre nos amaños coa mía crabuñadura.

NISA ¡Claro! ¡Non había outro remedio!

RUCO *Bueno, bueno*, teñamos a festa en paz, non vos vais poñer de acordo, son puntos de vista distintos, é verdá. El home agora se non crabuña ben dispón de máquinas segadoras e al demo de maneiras de fer sup-lencias, e tamén pode botar mau dun vecín...

NISA Teis razón, Ruco, ¡contas veces pasei ganas de levar a gadaña a dalgún vecín pra que la puxese ben, porque este deixábala a medias, pero nunca quixo!

TONO Non hai por que molestar a naide, nin deber obrigaciois, ¿non che parece, Ruco?

RUCO Home, ¿que queres que che diga?... ¡en boa vecindá hai causas que non molestan e se fain de bon aquilo!, e, tamén hai favores que non se pagan.

TONO ¡Déixate de caralladas, Ruco, se che fain un favor teis que fer outro igual ou parecido!

RUCO ¡Non, ho, non! ¡Tas equivocado! Mialma hai favores que non queren volta, que los fais e non queres que che volvan col mesmo.

TONO Non sei... lo que é verdá que favor espera favor.

RUCO ¡Si ho, si... si mialma! Os favores sonche como as inversiois que lles queres sacar proveito, quéroche decir que nel fondo son un contrato e esa cara de bon que pon el que lo fai, ben a ser uha firma de muito agarre, pero dígoche que dalgún favor non quere volta e, desos, dícese que hai muitos e, al parecer, tan aumentando.

TONO Se é como dices, é uha señal de que a xente millora.

RUCO Non sei se millora ou se empiora.

NISA Este Ruco sempre anda con estas cousas, non é miga fácil saber lo que dice e menos, lo que quere decir.

RUCO ¡Como quírades! Eu sei lo que digo, e digo algo de lo que sei... Pois cambiando de tema non tía pensado vir por aquí, pero ouguín que che meterán nel juzgado lo das terras que levas de don Lifo e que iba camín de quitarchas, por eso veño avisarte.

TONO (*Asustado.*) ¿Como que dices que, ho? ¡Juradiós! ¡Pois!

NISA (*Muy sobresaltada.*) ¡Taba visto! Eu xa llo dixen, pero este é necio, testarudo e furón... (*A Tono.*) ¡Vas aprender, mialma! (*Medio desesperada.*) ¡Mira que lle dixen veces que fose pagar a renta! Pero volou con ese don Genaro, que nunca pra nada val sempre foi un folgazán e un lioso, e engaratusou a este, que discurre menos que uha pita... ¡Se me valira! Pois quedamos amañados sen as terras, ademais, pensar que sempre pagamos ben e a tempo.

TONO (*Avergonzado.*) ¡Eso é boa verdade!

NISA (*Envalentonada y amenazadora.*) ¡Claro que é verdade! E sendo verdade, ¿por que te negache a pagar, cabeza fofa?

TONO ¡Porque me deu a gana, cabeza dura!

RUCO Por lo que vos oigo, tedes as cabezas ben diferentes, pero *bueno*, non hai que enfadarse, a clase media ten que ter muita serenidade, senón tenlo jodido. (*Tratando de convencer a Nisa.*) Mira Nisa, Tono non pagou porque a xente cambia. Hoi día tamos vivindo un profundo cambio social, un exemplo claro é a caída del Muro de Berlín.

NISA ¿Ai, ho? ¡Non sabía que che caera el mure del molín!

TONO ¡Popa, québrenche os ollos! ¡Esta non se entera da festa!

RUCO Non, Nisa, non, ¡coño! Dixen a caída del Muro de Berlín, non del molín. Berlín é aló en Alemania.

NISA ¡Pois vaia por *Dios*, ho! Estráñame abondo que en Alemania lles caese el muro, meo padre sempre decía que os alemanes fían as cousas ben.

TONO Ese muro non lo fixeron ellos, déronllelo feito.

NISA ¿Quieres decir que lo encargaron a outros?

TONO Non, non lo encargaron a naide, pero fixéronllelo sen permiso municipal.

NISA ¡Arrenego al demonio! ¿Como foi?

RUCO Foi ben, algo así como a estacada que puxeron en Penouta os de Boal a os del Franco.

NISA (*Con curiosidad.*) E ese muro de Alemania, ¿como caeo?

RUCO ¡Por el fuerte cambio social!

NISA ¡Pois tamén soplou fuerte abondo el vendaval!

TONO Hoi teis el día atravesado, ¡non pillas uha aldereto! Nadie falou del vendaval. Ademais, coño, ¿en que cabeza cabe que un vendaval vai tirar un muro, ¡nin que fora de papel ou lo fixera el Mopu. Díxoche que caera al haber cambio social, ¿entendiche?, ¡cambio social!

NISA (*Dolida y con rabia.*) Si, ho, entendín. Claro que entendín. Non son tan burra como pensas!... ¿que é eso de cambio social?

TONO ¡Xa se ve lo ben que lo entendiche! Cambio social é que a xente pensa e fai doutro xeito, por exemplo: que eu me negue a pagar a renta. Eso é cambio social.

NISA E que te leven al juzgao e che quiten os eiros, tamen é cambio social.

TONO Non, eso non. Eso que dices é cambio del cambio social.

RUCO Eso que tais decindo son causas del cambio social, son consecuencias, son... facetas.

NISA É verdade, ho, é verdade, claro que son papeletas, e ¡menudas papeletas!

TONO ¡Ei volve! ¿quen falou de papeletas, nía? ¡Veite dormir, anda, veite dormir! Penso que teis máis sono que a neta!

NISA Dormir fíache falta a ti! A ver se despertabas un pouco despexado. ¡Levas uha temporada azopencado del todo! Deben ser as clases de don Genaro.

TELÓN

SEGUNDO ACTO

(En la cocina, Nisa y Dora, hija de Nisa y Tono. Dora haciendo trabajos, Nisa sentada, pensativa, triste...)

NISA ¡Ben nos caeo a cigua! ¡Tamos al quedar sen os eiros! ¿Que vamos fer agora, nía?

DORA ¡Nunca choveo que non parase! Podíamos poñer uha tienda de cosméticos ou de plantas fitosanitarias.

NISA ¡Uha tienda, ¿de que?!

DORA De cosméticos ou de plantas fitosanitarias.

NISA ¡Oh, Virgen! ¡Que cousa máis rara debe ser eso que dices! E, ¿pra que vale todo eso que non sei lo que é?

DORA Produtos cosméticos son prás mulleres, maiormente, tal como barras de labios, pintura prás uñas, polvos e máis cousas e as plantas fitosanitarias son herbas pra curarse...

NISA ¡Popa!, ¡deso non vivimos! Uha barra de labios dura case toda a vida..., poño por caso.

DORA Non, nía, non, hoi as mulleres cambian, a miúdo, de barra.

NISA Mira, Dora, todas esas cousas ¿valen pra algo?

DORA Non valirán pra muito, pero fendo boa propaganda, véndese, que é lo que importa.

NISA Non me gusta miga enganar a xente, non mo permita a conciencia.

DORA ¡Déixate de conciencia! Se vas a pensar nela, tas perdida... morrerás de fame!

NISA Tanto dá, eso das herbas non ten xeito. ¡Mira que vender herbas nuha tenda! Habendo como hai herbas abondas polos valados e polos prados, ¿quen pensas que che vai vir compralas?

DORA ¡Mira, xa che dixen que dependía da propaganda!

NISA ¿Queres dicir que temos que anunciar herbas?

DORA ¡Pois, si! Todo depende de como se anuncien. Se logramos fer uha boa propaganda, asegúroche que vendes cualquier herba e a xente acaba curando con ela.

NISA Pensará que cura. ¡Nunca tal vin, curarse con herbas!

DORA Deso se trata. El cuento é que las compren.

NISA Mira, Dora, eu o da tenda non lo vexo mal, pero penso que era millor uha tenda de cousas de sempre, unde lo mesmo vendes un kilo de puntas que un navelo de cánabo ou azúcar e ovos, nuha palabra, desas cousas que fein falta nas casas, e non toluras de herbas, que xa tein abundas nel pallar.

DORA Esas tendas que dices tan dando de cul. Tu non ves que hai muitas e lo que fain é mirar uns pra outros (*Se queda pensando.*)... Tamén podíamos poñer uha boutique.

NISA ¡Uha botica! ¿Desas de vender *melecías*?

DORA No, non dixen uha farmacia. Uha boutique é uha tenda de roupa fina que non repite os modelos, porque xa sabes que nas tiendas de por aquí train un feixe de roupa igual e despós todo el mundo de uniforme, como el ejército.

NISA ¡Bo, borobó! ¡Roupa fina! ¿Queres dicir de seda?

DORA Quero dicir roupa boa, moderna e cara.

NISA Moderna e cara, non lo dudo. ¡Eso de boa!

DORA Lo de boa é un dicir.

NISA Esa roupa non la compra nadie.

(*Entra Tono cargado de papeles.*)



TONO ¡Veño mareado!

NISA ¡E ben sei que pra nada!

TONO ¡Xa se verá!

NISA ¡Ta visto!, ¿que papelada é esa?

TONO Son, na súa maioría, recortes de periódicos unde se opina del acceso á propiedá nos países occidentais; tamén traigo uha revista que se titula... (*busca entre los papeles*), ¡ver se la encontro!, ¡aquí ta!, mira *La tierra, patrimonio del hombre*. Aquí este libro que se titula: *Dominio del hombre sobre la tierra*. E estos son BOES.

NISA ¡Bois! ¿Como van ser bois? ¿Veis borracho ou tas tolo?

TONO ¡Bois, non, coño! ¿Como van ser bois! BOES, Boletines Oficiales del Estado.

NISA ¡Entendérache bois! ¡Xa me estrañaba! E... ¿pra que queres: toda esa zarapallada?

TONO Pra informarme sobre lo del acceso á propiedade.

DORA Mira, papá, déixate de toluras e non mandes el tempo neso. ¡Os eiros dalos por perdidos!

TONO ¡Xa veremos! Vou enterarme se don Lifo mos quita ou non. Eu se dou lido todo esto, ¡non vou ser cortello fácil de rañar!

NISA ¡Meo probe! ¡Que máis dá que lo leas que non! ¿Non ves que non lo vas entender e entonces, a cousa é máis pior?

DORA (*Tratando de convencerlo.*) Érache mellor deixar duha vez os eiros e non lariar con don Lifo. ¡A xardía grande sempre comeo a pequena!

NISA ¿Quen che deo todos esos papeles?

TONO ¿Teis muito interés en sabelo, nía?

NISA ¡Claro que teño! Porque é como todo, ¡depende quen los día!

TONO ¡Eso non é verdade! Estos papeles dicen lo que dicen e non cambia lo que dicen, díalos quen los día.

NISA ¡Eso parececho a ti, pero tas equivocado!

TONO ¡Vamos a ver, nía! ¡Ben falas sen xeito! ¿Que terá que ver lo que dicen os papeles coa persona que mos deo? Aquí dice: “La tierra patrimonio del hombre”. ¿Entendes?

NISA Si, ho, si, entendo. Mira, atende tu: se eso cho dá don Lifo, dice que el hombre é el, se cho da don Genaro, dice que el hombre es tu.

DORA Mía madre ten razón.

TONO (*Convencido.*) ¡Pois é verdade! ¡Mi alma non dera neso!

DORA Non sei se esos papeles che aclararan nada; os papeles hai que entendelaos, é como todas as cousas; por outra, parte, conto máis leas pior te pois e máis che se nubla a mente.

TONO Vai vir por aquí don Genaro, dentro dun cachín, que ta mui preparado e díxome que me iba poñer al tanto.

NISA ¿Inda mialma lle fais caso a don Genaro, ho? Eso foi el que che meteo na cabeza toluras e fixo que non pagases a renta.

DORA Fíxolle lo que se chama un lavado de cerebro.

NISA Lo que lle fixo foi un ensuciado de cerebro. Non llo lavou, non, ensucioullo ben ensuciado.

TONO ¡Mira, nía, non digas necedades, coño! Don Genaro é un home preparado; estudiou muitos anos e sabe lo que dice. Mira, colle estos papeles e lelos, ¡jurados!

NISA Don Genero fixo toda a vida que estudiaba e nunca nada sacou. Esta xente que pasa a vida estudiando e non saca nada en limpio, suele ser xente burra ou folgazana, despós fainse amargados e sabiondos e non fain máis que liar a xente. Non hai peor cousa que pensar que un é daquén, condo non é nada. Esa xente ten...

DORA (*Interviene.*) ... complexos e traumas. (*Se va.*)

NISA Claro, nía, claro que lles pasa eso que dixeches.

TONO ¿Que é lo que dixo?

NISA ¿Non lo ouguiche?

TONO ¿Quero decir se entendiche lo que dixo?

NISA ¿Enténdichelo tu, ho?

TONO Eu si, pero tu non, ¡ben seguro!

NISA ¡Explícamo!, xa que sabes tanto.

TONO Dixo que tían complejos e traumas, ¿si ou non?

NISA (*Pensando.*) Si, dixo eso.

TONO E tu, ¿sabes lo que é eso?

NISA ¡Non! ¿Por que vou sabelo?

TONO ¡Ei ta! Decides amén sen saber lo que rezou el outro. ¡Érgavos el demo, coño! Se vos dicen que ten cellergas, decides tamén amén!

NISA Cellergas sei lo que es,... ¿pois non é lo que che fai rirte?

TONO Tampouco é así. Hai cousas das que te ris sen cellergas, poño por caso, se vas a uha sesión del *Ayuntamiento* ou ves na tele condo dalgún se disculpa de que se lle enriqueceo un hermao sen saber como nin condo. Pero se che fain garatusadas nel corpo cos didos e empezas a retorcerte e rirte, esas son cellergas.

NISA Xa sei, ho, xa sei, ¡teinme feito muitas!

TONO (*Mosqueado.*) ¡Ah, si! ¿Quen chas fixo, nía?

NISA Non me acordo, ¡hai muitos anos! Dime que é un complejo.

TONO Pois un complejo é... ¡a ver como cho digo! Tu non ouguiche falar de quen tal sito se fixo un complejo industrial ou un complexo turístico? Eso é un complexo.

NISA Así como a papelera de Navia ou el parador de Taramundi...

TONO ¡Eso, é, coño! ¡Ves como entendes dalguha vez!

NISA ¡Ta ben! De modo que a papelera é un complexo.

TONO Si, nía, si, claro que si. É un complexo inglés.

NISA ¡Ai, ho? ... os complexos, ¿cheiran? Porque a papelera... ¡dígoche que bufa! ¡Non sei como os ingleses la aguantan!

TONO Non, nía, non. Aos ingleses non lles cheira, chéiranos aos españoles. Elos levan as fabas e déixannos el pedo. ¡Bos son os ingleses!

NISA E el complejo de Taramundi, ¿tamén é dos ingleses?

TONO Non, nía, non,... ¡non lo collen todo! ¡Non che son tan burros! Taramundi é explotado a nivel nacional, é lo que se dice uha empresa netamente española.

NISA ¡Ben sei que é rentable!

TONO (*Muy burlesco.*) ¡Pode ser, pode ser, pode ser,...

(*Llaman a la puerta.*) (*Sigue Tono.*)

TONO ¡Debe ser don Genaro! ¡Acuriosa por ei e ábrelle!

DON GENARO (*Muy rimbombante y artificial.*) ¡Bien, Tono, bien! Aquí estoy para intentar orientarle exhaustivamente en el problema que, lógicamente, le abruma y exaspera. Ante todo debes permanecer sereno, tranquilo e impasible. La lucha contra los terratenientes ha de ser tenaz y contundente, por lo que le ruego y recomiendo no desfallezca en la honrosa batalla que con tesón ha comenzado.

TONO (*Sen entender.*) Si, don Genaro, ten usté muita razón en lo que dice. (*Va hacia un lado y dice a solas.*) ¡Vaia, coño, pasoume como lle dixen a Nisa; si que dice cellergas!, ¡dígolle amén, mialma! ¡Menos mal que Nisa se foi, se non, iba rirse e fía ben. (*Vuelve. Le señala el bloque de papeles.*) Teño aquí estos papeles.

DON GENARO ¿Quién se los ha facilitado?

TONO León de Enriqueta.

DON GENARO ¿Quién me dice?

TONO León de Enriqueta. Ese que cambia de traballo cada pouco tempo, que non para en ningún sito, inda puxo non fai muito, un bar desos de garaje ou nave que lle chaman: Agárrame ya.

DON GENARO ¡Ah, ya se! León Lobo-Cordero. El presidente del Sindicato SOPAS.

TONO ¡Sopas!

DON GENARO Si, es un sindicato progresista, de tendencia abiertamente dextrógira.

TONO Si,... xa... e eso de... ¿como dixo?

DON GENARO ¿Dextrógira?

TONO ¡Si, eso! E que mire usted ho, de vocabulario ándolle froxo.

DON GENARO (*Sacando un diccionario de bolsillo.*) ¡Oh, el diccionario, Tono! ¡Mi compañero inseparable! Lo levo a todos los sitios, me sirve para usar las palabras en su punto justo, lo que contribulle, por supuesto, a que mi interlocutor quede plenamente informado del mensaje que le emito. En una palabra, ¡las cosas claras! (*Busca en el diccionario.*) Aquí está: “Dextrógira: sustancia que desvía la luz hacia la derecha”. (*Cierra el diccionario y sigue.*) Estraída pues del diccionario la idea y extrapolada al mundo sindical y consensuando términos, debes, Tono, comprender que el sindicato SOPAS desvía la luz hacia la derecha y camina, consecuentemente, a oscuras hacia la izquierda.

TONO (*Abrumado.*) ¡Xa sudo, mialma! E ese sindicato, ¿Por que se chama SOPAS?

DON GENARO No podía llamarse de otro modo. Son siglas de Sindicato Obrero pro Avance Social.

TONO ¡Oiga, don Genaro! ¿e ese “o” del nombre del Sindicato ese que vai despós do “s”, ¿non sería millor quitala? ¡Penso eu!

DON GENARO ¡Bajo ningún concepto, Tono! Se tiende a que el obrero avance socialmente, que logre ese ras que buscamos.

TONO Non sabía eu que andaban buscando ras. Ben sei que son pra comer. Teño ouguido que tein boa carne, pero eu téñolles noxo.

DON GENARO (*Desconcertado.*) ¿Que me dice, Tono? ¡No le entiendo!

TONO Non dixo usted que andaban buscando ras, desas que cantan nos xungueirales, que son parecidas aos sapos.

DON GENARO ¡No, hombre, no! Usted entendió rana. Yo le dije que buscábamos para el obrero ese ras social, ese nivel social. Ras equivale a nivel. Usted, ¿no cubre crucigramas?

TONO Desos que vein nos periódicos, que inda train os cuadros en mouro e outros en blanco e hai que poñer letras que cuadren ben?

DON GENARO Sí ¡eso, eso!

TONO ¡Pois inda teño el primeiro sen cubrir!

DON GENARO Se nota, se nota. Si usted se hubiera asomado al mundo de los pasatiempos no hubiese caído en la confusión que, obviamente le llevó a un trueque conceptual. Rana (*saca el diccionario.*) “Género anfibios anuros, de lengua incisa posteriormente y dientes vomerianos. Pertenece a la familia de los ránidos”. Tono, le aconsejo que se haga con un pequeño diccionario y lo lleve siempre consigo.

TONO ¡Quite de eí, quite de eí! ¡Lo que me fía falta, coño! Se cada vez que encuentre un bicho nos eiros teño que botar mau del diccionario mialma non fago outra cousa. Mire, don Genaro, os que temos que traballar non lle podemos andar con esas cousas. Volvendo o “o” del Sindicato, sigo pensando que era millor quitala.

DON GENARO Pero... ¿por que?

TONO ¡Xa verá! O “o” detras do “s” col significado de obrero... fai el ridículo, ¡páreceme a min! ¡Temos exemplos, témoslos!

DON GENARO No sé. Pueden ser situaciones coyunturales. A veces, Tono hai campañas perfectamente orquestadas tendentes, llo diría, a deteriorar la concertación social, lo cual no es bueno para la estabilidad del binomio empresa-obrero, y, menos, para el trinomio empresa-obrero-sindicato, viéndose estos últimos impelidos a presentar en la mesa de negociaciones un paquete de medidas, evitando que todo el cuerpo social se vea sacudido por vientos o turbulencias obsoletas o a tomar medidas impopulares, tales como la huelga de celo.

TONO Eso pasoulle a uha vaca mía, que lle entrou eso da huelga de celo, e, claro, al non salir al toro, teven que vendela por cuatro perroes.

DON GENARO Veo que no me sigue. Le noto interpretaciones erróneas, desviaciones de contexto, algo así como falta de coordinación, cierta desconexión entre lo emitido y lo captado. Sintetizando: que no me entiende.

TONO Lo de “no me entiende”, entendinlo e, ademais, é verdá. Vou chamar a filla, que ta preparada.

DON GENARO Su hija, ¿tiene estudios?

TONO ¡Ten, claro que ten!

DON GENARO ¿Que estudios hizo?

TONO Fixo dous cursillos: un pra adelgazar e outro de cerámica.

DON GENARO ¡Estupendo, estupendo! (*Saca el diccionario.*) “Cerámica: arte de fabricar vasijas y otros objetos de barro, loza y porcelana y otros objetos de barro. La cerámica propiamente dicha apareció en el momento en que el hombre descubrió la capacidad de endurecimiento de la arcilla, mediante la cocción.”

(*Entretanto lee, Tono va hacia la puerta y llama.*)

TONO ¡Dora!

DORA (*Desde dentro.*) ¿Que quere, ho?

TONO ¡Que veñas!

DORA ¡Agora non podoo!

TONO Pois, ¿que tas fendo? ¡Tou barrendo!

TONO Boa falta fai, ¡mialma lougo había que pasar el rodo! Déixalo un pouco e ven.

DORA (*Apareciendo.*) ¿Que quere?

TONO Que tías aquí con nosoutros pra ver se don Genaro e eu nos entendemos. Quero decirche que te poñas de intérprete.

DORA (*Con gesto extraño.*) ¡Bueno!

DON GENARO (*A Dora.*) Así que especialista en cerámica. ¡Arte antiquísima! ¡Arte plástica!

DORA No, todo lo fíamos con barro. De plástico non fixemos nada.

DON GENARO Cosas bellas se hicieron a través de todos los tiempos en cerámica. Valiosísimas obras se conservan en los museos de todas las naciones para admiración de la gente. (*Mira el diccionario y lee.*) El uso de la cerámica está intimamente unido a la vida sedentaria.

DORA Non, sede non pasabamos miga. Había un grifo unde nos daban el curso pra coller agua pra amasar, e, condo tíamos sede, bebíamos.

TONO Menos mal que funcionaba, xa que cada pouco rebentan as tuberías e el *Ayuntamiento* non se entera da festa.

DON GENARO Y bien, ¿cuantos años te estuviste formando en el arte de la cerámica?

DORA ¡Años! Foi un cursillo de doce horas, desos da Consejería.

DON GENARO (*Enardecido suelta este discurso.*) ¡Que maravilla! ¡Que gran cosa esto de ahora! Antes la gente debía ir a especializarse a Alemania o a los Estados Unidos, países, por excelencia, capitalistas, que tienen fama de hacer grandes cosas, pero allí la especialización era cosa de años. (*Emocionado y en pié.*) ¿Dónde está el avance alemán o americano? ¿Donde? Lo que les lleva a ellos dos, tres o más años, lo hacemos ahora aquí, en este país en doce horas, Tono, ¡en doce horas! Además, esta especialización, en doce horas, está al alcance de todos los colectivos sociales, ya que, ¿quién no dispone en su vida de doce horas para especializarse? La especialización americana o alemana era patrimonio de unos pocos, de los privilegiados. Aquí y ahora, en este país, todos disponemos de doce horas, todos podemos ser especialistas, en doce horas. ¿Que más se puede pedir? Tono, estoy seguro que jamás te lo has podido imaginar, especializar a tu hija, en doce horas. ¿Te percataste de lo que ella significa? ¡Un hijo especialista, en doce horas! Este argumento que expongo, es más que suficiente para que el juez no se atreva a sentenciar en contra tuya. Devuelva esos papeles a León Lobo Cordero Presidente de SOPAS, porque ya no es preciso leerlos. Expón en el juicio este argumento, la realidad del avance social y el juez sucumbe, condena a don Lifo porque no es posible que frente a especialistas en doce horas haya aún renteros. Todos los logros van de la mano, a la par. No temas, Tono, no temas, las fincas son tuyas. Y os dejo, y, a ti, joven especializada, te aseguro un soleado porvenir en el mundo de la cerámica. Marcho, la emoción me ambarga, me sublima, y, me transforma. (*Se va.*) (*Tono y su hija quedan atónitos.*)

TONO ¡Viche que home máis preparado! ¡Foi boa pena que non lo ouguise túa madre!

DORA Máis ben me parece un desos que se fain que son, pero que non son. Penso que non sabe muito, ¿non viche que tía que fer uso del diccionario pra cada causa?

TONO Eso non dice nada. El mirar nel libro non quere decir que non se sepa. Ei teis os curas que tan máis avezados que naide a decir misa, e ben ves, tein que ver nel libro.

DORA Non é igual. A misa non ten igual lectura todos os días e por outra parte, os curas saben todo aquilo de memoria, lo que pasa é que miran el libro pra non equivocarse.

TONO Eso mesmo lle pode pasar a don Genaro. Dígoche máis inda, don Genaro debe ter menos dudas que os curas, ¿non, viche que tía un libro máis pequeno?

DORA Non me deo seguridá en lo que dixo. Eso de que el juez vai fallar en favor tou por mor dos cursillos de cerámica, non lle vexo xeito nin razón.

TONO ¡Es igual que túa madre, coño! ¡Sempre coas mesmas sétigas! Pois don Genaro díxolo ben claro, sen enzarabellar. Víase que taba convencido e solto. Xa lo verás dentro duns días, condo se celebre el juicio.

DORA ¡Xa se verá, xa! Voume acabar de barrer. (*Se va.*)

TONO Vai, nía vai, que mialma non sobra miga. (*Solo.*) Teño que entrenarme pral día del pleito. (*Se entrena.*) ¿Como é posible don juez que habendo como hai, e usted sábelo porque non me ten pinta de tonto, ¿como é posible que eu quede sen os eiros se neste país temos cursillos de cerámica que duran doce horas? ¡Doce horas, don juez, doce horas! Non pode haber uha cousa sen el outra, se me quitan os eiros. ¡Fíjese usted tein que poñer os cursillos como en Alemania ou en Estados Unidos. ¿Escúitame ben, don juez, somos un país capitalista, por eso non me pode quitar os eiros para que siga habendo cursillos de doce horas.

TELÓN

TERCER ACTO

(*El mismo escenario del primer acto. Tono está estudiando en un libro. Trata de memorizar.*)

TONO (*Estudiando y repitiendo.*) ¿Que es fusión? Fusión es el paso de sólido a líquido por absorción de energía calorífica. Vou repetilo: Fusión es el paso de... sólido a líquido por cuestión de... (*trata de recordar*) ...por cuestión de... de, ...de (*mira en el libro*) ;energía calorífica! Pois non son coño, capaz de acordarme del demo da energía calorífica. (*Se levanta cansado, coge el martillo y el crabuño, uno en cada mano, y les dice:*) ¡Vosoutros e eu, martelo del alma, querido crabuño, sempre fomos tres, pero nel fondo fomos un, tres cousas distintas, pero un solo traballador verdadeiro! Agora, ... ¿pra que vos quero?, ¿pra que me queredes? Da noite prá mañá, ¡tres inútiles!

NISA (*Entra y dice a Tono.*) ¿Falas solo, ho?

TONO Non falaba. Pensaba en voz alta, quero decir, que me exteriorizo.

NISA ¡Tu non pensas, nin en voz alta nin baixa!

TONO ¡Ah nía!, e ¿tu? Tu claro, pensas, así, así... a media voz.

NISA Deixa tranquilo el martelo. (*Tono lo posa con pena.*) ¡E el crabuño tamén! (*Tono lo hace.*) Non che fain falta ningua. Quedache sen eiros nin prados, claro que pola túa necedá e as clases de don Genaro, e, agora, lo que teis que fer é estudar e aprobar esas oposiciois del *Ayuntamiento* pra obreiro fijo. (*Imperativa.*) ¡Así que a estudiar! Teis que colocarte xa que se non, ¿de que vamos a vivir? Xa que saliron esas oposiciois nel *Ayuntamiento* teis que estudar e esforzarte e sacalas. Ademais, mira, Tono, aquí entre nosoutros, el traballo sempre te amolou, e se te colocas ei, volas ben, vai coa túa forma de ser. Sudar non has a sudar miga. Así que aplícate e estudia. As oposiciois tan na porta.

TONO ¡Tamén te podes colocar tu e quedar eu al cargo da casa! Sempre tades igual, ¡el home pra fóra, como se fose, coño, un paraguas!

NISA ¡Home, Tono! ¿Non vou andar eu traballando nos camiós e coas máquinas del *Ayuntamiento*?

TONO ¿Por que non? Non falais de igualdade. Claro, ¡a igualdá que vos convén!

NISA ¡Pois é verdade! ¿Condo falo eu da igualdade?

TONO ¡Falas sempre! ¡Lo que non sei eu condo non falas! ¡Xa me tou cansando de tanto estudio! ¡Por outra parte vólvome tolo con cousas que nin entendo, nin quero entender, nin sei pra que valen! Porque, ¡xa me dirás!, ¿pra que me fai falta saber lo que é fusión? ¿Que fusión pode haber nel *Ayuntamiento*? ¡E todo así!

NISA ¡E solo pral examen, ho!, despós xa non usas nada deso. Tu estudia e aproba. Eso é lo importante. Eso de fusión, ¿que é?

TONO Pois non lo sei aldereto e estudieilo abondo. (*Coge el libro.*) ¡Atende! (*Lee.*) Fusión es el paso de sólido a líquido por absorción de energía calorífica. Por exemplo, el hielo se funde en agua sometida a una temperatura superior a los cero grados. (*A Nisa.*) ¿Que sacas en limpio?

NISA Eu nada. Però el que ten que sacar algo es tu, que es el que te vas examinar.

TONO Teis razón. Però non lle vexo xeito a esto, porque dice que el hielo se funde en el agua, e tu ben sabes que eso non é verdade, xa que sabemos, porque lo vemos, coño, sen que nadie lo diga que se botas hielo nel auga, mialma non se funde, queda enriba, ¿ou non?

NISA Sempre quedou, ¡agá cambiasen as cousas! Però tu non te preocupes, ho, eso é pral exame. Eu nunca me examinei, pero, al parecer, no examen hai que dicir lo que che dicen, non lo que tu pensas. (*Yéndose.*) Estudia e aprende os libros de memoria e non te esmoles en entender, os del tribunal ben seguro que tampouco lo entenden, pero, ¡ten cuidado!, que han a ter el libro a mao. (*Se va.*)

TONO (*Con mucha resignación coge un libro, mira al crabuño y dice con mucha pena.*) ¡Xa non podo crabuñar! (*Se pone a estudiar.*)

Entra Xico.

XICO (*Ve a Tono estudiando.*) ¡Coño, Tono! ¿Pois eso? ¡Non contaba encontrarte de estudante!

TONO ¡Pois se ti non contabas! ¿Que feirei eu? Se mañá tou de bailarina, non te estrañes tampouco. ¡Os acontecementos sucédense fugazmente. Ben sei que non sabes lo que é fugazmente, pero eu tampouco lo sei. Dígolo porque lo dicen estos libros, ¿entendes?

XICO Cada vez entendo menos.

TONO ¡Menos mal que non sou eu solo!

XICO (*Muy interesado.*) ¡A ver, ho! ¡Explicáte duha vez! ¡Que é lo que che pasa ou lo que fais! Non hai muito tempo tabas de labrador, agora tas de estudante, lough non sei de que ... ¿queres dicirme de que te vou encontrar a vez que volva por aquí?

TONO Mira, Xico, condo volvas, se volves, ¡non sei de que me encontrarás! Agora mesmo encóntrame preparando uhas oposiciois pral *Ayuntamiento*, por eso teño todos estos libros e tou afatigado estudiando nelos. Sabes que don Lifo me quitou os eiros e os prados, parece ser que non lle paguei a renta, e non é que lo pareza, lo certo é que non lla paguei. Cuidei que con estos tempos de igualdá eu era el amo dos eiros, pero equivoqueime e equivocouse don Genaro que me aconsellou. El asunto é que eu tou agora sen nada, ¡lo que se dice sen ter con que mandar tocar a un cego! Nisa enterouse de que nel *Ayuntamiento* hai uha praza para obreiro fixo; ben este non é el nombre, (*busca en unos papeles*) el nombre é: “funcionario de carrera para servicios laborales”. Nuha palabra, pra amañar carreteras, camíos, cunetas e todas esas cousas. Nisa enterouse das oposiciois para esto e matriculoume; déronlle uns papeles coas preguntas... e aquí me teis, estudiando como se fora a presentarme a avogado del estado, ¡mialma! Este ten que ser el cambio que notas en min.

XICO ¡Entendo! ¡Entendo! Non fai falta, mialma, ser mui espabilado pra ver que non es el mesmo. Però, *bueno*, penso que non terás muito que estudar; al cabo e a cuenta, pra amañar camíos, tapar *baches*, limpiar cunetas e todas esas cousas, ¿non creo que sía preciso saber tanto?

TONO Tamén eu lo pensaba, però mira aquí teño el centenario...

XICO ¡¿El centenario?! ¡Home non leves cen anos preparándote!

TONO ¡Non, mialma! Díxenche mal, non é centenario, é el cuestionario.

XICO ¡Eso ben! Xa me estrañaba.

TONO Atende, ho, atende. Mira, para que vexas que non é broma, mialma: Conjuntos-Teoría de conjuntos. Inclusión, intersección, unión, relaciones, diagramas. Conjunto universal etc.
De geografía. Climas. Zonas climatolóxicas. El Ecuador. Estudio monográfico de un río: el Tíber ...

XICO ¡¿El tigre?!

TONO El tigre non, coño; el tigre é un animal feroz, non é un río. ¡Dixen el Tíber!

XICO ¡Ta ben! Igual mialma te entendín mal. Ese río que lle chamas el Tíber, ¿por unde pasa?

TONO ¡Que sei eu por unde pasa! Sei por unde pasa el Forcía porque lo vexo, però el Tíber, non teño idea, ¡pasará, ben sei, por Oviedo ou por Santander!

XICO Pode que pase por lonxe, por esta zona nunca ouguín que pasara. Ben, ho, ben, ¿que máis cousas teis que estudar?

TONO ¡Muitas máis! Historia: Reinos de Taifas. Los romanos. El imperio egipcio. (*Se queda mirando el cuestionario.*) Aquí ven *mezclado* con geometría, porque dice nesto de Egipto, Las pirámides, cousa que tamén ven en geometría. Por eso penso que nel *Ayuntamiento* deberon enzarabellar un col outro.



XICO ¡Ai, ho! ¿Tu darás engabellado todo ese feixe?

TONO ¡Non sei! Tou todo el día axenegando nos libros e, se ben lo miro, lo que saco en limpio cabe en cualquier furaco, ¡jurados! Muitas cousas seilas de carretilla, xa verás: ¿Qué es conjunto? Conjunto es una reunión de elementos que tienen una propiedad común, llamada propiedad característica. Si un conjunto carece de elementos recibe el nombre de conjunto vacío, ¡mialma!

XICO ¡Pois vaia uha carallada! Eso de *vacío* ¿como se entende, ho?

TONO ¡Muito ben! Por exemplo un garrafón *vacío*, digo eu.

XICO Eso é baleiro, ¡carajo! ¡Mira tu que tanto estudiar pra chamarlle a un garrafón baleiro, conjunto vacío!

TONO ¡Xa lo sei. Però se non sabes estas praxismeiradas, igual, madeumas, non aprobas! Pois inda non para ei el asunto; por exemplo en gramática, atende ben, a frase: “Yo como pan!”, ¡asústate!, pan chámase objeto directo.

XICO ¡Mal rallo los fenda! Chegas á panadería e pides uha barra de objeto directo e, mialma, rómpenche a testa coa peira, e ¡fain ben!, ¡coño!

TONO Pois todo deste xeito, Xico. Dende que tou col demo del estudio, é verdá que me civilicei un pouco, que boa falta me fía, pero ando tolo. Tamén teño que saltar á corda nel examen.

XICO ¿Saltar á corda? ¿Cómo fain as nenas na escola, que saltan e cantan?

TONO ¡Non, ho, non! A corda ta posta en dous palos e queda así, en chao. Dás uha carreiría e condo chegas a ela brincas por encima, sen tocala, xa que se la tocas non vale, ¿entendes?

TONO A altura van aumentándola al xeito que la brincas ben, e ta claro, conto máis saltes, máis te puntúan. Eu con vistas al salto de corda tou a réxime pra adelgazar e tar lixeiro. Como a mía filla fixo un cursillo pra esto de adelgazamento, dáme instrucións sobre as comidas e todo eso.

XICO ¡Tono, Tono! ¡Non andes con esas cousas! Inda ves amañar de poñerte malo.

TONO ¡Non, ho, non! ¿Queres crerme que dende que me puxen a ese réximen e fago dalgún exercicio, encóntrome máis revinqueiro?

XICO ¡Encontraraste, ho, encontraraste! Tou vendo que tas mui enterado del examen. ¡Tomáchelo con ganas!

TONO ¡Tou e non tou! A que ta ben enterada é a muller. Todos os días mo repite, e, eu, como de cabeza nunca fun miga manco, vou rumiando a cousa.

XICO Tono, eu penso que tabas millor de labrador, se non fora que che quitaron os eiros.

TONO ¡Nunca se sabe, ho! ¡Nunca se sabe! Agora os labradores teinlo mal con esto da Comunidade, tan convertíndose non conjunto vacío e teño bon medo a que pasen fame de objeto directo.

XICO Queres decir fame de pan.

TONO Si, eso quero decir; pero díxenche fai un cachín que pan é objeto directo.

XICO ¡Entre nosoutros podes decir pan, e entendémonos igual, como sempre.

TONO ¡Xa lo sei, ho, xa lo sei! Lo que pasa é que dende que un estudia salenlle os coñecementos por todos os lados.

XICO Pois é rache millor deixar os escapes pral día del examen e ceibalos de golpe pra ver se aprobas, porque pra fralar por aquí, podes felo como sempre.

TONO Xa lo sei, pero díxome don Genaro que tía que entrenarme nel uso de palabras finas pra ir vezándome. ¿Tu non ves que se me coloco nel Ayuntamiento non poden estarabouzar como condo andaba polos eiros?

XICO ¡Bo, borobó! ¡Érgate el demo, Tono! Se chegas a colocarte nel Ayuntamiento vas fer como fain. E vas fer como nos eiros, claro que non vas meter tanto el lombo.

TONO Eu referíame á maneira de falar, de dicir as cousas, xa que condo tas nos eiros non reparas.

XICO Pois, mialma, ¿se vés a buscar finura nel *Ayuntamiento* vas a tardar en encontrarla! *Bueno*, ¿quen vos examina?

TONO Espera que chamo a Nisa. (*Llama.*) ¡Nisa!

NISA (*Desde dentro y asomándose.*) ¿Que che pica?

TONO (*Enfadado.*) ¡Non me pica nada, coño! E se me pica, xa rascarei. Chámote pra que traigas a papelada del examen a que me vou someter.

NISA (*Aparece con papeles.*) Aquí teis a información.

TONO Dille a Xico quen ta al cargo de fernos el examen.

NISA ¡Dícese el tribunal!

TONO ¡Pois eso!

NISA (*Lee.*) El tribunal estará compuesto por tres alcaldes, dos concejales, un funcionario de carrera de administración local, un representante de la Concejería de Administración Territorial, otro de la Concejería de Obras Publicas, un representante del Ministerio de Educación, ...

XICO (*Cortando.*) ¡Nese tribunal entra de todo, parece a longueiza!

NISA ¡Espera! ¡Inda non acabei! E un pesicólogo.

XICO ¿Un pesicólogo? ¿Pois que tein que ver os da Pepsi-Cola con esto?

NISA ¿Quen falou da Pepsi-Cola?

XICO ¡Como dixeches un pesicólogo!

NISA ¡Non, non dixen eso! Dixen un (*mira el papel*) ¡pois eu mialma leo pesicólogo! *Bueno*, ¿como se diga! El pesicólogo é pra ver se a persona ta capacitada, que non teña depresiois, que discurra abondo ben e todas esas cousas.

XICO E, ¿como fai el pesicólogo pra ver se uha persona ta aldereto?

NISA Home, eu non sei como fai, pero algo feirá, digo eu. Hoi hai moita xente que ta rara, que ten manías e cousas desas, que bota mau del pesicólogo.

XICO A nía, e esa xente ¿cura?

NISA Lo que é curar, non sei, poden millorar.

XICO ¡Millorar, si! ¡Popa! Lo que hai é moita tolura.

NISA ¡Hai abonda! Eu conozo a moitos que levan os nenos al pesicólogo condo ven que aprenden mal ou fain muecas e cousas que non deberan fer.

XICO ¡Popa!, si los levaran a traballar, alindar as vacas e non los teverán tan ceibes, pode que non lles fíxese falta ir tar coel pesicólogo.

NISA Eu tamén penso así. Lo que ocorre é que eso púxose de moda, e as modas son as modas. Non, ¡vaia por *Dios!*

TONO Hoi día, al parecer hai el demo de adelantos. Condo empecei con estos libros, díxome un sobrín de Pepe de Josenín que tía que estudar pra estudar eso que lle chaman técnicas de estudio. Tróuxome os libros col rallo das técnicas, e ¡non te poides dar idea de lo que tía que estudar pra estudar!

XICO *Bueno*, anda, non hai que ferlle, ¡hai quen sube pra subir e baxa por baxar.

TONO ¡Ois Xico! ¿Como che foi coa patada de eí atrás?

NISA ¡Pois!, ¿déronche uha patada nel cul?

XICO ¡A min naide me deo uha patada nel cul! ¡En buena hora lo diga!

NISA ¡Foi lo que lle entendín a Tono! A patada de detrás.

TONO ¡Non dixen tal cousa! Dixen a patada dei atrás, a de hai tempo. A patada da burra.

XICO A patada aguanteila e fun curando se quixen!

TONO Teviche de baxa, por fin?

XICO ¡De baxa si, mialma!

TONO Entonces, ¿non seguiche el meo consello?

XICO Si, ho, seguínlo, ¡peró non me valiu pra nada!

NISA (*Señalando a Tono.*) ¡Mira quen dá consellos, quen ten falta delos!

TONO ¡Coño! Mialma declárasme inútil total. ¡Libras da mili a cualquera! (*A Xico.*) Cuénteme, ho, ¿que che pasou?

XICO Fun al traballo na burra, peró non puiden chegar.

TONO ¿Ben sei que a burra non aguantou el viaxe?

XICO Si ho. A burra non ten problema de quilómetros. Lo que sucedeo é que al pé da fábrica taban os da Sociedá Protectora de Animales e non consentiron que a burra entrase na fábrica, porque dixeron que había muita contaminación.

TONO ¿Non che deixaron entrar?... ¡Nunca tal vin! ¡Tamos amañados! Eu sempre pensei que cada un podía fer coa súa burra lo que lle dese a gana.

XICO ¡Tamén eu lo pensaba, peró mialma vin, en vivo e en direto, que a cousa era doutro xeito! Eu era el amo de burra, millor dito naquel momento era el representante oficial de mía sogra ante a burra, e, tendo como tía a patria potestade sobre ela, non houbo forma. Os da Sociedade puxéronse farrucos e se non acordo de dar a volta, penso que me fían como me fixera a burra condo lle pasei por detrás sen avisala.

TONO ¡Vaia, vaia! ¡Teviche mala suerte, ho! Así é que, ¿non houbo xeito de pillar a baxa?

XICO ¡Lo que pillei aquel día foi uha bronca cojonuda del encargado! Xa que entre que volvíñ prá casa coa burra, lle expliquei á mía sogra a xeira cos da Sociedá dos Animales, collín a moto –que inda non sei como

non me matei polo camín– e todos esos labores, cheguei abondo tarde al traballo. El encargado, como che digo, roñoume, e al verme coxiar, pensou que lle fía burla, el cuento é que empezou a dar uhas voces que parecía que se puxera dolente. Eu non tía culpa nin de chegar tarde, nin de coxiar, pero, ¿quen lle decía a verdade? Calei a todo e púxenme a traballar, jodido abondo, eso si, por uhas cousas e por outras.

TONO ¡Teviche abonda mala suerte, ho! Mira que los hai que tan sempre de baixa sen ningún motivo, nada máis que con trampas; tu, que ibas pedir a baixa legalmente, porque a verdá é que lo fías con toda a legalidade, solo cambiabas el sitio unde che cebaran a patada, non podiche, coño, nin tar un mes folgando a costa ds Seguridá Social.

NISA Xico non tevo mala suerte, lo que lle pasou é que os consellos teus son tan rentables como os de don Genaro; por outra parte Tono, ta nuha empresa privada, e, xa sabes, hai que filar aldereto. Podes aprender a leucción, Tono, aplícate e saca as oposiciois, se las aprobas... podes tar de baixa solo con amenaza de patada.

TONO ¡Ben anecías coas oposiciois, nía! Se las aprobo, apróbolas; e se non las aprobo, non las aprobo.

XICO ¡Máis claro non se pode falar!

TONO ¡Penso que non, mialma!

NISA Tamén eu falo claro, e, sei le que digo. (A Xico.) Mira lo que che pasou por chefar tarde al traballo, ¡ta visto! Se teveras na pública podías chegar inda máis tarde ou esperar coa burra a que se fosen esos que defenden os animais da contaminación, naide che iba a tomar cuenta, xa que el que máis e e el que menos, non queda sen arandelas por chegar cedo.

XICO (Con sorna.) ¡Dicen que si, dicen que si! Bueno, non hai que apurarse muito nas cousas públicas, ¡trabállase pra bo amo!

TONO Lo público é de todos.

XICO Claro, como todos somos bos, trabállase pra bon amo. (*Entra Dora. Trae unos papeles en la mano. Se dirige a su padre, pero ve a Xico.*)

DORA ¡Tas por aquí, Xico! ¿Que tal andas?

XICO ¡Ando ben! Agora pasoume a coxieira.

DORA É verdá que teveras un pouco amolado. Seguramente comes demasiados alimentos ricos en hidratos. Teis, xa que non es novo, someterte a dietas especiais; frutas, legumbres, un pouco de pescado pasado por agua e fer ximnasia.

XICO Mira, nena, se fago todo eso que me dices quedo sen uha xira, e el encargado da fábrica, que me colleo algo de tirria, non sei que pensaría de min. Déixate desas dietas; el toucín e el xamón sonche, mialma, gasolina super pral obreiro.

DORA ¡Fai como quiras! ¡Eu avísote!

NISA Xico ¡Dora sabe lo que dice! Fixo un cursillo desas cousas de comer.

TONO Os cursillos non tan mal, al perecer, pero el xamón ta millor.

DORA Tu, papá, teis que cambiar de dieta. Non adelantas nada neso de saltar a corda, non acabas de soltarte, e, ta visto, é polas comidas que fais. Tráigoche aquí uha dieta nova. (*Le enseña un papel.*) (*Leyendo.*) “Por la mañana medio melocotón, cien gramos de pan y un huevo duro. A medio día una manzana, doscientos gramos de pescado y un huevo duro. A la noche una manzana, cien gramos de pan y un huevo duro. Todo esto durante trece días. (*Guarda el papel y le advierte en serio.*) Se aos trece días non milloras en saltar a corda vamos ter que cambiar el metabolismo.

TONO (*Mudo y asustado.*) ¡Cambiar-me,... ¿el que, nía?

DORA El metabolismo.

TONO (*Muy seguro.*) El metabolismo non mo cambia naide. Non sei aldereito lo que é, pero se é lo que penso, desas enchentudas que me recetas pouco máis dará un metabolismo que o outro, ¡jurados!

XICO Dora, eso non é alimento pra tou padre. ¿Tu non te dás cuenta que se ta morto de fame non pode saltar?

TONO ¡Teis muita razón, Xico! Si tou trece días con eso del *huevo*, ¿pensas coño, que podó brincar? Teño bon medo que se me poin a de 2 centímetros quede piado.

NISA (*Que estuvo atenta y cree todo lo que dice Dora.*) ¡Tono, Tono! Mira de fer lo que che dice a filla, que cho dice por ben. (*Lee en el programa.*) ¡Atende!, aquí dice: “el salto de cuerda puede llegar a puntuar cuatro puntos”. Así que, ¡non son de despreciar!

TONO ¡Dichosos puntos! ¡Nin que fose subir a Primera División!

NISA ¡Non anecies porque é igual! ¡A partir de hoi: ¡un *huevo*! ¡E non penses en dous! ¡Perdes el tempo!

XICO A cousa ta que, ¡manda *huevo*! *Bueno* eu voume porque de tanto falar de comer, deume a fame. Por outra parte, al non ter que saltar a corda, vouche a seguir coas mías racións. Así queda ver se aprobas as oposicións e normalizas as comidas. ¡Eis, ho! Se aprobas a ver se me pois uhas alcantarillas na entrada del prado, que boa falta me fai. Xa llo dixen al alcalde, pero nestas cousas é millor decírvolo a vosoutros... ¡El que manda, manda! (*Se va.*)

TONO Non sei se aprobarei, Xico, se aprobo teis alcantarilla segura. (*Le despide.*) *Adiós*, Xico. Condo comas acórdate de min e del *huevo*. (*A Nisa.*) É bon home este Xico.

NISA ¡*Bueno*, non digo que sía ruín! É mui comenenciado, ¿ves como busca recomendación pra que lle poñais gratis as alcantarillas?

TONO ¡Inda non aprobei! ¡Pode volverse todo augua!

NISA ¡Xa sei! (*Imperativa.*) Teis que aprobar. Así ¡que ponte a estudar! (*A Dora.*) Busca a balanza pra pesar al tou padre, non convén pasar del peso, ¡ten que perder barriga!

TONO (*Señalando el vientre.*) ¡Se perdo máis barriga vou parecer un molde de escaiola!

NISA (*Tratando de marchar.*) ¡Xa teve ben de cháchara! ¡Vámonos, Dora! (*A Tono.*) Agora ponte a estudar, mentras chega el hora de comer. Condo che teña el *huevo* preparado, chámote. (*Se van las dos.*)

TONO (*Queda Tono solo en escena, pensativo, pasea..., por fin, habla consigo mismo, y dice:*) ¡A onde vou eu cun ovo solo! ¡Tou amañao! ¡Se non lle fixera caso a don Genaro! ¡Estos sabiondos de pueblo son pior cós impuestos! ¡Xa non penso como pensaba!, ¿serán estos libros que me abriron os ollos? (*Se queda pensando.*) ¡Non, non poideron ser! ¿Que me pode abrir os ollos el saber que un garrafón baleiro se chame conjunto vacio ou que el pan se chame objeto directo? ¡Non foron os libros, foi a experiencia destes tempos! ¡Pobre Tono...! (*Se pone a estudiar.*) El imperativo es un modo verbal que indica mandato, que ordena. (*Se pone a pensar.*) (*Dice:*) ¡Coño!, ¡modo verbal! Lo que é, é que é el modo de Nisa, porque Nisa manda, ordena... se non aprobo, ¡vei habela boa! (*Sigue estudiando.*) (*Entra Rufo.*)

RUFO (*Ve a Tono estudiando y dice:*) ¡Así, así! ¡Esto si é cultura popular!

TONO ¡Si, Rufo, si! ¿Sabes que é esto? Esto é a cultura del *carajo*.

RUFO ¡Home, tanto non será! ¡Claro que non andará lonxe! E agora, falando en serio, ¿como vas cos estudos?

TONO Os estudos lévolos al meo xeito. Poderan ir pior... e millor tamén. Fago lo que podoo... Lo que máis me amola é lo del salto de corda e a fame que paso, e ... ¡a que me espera a partir de hoi!, por estar lixeiro e saltar como uha lebre. Eu non acabo de entender que falta lle fai a un obreiro, millor dito “funcionario de carrera para servicios laborales”, saltar a corda.

RUFO ¡Non lle fai ninguha falta! ¿Que falta lle vei fer? Lo que pasa é que como tamos preparándonos para esto dos mundiales, púxose de moda tar áxil, tamén hai que dar imaxe de que se fai pola preparación física en todos os niveles. ¡Hai que bailar como todos!

TONO Pois a min tocoume un baile jodido! ¡Teño bon medo a non dalo bailado! Tou afroxando en fuerzas e ata ando como alouriado con esto del estudio e das dietas. Xúroche que non é a fame que paso a que me ten así, é a que vou pasar nos trece días que empezan hoi, (*muy triste*) ¡pode que morra ou ande cerca!

RUFO ¡Non será tanto!

TONO ¡Tanto non! ¡A ser máis!

RUFO ¡A ver, ho! ¿Que problema teis cos trece días? ¡Non irás fer un novenario, con vísperas, dous días de festa e xira!

TONO ¡Nada deso! Lo que tou condenado é a un calvario de trece estaciois e rosario. ¡Xa verás! A partir de hoi vou tar, según informaciois dignas de crédito, a ovo por comida!

RUFO ¡Algo máis comerás! Senón...

TONO ¡Pouco máis! Penso que uha ou dúas veces al día, según dieta, podó acompañar el ovo con algo. ¡Cúa mazá, pescado en augua...

RUFO ¡Ben che entrou a cigua nestos tempos, Tono! ¡Perdiche el pleito, puxéronte a estudar e fainche saltar cun *huevo* solo!

TONO ¡Xa ves, Rufo, xa ves! Non sei como salirei desto ...

RUFO ¡Ois, ho! ¿Tu nel juicio defenderíaste ben?

TONO (*Convencido.*) ¡Defendínme de muita alma! Tu sabes que non calo a boca de boa gana, e, alí dixen e dixen... pero, el arte del demo: ¡conto máis decía eu máis se ría el juez!

RUFO ¿Ríase el juez?

TONO ¡A montón! Condo lle falaba dos cursillos de doce horas, ata petaba col martelo na mesa e decía: concrétese al tema central. Eu como el tema central eran os cursillos de doce horas, porque iba ben carenado de don Genaro, volvía a falarlle dos cursillos, el volvía a dar col martello na mesa, e tivemos así un bon cacho. Condo se cansou de darlle al martello, mandoume sentarme. Máis ou menos el juicio dos meos eiros foi deste xeito. Però mialma quedei sen elos.

(Entra Dora, y dice a su padre.)

DORA ¡Ois papá! Non olvides que hoi teis que ir a psicomotricidá.

TONO *(Enfadado.)* ¡Outra vez! ¡Xa tou de furgón ata os... codos!

DORA ¡Non protestes! Os que non fixestes esos ejercicios de pequenos, tedes que felos de grandes. Hai que reconvertirse.

TONO Coa reconversión que dan muitos nel paro, así que non entendo esa reconversión pra traballar.

DORA ¡Lo que che dixen! *(Se va.)*

RUFO ¡Ai, ho! Eso do psicomotricidá, ¿que demonios é?

TONO Eso non é nin máis nin menos que uha carallada moderna. Teis que fer así... *(Lo describe, mueve las manos, los dedos, levanta los brazos y patalea.)*

RUFO ¡Coño!, eso de pataricar mialma é aprender a galopar.

TONO Máis ou menos. Pode que nos reconvirtamos al burro. Ben, a cousa non para ei. Eu vou dúas tardes á semana a fer estas toluras. Lévanme nun coche esos que lles chaman el preescolar na casa, vamos cos pequenos e femos dúas horas esos ejercicios que fixen antes. Claro que alí son dirixidos. Dicen que así se desperta a intelixencia.

RUFO Tou vendo que tas recibindo uha preparación, lo que se dice científica.

TONO Al parecer, tou recibindo uha educación integral. Esto de integral non sei lo que poda ser, teño medo a que cousa boa non sía.

RUFO Integral será algo así como el pan integral que se fai sen peneirar a fariña.

TONO Pois se é sen peneirar, lo meo non ten nada de integral, xa que desde que tou metido na educación, vou abondo peneirado, ¡juradios!

RUFO Tu non te preocupes, Tono. Fai todo eso que che mandan, porque son méritos, e, mira, se se collen méritos dando patadas nel tarrén, dalas. Se sacas a oposición pra obreiro fixo, xa descansarás da preparación.

TONO Obreiro fijo non hai, eu vou a “funcionario de carrera para servicios laborales”.

RUFO Non te esmolas cos nomes. Os maricois de antes agora son homosexuales, pero... al hora da verdá, é lo mesmo. Vou deixarte, tu teis falta de tranquilidá pra concentrarte. Tas mui atareado.

TONO Non terás dalguha amistá pra que me apuntale un pouco nos oposiciois? *Bueno*,... ¡se chego!... ¡A dieta del *huevo* pode que me tumbe!

RUFO Home, esto del tráfico de influencias, parece que ta de moda, pero eu así como conocer, lo que se dice conocer, non conozo. ¡Non é fácil conocer os políticos! ¡Entendes? Procura levarte ben con todos. Nestos momentos convenche.

TONO Pois xa ves, levamos na casa algún tempo, sen falar mal de ningún, ¡cousa que non resulta miga fácil! Tampouco se falaba mal, lo que se fía era decir a realidá. Desde que tou estudiando, non sei se é por cultura ou porque me convén, non se volveo a abrir a boca, nin para ben nin para mal.

RUFO ¡Tou vendo que tas preparado! Hoi convén ser un pouco *zorro*.

TONO Non sei, ¿por que hai que ser *zorro*?

RUFO ¡Ta fácil, Tono, ta fácil! Hai que ser *zorro* porque hai muita pita.

(*Entra Nisa.*)

NISA Tono, condo quiras entra, teis el ovo preperado.



TONO ¿Un solo?

NISA Teis abondo cun solo. Xa sabes lo que che dixeron.

TONO ¡Xa ves, Rufo! Pra un ovo solo, ¿fain falta tantas pitas como dices? Aquí queda Tono, convertido non conjunto vacío, chen de coñecementos, baleiro de alimentos, pero, eso si, fendo psicomotricidá dúas veces á semana. Don Genero foi el culpable. Os consellos dos sabiondos nunca dan bon resultado. Se aprobo, xa vos amañarei os camiós.

MALIO E MADOR TAN QUE BUFAN

Jesús Álvarez Valdés

MALIO ¡Ois, Mador! ¿tomas un vasín ou que, ho?

MADOR Tomarei un vasín, xa que te empeñas. Ademais ata agora non subío.

MALIO ¡Inda non! Deixa a ver se lo soben pra San Miguel.

MADOR ¡De menos nos fixo *Dios*! Però igual non lo soben, porque non chegan a un acordo.

MALIO ¡Déixate de caralladas! Condo é pra subir... ¡que sei eu!

MADOR ¡Non sei, non sei! Xa viche que outras veces, non solo non chegaron a un acoerdo, senón que lo baxaron, xuradios.

MALIO Foi verdá que pasou eso. Parecía que taba el vino de rebaxas.

MADOR Pois, si. Fixeron igual que coa gasolina que cambia de precio dalgús martes. Nunca tal vin, ¡baxar as cousas nos tempos que tamos!

MALIO Non é tan difícil, coño. ¿Que se fixo col precio del leite e dos xatos?

MADOR Si, teis razón, cada vez tamos máis jodidos, ¡non sei a unde vamos dar!

MALIO ¡A unde vamos xa se sabe! Como sigamos así, a morrer de fame.

MADOR Home, a tanto non chegaremos, pero non nos vai faltar muito.



MALIO Pois di lo que quiras, pero aló temos un xato pra vender, e, un raio me fenda se hai a quen. Ademais, rínseche dél.

MADOR ¡Coño!, ¿pois é tan feo ou que lle pasa pra que se rían dél, ho?

MALIO ¡Feo! Xúroche que non é miga feo. É ben feito datrás, case culón: é aberto de costela que xa sabes, ten pouco desperdicio, pero rínse de un e, a min jódeme que se rían de min, ¿dáste conta?

MADOR ¡Vamos a ver, explícate!, ¿rinse del xato ou rínse de ti?

MALIO Pra *efeutos* é igual.

MADOR Non, *carajo*, tu es tu e el xato é el xato!

MALIO ¡Xa lo sei, ho, xa lo sei! Uha cousa é el xato e outra cousa son eu.

MADOR ¡Entonces!

MALIO ¡Non quero decir que se rían dél nel sentido de...! ¡xa me entendes!, quero decirche que se rin condo lles pido pol xato.

MADOR ¡Eso ben! A verdá é que ta todo mal, pero inda che hai cousas piores, ¡como lo que lle pasou al das olas!

MALIO Non me enterei de nada, pois ¿que lle pasou al das olas?

MADOR ¡Ai, ho!, ¡pois ben comentado foi, coño! Ata vén nos periódicos.

MALIO Pois por máis que escalabacío a testa, non me acordo nin dou en lo que poda ser.

MADOR Si, home, si, teis que darte cuenta. Teviche que ouguir falar, porque lo fala todo el mundo, dese home das olas que perdeo uha maleta cun feixe de millois de pesetas.

MALIO Supoño que la contraría, ¿ou non?

MADOR Non, home, non. El home ese das olas non se dá cuenta de nada; sabe que la perdeo e non sabe unde.

MALIO Pero vendendo olas, ¿como fixo tanto cuarto?

MADOR ¡Tería el *probe* que traballar muitos anos! Aló se lle foi todo, ¡vaia por *Dios*!

MALIO Pacencia, ¡que haxa salú! ¡Hai días malos, e hai días malos! e ese das olas, ¿de unde era, ho?

Mador ¡Ai, era de lonxe!, penso que vivía aló por... por... non me sale!

MALIO ¿Máis pra alá de Oviedo?

MADOR ¡Muito máis, ho, muito máis! Era de fóra de Asturias.

MALIO Igual era catalán.

MADOR ¡Non, coño, non. Era... era...! ¡Seique era de España!

MALIO ¡Xa, xa!, entonces podía ser vasco.

MADOR ¡Que no, home, que no!, ¿como iba ser vasco?

MALIO ¡Coño!, ¡séndolo!

MADOR Pois non me acordo; sei que era español.

MALIO *Bueno*, ¡déixalo! ¡Que máis dá que fose de nallundes! Tu, ¿por que sabes que trataba en olas?

MADOR ¡Pois mui fácil, non hai máis que ler os periódicos! Non calaban col caso *ollero*, venga col caso *ollero*. Así é que falando de *ollero*, ¿que pode fer que non sía vender olas?

MALIO Sendo así, ta claro, ¡juradios!

MADOR ¡Coño, claro! Ata debe ser un home importante, non debía ser un *ollero* cualquera, xa que poñían *ollero* con mayúsculas, mialma.

MALIO Podera ser un home importante e, ademais, traballador, porque pra fer esos millois vendendo olas, teve que traballar de muita alma. Vaia por *Dios*, ¡perdeulo todo nun momento! Pensando nél, non hai motivo a que eu me queixe pol precio del xato.



MADOR Si, home, si, ¡teis toda a razón del mundo! Ata, pra máis amolar, deberán volvelo tolo os *periódicos*, porque non calaban col caso *ollero*. En vez de axudarlle, xa que tevo esa desgracia, non, ¡veña de recordalo! Inda penso que non calaron.

MALIO ¡Sempre fain igual, ho, sempre fain igual! Foi lo mesmo con ese home que vendía libros e que fixo muito cuartos, porque los fixo, ¡mira que lle deron voltas!

MADOR ¡Xa sei quen me dices! Ás veces somos rulos os prós outros. Ese home que vendía libros e fixo tanto cuarto, eu penso que los fixo traballando, honradamente, día e noite.

MALIO ¡Ai, *Dios*! ¡meo probe! Ademais de vender libros, que ben sei non lle pagaban muito, nas horas libres, limpiaba nun despacho. Por eso se ve que el home é traballador e formal a ambute. Eu condo ouguía lo que decían del home dos libros, pasábalas putas, da rabia que me daba.

MADOR ¡Teis razón, Malio, teis razón! El bon del home traballou limpiando un despacho, ademais dicen que limpiaba muito ben, como naide.

MALIO Eso ouguín eu; dicen que a limpiar non había quen lle puxese el pé lante.

MADOR Claro que non. Pois, ei teis, como fixo cuartos traballando a esgalla, xa lle deron a lata. Menos mal que ten, penso, un hermao que puxa muito e salvoulo.

MALIO Non, agora eso acabouse. El home dos libros fixo os cuartos traballando honradamente, como hai que fer, así que salvoulo a razón. Eso que dices de ter un hermao que puxe, valía noutros tempos. Agora non hai enchufes nin recomendaciois.

MADOR Millor, ¡iba sendo hora, coño! ¡Ai, ho, el home dos libros, ¿de unde é?

MALIO Non che sei!

MADOR Preguntábacho por ver se che salía el nombre, xa que penso que é vecín del das olas, e téñolo debaxo da lingua, pero non vexo xeito de acordarme.

MALIO ¡Pois non cho podo decir! De todas as maneiras debe ser xente traballadora.

MADOR Si, ho, ¡claro! Naquelas terras sonlo todos.

MALIO Pois claro, Mador, claro, os cuartos hoi en día fainse traballando.

MADOR E traballado con xeito e con legalidá como el home dos libros. Non ten que ver que se dedicase tamén á limpeza del despacho, xa que eso vía a ser uha axudía.

MALIO ¡Como ten que ser, Mador, como ten que ser. Home, fíxate se son traballadores él e el hermao que penso que puxeron uha fábrica de chourizos.

MADOR Si, é verdá que la puxeron, inda penso que la tein. Vese, coño, que xente emprendedora e que saben fer as cousas, por que tamén ougín que a chourizos non hai quen lles gane.

MALIO ¡Ei teis! ¿que eslos máis grandes?

MADOR Xente así é a que saca un país a flote.

MALIO ¡Que lo digas!

MADOR Apura el vaso, que vamos tomar outros.

MALIO ¡Non serán moitos, ho!

MADOR Anda, ho, anda, ¡un día é un día!

MALIO Xa lo sei, pero é que despós igual perdemos el xuicio e decimos cousas raras.

MADOR Non che creo. Sería uha pena, porque hasta agora tivemos uha conversación ben atinada, madeumas.

MALIO ¡Como ta mandao! Non dixemos máis que verdades.

MADOR ¡Verdades como gouños de grandes!

MALIO E tamos fendo uha análise en profundidá, como dicen os políticos.



MADOR ¡Coño!, a propósito, ¿que opinión teis dos políticos?

MALIO Muita boa xente, é muita boa xente.

MADOR E traballadores a montón.

MALIO E por cuatro perrois os pobres, por cuatro perrois.

MADOR E que verdades dicen.

MALIO ¡Mete medo! ¡Que gusto dá ouguilos!

MADOR Son xente sana, ho, son xente sana.

MALIO E desinteresada, ho, e desinteresada.

MADOR Costoulles traballo, pero, *xuradios* acabaron coa corrución.

MALIO Ese é un gran mérito que tein, que non hai quen llelo quite.

MADOR ¡Tein, tein!

MALIO Pero inda non para ei a cousa, ho, ¡a cantidá de postos de traballo que criaron!

MADOR ¡É un milagro! ¡Oitocentos mil duha embelliguada!, que non solo se dice, xa que decir dícelo cualquera, fíxose, ¡caraste!

MALIO E, ¿que me dices da cantidá de cursillos que se fixeron e se fain?

MADOR Eso foi un logro caralludo. Preparouse a xente de muita alma e en pouco tempo.

MALIO ¡Ata en doce horas!

MADOR Ademais cursillos pra todo, pra cerámica, pra conexos, pra mecer, pra pedreiros, pra carpinteros, pra disecar páxaros e raposas, pra meterse a labrar debaixo dun plástico e, ¡que sei eu!

MALIO ¡Mete medo, mete medo, mete medo! ¡Non teño boca pra chufar!

MADOR Pois inda hai xente que protesta, ¡*xuradios*!

MALIO Eu, pensando lo ben que se fain as cousas, condo oigo a daquéen protestar, encabrónome; dígoche que mialma bufo.

MADOR E que bufa cualquera que teña dous didos de frente.

BIBLIOGRAFÍA

- ARIAS CAMPOAMOR, Francisco F. (1926): *El trato* (ed. de Xosé Miguel Suárez Fernández, 2005). As Figueiras: Asociación Cultural Rapalacóis.
- BABARRO GONZÁLEZ, Xoán (2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. Vol I e II. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- BABARRO GONZÁLEZ, Xoán (2007): *Évos un amaicer guapo. Aproximación á poesía en lingua galega do Principado de Asturias*. Vigo: Universidade de Vigo. Colección Òlga.
- GARCÍA-GALANO, Manuel (1993): *Mareaxes tapiegos*. Uviéu: Serviciu de Publicaciónes del Principáu de Asturias.
- GARCÍA-GALANO, Manuel (2000): *Erguendo el telón*. Uviéu: Secretaría Llingüística del Navia-Eo.
- VILLAR LOZA, Conrado (1922): *Un feixe de tapiegas*. Tapia.

Este libro rematouse
no mes de maio de 2010
en Navia (Vigo)

